



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

LUNS 1 DE DECEMBRO DE 2003

SUPLEMENTO NÚM. 15 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

XEFATURA DO ESTADO

21615 *LEI 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral. («BOE» 284, do 27-11-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Transcorrida unha década desde a aprobación da Lei de portos do Estado e da mariña mercante de 1992, producíronse diversos acontecementos e novas realidades económicas que xustifican a renovación legislativa que con esta lei se acomete.



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA

A década dos anos 90 foi un período de enorme aceleración do proceso de mundialización da economía e o comercio, así como de consolidación do mercado interior comunitario e de desenvolvemento dunha política común de transportes planificada desde unha concepción multimodal. Iso incrementou de forma notable a importancia estratéxica dos portos comerciais, como instrumentos claves para o desenvolvemento da economía productiva e elementos fundamentais dun sistema de transporte de interese xeral ambientalmente sustentable.

Este período de desenvolvemento económico, motivado, entre outras causas, polos anteriores procesos, está producindo crecementos importantes e sostidos na demanda de transportes, tanto a escala europea coma mundial. Así, desde 1990, os tráxicos portuarios creceron en España desde 248 millóns de toneladas ata os 348,6 millóns de toneladas en 2001, o que representa un crecemento nunha década superior ó 42 por cento en termos absolutos e un crecemento medio anual acumulado superior ó 3,2 por cento; é dicir, valores superiores ó aumento do produto interior bruto (PIB) nacional. Pola súa vez, a cota de participación dos tráxicos import-export nos tráxicos portuarios totais aumentou nesta década do 70 ó 80 por cento, o que representa maiores porcentaxes de crecemento dos tráxicos portuarios asociados ó transporte internacional de mercadorías. Na actualidade, case o 59 por cento das exportacións e o 82 por cento das importacións españolas pasan polos portos de interese xeral, o que representa o 53 por cento do comercio exterior español coa Unión Europea e o 96 por cento con países terceiros.

Neste marco, a competitividade da nosa economía depende, cada vez máis, dun sistema de transporte e duns portos eficaces e baratos completamente integrados nel, capaces de mover mercadorías dunha forma rápida, fiable, económica e segura.

Por outra parte, o desenvolvemento que están experimentando as redes transeuropeas de transporte, os cambios tecnolóxicos e estratéxicos no sector do transporte en xeral, e no marítimo en particular, e os procesos de crecente liberalización do mercado dos servizos de transporte intensificaron a competencia interportuaria, tanto a nivel nacional coma internacional, por atraeren os tráxicos marítimos internacionais, así como a competencia intraportuaria entre os distintos prestadores de servizos portuarios nun porto.

Estes procesos están a permitirla existencia dunha oferta portuaria diferenciada nos mercados, que propiciaron nos portos a introducción de novas tecnoloxías, especialización e automatización de procesos. Iso produciuse, en gran parte, gracias á positiva interacción da iniciativa pública e privada, na medida en que esta última foi asumindo progresivamente a prestación dos servizos portuarios. A este proceso, as autoridades portuarias achegáronlle un impulso decidido cara ó desenvolvemento dunha nova cultura portuaria, baseada nunha visión compartida do carácter global da oferta portuaria e no concepto de comunidade portuaria; e, por outro lado, achegando, igualmente, un impulso decisivo no campo da innovación e do fomento da actividade portuaria, protagonizando a promoción de estratexias globais, baseadas na mellora continua dos procedementos e dos servizos, na permanente busca de fórmulas que permitan mellora-la competitividade do conxunto do porto. En definitiva, este modelo de colaboración público-privado, que permite xunta-lo interese xeral e os intereses privados, constituíu e constitúe un factor clave de dinamización da actividade portuaria, que se debe consolidar e potenciar, posibilitando afrontar con mellores garantías o novo escenario de competencia intermodal e interportuario.

Así pois, durante esta década os portos comerciais reforzaron o seu carácter de elementos esenciais do sistema de transporte de interese xeral, así como a súa importancia estratéxica para o desenvolvemento da economía productiva e o comercio exterior, particularmente nun país como España, de carácter periférico respecto ós grandes centros europeos de produción e consumo. Existe hoxe máis ca nunca a convicción de que os portos comerciais non son unicamente un espazo de dominio público marítimo-terrestre no que desenvolver calquera tipo de actividade económica relacionada co tráfico marítimo, senón infraestructuras que se integran como parte fundamental nun sistema xeral de transporte de carácter intermodal, sustentable e competitivo, constituíndo nodos de interconexión modal e plataformas loxísticas cun importante papel tanto na cadea de transporte coma na cadea de valor.

Estas e outras transformacións dos portos e dos sistemas de transporte en que se integran están na base da reforma lexislativa que se acomete que, partindo do actual modelo do sistema portuario estatal en que o probado funcionamento ofrece unha base sólida sobre a que progresar, diríxese especialmente a dota-los portos españois de interese xeral dun marco xurídico consistente e estable no ámbito do réxime económico-financieiro e tributario, ó mesmo tempo que afonda na regulación do réxime de prestación de servizos e do dominio público portuario, atendendo á nova situación dos mercados e ás políticas económicas e de transportes nacionais e europeas, que aumentan o protagonismo dos portos e do transporte marítimo nas redes transeuropeas de transporte e favorecen o desenvolvemento de cadeas loxísticas multimodais marítimo-terrestres competitivas.

Este marco xurídico regula os réximes económico-financieiros, de prestación de servizos e de utilización do dominio público para potencia-la posición competitiva dos portos españois nun contexto do sector do transporte, internacional e europeo, globalizado, aberto e liberalizado, garantindo os principios de libre competencia inter e intraportuaria de acordo coas características dos tráxicos e o número e tamaño dos nosos portos.

Para iso, esta lei salienta os factores ou criterios de rendibilidade e eficiencia na explotación do dominio público portuario e aposta decididamente pola promoción e o incremento da participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación dos servizos portuarios a través do outorgamento dos correspondentes títulos habilitantes.

En definitiva, establécese o marco xurídico actual mediante a incorporación de novos mecanismos que teñen por obxecto potencia-la calidade e eficacia na prestación dos servizos portuarios e comerciais, favorecendo a redución global efectiva do custo do paso das mercadorías polos portos, en liña coas propostas e criterios incluídos na política europea de transportes e, en particular, que fomente a cabotaxe comunitaria e potencie as vantaxes da situación xeoestratéxica dos portos españois para o tráfico marítimo internacional.

Os elementos clave que desenvolve esta lei para conseguir os obxectivos perseguidos son:

O desenvolvemento da competencia interportuaria, potenciando a autonomía de xestión económico-financieira dos organismos públicos portuarios sobre os principios de autosuficiencia económica e de cobertura de custos por transferencia deles ós usuarios baixo principios homoxéneos e non discriminatorios baseados na recuperación dos custos de explotación, os custos externos e os custos dos novos investimentos.

A potenciación da competencia intraportuaria a través da regulación da prestación dos servizos portuarios por parte da iniciativa privada nun réxime de liberdade de acceso.

A introducción de importantes e novidosos elementos na regulación da xestión do dominio público portuario para conseguir un completo desenvolvemento do modelo concesional que favoreza a máxima rendibilización socioeconómica deste dominio público dentro dos usos portuarios.

O incremento do investimento privado nas instalacións e equipamentos portuarios fomentado cunha regulación económica clara e estable no tempo, que permita a planificación financeira deses investimentos a longo prazo.

A diminución de custos do sistema portuario español para mellora-la competitividade e a capacidade de investimento das infraestructuras ó tratarse dun sistema economicamente autosuficiente.

II

A lei estrutúrase a través de catro títulos, que regulan o réxime económico do sistema portuario estatal; o réxime de planificación, orzamentario, tributario, de funcionamento e de control; a prestación de servicios e o dominio público portuario estatal. Tamén se inclúen dezanove disposicións adicionais, once transitorias, cinco derradeiras, unha disposición derogatoria e xúntaselle á lei un novo anexo de clasificación de mercadorías.

O título I da lei dedica o seu capítulo I a proclamar os principios e obxectivos do réxime económico, que son, en definitiva, os eixes vertebradores da lei, e se desenvolven ó longo do articulado tamén no réxime de prestación de servicios e na xestión do dominio público portuario estatal.

Ademais, a lei vén dar resposta a dous tipos de necesidades. En primeiro lugar, compatibiliza a doutrina constitucional establecida pola STC 185/1995, do 14 de decembro, sobre o que se debe entender por prestacións patrimoniais impostas de carácter público co novo modelo de xestión dos portos e coas esixencias do actual mercado internacional do tráfico marítimo. En segundo lugar, pretende conseguir unha mellor adaptación do sistema tarifario no seu conxunto á mencionada doutrina, tendo en conta a experiencia acumulada no financiamento do noso sistema portuario.

Polo que se refire ó primeiro destes aspectos, a Lei 62/1997, do 26 de decembro, adaptou os canons portuarios á doutrina que se deriva da STC 185/1995, do 14 de decembro. Agora, no novo modelo, a lei é consciente da necesidade de dota-lo dito sistema da necesaria flexibilidade na fixación da contía das prestacións cobradas pola utilización do dominio e pola prestación de servicios portuarios. Así o esixe a intensa competencia desenvolvida a nivel internacional. Por iso, é procedente compatibiliza-las esixencias da reserva de lei coa citada flexibilidade.

Para logra-la dita compatibilización, a nova lei incorpora, sobradamente, o mínimo de regulación esixido pola doutrina constitucional, garantindo a prohibición de calquera discrecionalidade ou libre actuación das administracións portuarias. Pero, así mesmo, e dentro dos límites marcados pola dita doutrina, permiten unha marxe de manobra suficiente a aquelas para que, en función de criterios técnicos e de mercado, fixen a contía concreta e singular de cada unha das taxas e, en particular, das bonificacións para potenciar España como plataforma loxística internacional e para a captación de tráfico internacional.

Polo que se refire ó segundo dos aspectos sinalados, a regulación das tarifas necesitaba dunha revisión conxunta á luz da mencionada doutrina constitucional e na liña mantida polas últimas normas legais promulgadas na materia. Por iso, esta lei ten, entre un dos seus obxectivos, configurar adecuadamente os recursos

económicos portuarios, sempre dentro do debido respecto ó principio de reserva de lei, cando sexa necesario.

Para conseguilo obxectivo anterior, a lei decantouse por un sistema económico onde tamén encontramos, como no anterior, taxas e prezos privados, pero cun avance no actual modelo de xestión en que se conciben as autoridades portuarias, ademais de como promotoras de estratexias globais tendentes a establecer e afondar nas vantaxes competitivas dos portos atribuídos á súa xestión, como provedoras de infraestructuras e reguladoras do dominio público e, no caso dos servicios portuarios básicos, soamente subsidiariamente como prestadoras de servicios. Así as antigas tarifas de servicios que implicaban a utilización do dominio público converténdose, logo de redefinición dos seus feitos impositivos, en verdadeiras taxas por utilización especial das instalacións portuarias, desaparecendo nelas a actividade prestacional. Ademais, tamén acadan a dita cualificación as prestacións esixibles por aqueles servicios —escasos, actualmente— que se deben cualificar, normalmente por estaren ligados ó exercicio de funcións públicas, como obrigatorios, na medida en que non se prestan en concorrencia co sector privado. Este grupo de prestacións, como non podía ser doutra maneira, encontra na lei a determinación dos seus elementos esenciais.

O resto de servicios que prestan nos portos de titularidade estatal as autoridades portuarias non se benefician dunha situación de monopolio de feito nin de dereito, senón que, ó contrario, coexisten coa iniciativa privada. Por iso, e na medida en que tampouco se trata de servicios que veñan esixidos por ningunha normativa, non se poden cualificar como prestacións patrimoniais impostas de carácter público. En consecuencia, seguen mantendo na nova lei a súa consideración de prezos privados, derivados de servicios prestados en réxime de dereito privado, e non sometidos á reserva de lei.

Este título estrutúrase en cinco capítulos, dedicados, respectivamente, ós principios e obxectivos; ós recursos do sistema portuario estatal; ó Fondo de Compensación Interportuario; ás taxas portuarias; e ós prezos privados por servicios prestados polas autoridades portuarias.

O primeiro dos capítulos comeza coa regulación dos principios e obxectivos do réxime económico do sistema portuario de titularidade estatal, entre os que destacan os de autonomía de xestión económico-financieira dos organismos públicos portuarios, autofinanciamento do sistema portuario, optimización da xestión económica, solidariedade entre os organismos públicos portuarios, competencia nos portos de interese xeral, liberdade tarifaria, mellora na competitividade dos portos de interese xeral, e fomento da participación da iniciativa privada.

A continuación, no capítulo II enuméranse os recursos do sistema portuario estatal, debéndose salienta-los ingresos derivados do novo Fondo de Compensación Interportuario, que constitúe un elemento básico de solidariedade interportuaria e de garantía de financiamento das infraestructuras. É xestionado por Portos do Estado e finánciase con determinadas achegas do dito organismo, así como de cada unha das autoridades portuarias.

Destaca como novidade o novo sistema de financiamento de Portos do Estado a través da asignación dunha porcentaxe das taxas recadadas polas autoridades portuarias.

O capítulo dedicado ás taxas portuarias é certamente relevante. Contén unha clasificación bipartita delas, de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario e taxas por servicios non comerciais.

Dentro das primeiras regúlanse as taxas por ocupación privativa do dominio público portuario, por utilización especial das instalacións portuarias e por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servicios. Polo

que se refire ás segundas, son taxas pola prestación de servizos non comerciais, a taxa por servizos xerais e a taxa por servizo de sinalización marítima.

O marco normativo en que se desenvolven estas prestacións está constituído pola propia lei e, no non regulado, pola Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

No relativo ás regras xerais destes tributos, a lei establece a necesidade de que o importe das taxas respondan ó obxectivo de coordinación do sistema de transportes de interese xeral e ó principio de autosuficiencia do sistema portuario, de forma que cubran os gastos ordinarios de cada porto e lles asegure unha rendibilidade suficiente para facer fronte ós investimentos futuros e á devolución das débedas. O obxectivo de rendibilidade para o conxunto do sistema portuario fíxase por lei e poderá ser revisado en función de criterios de política de transporte, da previsible evolución da demanda e das necesidades investidoras do sistema. Tamén se formula o principio de equivalencia, clásico nestes tributos. Así, o importe das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público fíxase por referencia ó valor de mercado ou da utilidade que represente en cada autoridade portuaria. A contía das taxas por servizos non comerciais non pode exceder, no seu conxunto, do custo dos servizos ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

A regulación das taxas por utilización de instalacións portuarias que fixa a lei favorecen o investimento privado en infraestruturas sobre un modelo de xestión portuaria organizado en terminais especializadas concesionadas, xa que a contía daquelas vén determinada en función do grao de utilidade que lle presta ó concesionario a infraestructura portuaria.

En relación coas exencións, a lei regula unha lista pechada e taxativa por cada unha das taxas previstas nela. As ditas exencións teñen marcado carácter subxectivo a prol de entidades públicas ou privadas sen fins lucrativos e de carácter humanitario.

En canto á xestión e revisión das taxas, existe unha remisión xeral á Lei xeral tributaria e disposicións de desenvolvemento en canto non se opoñan á propia Lei de portos.

A regulación dos suxeitos pasivos de cada unha das taxas pretendeu asegura-lo cobramento destas prestacións, acudindo ós mecanismos clásicos de substitución e solidariedade tributarias, favorecendo, así mesmo, o modelo concesional de xestión portuaria.

Mención especial merecen algunhas medidas incluídas na regulación da taxa por utilización especial das instalacións portuarias, dirixidas a incrementa-la competitividade entre os nosos portos e destes cos restantes do mercado internacional. Así, aínda que se parte dunha regulación moi rixida, a lei introduce medidas flexibilizadoras, consistentes na regulación duns coeficientes correctores e unhas bonificacións. Os coeficientes correctores permiten diminuí-lo importe das taxas a aqueles portos que presenten unha mellor media de rendibilidade, así como incrementalo a aqueloutros en que a situación sexa a oposta. Deste xeito, permítese potencia-la competitividade dos portos e préstaselles un instrumento co que contribuír ó seu obxectivo de autofinanciamento.

Pola súa parte, as bonificacións responden a seis tipos de obxectivos. En primeiro lugar, prevense beneficios para potencia-lo papel de España como plataforma lóxica internacional. En segundo lugar, tamén se introducen bonificacións para potencia-la intermodalidade, é dicir, para fomenta-la integración dos nosos portos nas cadeas lóxicas nacionais e internacionais. En terceiro lugar, permítese que cada autoridade portuaria, sen superar nunca o límite porcentual que fixa a propia lei, conceda beneficios para captar e consolidar tráfico de cada por-

to. En cuarto lugar, tamén se prevén, na propia lei, bonificacións fixas por razón de circunstancias de afastamento e insularidade, nas que xa se incorporaron as previstas na Lei 30/1998, do 29 de xullo, de réxime especial das Illes Balears. En quinto lugar, tamén se introducen bonificacións para incentivar mellores prácticas ambientais, co obxecto de conseguir que tanto a entrada e a saída dos buques como a manipulación da mercadoría se realicen cun maior respecto ó ambiente, en consonancia coas directivas comunitarias sobre a materia. Por último, inclúense bonificacións para fomentar que os suxeitos pasivos das taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría obteñan certificados de calidade homologados na prestación dos seus servizos.

O quinto e último dos capítulos deste título está dedicado ós prezos privados por servizos prestados polas autoridades portuarias; o seu ámbito esténdese a aqueles servizos que, non sendo obrigatorios senón puramente comerciais, se prestan en réxime de concorrencia co sector privado e, polo tanto, sometidos a dereito privado.

Dándose os anteriores requisitos, non rexe o principio de reserva de lei, polo que as tarifas serán aprobadas con total liberdade polas autoridades portuarias. Non obstante, a lei si establece algún parámetro para a súa cuantificación. O máis importante consiste na imposibilidade de que as tarifas poidan ser inferiores ó custo do servizo. Este límite soamente admite excepcións naqueles casos, reflectidos nos plans de empresa, de subactividade en ausencia de iniciativa privada. Con iso incorpórase á lei definitivamente o principio de liberdade tarifaria nos portos españois.

III

O título II regula os réximes de planificación, orzamentario, tributario, de funcionamento e de control dos portos de interese xeral apropiados para a adecuada coordinación do sistema portuario estatal sobre a base da autonomía de xestión dos organismos públicos portuarios.

O título iníciase co capítulo I dedicado ó réxime de planificación. Preténdese nel dotar de sistemática esta materia, regulada na vixente Lei de portos do Estado e da mariña mercante con certa dispersión. Así mesmo, introdúcense novidades mediante a creación de novos instrumentos de planificación que permitan promover un marco de leal competencia interportuaria e defini-los obxectivos xerais do sistema portuario, axustando o investimento ás necesidades e favorecendo a coordinación e integración dos portos no sistema de transportes de interese xeral, ó tempo que se potencia a capacidade de cada autoridade portuaria para favorece-la competitividade dos portos que xestiona.

O marco estratéxico do sistema portuario de interese xeral será elaborado por Portos do Estado coa participación das autoridades portuarias, que llo remitirá ó Ministerio de Fomento para a súa aprobación. Este será un instrumento novo mediante o cal se defina o modelo de desenvolvemento estratéxico, os criterios de actuación e os obxectivos xerais do conxunto do sistema portuario estatal, de conformidade coa política económica e de transportes do Goberno.

Pero os obxectivos xerais requiren unha concreción e un desenvolvemento a través dos instrumentos de planificación que desenvolverán os organismos públicos portuarios: plan estratéxico, plan director e plan de empresa, este último xa implantado na regulación actual.

O contido dos plans acordarase entre cada autoridade portuaria e Portos do Estado mediante a aplicación do sistema paccionado actualmente operativo para os plans de empresa e que tan bos resultados deu no desenvolvemento e consecución dos obxectivos económicos de cada porto.

En desenvolvemento do seu plan estratéxico, as autoridades portuarias elaborarán un proxecto de plan director para cada un dos portos que xestionen. O plan director configúrase como o instrumento para a previsión da construción dun novo porto, a ampliación ou a realización de obras de infraestrutura dun existente.

Mantense, dentro dos instrumentos da planificación no sistema portuario estatal, o plan de empresa que tanto axudou á mellora da xestión dos portos de interese xeral.

A continuación, o capítulo II do mesmo título refírese ó réxime orzamentario dos organismos portuarios. O réxime xurídico aplicable ós organismos portuarios en materia orzamentaria, conforme o artigo 6.6 da Lei xeral orzamentaria, redactado pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2002, é o previsto na propia Lei de portos e nas disposicións da Lei xeral orzamentaria que resulten de aplicación.

Diferéncianse neste capítulo as obrigas en materia orzamentaria do organismo público Portos do Estado e das autoridades portuarias. En ámbolos casos, adaptoúse a regulación establecida na Lei de portos ás modificacións operadas no texto refundido da Lei xeral orzamentaria en virtude da Lei 14/2000, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2001.

Portos do Estado elaborará anualmente os orzamentos de explotación e de capital e o programa de actuación plurianual consolidados do sistema portuario estatal. É importante a mención a que os ditos orzamentos e o programa se deberán axustar ás disposicións da Lei xeral de estabilidade orzamentaria que sexan de aplicación, así como ás directrices da política orzamentaria do Goberno.

Pola súa parte, as autoridades portuarias aprobarán cada ano os proxectos de orzamentos de explotación e capital e de programa de actuación plurianual, que se axustarán ás previsións económico-financieiras acordadas nos plans de empresa e ós obxectivos xerais de xestión que estableza Portos do Estado. Os proxectos serán remitidos a ese organismo público para a súa aprobación.

O capítulo III consta dun único artigo relativo ó réxime contable. Nel recóllese e amplíase a regulación da Lei de portos vixente. Os organismos portuarios axustarán a súa contabilidade ás disposicións do Código de comercio, ás do Plan Xeral de Contabilidade e demais de aplicación.

Engádese a obriga de incluír no informe relativo á execución da política portuaria, que eleva anualmente Portos do Estado ás Cortes Xerais, o balance, a conta de perdas e ganancias e o cadro de financiamento consolidados do sistema portuario estatal.

O réxime de control das actividades económicas e financeiras dos organismos portuarios contense no capítulo IV da nova lei. Será exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado e polo Tribunal de Contas, conforme o disposto na Lei xeral orzamentaria. Así mesmo, especificase que Portos do Estado exercerá a función de control interno a través dos plans de control, co obxecto de analiza-la seguridade dos activos, a fiabilidade da información financeira e o cumprimento da normativa aplicable.

O capítulo V da nova lei refírese ó réxime tributario das autoridades portuarias e de Portos do Estado. Ó igual que na Lei de portos de 1992, Portos do Estado e as autoridades portuarias terán o mesmo réxime tributario có Estado. Agora ben, a estas entidades aplicaráselle-lo réxime de entidades parcialmente exentas no imposto sobre sociedades, respecto dos ingresos procedentes de explotacións económicas na prestación de servicios comerciais que estarán suxeitos ó imposto, a diferenza dos ingresos de natureza tributaria, que esta-

rán exentos. Iso obedece á recente modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, en que se recoñece a exención parcial de Portos do Estado e das autoridades portuarias.

Por último, para efectos do réxime tributario, seguindo o réxime actual, outórgaselle ó dominio público portuario o mesmo réxime xurídico que ó dominio público marítimo-terrestre.

Seguidamente, o capítulo VI contén o réxime patrimonial dos organismos portuarios. O capítulo regula a definición do patrimonio propio dos organismos públicos portuarios, a adscrición e afectación de bens ós organismos públicos portuarios, a desafectación de bens de dominio público adscritos ás autoridades portuarias e a Portos do Estado e a participación en sociedades e noutras entidades.

Tratamento específico require a regulación da participación dos organismos portuarios no capital social de sociedades mercantís. Establécese que poderán participar en sociedades en que o obxecto estea ligado a actividades portuarias, así como loxísticas, de transporte e tecnolóxicas que promovan a competitividade portuaria. Sen embargo, e no espírito de liberalización e fomento da competencia que preside a lei, faise fincapé en que non poderán participar en sociedades relacionadas coa prestación de servicios portuarios básicos.

O título II finaliza co capítulo VII relativo ó réxime dos recursos humanos. A exigua regulación actual esixía un maior desenvolvemento normativo da materia. Destaca na nova lei a súa pretensión de delimitar competencias e a introducción de novidades en materia de retribucións, control do gasto de persoal, convenios colectivos e procedemento para o nomeamento e separación dos directores das autoridades portuarias.

Por último, reformouse o réxime de nomeamento dos directores das autoridades portuarias coa esixencia dunha experiencia recoñecida de, alomenos, 10 anos en técnicas e xestión portuarias. Así mesmo, precisárase maioría absoluta dos membros do Consello de Administración para o seu nomeamento e cesamento, e a comunicación previa das propostas, tanto de nomeamento coma de cesamento, ó organismo público Portos do Estado.

IV

A lei dedica o seu título III á prestación de servicios.

A Lei de 1992, certamente, achegou unhas autoridades portuarias máis activas e uns servicios portuarios rexidos polo dereito privado; pero conservou do pasado unha intensa vinculación entre autoridades e servicios que require agora dunha nova asignación do papel que lles corresponde ó sector público e ó privado.

O proceso de liberalización, impulsado con empeño desde a Unión Europea, consiste nunha política económica que concibe o Estado, non como axente económico directo, senón como promotor, catalizador e garante dos dereitos de propiedade e liberdade de empresa, centrando as súas funcións no desenvolvemento de políticas que favorezan a estabilidade, a libre competencia e o fomento do investimento nos portos, a través de fórmulas xurídicas que fagan atractivo o investimento da iniciativa privada nos portos de interese xeral, sen prexuízo da simultánea articulación de mecanismos reguladores, tendo en conta que os mercados de prestación de servicios de transporte, como é o caso do que aquí nos ocupa, veñen presentando ou poden presentar un alto grao de concentración na concorrencia de operadores.

O fundamento político deste proceso encóntrase no principio de subsidiariedade, isto é, unha vez que a experiencia demostrou que os servicios portuarios poden funcionar como mercado competitivo, non hai razón para que o Estado manteña, a través das autoridades portuarias, a titularidade duns servicios que se veñen pres-

tando en réxime de competencia, con alto grao de eficacia e rendibilidade, polo sector privado, pero a través duns contratos de prestación de servizos, que, sen dúbida, nun marco empresarial competitivo introducen unha presenza pública totalmente innecesaria.

A liberalización dos servizos portuarios implica para o Estado, a través das autoridades portuarias, abandonar o actual sistema de xestión de tales servizos e concentra-los seus esforzos na creación de marcos xurídicos e económicos que reforcen a introducción e o desenvolvemento da libre competencia como medio para lograr unha maior competitividade e eficiencia económica das empresas, dentro do mercado internacional. Desta maneira, elévase á categoría de principio xeral na actuación das autoridades portuarias, o da liberdade de acceso á prestación dos servizos portuarios, salvo limitación de número de prestadores por razóns derivadas da dispoñibilidade de espazos, capacidade das instalacións, seguridade ou normas ambientais.

As razóns antes citadas aconsellan abandonar o modelo subxectivo de organización dos servizos portuarios vixente e abordar un modelo obxectivo de regulación, que introduza a libre competencia nas actividades en que é posible e que impongan sobre os operadores de cada sector as obrigas de servizo público, que xunto á libre competencia garantan a seguridade, a continuidade, a calidade, a cobertura universal, a adaptación e a razoabilidade de prezos.

A política da Unión Europea, reflectida na proposta de directiva de acceso ó mercado dos servizos portuarios, responde a este modelo obxectivo, por canto busca o equilibrio entre a introducción progresiva da competencia e a garantía do cumprimento das obrigas de servizo público.

No proceso de vixencia da lei de 1992 destaca como fito relevante a modificación operada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, na cal se apostou por políticas liberalizadoras que permitisen o definitivo establecemento dun marco de libre e leal competencia, incluíndo como novidade, entre as funcións das autoridades portuarias, a de favorecer a libre competencia e velar por que non se producisen situacións de monopolio na prestación dos distintos servizos portuarios.

Transcorridos xa máis de cinco anos desde a entrada en vigor desta modificación, o escenario empresarial nos portos de interese xeral é alentador. Existen, sen dúbida, os máis importantes niveis de investimento privado nas infraestruturas estatais e, nalgúns casos, unha incipiente competencia en gran parte dos servizos portuarios, o cal redonda, sempre que se produce, en beneficio dos consumidores, logrando o abaratamento do custo do paso das mercadorías e o constante incremento das mercadorías movidas nos portos españois.

Cómpre observar que na nova lei se modifica o concepto de servizo portuario da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, na cal aparece vinculado á titularidade e competencias da autoridade portuaria e a súa prestación se desenvolve en réxime de xestión directa ou indirecta, segundo proceda, polo concepto máis amplo de servizos prestados nos portos de interese xeral que se clasifican en servizos portuarios básicos e xerais, servizos comerciais e servizo de sinalización marítima. Deste modo, o novo concepto de servizo portuario é máis limitado có recollido no anterior artigo 66 da Lei de portos e da mariña mercante e distínguese dos servizos comerciais que coa anterior lei eran tamén servizos portuarios.

A lei produce así desde esta perspectiva un importante cambio no modelo de xestión dos portos, en que o papel da autoridade pública, representada a través das autoridades portuarias, se orienta á provisión e xestión dos espazos de dominio público, á regulación da actividade económica que constitúen os servizos portuarios

básicos que se desenvolven no porto, que corren a cargo, esencialmente, do sector privado, reservándose á autoridade portuaria unha actividade prestacional subsidiaria orientada principalmente ós casos de ausencia ou insuficiencia da iniciativa privada. Todo iso, sen prexuízo do papel fundamental que, desde a aplicación na súa xestión dos principios de eficiencia, axilidade e flexibilidade propios dunha xestión empresarial, as autoridades portuarias viñeron desenvolvendo na promoción de estratexias globais orientadas cara ó cliente común, tendentes a asegura-la adaptación permanente da oferta global portuaria ás necesidades e estratexias da actividade económica a que estas serven e a contribuír a crear un ámbito de cooperación de tódolos axentes da comunidade portuaria, dirixido á mellora dos servizos portuarios e á promoción dos portos.

A renovación que se propón, en sintonía coa política comunitaria en materia portuaria, trata de introducir maior flexibilidade e competencia nos servizos portuarios, o cal se traduce nunha decidida aposta por reforzar o protagonismo privado nas actividades de tipo prestacional nos portos, en contraposición co protagonismo público derivado da ata agora reservada titularidade dos servizos portuarios a favor das autoridades portuarias.

En consecuencia, as ditas autoridades portuarias deixarán de ser titulares dos servizos portuarios tradicionais. Estas actividades, cada vez máis diversificadas e complexas, serán confiadas á iniciativa privada en réxime de libre competencia, sempre que sexa posible e garantindo, en todo caso, a seguridade nos portos, particularmente dos servizos técnico-náuticos.

A gran novidade da lei é, ademais, que a liberalización se estende a tódolos servizos portuarios básicos sen excepción, seguindo os criterios da política da Unión Europea, sen prexuízo das especificidades de cada un deles, e no contexto dun mesmo marco xurídico. Así, supérase o esquema dual de réximes xurídicos que existía na Lei de portos de 1992 para os servizos portuarios en xeral e para o servizo de estiba e desestiba en particular, que se rexía pola súa lexislación específica.

En canto ó contido da lei, tras tipificar os servizos que se prestan nos portos no seu primeiro artigo, introduce como elemento central da nova regulación a cualificación dos servizos portuarios, todos eles como actividades de interese xeral. Coa dita cualificación desaparece calquera residuo de «publicatio» chegado ata nós a través da Lei de portos do Estado e da mariña mercante de 1992 e recoñécese sen reservas o protagonismo da iniciativa privada neste tipo de actividades, en plena sintonía coa posición política común da Unión Europea en canto ó acceso ó mercado dos servizos portuarios.

Deberase reiterar que non tódolos servizos que se poden desenvolver nos portos son necesariamente servizos portuarios; sono os necesarios para o normal desenvolvemento dos portos, na súa actividade intrínseca de atención ás necesidades do tráfico marítimo, servizos que a lei divide en dous tipos: os servizos «xerais do porto» e os que a lei cualifica como «servizos básicos». Calquera outra actividade poderase desenvolver no porto sempre que non prexudique o seu bo funcionamento e a partir da correspondente autorización, pero sen a regulación que a lei lles confire ós servizos portuarios nin as responsabilidades que sobre eles lles impón ás autoridades portuarias. Estas actividades identifícanse no texto da lei co cualificativo xenérico de «servizos comerciais», ós que se dedica unha breve regulación. Cerra este título un capítulo dedicado ó servizo de sinalización marítima, porque as súas particularidades a fan acreedora de tal tratamento.

Dentro da regulación dos servizos portuarios débese salientar que os xerais do porto se confían ás autoridades portuarias como obriga que a lei lles impón. Caracterízanse, ben por incorporaren exercicio de autoridade,

ben por seren indivisibles, remitindo ámbalas notas a un único axente, que non pode ser outro que a autoridade responsable do porto. Os servizos básicos, pola súa parte, defínense pola súa relación directa coas operacións do tráfico portuario e clasifícanse en cinco grupos: servizo de practicaxe; servizos técnico-naúticos; á pasaxe; de manipulación e transporte de mercadorías; e de recepción de refugallo. Son realizados por operadores privados amparados pola correspondente licenzia e en réxime de competencia; soamente en caso de insuficiencia da iniciativa privada a lei permite a súa prestación directa polas autoridades portuarias, en forma excepcional e transitoria, o que é unha obriga para elas cando o requiren as circunstancias do mercado e mentres estas se manteñan.

Os servizos portuarios básicos quedan coidadosamente regulados. O seu estatuto xurídico sostense sobre dous instrumentos fundamentais: dun lado, os pregos reguladores que aproba Portos do Estado con alcance xeral e as prescricións particulares que elabora cada autoridade portuaria adaptando os anteriores ás súas propias circunstancias, constitúen o conxunto normativo do cal tomará o seu corpo a licenzia de cada operador. Doutro lado, as obrigas de servizo público, que a lei establece con carácter inicial e que son ampliables nos supostos igualmente determinados na lei, garanten que os intereses públicos do tráfico portuario e do porto como unidade non se verán quebrantados pola prestación privada destes servizos. Entre estas obrigas figuran as de atender toda demanda razoable, mante-la continuidade do servizo salvo forza maior, cooperar coas autoridades e outros operadores para preservar a seguridade e o funcionamento do porto ante circunstancias excepcionais adversas e outras deste teor, incluídas determinadas obrigas relacionadas coa xestión e a economía dos servizos.

O estatuto de dereitos e obrigas dos operadores de servizos portuarios básicos plásmase para cada un deles na correspondente licenzia. Estas son de carácter regradado e recollen os dereitos e as obrigas derivados da normativa que se acaba de expresar (pregos reguladores, prescricións particulares, obrigas de servizo público), adecuados ó concreto porto e servizo en que se pretende operar. Poden ser solicitados para grupos de servizos ou para servizos específicos por persoas ou empresas que cumpran uns requisitos mínimos de solvencia e dispoñibilidade de medios, xunto ós demais impostos pola lei. O seu cumprimento habilita para a obtención da licenzia, salvo que sexa obxectivamente necesario limita-lo número de prestadores, o cal soamente o poderán face-las autoridades portuarias nos casos que a lei determina e mediante os procedementos e trámites sinalados nela; dado este suposto, a adxudicación de licenzias farase por concurso en réxime de publicidade, transparencia e non discriminación.

Sendo as licenzias o novo título habilitante para a prestación dos servizos portuarios básicos, a lei ocúpase de determinar con certo detalle tódolos seus elementos: o prazo de duración, o procedemento de outorgamento, as súas cláusulas, as súas posibilidades de modificación e transmisión e as súas formas de extinción. É importante destacar que, conforme os principios de obxectividade e proporcionalidade, a lei declara modificables as licenzias en dous supostos: por alteración substancial do estatuto normativo do servizo e por solicitude do interesado, conforme os requisitos previstos nas prescricións particulares do servizo; en ámbolos casos, a lei prevé fórmulas para evitar que se produzan resultados inxustos para os operadores ou os usuarios dos servizos.

Nas seccións 4.^a e 5.^a do capítulo II, a lei aborda dúas regulacións de grande interese, que representan interesantes novidades normativas. A primeira é a integración de servizos e a autoprestación, e a segunda

os mecanismos de control da competencia efectiva nos servizos portuarios. A integración de servizos prodúcese cando unha terminal privada, que opera exclusivamente buques do seu propio grupo empresarial, pasa a prestar servizos técnico-naúticos a estes mesmos buques. A autoprestación prodúcese cando o usuario que podendo contrata-la prestación de servizos portuarios con empresas autorizadas para a prestación do servizo no porto, opta por llos prestar a si mesmo co seu persoal embarcado e os seus propios medios, sen celebrar contratos con terceiros. A lei crea unha licenzia específica para elas, establecendo as circunstancias en que procede o seu outorgamento e aquelas en que se pode denegar, así como as compensacións económicas que, se é o caso, procedan para os prestadores dos servizos abertos ó tráfico xeral que resulten prexudicados pola integración.

A lei encoméndalles a Portos do Estado e ás autoridades portuarias a misión de salvagarda-la competencia nos servizos básicos. Esta misión faise compatible coa das demais autoridades en canto tódolos actos detectados contrarios á Lei 16/89, do 17 de xullo, de defensa da competencia, deben ser postos en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia para a súa tramitación conforme os preceptos da dita lei. No marco desta misión, a lei institúe, entre outras cousas, un observatorio permanente do mercado dos servizos portuarios básicos, órgano adscrito a Portos do Estado coa participación das autoridades portuarias e as organizacións representativas dos prestadores, traballadores e usuarios deles, da actividade dos cales se poderán derivar dúas posibilidades: dunha parte, a emisión de directrices con interpretacións respecto ás condutas aceptables e rexeitables e/ou regras de aceptación voluntaria polos operadores e autoridades portuarias españolas; doutra parte, a aprobación de circulares de carácter normativo, obrigatorias trala súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Ámbolos instrumentos, inordinados a unha competencia racional entre prestadores de servizos e entre portos que atenden os mesmos tráxicos, resultan de especial interese en tempos de rápidos cambios, de continua aparición de novas técnicas e de constante apertura de novos mercados no tráfico marítimo nacional e internacional.

O capítulo dedicado ós servizos portuarios xerais e básicos finaliza cunha sección dedicada a precisar exactamente qué debemos entender por cada un destes servizos. Rotulada «Disposicións particulares», nela defínense, conceptual e tecnicamente, os servizos de practicaxe, remolque portuario, amarre e desamarre, servizos á pasaxe, carga e descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercadorías, depósito, transporte horizontal e recepción de refugallo. Nalgúns deles especificase con certo detalle o seu modo de operación, o que afecta en especial o servizo de recepción de refugallo, de singular importancia ecolóxica hoxe en día, como se pon de manifesto a través do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións de recepción de refugallo xerados polos buques e residuos de carga, que traspuxo ó ordenamento interno a Directiva 2000/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro de 2000; noutros, diferénciase especificamente o que queda incluído e excluído no servizo, sendo de sinala-las precisións incluídas neste sentido no servizo de carga e descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercadorías.

Merece, sen dúbida, un comentario máis extenso o servizo de carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercadorías, que se configura de forma independente ó dos outros servizos de manipulación de mercadorías. O servizo público de estiba e desestiba regulado ata o de agora como servizo público de titularidade do Estado pasa a se converter na lei nun tipo de servizo

portuario básico, concibido como unha actividade comercial de interese xeral en que a iniciativa lles corresponde ós particulares.

Coa nova regulación alcánzanse dous obxectivos claves: por un lado, estende-la normativa xeral sobre servizos portuarios ó da estiba portuaria, que sempre se vira tratada en forma singular. E, por outro, adáptase a actual lexislación ó marco europeo deseñado pola política da Unión Europea.

Por outra parte, créase unha titulación de formación profesional específica para os traballadores que interveñan na realización dos servizos portuarios básicos, co fin de adapta-la adquisición destes coñecementos ó réxime xeral, eximindo, non obstante, da súa obtención os traballadores que á entrada en vigor da norma estean prestando servizos nesta actividade.

Un avance de gran relevancia é a basculación da maior presenza pública cara ó recoñecemento do maior e debido peso da presenza privada na entidade que xestiona a bolsa de traballadores que realiza as actividades que integran o servizo. Pola súa vez, a dita entidade, actualmente sociedade anónima estatal, transfórmasse en agrupación portuaria de interese económico, suxeitándose ó réxime xurídico que configura a propia Lei 12/1991, do 29 de abril, que a regula, excepto en determinadas cuestións que esixen dun equilibrio imposto en garantía do interese xeral.

A regulación dos servizos comerciais que se van prestar dentro dos recintos portuarios, contida no capítulo III do título III da lei, é moi breve, como corresponde á liberdade de iniciativa pública ou privada que para a súa prestación se recoñece, e constitúen, no caso das autoridades portuarias, o ámbito de aplicación do principio de liberdade tarifaria. A lei límitase a deixar sentado que quedan sometidos a autorización, coa finalidade de garanti-la súa compatibilidade coa seguridade do porto e os usos portuarios preferentes, e que poden ser iniciativa de terceiros ou das propias autoridades portuarias; neste último caso sempre que teñan unha relación directa coa funcionalidade do porto. En todo caso, prestaranse en réxime de concorrencia, sen que estean previstos para eles limitacións ou obrigas específicas, salvo, naturalmente, as derivadas da adecuada protección e conservación do dominio público portuario sobre o que se realizan. No tocante, en fin, ó servizo de sinalización marítima co que se pecha o título, a súa regulación é tamén moi breve e na liña da existente, sobre a que non se inclúen grandes novidades, aínda que se establecen algunhas precisións consideradas necesarias en relación cos portos da competencia das comunidades autónomas.

V

O título IV está dedicado ó dominio público portuario estatal.

As necesidades dunha nova regulación do dominio público portuario xorden, ademais de pola rodaxe de máis de 10 anos da propia Lei de portos, pola necesidade de adaptalo ós cambios no modelo de xestión dos portos.

Por outra parte, mentres que a lexislación de costas ten como obxectivo esencial recupera-lo uso do litoral, polo que se afirma a necesidade de garanti-lo uso común xeral ou uso público das praias e costas, a finalidade esencial ou primordial dos portos é xustamente realizar un conxunto de operacións económicas complexas e de gran relevancia, que resultan en moitos casos incompatibles co uso común xeral. Nos portos trátase de transformar-las pertenzas do dominio público litoral co fin de convertelas en soportes e infraestruturas que garantan o tráfico marítimo en condicións de seguridade e eficiencia —o que, ás veces, é difícil de compatibilizar co mantemento inalterado do medio natural—. Por iso, a

consideración dos portos e instalacións portuarias de titularidade estatal como verdadeiras obras ou infraestruturas públicas deberá incidir sobre o réxime xurídico de utilización e sobre a súa forma de ocupación e explotación.

Ademais, as necesidades dunha nova regulación do dominio público portuario pónense aínda máis de manifesto á vista do papel que na nova lei as autoridades portuarias asumen en relación coa xestión do dominio público portuario, xa que desenvolverán funcións de provisión, xestión e ordenación dos espazos portuarios, para o cal a lei debe regular instrumentos xurídicos que permitan, a través da planificación, o cumprimento destes obxectivos que non existen na lexislación costeira.

Finalmente, o novo papel asignado ás autoridades portuarias como entes reguladores suporá na práctica unha tendencia cara á diminución do financiamento público en investimentos portuarios, e un marcado protagonismo da iniciativa privada na execución de obras portuarias.

O título arrinca coa exposición do modelo de xestión do dominio público portuario estatal. Este modelo está orientado a promover-la participación do sector privado no financiamento e explotación de instalacións portuarias e na prestación de servizos a través do outorgamento de concesións e autorizacións demaniais e de concesión de obra pública.

Baixo a rúbrica «dos bens que integran», o capítulo II refírese á determinación do dominio público portuario estatal. En primeiro lugar, afirma que os portos de interese xeral forman parte do dominio público marítimo-terrestre, integran o dominio público portuario e que se regulan por esta lei. Ademais, enumera como bens demaniais os terreos, as obras e as instalacións fixas e os espazos de auga incluídos na zona de servizo dos portos, sen esquecer que tamén terán a consideración de dominio público portuario os terreos e as obras destinadas á sinalización marítima.

O novo réxime de utilización do dominio público regúlase no capítulo III. En canto ós usos no dominio público portuario, soamente se poderán realizar actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios, tendo esta consideración os comerciais, pesqueiros, náutico-deportivos e complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe e os de empresas industriais ou comerciais instaladas no porto pola súa relación co tráfico portuario.

O capítulo IV refírese ó Plan de Utilización dos Espazos Portuarios, que como na lei vixente constitúe un instrumento ó que a lei lle atribúe dous fins esenciais: a delimitación da zona de servizo dos portos de titularidade estatal e a ordenación portuaria e non urbana da zona de servizo, que incluírá os espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios, os espazos de reserva para o desenvolvemento da actividade portuaria e os destinados a outros usos non portuarios.

Seguidamente, o capítulo V está dedicado ás autorizacións de ocupación do dominio público portuario pola autoridade portuaria, establecendo dúas clases de autorizacións. Por unha parte, a utilización de instalacións portuarias fixas polos buques, a pasaxe e as mercadorías, que se rexerá polo Regulamento de explotación e policía e as ordenanzas portuarias. Por outra parte, a ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen eles, por prazo non superior a tres anos.

A ocupación do dominio público portuario por prazo non superior a tres anos, con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen eles, estarán suxeitas a autorización previa da autoridade portuaria. Como na vixente Lei de portos, as autorizacións serán outorgadas polo

Consello de Administración, coa excepción de que o seu prazo de vixencia sexa inferior a un ano; neste caso a competencia corresponderalle ó presidente. Así mesmo, establécense o procedemento, a convocatoria de concursos e as condicións para o outorgamento de autorizacións.

A continuación, o capítulo VI refírese ás concesións demaniais, que son aquelas outorgadas pola autoridade portuaria pola ocupación do dominio público portuario, con obras ou instalacións non desmontables ou por prazo superior a tres anos. A diferenza da vixente Lei de portos e da lexislación de costas, o prazo máximo de vixencia das concesións amplíase ata 35 anos. Esta ampliación do prazo trata de dar cobertura e incentivar que a iniciativa privada poida afrontar investimentos significativos en grandes obras de infraestrutura portuarias, como diques, accesibilidade marítima, peiraos ou recheos de grandes superficies, que coa Lei de portos de 1992 nunca se acometeron nos portos españois, por se-lo prazo de 30 anos insuficiente para permiti-la amortización do investimento que esixen estas obras.

Con respecto ó procedemento para outorgamento de concesións demaniais, a nova lei introduce a novidade de que se este procedemento se inicia por instancia de particular, a autoridade portuaria deberá iniciar un trámite de competencia de proxectos.

Resulta fundamental a nova regulación da lei en relación coa convocatoria de concursos para o outorgamento de concesións. Fronte á vixente Lei de portos, a nova establece, taxativamente, os supostos en que a autoridade portuaria deberá convocar concursos.

Entre as disposicións comúns ás concesións, en primeiro termo régúlase a modificación das concesións, diferenciando, en canto ó procedemento de tramitación, as substanciais e as que non o son. Ante o actual baleiro normativo sobre os supostos en que as modificacións teñen o carácter de substanciais, dáse un paso adiante na determinación deles, efectuando unha enumeración taxada, que evita a inseguridade xurídica existente.

Ademais, régúlase a revisión de concesións como suposto modificativo, que procede cando concorren causas alleas á vontade do concesionario, como son, alteración dos supostos determinantes do outorgamento, forza maior e adecuación ós plans de utilización, especial ou director.

Poténcianse os instrumentos de ordenación dos espazos portuarios, incluíndose entre as causas de revisión de concesións, a adecuación ó Plan de utilización dos espazos portuarios ou ó Plan especial de ordenación da zona de servizo do porto, así como cando o esixa a súa adecuación ás obras previstas no plan director.

Con maior sistemática e profundidade régúlase o réxime de transmisión e gravame das concesións. Para que a autoridade portuaria autorice a transmisión dunha concesión demanial deberanse cumprilas condicións mínimas previstas na nova lei e, en particular, que se garanta a libre competencia.

A lei regula, ademais, con máis precisión e detalle os dereitos de adquisición preferente —tanteo e retrato— a prol da autoridade portuaria, as adquisicións por remate xudicial, administrativo ou por adxudicación de bens por falta de pagamento de créditos hipotecarios e as garantías, regulando o importe ó que deberán ascender tanto as garantías provisional e definitiva de construción coma a garantía de explotación. Para faceren efectivas estas garantías, as autoridades portuarias terán preferencia sobre calquera outra débeda.

O capítulo VII desenvolve o réxime de extinción de autorizacións e concesións. A regulación das causas de extinción mantense en termos análogos ós establecidos na lexislación de costas. Destaca entre elas o rescate das concesións. Da nova regulación débese facer fincapé, por un lado, no procedemento e, por outro, nas

regras para a determinación do valor do rescate. En canto ó procedemento, ó Consello de Administración da autoridade portuaria corresponderalle a declaración de interese portuario, e ó presidente, o acordo de necesidade de ocupación. A declaración de urxencia da ocupación, cando proceda, corresponderalle adoptala ó ministro de Fomento. Polo que respecta á fixación do valor do rescate, a autoridade portuaria e o titular poderán convi-lo valor del. En caso de non chegar a acordo, o valor do rescate será fixado pola autoridade portuaria de conformidade cos criterios que especificamente se determinan. Corresponderalle ó Consello de Administración dicta-la correspondente resolución.

O capítulo VIII consta dun único artigo relativo ó contrato de concesión de obras públicas portuarias. A lei pretende con iso adaptar esta nova modalidade de contrato ás obras públicas portuarias. O dito contrato terá como obxecto, sempre que se encontre aberta ó uso público ou aproveitamento xeral, a construción dun novo porto ou dunha parte nova dun porto que sexan susceptibles de explotación totalmente independente e a construción de infraestructuras básicas de defensa, de abrigo, de accesos marítimos, de peiraos e outras instalacións de atracada.

O capítulo IX está dedicado á regulación dos medios de execución. A execución forzosa das resolucións das autoridades portuarias rexerese pola Lei 30/1992. Como na lexislación de costas, prevese expresamente o desafiuzamento administrativo para os que ocupen de forma indebida e sen título bastante o dominio público portuario, especificando que o prazo de audiencia será de 10 días.

Para finalizar, a lei regula con especial atención no capítulo X os medios de prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario, así como a recepción de refugallo e residuos procedentes de buques, co fin de garanti-la protección ambiental e a seguridade nos portos. Xunto a iso, régulanse as obras de dragaxe e a vertedura dos seus produtos no dominio público portuario, que requirirán a autorización da autoridade portuaria. Por último, establécese como novidade a regulación dos plans de emerxencia e seguridade de acordo co previsto na lexislación vixente.

TÍTULO I

Réxime económico do sistema portuario de titularidade estatal

CAPÍTULO I

Principios e obxectivos do réxime económico

Artigo 1. *Principios e obxectivos xerais.*

O réxime económico do sistema portuario de titularidade estatal, integrado polos organismos públicos portuarios Portos do Estado e as autoridades portuarias, deberá responder ós seguintes principios e obxectivos:

- a) Autonomía de xestión económico-financeira dos organismos públicos portuarios.
- b) Autofinanciamento do sistema portuario.
- c) Optimización da xestión económica.
- d) Solidariedade entre os organismos públicos portuarios.
- e) Competencia entre os portos de interese xeral.
- f) Liberdade tarifaria.
- g) Mellora da competitividade dos portos de interese xeral.
- h) Fomento da participación da iniciativa privada.

Artigo 2. *Autonomía de xestión económico-financeira dos organismos públicos portuarios.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias administrarán os seus respectivos recursos económicos e financeiros con autonomía de xestión, e dentro do seu ámbito de competencia.

2. A xestión económica e financeira deberá cumprir os obxectivos anualmente fixados nos plans de empresa, de acordo cos instrumentos de planificación plurianual do sistema portuario estatal aprobados, no marco fixado polo Ministerio de Fomento, en execución da política portuaria do Goberno.

Artigo 3. *Autofinanciamento do sistema portuario.*

1. Os ingresos das actividades ordinarias do sistema portuario estatal e de cada unha das autoridades portuarias deberán cubrir, alomenos, os seguintes conceptos:

- a) Os gastos de explotación e os gastos financeiros.
- b) As cargas fiscais.
- c) A depreciación dos seus bens e instalacións.

d) Un resultado razoable que lle permita facer fronte ó custo dos novos investimentos e á devolución dos empréstitos emitidos e dos préstamos recibidos.

2. Para garanti-lo autofinanciamento do sistema portuario e de cada unha das autoridades portuarias de acordo cos respectivos plans de empresa, Portos do Estado acordará con cada autoridade portuaria, na forma prevista no artigo 36 desta lei, o obxectivo de rendibilidade anual de cada unha delas atendendo ás súas características e condicionamentos específicos, ás diferencias na situación competitiva, á previsible evolución da demanda, ás necesidades investidoras de cada autoridade portuaria e ás circunstancias especiais derivadas das condicións de afastamento, insularidade e ultraperiferia, tendo en conta o obxectivo global de rendibilidade fixado para o conxunto do sistema portuario, así como respectando, en todo caso, o principio de libre competencia.

3. Para estes efectos, a rendibilidade do sistema portuario calcularase como o cociente entre o resultado do exercicio despois de impostos e o inmovilizado neto medio do exercicio, excluíndo o inmovilizado en curso.

No cálculo da rendibilidade de cada autoridade portuaria excluírase do numerador o saldo do fondo de compensación interportuario achegado ou recibido.

Artigo 4. *Optimización da xestión económica.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias xestionarán os seus recursos económicos atendendo a criterios de eficacia e de eficiencia, co fin de lograren o cumprimento dos obxectivos previstos e a rendibilización do patrimonio.

2. A xestión económica realizarase nun marco de desenvolvemento sustentable que velará pola protección e a conservación ambiental, pola adecuada integración dos portos nas cidades do seu contorno e pola conservación do patrimonio histórico español afecto ó servizo dos portos.

Artigo 5. *Solidariedade entre os organismos públicos portuarios.*

1. O sistema portuario estatal responde ó principio de solidariedade entre os organismos públicos portuarios, atendendo en particular ás especiais condicións de afastamento, de insularidade e ultraperiferia.

2. Portos do Estado e as autoridades portuarias promoverán a solidariedade no sistema portuario, a través do Fondo de Compensación Interportuario como instrumento de redistribución de recursos, no marco dos principios de autofinanciamento e de libre e leal competencia, en e entre os portos de interese xeral.

Artigo 6. *Competencia entre os portos de interese xeral.*

A actividade portuaria desenvolverase nun marco de libre e leal competencia entre os portos de interese xeral e entre as autoridades portuarias que as xestionan, co fin de fomentar o incremento dos tráfico portuarios e a mellora da competitividade.

Artigo 7. *Liberdade tarifaria.*

1. As autoridades portuarias establecerán libremente as tarifas naqueles servizos comerciais que presten en concorrencia coa iniciativa privada, cos límites que se deriven da obriga de evitar prácticas abusivas, así como actuacións discriminatorias e outras análogas. Estas tarifas non poderán ser inferiores ó custo do servizo.

2. As tarifas por servizos prestados polo sector privado fixaranse libremente, sen prexuízo das tarifas máximas que nos servizos portuarios básicos poidan establecer as autoridades portuarias.

3. O Ministerio de Fomento velará por asegurar a máxima autonomía de xestión das autoridades portuarias nesta materia.

Artigo 8. *Mellora da competitividade dos portos de interese xeral.*

Co obxectivo de mellora-la posición competitiva dos portos de interese xeral e a súa integración nas cadeas lóxicas e de transporte nacionais e internacionais, Portos do Estado e as autoridades portuarias, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán estratexias tendentes a asegurar a adaptación permanente da oferta global portuaria ás necesidades e esixencias da actividade económica á que estes serven, e contribuirán a crear un ámbito de cooperación de tódolos axentes da comunidade portuaria, públicos e privados, dirixido á mellora dos servizos portuarios e á promoción dos portos. Deberán adoptar, entre outras, medidas encamiñadas á mellora da calidade e da eficacia na prestación dos servizos e á redución do custo do paso da mercadoría a través dos portos, promovendo tarifas competitivas nos servizos portuarios, aplicando coeficientes correctores nas taxas portuarias e establecendo bonificacións, nos termos previstos nesta lei, que permitan articular accións comerciais adecuadas a cada tipo de tráfico en colaboración co sector privado.

Artigo 9. *Fomento da participación da iniciativa privada.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias, nos seus respectivos ámbitos de competencia e en cumprimento da política portuaria do Goberno, promoverán, cando proceda, a participación da iniciativa privada no financiamento e xestión das instalacións portuarias, a través dos mecanismos xurídicos e financeiros de colaboración previstos no ordenamento xurídico.

2. Esta participación incentivarase, entre outros instrumentos, a través do outorgamento de concesións de obra pública e demanial que supoñan a execución polos seus titulares das obras de infraestrutura necesarias e a súa explotación.

CAPÍTULO II

Dos recursos económicos do sistema portuario

Artigo 10. *Recursos económicos do sistema portuario.*

Os recursos económicos do sistema portuario son os que, conforme esta lei, se asignen a Portos do Estado e ás autoridades portuarias, e destinaranse ó cumprimento das funcións previstas nela.

Artigo 11. Recursos económicos de Portos do Estado.

1. Os recursos económicos de Portos do Estado estarán integrados:

a) Polos produtos e as rendas do seu patrimonio, así como polos ingresos procedentes do alleamento dos seus activos.

b) Polo catro por cento dos ingresos devengados polas autoridades portuarias en concepto de taxas, que terá a consideración de gasto de explotación para estas e que se liquidará con periodicidade trimestral.

No caso das autoridades portuarias situadas nas rexións insulares de Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla, esta porcentaxe de achega establécese no dous por cento.

c) Polos ingresos xerados polo exercicio das súas actividades.

d) Polas achegas recibidas do Fondo de Compensación Interportuario.

e) Polos que se puidesen asignar nos orzamentos xerais do Estado ou nos doutras administracións públicas.

f) Polas axudas e subvencións, calquera que sexa a súa procedencia.

g) Polos procedentes de créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar.

h) Polas doazóns, os legados e outras achegas de particulares e entidades privadas.

i) Por calquera outro que lle sexa atribuído polo ordenamento xurídico.

2. Correspóndelle a Portos do Estado a xestión e administración dos recursos que se relacionan no punto anterior, debendo axustarse ós obxectivos e principios contidos nesta lei.

Artigo 12. Recursos económicos das autoridades portuarias.

1. Os recursos económicos das autoridades portuarias estarán integrados:

a) Polos produtos e polas rendas do seu patrimonio, así como polos ingresos procedentes do alleamento dos seus activos.

b) Polas taxas portuarias, sen prexuízo do establecido no artigo 11.1 b) desta lei.

c) Polos ingresos que teñan o carácter de recursos de dereito privado obtidos no exercicio das súas funcións.

d) Polas achegas recibidas do Fondo de Compensación Interportuario.

e) Polos que se puidesen asignar nos orzamentos xerais do Estado ou nos doutras administracións públicas.

f) Polas axudas e subvencións, calquera que sexa a súa procedencia.

g) Polos procedentes dos créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poidan concertar.

h) Polo produto da aplicación do réxime sancionador previsto na Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

i) Polas doazóns, polos legados e por outras achegas de particulares e entidades privadas.

j) Por calquera outro que lles sexa atribuído polo ordenamento xurídico.

2. Correspóndelles ás autoridades portuarias a xestión e administración dos recursos que se relacionan no punto anterior, debendo axustarse ós obxectivos e principios establecidos nesta lei.

CAPÍTULO III**Do Fondo de Compensación Interportuario****Artigo 13. Fondo de Compensación Interportuario.**

1. De conformidade co principio de solidariedade entre os organismos públicos portuarios, créase o Fondo

de Compensación Interportuario como instrumento de redistribución de recursos do sistema portuario estatal, que será administrado por Portos do Estado de conformidade cos acordos adoptados polo comité de distribución do fondo, e dotarase anualmente no orzamento de explotación individual do dito organismo público.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado realizarán achegas ó Fondo de Compensación Interportuario conforme os criterios e límites establecidos nesta lei. As ditas achegas terán a consideración de gasto non reintegrable.

3. O sistema de achegas e de distribución delas estará dirixido a garanti-lo autofinanciamento do sistema portuario de titularidade estatal e a potencia-lo marco de leal competencia entre os portos de interese xeral, favorecendo:

a) O axuste dos recursos xerados por cada autoridade portuaria ás desviacións existentes nas estruturas de ingresos e gastos de cada unha delas, causadas pola diferente situación competitiva en que se encontran, debido ás características ou limitacións da súa área de influencia, especialmente relevante nos portos de Ceuta, Melilla e os situados nos arquipélagos balear e canario, ós seus condicionantes físicos, en particular, a inclusión de diversos portos nunha autoridade portuaria ou a necesidade de grandes obras de mantemento ou reparación periódicas ou extraordinarias, así como ás características dos seus tráficós, todo iso, sen prexuízo dos principios de autonomía e libre competencia.

b) O desenvolvemento sustentable da actividade portuaria no conxunto dos portos de interese xeral.

c) A mellora da accesibilidade viaria e ferroviaria ós portos de interese xeral.

d) O desenvolvemento tecnolóxico do sector portuario.

4. A contía anual da achega de cada autoridade portuaria ó Fondo de Compensación Interportuario determinarase por agregación dos seguintes importes correspondentes ó exercicio anterior:

a) O 80 por cento dos ingresos devengados pola taxa por servizo de sinalización marítima correspondente ós buques incluídos no punto 5.a) do artigo 30 desta lei.

b) Ata o 12 por cento dos recursos xerados polas operacións, excluindo a cantidade correspondente ó Fondo de Compensación achegada ou recibida e os ingresos pola taxa por servizo de sinalización marítima.

A porcentaxe que se vai aplicar, correspondente á alínea b), será fixada anualmente polo comité de distribución do fondo, por proposta de Portos do Estado, en función das necesidades financeiras que se deriven dun axeitado nivel de investimento ou de gasto en mantemento e reparación de infraestruturas en relación coa capacidade de xeración de recursos de cada autoridade portuaria, así como do desenvolvemento de procesos de saneamento nelas para acadala súa rendibilidade-obxectivo de acordo coas previsións do seu plan de empresa. Esta porcentaxe reducirase un 50 por cento para as autoridades portuarias do arquipélago canario, balear, e de Ceuta e Melilla.

A achega sobre recursos xerados fixada de forma xeral polo comité de distribución do fondo reducirase para cada autoridade portuaria no dobre da porcentaxe en que diminúa a media do cociente entre gastos e ingresos de explotación dos tres exercicios anteriores, con relación á dita media calculada para o período dos tres anos anteriores ó exercicio precedente.

5. A contía da achega anual de Portos do Estado determinarase o seu consello rector en función das dis-

poñibilidades orzamentarias do dito organismo público e das necesidades do Fondo de Compensación Interportuario.

6. A distribución do Fondo de Compensación Interportuario entre Portos do Estado e as autoridades portuarias será aprobada polo comité de distribución do fondo atendendo ós criterios seguintes:

I. O importe a) do punto 4, entre tódalas autoridades portuarias en función do número de faros e outras axudas á navegación marítima no litoral localizadas na zona xeográfica que teña asignada cada autoridade portuaria para efectos de sinalización marítima.

II. O importe dos puntos 4.b) e ou 5, para:

1.º Cofinanciamento de investimentos en infraestructuras e axudas á navegación marítima, así como gastos de reparación e mantemento de infraestructuras portuarias básicas.

2.º Colaborar no financiamento dos gastos asociados á implantación de plans de saneamento.

3.º Cofinanciar actuacións ambientais fóra da zona de servizo dos portos que favorezan un marco de desenvolvemento sustentable da actividade portuaria.

4.º Cofinanciar actuacións de mellora en accesibilidade viaria e ferroviaria ós portos, fóra da súa zona de servizo.

5.º Cofinanciar actuacións ou programas de investigación, desenvolvemento e innovación de interese portuario.

O criterio de asignación de recursos terá anualmente un carácter finalista e a súa aplicación estará condicionada á súa execución efectiva, ó cumprimento do nivel de investimento fixado no plan de empresa para a autoridade portuaria ou, se é o caso, ó cumprimento do plan de saneamento. A dita asignación terá a consideración de ingreso do exercicio en que efectivamente se aplique esta e considerárase obtido no cumprimento da súa finalidade específica.

O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario decidirá o destino das cantidades asignadas anualmente que non foran consumidas, podendo acordalo mantemento no fondo para a súa asignación no seguinte exercicio.

7. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario terá a seguinte composición:

a) O presidente, que será o presidente de Portos do Estado.

b) Os vocais, que serán os presidentes de cada unha das autoridades portuarias ou persoa en quen deleguen.

c) Un secretario, que será o do Consello Rector de Portos do Estado.

Os acordos do comité, sobre a base das propostas presentadas por Portos do Estado, serán adoptados por maioría simple dos asistentes, correspondendo ó presidente o voto de calidade en caso de empate.

8. O Ministerio de Fomento, por proposta de Portos do Estado, determinará a forma e os prazos en que se deben facer efectivas as achegas dos organismos públicos portuarios.

CAPÍTULO IV

Das taxas portuarias

SECCIÓN 1.^a ÁMBITO DE APLICACIÓN E REGRAS XERAIS

Artigo 14. *Ámbito de aplicación.*

1. Son taxas portuarias aquelas esixidas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio

público portuario e pola prestación de servizos non comerciais polas autoridades portuarias.

2. As taxas ás que se refire o punto anterior son as seguintes:

a) Pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario:

1.^a Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario.

2.^a Taxas por utilización especial das instalacións portuarias.

3.^a Taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

b) Pola prestación de servizos non comerciais polas autoridades portuarias:

1.^a Taxa por servizos xerais.

2.^a Taxa por servizo de sinalización marítima.

Artigo 15. *Réxime xurídico.*

As taxas portuarias rexeranse polo disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei de taxas e prezos públicos, pola Lei xeral tributaria e polas normas regulamentarias dictadas en desenvolvemento delas.

Artigo 16. *Regras xerais.*

Ás taxas reguladas neste capítulo resúltanlles de aplicación as seguintes regras xerais:

a) As taxas portuarias responderán necesariamente ós obxectivos de coordinación do sistema de transporte de interese xeral que o Goberno estableza e ó principio de autosuficiencia do sistema portuario, de forma que a suma dos produtos delas e dos demais recursos económicos do sistema portuario cubra os gastos de explotación e os gastos financeiros, as cargas fiscais, a depreciación dos seus bens e instalacións e un resultado razoable que permita facer fronte ó custo dos novos investimentos e á devolución dos empréstitos emitidos e dos préstamos recibidos.

O obxectivo de rendibilidade para o conxunto do sistema portuario fixarase por lei e poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado, en función de criterios de política de transporte, da previsible evolución da demanda e das necesidades investidoras do sistema.

b) O importe estimado das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario fixarase tomando como referencia o valor de mercado do dominio público ocupado correspondente ou o da utilidade derivada daquela e, en particular:

1.º Nas taxas por ocupación privativa do dominio público portuario e por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos tomarase como referencia o valor de mercado do dominio público ocupado ou o da utilidade que represente en cada autoridade portuaria.

2.º Nas taxas por utilización especial das instalacións portuarias a cota tributaria será a mesma para os usuarios de calquera porto de interese xeral. O seu importe fixarase tomando en consideración os custos directos e indirectos asociados á dotación e ó mantemento das infraestructuras portuarias no conxunto dos portos de interese xeral, incluíndo os de estrutura que se lle imputen, os financeiros, os de amortización do inmovilizado e os necesarios para garanti-lo seu axeitado desenvolvemento en función das necesidades e requirimentos da demanda.

Os coeficientes correctores á cota destas taxas establecidos nesta lei garantirán o nivel de autofinanciamen-

to individual de cada autoridade portuaria, así como o axuste dos seus ingresos ás desviacións das súas estruturas de custos asociadas ás infraestruturas portuarias, respecto da media do sistema portuario.

c) O importe das taxas por servizos non comerciais prestados polas autoridades portuarias non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible dos servizos ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, incluíndo os de estrutura que se lle imputen e os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola prestación ou realización dos cales se esixe a taxa. Para estes efectos:

1.º O importe da taxa por servizos xerais fixarase en cada autoridade portuaria atendendo ós custos que soporten, para a prestación dos servizos a que se refire o artigo 58 desta lei.

2.º O importe da taxa por servizo de sinalización marítima fixarase para todo o sistema portuario de interese xeral, considerando os custos directos e indirectos asociados á dotación e ó adecuado mantemento do conxunto de axudas á navegación marítima no litoral marítimo español, excluídas as que serven de aproximación e acceso ós portos e o seu balizamento.

d) Con obxecto de promover a competencia entre portos, mellora-la súa competitividade, incrementa-lo investimento privado en infraestruturas, potencia-lo papel de España como plataforma lóxística internacional, fomenta-la intermodalidade, reforza-la captación e consolidación de tráfico, atende-las especiais condicións de afastamento e insularidade, incentivar mellores prácticas ambientais e incrementa-la calidade na prestación dos servizos, estableceranse bonificacións nas correspondentes taxas, nos supostos e cos límites previstos nesta lei.

e) Portos do Estado, logo de audiencia ás autoridades portuarias, aprobará os criterios analíticos de imputación dos custos directos e indirectos, incluíndo os de estrutura, correspondentes ás taxas, conforme o establecido nesta lei.

f) Soamente se poderán modificar mediante lei o número e a identidade dos elementos e os criterios de cuantificación conforme os cales se determinan as cotas e os tipos esixibles.

A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos de cuantificación das taxas portuarias poderase efectuar mediante orde ministerial, en función do obxectivo de rendibilidade anual para o conxunto do sistema portuario, tomando en consideración as necesidades de investimento, o nivel de endebedamento, a evolución dos custos, a eficiencia na xestión e a evolución da demanda.

Toda proposta de modificación das contías dunha taxa deberá incluír, entre os antecedentes e estudos previos para a súa elaboración, unha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta. A memoria económico-financieira será elaborada por Portos do Estado e a súa omisión determinará a nulidade de pleno dereito da orde ministerial que determine as contías da taxa.

g) Nos casos en que esta lei estableza que a contía da taxa se determine en réxime de estimación simplificada, a súa repercusión, cando proceda, deberana levar a cabo os suxeitos pasivos polo importe que lle corresponda no dito réxime.

h) O substituto poderá esixir do contribuínte o importe pagado pola taxa conforme o disposto na Lei xeral tributaria.

i) Para efectos da determinación e aplicación das taxas reguladas nesta lei, teranse en conta as seguintes definicións:

1.^a Arqueo bruto (GT): é o que como tal figura no Certificado Internacional de Arqueo de Buques (1969).

2.^a Embarque de mercadorías: operación de intercambio do modo terrestre ó marítimo, que consiste na entrada das mercadorías á zona de servizo do porto por vía terrestre e saída destas ou dos seus produtos derivados por vía marítima.

3.^a Desembarque de mercadorías: operación de intercambio do modo marítimo ó terrestre, que consiste na entrada das mercadorías á zona de servizo do porto por vía marítima e saída destas ou dos seus produtos derivados por vía terrestre.

4.^a Transbordo de mercadorías: operación de transferencia directa de mercadorías dun buque a outro, sen se depositar nos peiraos e con presenza simultánea de ámbolos buques durante a operación.

5.^a Tránsito marítimo: operación de transferencia de mercadorías ou elementos de transporte no modo marítimo en que estas son descargadas dun buque ó peirao, e posteriormente volven ser cargadas noutro buque, ou no mesmo en distinta escala, sen ter saído da zona de servizo do porto.

6.^a Tránsito terrestre: operación de transferencia de mercadorías ou elementos de transporte no modo terrestre, en que a súa entrada e saída da zona de servizo do porto é por vía terrestre.

7.^a Pasaxeiro de cruceiro turístico en embarque ou desembarque: son os pasaxeiros dun buque cualificado e autorizado como cruceiro turístico, que inician ou finalizan a súa viaxe nese porto.

8.^a Pasaxeiro de cruceiro turístico en tránsito: son os pasaxeiros dun buque cualificado e autorizado como cruceiro, que inician ou finalizan a súa viaxe noutro porto.

Artigo 17. *Exencións.*

1. Estarán exentos do pagamento da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario regulada nesta lei:

a) Os órganos e as entidades das administracións públicas que leven a cabo no ámbito portuario ou marítimo actividades de vixilancia, inspección, investigación e protección do ambiente mariño e costeiro, de protección dos recursos pesqueiros, represión do contrabando, seguridade pública e control de pasaxeiros, salvamento, loita contra a contaminación mariña, ensinanza marítimas e aquelas relacionadas coa defensa nacional.

b) A Cruz Vermella Española do Mar respecto ás actividades propias que ten encomendadas esta institución, e outras entidades de carácter humanitario, sen fins lucrativos e legalmente constituídas, a actividade das cales estea directamente vinculada coa atención a tripulantes e pasaxeiros, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria que será outorgada cando concorran estes requisitos.

2. Estarán exentos da taxa por aproveitamento especial no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos e da taxa por servizos xerais:

a) Os órganos e as entidades das administracións públicas, respecto das actividades a que se refire a alínea a) do punto anterior e, en xeral, de actividades de interese social e cultural.

b) A Cruz Vermella do Mar e outras entidades de carácter humanitario, respecto das actividades a que se refire a alínea b) do punto anterior, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria que será outorgada cando concorran estes requisitos.

c) As corporacións de dereito público e entidades sen fins lucrativos para aquelas actividades que se encontran directamente vinculadas coa actividade portuaria e que sexan de interese educativo, investigador, cultural, social ou deportivo logo de solicitude da exención á autoridade portuaria, que será outorgada cando concorran estes requisitos.

3. Estarán exentos do pagamento das correspondentes taxas por utilización especial de instalacións portuarias e da taxa por servizo de sinalización marítima:

a) Os buques de Estado, os buques e aeronaves afectados ó servizo da defensa nacional e, cando exista réxime de reciprocidade, os dos exércitos de países integrados de España en asociacións ou alianzas militares de carácter internacional, así como as súas tropas e efectivos militares, e os doutros países que non realicen operacións comerciais e a visita dos cales teña carácter oficial ou de arribada forzosa, certificada pola autoridade competente.

b) As embarcacións e o material ó servizo das autoridades portuarias e as das administracións públicas dedicadas ó servizo do porto e ás actividades de vixilancia, inspección, investigación e protección do ambiente mariño e costeiro, protección dos recursos pesqueiros, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación mariña, ensinanza marítimas e, en xeral, a misións oficiais da súa competencia. Así mesmo, cando exista réxime de reciprocidade, as embarcacións e o material das administracións doutros Estados dedicados ás mesmas actividades.

c) As embarcacións e o material da Cruz Vermella Española do Mar, dedicadas ós labores que ten encomendados esta institución, así como as mercadorías de carácter humanitario enviadas a zonas ou rexións en crise ou de emerxencia, realizadas por organismos de carácter humanitario ou social, sen fins lucrativos e legalmente constituídos, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria que será outorgada cando concorran estes requisitos.

Artigo 18. *Xestión, revisión e garantías de cobramento das taxas.*

1. A xestión, liquidación e recadación das taxas serán efectuadas polas autoridades portuarias, que poderán utilizar para a efectividade do seu cobramento as garantías constituídas para o efecto e, se é o caso, a vía de constrinximento a xestión da cal será realizada polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou logo de celebración do oportuno convenio da xestión recadatoria, polos órganos de recadación das administracións das comunidades autónomas, das entidades que integran a Administración local ou doutras administracións públicas territoriais.

De conformidade co artigo 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, os suxeitos pasivos estarán obrigados a practicar operacións de autoliquidación tributaria cando así se prevea regulamentariamente.

2. Na xestión e revisión dos actos de aplicación das taxas aplicaranse os principios e procedementos da Lei xeral tributaria e as disposicións de desenvolvemento en canto non se opoñan ó previsto nesta lei.

3. A falta de pagamento de calquera das taxas previstas no artigo 14.2 poderán motivar, logo de apercibimento ó interesado e mentres non regularice a súa débeda tributaria, a prohibición ou perda do dereito á utilización ou aproveitamento especial das instalacións portuarias, logo de comunicación ó capitán marítimo se afectase á navegación, a suspensión da actividade e, se é o caso, a extinción do título administrativo correspondente, de acordo co previsto nesta lei.

Para estes efectos, entenderase que se produciu falta de pagamento das taxas cando non se efectúe o ingreso da débeda tributaria en período voluntario.

SECCIÓN 2.^a TAXA POR OCUPACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

Artigo 19. *Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario.*

1. A ocupación do dominio público portuario, en virtude dunha concesión ou autorización, devengará a correspondente taxa a favor da autoridade portuaria.

2. Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa, segundo proceda, o concesionario ou o titular da autorización.

3. A base impoñible da taxa será o valor do ben, que se determinará da forma seguinte:

a) Ocupación de terreos. Será o valor dos terreos, que se determinará sobre a base de criterios de mercado. Para tal efecto, a zona de servizo dividirase en áreas funcionais, asignando ós terreos incluídos en cada unha delas un valor por referencia a outros terreos do termo municipal ou dos termos municipais próximos, con similares usos a cada área, en particular os cualificados como de uso comercial, industrial ou loxístico e para a mesma ou semellante actividade, tomando en consideración o aproveitamento que lles corresponda. Ademais, no caso de áreas funcionais destinadas a terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías, tomarase tamén en consideración o valor de superficies portuarias que puidesen ser alternativas para os tráxicos do dito porto.

Ademais dese valor de referencia, na valoración final dos terreos de cada área deberase ter en conta o grao de urbanización xeral da zona, a conexión cos diferentes modos e infraestructuras de transporte, a súa accesibilidade marítima e terrestre e a súa localización e proximidade ás infraestructuras portuarias, en particular, ás instalacións de atracada e áreas abrigadas.

b) Ocupación das augas do porto. Será o valor dos espazos de auga incluídos en cada unha das áreas funcionais en que se divida a zona de servizo do porto, que se determinará por referencia ó valor dos terreos das áreas da zona de servizo con similar finalidade ou uso ou, se é o caso, ó dos terreos máis próximos. Na valoración deberanse ter en conta as condicións de abrigo, profundidade e localización das augas, sen que poida exceder do valor dos terreos de referencia.

Non obstante, cando o espazo de auga se outorgue en concesión para o seu recheo, o valor dela será o asignado ós terreos de similar utilidade que se encontran máis próximos.

c) Ocupación de obras e instalacións. Estará constituída polos seguintes conceptos:

1.º O valor dos terreos e das augas ocupados.

2.º O valor das infraestructuras, superestructuras e instalacións, incluídas a urbanización interna e a pavimentación da parcela en concesión, no momento de outorgamento delas, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados pola autoridade portuaria, permanecerán constantes durante o período concesional, e non será de aplicación a actualización anual prevista no punto 6.

Os criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación serán aprobados polo ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado.

d) Cando a ocupación do dominio público portuario inclúa un uso consuntivo del, o valor deste uso será o dos materiais consumidos a prezo de mercado.

4. O tipo de gravame anual aplicado á base imponible será o seguinte:

a) No suposto de ocupación de terreos e de augas do porto:

1.º En áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, ós relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas: o cinco por cento.

2.º En áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o seis por cento.

3.º En áreas destinadas a usos non portuarios: o sete por cento.

Respecto do espazo de auga para recheo: o 2,5 por cento do valor da base mentres o concesionario efectúa as obras de recheo no prazo fixado na concesión. Finalizado este prazo, o tipo será do cinco por cento.

b) No caso de ocupación do voo ou subsolo de terreos ou espazos somerxidos: o 2,5 por cento do valor da base imponible que lles corresponda ós respectivos terreos ou augas, salvo que o seu uso impida a utilización da superficie; neste caso o tipo de gravame será o que corresponda de acordo co previsto na alínea a) anterior.

c) No caso de ocupación de obras e instalacións:

1.º En áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, ós relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas: o cinco por cento dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada. No caso de lonxas pesqueiras, o tipo de gravame aplicable á obra ou instalación será do 3,5 por cento.

2.º En áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o seis por cento dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada.

3.º En áreas destinadas a usos non portuarios: o sete por cento dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada.

d) No suposto de uso consuntivo: o 100 por cento do valor dos materiais consumidos.

5. Para a determinación do valor dos terreos e das augas do porto, o ministro de Fomento aprobará, por proposta de cada autoridade portuaria, a correspondente valoración da zona de servizo do porto e dos terreos afectados á sinalización marítima, a xestión dos cales se lle atribúe a cada autoridade portuaria, de acordo co seguinte procedemento:

a) Elaboración pola autoridade portuaria da valoración de terreos e augas do porto que deberá incluír, entre os antecedentes e estudos necesarios, unha memoria económico-financieira.

b) Información pública durante un prazo non inferior a 20 días, que será anunciada no boletín oficial da comunidade autónoma respectiva.

c) Remisión do expediente a Portos do Estado, quen solicitará informe do Ministerio de Facenda, que deberá ser emitido nun prazo non superior a un mes.

d) Emisión de informe por Portos do Estado, que llo elevará, xunto ó expediente, ó Ministerio de Fomento.

A orde de aprobación da correspondente valoración será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Os valores contidos na orde non serán susceptibles de recurso autó-

nomo, sen prexuízo dos que procedan contra a notificación individual conxunta do dito valor e da nova contía da taxa ós concesionarios e titulares de autorizacións.

Tales valoracións, que se actualizarán o 1 de xaneiro de cada ano nunha proporción equivalente ó 85 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro, poderanse revisar para a totalidade da zona de servizo e dos terreos afectados á sinalización marítima cada cinco anos e, en todo caso, deberanse revisar cada 10 anos. Así mesmo, deberanse revisar cando se aprobe ou modifique o plan de utilización dos espazos portuarios, na parte da zona de servizo que se encontre afectada pola dita modificación ou cando se produza calquera circunstancia que poida afecta-lo seu valor. A actualización do valor dos terreos e augas do porto non afectará as concesións e autorizacións outorgadas, sen prexuízo da actualización da contía da taxa conforme o previsto no punto seguinte.

6. A autoridade portuaria reflectirá nas condicións da concesión ou autorización a contía da taxa, que será actualizada anualmente, no que respecta á ocupación de terreos e augas, nunha proporción equivalente ó 85 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro. Esta actualización será incompatible e prevalecerá fronte a calquera outra que se poida establecer, con carácter xeral, na Lei de orzamentos xerais para tódalas taxas estatais.

A contía da taxa nas concesións será, ademais, revisada de acordo coas novas valoracións que sexan aprobadas polo ministro de Fomento de conformidade co establecido no punto anterior. Non obstante, a contía da taxa daquelas concesións ás que se refire o artigo 98.2 da lei non se modificará ata que se produza a revisión das condicións, sen prexuízo da actualización polo IPC.

Como consecuencia das revisións que se produzan durante o período de vixencia da concesión, o importe da taxa non se poderá incrementar en máis dun 20 por cento, cada quince anos, da contía fixada no título administrativo ou, se é o caso, da establecida nunha revisión anterior, debidamente actualizada en ámbolos casos en función do IPC.

A anterior limitación non será de aplicación ás áreas da zona de servizo destinadas a usos non portuarios.

7. O devengo da taxa producirase a partir da data de notificación da resolución de outorgamento da concesión ou autorización, salvo nos supostos de concesións en que o termo inicial se vincule á data de extinción doutra concesión ou á data de remate de obras que executa a autoridade portuaria; neste caso o devengo producirase a partir destas datas.

A taxa será esixible por adiantado coas actualizacións e, se é o caso, revisións que se efectúen, e nos prazos que figuren nas cláusulas da concesión ou autorización, que non poderán ser superiores a un ano. Non obstante, a autoridade portuaria poderá autorizar pagamentos á conta da taxa por prazos superiores para financiar a execución de obras a cargo dela.

8. No suposto de que a autoridade portuaria convoque concursos para o outorgamento das concesións ou autorizacións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, o de que os licitadores oferten importes adicionais ós establecidos para esta taxa. As cantidades adicionais ofertadas, ó careceren de natureza tributaria, non estarán sometidas ó réxime de actualización previsto no punto 6.

9. A autoridade portuaria aplicará bonificacións nos seguintes supostos:

a) Cando os suxeitos pasivos realicen investimentos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos. A contía da bonificación determinarase en función do

investimento realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo ó tipo de obra e ó seu custo, e non poderá exceder do 50 por cento da contía correspondente á ocupación das augas do porto ou, se é o caso, dos terreos.

b) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas. A contía da bonificación determinarase en función do investimento privado realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo ó tipo de obra e ó seu custo, e non poderá exceder do 40 por cento da contía correspondente á ocupación de terreos. Esta bonificación non se poderá aplicar durante un período superior ó establecido para a finalización de cada fase de urbanización no título concesional.

c) Cando o titular da concesión ou autorización sexa algún órgano das administracións públicas e o obxecto delas sexan actividades de interese social e cultural. O importe desta bonificación será do 50 por cento da contía correspondente á ocupación de terreos.

d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa unha corporación de dereito público, en que a actividade se encontre directamente vinculada coa actividade portuaria. O importe desta bonificación será do 50 por cento da contía correspondente á ocupación de terreos.

e) Cando o titular da concesión sexa un club náutico ou outro deportivo e o obxecto da concesión sexa a realización de actividades náuticas, o importe desta bonificación será do 30 por cento da contía correspondente á ocupación de terreos.

f) Co obxecto de incentivar mellores prácticas ambientais, cando o concesionario dunha terminal de manipulación de mercadorías acredite a implantación de sistemas de xestión e auditoría ambientais debidamente homologados. A contía da bonificación determinarase de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo ós investimentos realizados e ás medidas de protección ambiental establecidas, e non poderá exceder do 10 por cento da contía correspondente á ocupación dos terreos ou, se é o caso, das augas do porto.

g) Co obxecto de incrementa-la calidade na prestación dos servizos, cando o concesionario dunha terminal de manipulación de mercadorías ou dunha estación marítima teña en vigor unha certificación de servizos emitida por unha entidade acreditada conforme a Norma UNE-EN 45011, ou aquela que a substitúa, ou por unha entidade cun sistema de emisión de certificados que cumpra os requisitos dela. O importe desta bonificación non poderá exceder do cinco por cento da contía correspondente á ocupación dos terreos ou, se é o caso, das augas do porto.

Por orde ministerial e por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, poderanse concreta-las condicións, as escalas e os criterios necesarios para a aplicación das bonificacións previstas nos anteriores supostos, partindo dos elementos esenciais contidos neles.

Así mesmo, respecto da alínea g), o Ministerio de Fomento, por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias e organizacións representativas dos correspondentes prestadores e usuarios de servizos a nivel nacional, aprobará os manuais de servizo que especifiquen os compromisos de calidade dos servizos que serven de base para a súa homologación-certificación e a súa mellora continua, así como os sistemas de control e verificación do seu cumprimento.

Estes manuais de servizo poderán ser desenvolvidos en cada porto a través de manuais específicos, aprobados pola autoridade portuaria e validados por Portos do Estado unha vez comprobado que se axustan ós compromisos mínimos de calidade e de sistemas de control adaptados para o conxunto do sistema portuario.

SECCIÓN 3.^a TAXAS POR UTILIZACIÓN ESPECIAL DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

Artigo 20. *Ámbito de aplicación.*

1. As autoridades portuarias esixirán pola utilización das instalacións portuarias fixas polos buques, a pasaxe e as mercadorías, o pagamento das seguintes taxas, os elementos esenciais das cales se determinan nesta lei:

- a) Polos buques e embarcacións, taxa do buque e taxa das embarcacións deportivas e de recreo.
- b) Polos pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe, taxa da pasaxe.
- c) Pola mercadoría, taxa da mercadoría.
- d) Polo buque de pesca e a pesca fresca devengarase unha única taxa, denominada taxa da pesca fresca.

2. A realización dos feitos impositivos nas taxas por utilización especial das instalacións portuarias producirase pola utilización de todos ou dalgún dos bens ou instalacións relacionados neles.

Artigo 21. *Taxa do buque.*

1. O feito impositivo desta taxa é a utilización polos buques das augas da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias fixas que permiten o acceso marítimo ó posto de atracada ou de fondeo que lles fose asignado, así como a estadía neles.

2. Serán suxeitos pasivos, a título de contribuíntes e solidariamente, o propietario, o armador e o capitán do buque.

Se o buque se encontra consignado será suxeito pasivo substituto dos contribuíntes o consignatario do buque.

Nos peiraos, pantaláns e instalacións portuarias de atracada outorgadas en concesión ou autorización, será suxeito pasivo substituto dos contribuíntes o concesionario ou o autorizado.

Tódolos substitutos designados neste precepto quedarán solidariamente obrigados ó cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ó titular da concesión ou da autorización. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderá esixir dos contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

3. Esta taxa devengarase cando o buque entre nas augas da zona de servizo do porto.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa son: o modo e a intensidade na utilización das instalacións portuarias, o número de escalas no porto no ano natural e o tempo de estadía no posto de atracada ou de fondeo.

5. A cota da taxa é a seguinte:

I. Polo acceso e a estadía no posto de atracada ou de fondeo en zona I ou interior das augas portuarias dos buques ou artefactos flotantes, por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT, e tempo de estadía:

a) Atracados de costado a peiraos ou pantaláns: 1,24 €.

b) Atracados de punta a peiraos ou pantaláns, a buques abarloados, a buques amarrados a boias ou outros puntos fixos que non teñan a consideración de atracadas, e a buques fondeados: 1,13 €.

II. Polo acceso e, se é o caso, estadía dos buques ou artefactos flotantes en atracadas en concesión ou autorización na zona I ou interior das augas portuarias, e por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun míni-

mo de 100 GT, e tempo de estadía no posto de atracada ou de fondeo:

- a) Atracado ou fondeado con espazo de auga en concesión ou autorización: 0,78 €.
- b) Atracado sen espazo de auga en concesión ou autorización: 0,86 €.

O tempo de estadía no posto de atracada ou de fondeo previsto nos epígrafes I e II computarase en períodos dunha hora ou fracción cun mínimo de tres horas por escala e un máximo de 15 horas por escala cada 24 horas.

No caso de que na mesma escala se utilicen varias atracadas, considerarase unha única estadía para toda a escala. Se diso resultase a existencia de distintos suxeitos pasivos, repartirase o tempo de estadía de forma proporcional á estadía en cada atracada.

III. Pola estadía e utilización prolongada das instalacións de atracada ou das augas do porto polos buques e polas instalacións flotantes que non teñan espazo de auga en concesión ou autorización, por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT, e día de estadía ou fracción:

- a) Buques de tráfico interior de pasaxeiros e mercadorías: 6 €.
- b) Buques destinados á dragaxe ou ó avituallamento: 6 €.
- c) Buques en construción, gran reparación, transformación e desmantelamento: 2 €.
- d) Buques pesqueiros dos que a última operación de descarga se efectuase no porto ou por paro biolóxico e por carencia de licencia e buques en depósito xudicial: 1 €.
- e) Buques inactivos, mesmo pesqueiros, e artefactos flotantes: 6 €.
- f) Buques destinados á prestación dos servizos de remolque, amarre, practicaxe e a outros servizos portuarios: 3 €.
- g) Outros buques cunha estadía superior a un mes: 6 €.

Cando a estadía ou utilización prolongada teña lugar en peiraos ou instalacións de atracada en concesión ou autorización, a cota da taxa será o 75 por cento da prevista no cadro anterior, cando ocupe un espazo de auga que non estea en concesión ou autorización, e do 40 por cento cando o espazo de auga ocupado estea en concesión.

IV. Polo acceso e estadía no posto de atracada do buque ou artefacto flotante unicamente na zona II ou exterior das augas portuarias ou en portos en réxime concesional, a cota da taxa será o 30 por cento da prevista nos puntos anteriores, segundo corresponda, salvo no suposto previsto nas alíneas a) e b) do epígrafe III, en que a cota permanecerá invariable.

No suposto de fondeo na zona II ou exterior das augas portuarias, a cota da taxa será de 1,00 € por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT e por día de estadía ou fracción, e devengarase desde o cuarto día de estadía, salvo que se realizasen operacións comerciais, incluído o avituallamento; neste caso devengarase a partir do día de inicio da operación.

O tempo de estadía en fondeo na zona II computarase separadamente do que poida corresponder a outros modos de utilización polo buque da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias.

6. En función do número de escalas, nun mesmo porto e durante o ano natural, dos buques que presten un servizo a un determinado tipo de tráfico e sexan operados por unha mesma empresa naval ou por unha agrupación de empresas navais con acordos de explotación compartida dos seus buques, a cota desta taxa

multiplicarase, logo de solicitude do suxeito pasivo, polos seguintes coeficientes:

- Desde a escala 1 ata a escala 12: 1,00.
- Desde a escala 13 ata a escala 26: 0,95.
- Desde a escala 27 ata a escala 52: 0,85.
- Desde a escala 53 ata a escala 104: 0,75.
- Desde a escala 105 ata a escala 156: 0,65.
- Desde a escala 157 ata a escala 312: 0,55.
- A partir da escala 313: 0,45.

Para os efectos previstos nesta lei, por orde do ministro de Fomento definirase, por proposta do Consello Recorrido de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, o concepto de servizo a un determinado tipo de tráfico e estableceranse os criterios, a forma e o prazo de acreditación da pertenza dos buques a unha agrupación de empresas navais con acordos de explotación compartida.

7. Os buques que entren nun porto unicamente para o seu avituallamento, a cota da taxa será do 75 por cento da establecida no punto 5. Para un mesmo buque, nun mesmo porto e desde a escala sete no mesmo ano natural, a cota será do 65 por cento da prevista no dito punto.

8. Polo acceso directo dos buques a dique seco, grada ou varadoiro situado na zona I das augas portuarias, a cota da taxa será de 4 € por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT e unha única vez. Cando se encontre situado en zona II, a cota será o 30 por cento da anterior.

9. Para a determinación da contía desta taxa será de aplicación o Regulamento (CE) 2978/94 do Consello sobre a aplicación da Resolución A.747 (18) da OMI, relativa á aplicación do arqueo dos tanques de lastre nos petroleiros equipados con tanques de lastre separado.

No caso de que non se dispoña do arqueo segundo o Convenio Internacional de Arqueo de Buques (1969), aplicarase o seguinte valor estimado de arqueo:

Valor estimado de arqueo = $0,4 \times E \times M \times P$, onde

E = eslora máxima en metros

M = manga máxima en metros

P = puntal de trazado en metros

Artigo 22. *Taxa das embarcacións deportivas e de recreo.*

1. O feito imponible desta taxa consiste na utilización polas embarcacións deportivas ou de recreo das augas da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias fixas que permitan o acceso marítimo ó posto de atracada ou de fondeo asignado, así como a estadía neles, e polos seus tripulantes e pasaxeiros a utilización dos peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e outras instalacións portuarias fixas.

A aplicación desta taxa require que a embarcación non realice transporte de mercadorías e que os pasaxeiros non viaxen en réxime de cruceiro ou de excursións turísticas, caso en que serán de aplicación a taxa do buque, a taxa da pasaxe e a taxa da mercadoría.

2. Serán suxeitos pasivos, a título de contribuíntes e solidariamente, o propietario da embarcación, o consignatario e o capitán ou patrón dela.

En dársenas e instalacións portuarias deportivas outorgadas en concesión ou autorización, o concesionario ou autorizado terá a condición de suxeito pasivo substituto dos contribuíntes, quedando obrigado a cumprir-las prestacións materiais e formais da obriga tributaria.

En caso de incumprimento das súas obrigas por parte do substituto, en especial, en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles esixir ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrese o substituto.

3. Esta taxa devengarase cando a embarcación deportiva ou de recreo entre nas augas da zona de servizo do porto, ou cando se produza a posta á disposición da atracada.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa son: o modo e a intensidade de utilización das instalacións portuarias e o período de estadía.

5. A cota desta taxa é a seguinte:

I) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas non concesionadas nin autorizadas:

a) Polo acceso e estadía das embarcacións no posto de atracada ou de fondeo na zona I ou interior das augas portuarias, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Atracadas de costado: 0,30 €.

Atracadas de punta e abarloadas: 0,10 €.

En posto de fondeo con amarre a porto: 0,06 €.

En posto de fondeo con medios propios: 0,04 €.

En zonas con calados inferiores a dous metros en baixamar máxima viva equinoccial, a cota da taxa será de 65 por cento das sinaladas no cadro anterior.

b) Por dispoñibilidade de servizos, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Toma de auga: 0,02 €.

Toma de enerxía eléctrica: 0,03 €.

Os consumos de auga e enerxía eléctrica efectuados serán facturados con independencia da liquidación desta taxa.

c) Por estadía transitoria en seco en zonas non dedicadas a inverna, reparación, mantemento nin a estadias prolongadas no porto, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Ata o día 7.º: 0,10 €.

Desde o día 8.º ó 14.º: 0,20 €.

Desde o día 15.º: 0,60 €.

Para as embarcacións que teñan a súa base no porto, a cota da taxa será o 80 por cento da sinalada nas alíneas a) e b).

II) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización:

Polo acceso e estadía das embarcacións a postos de atracada o de fondeo na zona I ou interior das augas portuarias, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

1.º Ás embarcacións transeúntes ou de paso: 0,08 €.

2.º Ás embarcacións que teñen a súa base no porto: 0,07 €.

Se, excepcionalmente, o espazo de auga non estivese outorgado en concesión ou autorización, a cota da taxa será o dobre da prevista neste punto.

A superficie ocupada determinarase en metros cadrados, e será o resultado do produto da eslora máxima da embarcación pola manga máxima.

Cando a embarcación ocupe ou utilice unicamente a zona II ou exterior das augas portuarias, a cota da taxa será o 30 por cento da prevista nos epígrafes I a) e II anteriores para a zona I, segundo corresponda.

6. O pagamento da taxa será esixible por adiantado, de acordo cos seguintes criterios:

a) Para as embarcacións transeúntes ou de paso no porto, a contía que corresponda polo período de estadía que se autorice. Se o dito período tivese que ser ampliado, o suxeito pasivo deberá formular nova solicitude e aboar novamente por adiantado o importe correspondente ó prazo ampliado.

b) Para as embarcacións con base no porto, a contía que corresponda por períodos non inferiores a seis meses nin superiores a un ano. No caso de que o suxeito pasivo domicilie o pagamento en entidade de crédito, concederáse unha bonificación do 10 por cento á cota da taxa nas sucesivas liquidacións que se efectúen.

7. Para efectos do establecido no punto anterior, entenderase que: son embarcacións de base aquelas que teñen autorizada a estadía no porto por período igual ou superior a seis meses.

Son embarcacións transeúntes ou de paso aquelas que, non sendo de base, teñen autorizada a súa estadía por un período limitado, inferior a seis meses.

O importe da taxa aplicable será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado posto de atracada.

8. Os titulares de concesións ou autorizacións para a xestión de dársenas e instalacións náutico-deportivas deberánlles subministrar ás autoridades portuarias a información que lles sexa requirida e os datos precisos para a liquidación desta taxa.

9. A taxa poderase esixir en réxime de estimación simplificada nos supostos en que exista concesión ou autorización, salvo renuncia expresa do concesionario ou autorizado. A cota tributaria establecerase para cada concesión ou autorización, tendo en conta os datos estatísticos de tráfico da concesión ou autorización dos dous últimos anos, efectuándose periodicamente unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 20 por cento no importe da cota tributaria.

Artigo 23. Taxa da pasaxe.

1. O feito imponible desta taxa consiste na utilización polos pasaxeiros e, se é o caso, polos vehículos que estes embarquen ou desembarquen en réxime de pasaxe, das instalacións de atracada, accesos terrestres, vías de circulación e outras instalacións portuarias fixas.

Non está suxeita a esta taxa a utilización de maquinaria e elementos mecánicos móbiles necesarios para as operacións de embarque e desembarque, que se encontrará suxeita, se é o caso, á correspondente tarifa.

2. Serán suxeitos pasivos, a título de contribuínte e solidariamente, o armador e o capitán do buque.

Se o buque se encontra consignado, será suxeito pasivo substituto dos contribuíntes o consignatario do buque en que viaxen os pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe.

En atracadas e estacións marítimas outorgadas conxuntamente en concesión ou autorización, o concesionario ou autorizado terá a condición de suxeito pasivo substituto dos contribuíntes.

Os substitutos designados neste precepto quedarán solidariamente obrigados ó cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ó concesionario ou ó autorizado. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles esixir ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

3. Esta taxa devengarase cando se inicie a operación de embarque, desembarque ou tránsito dos pasaxeiros e, se é o caso, dos vehículos polo porto.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa son os seguintes:

a) Pasaxeiros: o réxime de viaxe segundo sexa de transporte ou de turismo, o tipo de navegación, a ope-

ración marítima de embarque, desembarque ou tránsito e, neste último suposto, os días de estadía en porto.

b) Vehículos: o tipo de vehículo.

5. A cota da taxa aplicable a cada pasaxeiro e vehículo en réxime de pasaxe, será a seguinte:

a) En atracadas e estacións marítimas non concesionadas ou autorizadas:

Concepto	Euros/ unidade
Pasaxeiro en réxime de transporte, en embarque ou desembarque	2,80
Pasaxeiro de cruceiro turístico, en embarque ou desembarque	3,30
Motocicletas e vehículos de dúas rodas	3,50
Automóbiles de turismo e vehículos semellantes .	8,00
Autocares e vehículos de transporte colectivo .	43,00

Para o pasaxeiro de cruceiro turístico en tránsito a cota da taxa será de 2,00 € por pasaxeiro e día ou fracción de estadía en porto. No porto de embarque ou desembarque os pasaxeiros aboarán a cota sinalada no cadro anterior correspondente á operación de embarque ou desembarque e, nos días posteriores ó de embarque ou anteriores ó de desembarque, a cota de pasaxeiro en tránsito.

Cando a navegación se produza exclusivamente nas augas da zona de servizo dun porto ou nunha ría e ás embarcacións en viaxe turística local, en cada embarque e desembarque a cota da taxa será:

Concepto	Euros/unidade
Pasaxeiro	0,06
Motocicleta	1,00
Automóvil	2,50

Neste suposto, a taxa poderase esixir en réxime de estimación simplificada, salvo renuncia expresa do suxeito pasivo. A cota tributaria establecerase tendo en conta os datos estatísticos de tráfico dos dous últimos anos, efectuándose periodicamente unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 30 por cento no importe da cota tributaria.

b) En atracadas e estacións marítimas outorgadas conxuntamente en concesión ou autorización, a cota da taxa será o 50 por cento da sinalada na alínea a).

Cando soamente se outorgue en concesión ou autorización a estación marítima, a cota da taxa será o 75 por cento da sinalada na alínea a).

6. Para efectos desta lei, enténdese por estación marítima de pasaxeiros aquela instalación destinada a facilita-lo acceso dos pasaxeiros e as súas equipaxes e de vehículos en réxime de pasaxe, desde terra ós buques e desde estes a terra.

Artigo 24. Taxa da mercadoría.

1. O feito impositivo da taxa consiste na utilización polas mercadorías que se embarquen, desembarquen, transborden ou efectúen tránsito marítimo ou terrestre, das instalacións de atracada, zonas de usos comerciais asociados á carga e descarga do buque, accesos e vías de circulación terrestres viarios e ferroviarios, e outras instalacións portuarias fixas. Así mesmo, inclúese no feito impositivo a súa utilización polas mercadorías que acce-

dan ou saian da zona de servizo do porto por vía terrestre sen utilizaren en ningún momento a vía marítima, salvo que teñan como destino ou orixe instalacións fabrís, de transformación, loxísticas ou de almacenaxe, situadas na zona de servizo do porto.

O pagamento desta taxa dará dereito a que as mercadorías ocupen ou permanezan na zona de tránsito durante catro horas para aquelas en que o medio rodante forme parte do transporte marítimo, e durante o mesmo día de embarque ou desembarque e o seu inmediato anterior ou posterior noutro caso.

Non está suxeita a esta taxa a utilización de maquinaria, equipos de manipulación e elementos mecánicos móbiles necesarios para as operacións de embarque, desembarque, tránsito e transbordo, que se encontrará suxeita, se é o caso, á correspondente tarifa.

2. Son suxeitos pasivos da taxa:

a) No suposto de mercadorías que se embarquen, desembarquen, transborden ou se encontren en réxime de tránsito marítimo, serán suxeitos pasivos contribuíntes con carácter solidario ou naval, o propietario da mercadoría e o capitán do buque.

Cando o buque e a mercadoría se encontren consignados, serán suxeitos pasivos substitutos o consignatario do buque e o consignatario, transitario ou operador loxístico representante da mercadoría.

En terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías outorgadas en concesión ou autorización conxuntamente coa atracada, o concesionario ou autorizado será o suxeito pasivo substituto.

b) No caso de mercadorías que efectúen tránsito terrestre ou que accedan ou saian da zona de servizo do porto sen utilizaren a vía marítima, será suxeito pasivo contribuínte o propietario da mercadoría ou, cando o houber, o transitario ou operador loxístico que represente a mercadoría.

Cando a mercadoría teña por destino unha instalación en concesión ou autorización, será suxeito pasivo substituto o titular da concesión ou autorización que expida ou reciba a mercadoría.

Os substitutos designados neste precepto quedarán solidariamente obrigados ó cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ó concesionario ou autorizado. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles esixir ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

3. Esta taxa devengarase cando a mercadoría inicie o seu paso pola zona de servizo do porto.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa serán: o elemento de transporte, o tipo de operación, o peso, a clase e a forma de presentación da mercadoría ou, en mercadorías transportadas de forma unitaria, a unidade de carga. Cando se ocupe a zona de tránsito durante un tempo superior ó previsto no punto 1, a intensidade de utilización e o período de estadía.

5. A cota desta taxa será a seguinte:

I. En terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías non concesionadas nin autorizadas:

A) Ás mercadorías e ós seus elementos de transporte, segundo o tipo de operación que se desenvolva:

a) Cando se embarquen ou desembarquen aplicáraselle-la cota que resulte dalgún dos seguintes réximes:

a.1) Réxime por grupos de mercadorías: a cota da taxa será o resultado de suma-las cantidades que, se é o caso, resulten dos seguintes conceptos:

1.º Ás mercadorías aplicaráselle-la cantidade que corresponda das indicadas no cadro seguinte, en función do grupo ó que pertencen conforme o establecido no anexo I desta lei:

Concepto	Euros/unidade
Primeiro	0,39
Segundo	0,68
Terceiro	1,07
Cuarto	1,80
Quinto	2,52

2.º Ós envases, ás embalaxes, ós contedores, ás cisternas ou outros recipientes ou elementos que teñan ou non o carácter de perdidos ou efémeros e que se utilicen para conteren as mercadorías no seu transporte, así como ós camiós, ós remolques e semirremolques que, como tales elementos de transporte terrestre, se embarquen ou desembarquen, baleiros ou non de mercadorías, aplicaráselle-la cantidade seguinte:

Elemento de transporte tipo	€/unidade
Contedor <= 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), camión con caixa de ata 6 metros ou plataforma de ata 6 metros .	2,50
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), semirremolque, camión ou vehículo articulado con caixa de ata 12 metros ou plataforma de ata 12 metros .	5,00
Cabezas tractoras	1,50
Camión con remolque (tren de estrada)	7,50

A outros elementos non relacionados no cadro anterior, aplicaráselle-la cantidade de 1,25 €/tonelada.

Cando o elemento de transporte baleiro teña a condición de mercadoría, será de aplicación a contía do grupo correspondente, non sendo aplicable o réxime simplificado.

a.2) Réxime de estimación simplificada: para as mercadorías transportadas nos elementos de transporte que se relacionan a continuación, a cota tributaria será o resultado de lle aplicar a cada unidade de carga (uc) as seguintes cantidades:

Unidade de carga tipo	€/uc
Contedor <= 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), e camión con caixa de ata 6 metros	27,70
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), semirremolque, e camión ou vehículo articulado con caixa de ata 12 m	45,30
Camión con remolque (tren de estrada)	73,00

Ós elementos de transporte que vaian baleiros aplicaráselle-la cota prevista na alínea a.1).

Este réxime aplicaráselle por solicitude do suxeito pasivo á totalidade da súa carga unitaria nun mesmo buque.

b) Cando efectúen tránsito marítimo, sempre que as mercadorías e os seus elementos de transporte fosen declarados no dito réxime, a cota da taxa calcularase conforme o establecido na alínea a). Esta taxa, incluíndo

a ocupación da zona de tránsito a que se refire a letra B), de a haber, liquidaráselle ó suxeito pasivo que declárase a mercadoría na descarga.

As mercadorías e os seus elementos de transporte en tránsito marítimo, con orixe ou destino noutro porto de interese xeral dun mesmo arquipélago, estarán exentas do pagamento desta taxa, salvo cando se autorice a ocupación da zona de tránsito por período superior ó previsto no punto 1 deste artigo; neste caso deberán aboa-la cota prevista na letra B).

c) Cando se transborden aplicaráselle-la seguinte cota:

c.1) Entre buques que se encontren atracados: o 50 por cento da cota prevista na alínea a).

c.2) Entre buque abarloado a outro atracado ou abarloado: o 30 por cento da cota prevista na alínea a).

d) Cando efectúen tráfico interior marítimo dentro da zona de servizo dun porto ou nunha ría, así como ás mercadorías para avituallamento, a cota tributaria será a prevista na alínea a). Neste suposto unicamente se liquidará unha das operacións realizadas.

e) Cando efectúen tránsito terrestre con ruptura de carga aplicaráselle-lo 75 por cento da cota prevista na alínea a).

B) Ocupación da zona de tránsito.

Cando se autorice a ocupación da zona de tránsito por período superior a catro horas para aquelas mercadorías en que un medio rodante forme parte do transporte marítimo, ou superior ó mesmo día de embarque ou desembarque e o seu inmediato anterior ou posterior noutro caso, a cota da taxa será o resultado de lle sumar á contía correspondente da letra A) a contía de 0,08 € por metro cadrado e día de estadía ou fracción. A esta última cantidade aplicaráselle os seguintes coeficientes de progresividade, en función da duración da ocupación:

Ata o día 7.º	1
Desde o día 8.º ó 30.º	5
Desde o día 31.º ó 60.º	10

Se excepcionalmente se autoriza a ocupación da zona de tránsito por período superior a 60 días, o coeficiente de progresividade será de 20 a partir do día 61.

Como superficie ocupada computarase a superficie rectangular envolvente da mercadoría depositada.

No suposto de que excepcionalmente se autorice a ocupación da zona de manobra polas mercadorías, serán de aplicación as contías previstas neste punto.

A delimitación das zonas de tránsito e de manobra, en que se divida a zona de usos comerciais, que se efectuará de conformidade co previsto no Regulamento de explotación e policía e nas ordenanzas portuarias, será aprobada polo Consello de Administración da autoridade portuaria correspondente.

II. En terminais e noutras instalacións de manipulación de mercadorías en concesión ou autorización:

a) Coa atracada outorgada en concesión ou autorización, ás mercadorías e ós seus elementos de transporte aplicaráselle-la seguinte cota, en función da operación que se desenvolva:

1.^a Cando se embarquen ou desembarquen: o 50 por cento da establecida na alínea a) do epígrafe I.A).

2.^a Cando efectúen tránsito marítimo: o 25 por cento da establecida na alínea b) do epígrafe I.A).

3.^a Cando se transborden: o 20 por cento da prevista na alínea c.1) do epígrafe I.A).

4.^a Cando efectúen tráfico interior marítimo e as operacións se realicen en instalacións outorgadas ambas en concesión ou autorización, así como de avituallamento: o 50 por cento da establecida na alínea d) do epígrafe I.A). No suposto de que soamente unha delas estea concesionada ou autorizada, aplicarase a mesma cota prevista na alínea d).

5.^a Cando efectúen tránsito terrestre: o 65 por cento da prevista na alínea e) do epígrafe I.A).

b) Sen a atracada outorgada en concesión ou autorización, ás mercadorías e ós seus elementos de transporte aplicaráselle-la seguinte cota, en función da operación que se desenvolva:

1.^a Cando se embarquen, desembarquen, efectúen tránsito marítimo ou tráfico interior marítimo: o 90 por cento da cota establecida nas alíneas a), b) e d) do epígrafe I.A). Non obstante, cando efectúen tráfico interior marítimo e unicamente unha soa instalación de manipulación de mercadorías estea en concesión ou autorización, aplicarase a mesma cota prevista na alínea d) do epígrafe I.A).

2.^a Cando se transborden: a establecida na alínea c) do epígrafe I.A).

3.^a Cando efectúen tránsito terrestre: o 65 por cento da cota establecida na alínea e) do epígrafe I.A).

No caso de tránsito marítimo e transbordo, esta taxa liquidaráselle ó suxeito pasivo que declarase a mercadoría na descarga.

6. Para os efectos desta lei, enténdese por terminal de manipulación de mercadorías aquela instalación destinada a realiza-la transferencia de mercadorías entre os modos marítimo e terrestre, ou no modo marítimo, que pode incluír superficies anexas para depositar mercadorías e elementos de transporte e nas que se desenvolven operacións necesarias para a transferencia entre modos ou para tránsito marítimo.

7. A autoridade portuaria poderá impoñe-las seguintes multas coercitivas, que non terán carácter tributario:

a) Por incumpri-la obriga de presentar en prazo a declaración ou manifesto de carga dun cinco, 10, 15 ou 25 por cento da cota da taxa, segundo que a declaración se presente dentro dos tres, seis, 12 ou máis de 12 días seguintes ó do termo do prazo voluntario de presentación.

b) Por incumpri-la obriga de remove-la carga, un 20 por cento da cota da taxa correspondente á ocupación da zona de tránsito por cada 24 horas ou fracción de atraso.

Artigo 25. *Taxa da pesca fresca.*

1. O feito impoñible desta taxa consiste na utilización polos buques ou embarcacións pesqueiras en actividade, das augas da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias que permiten o acceso marítimo ó posto de atracada ou de fondeo que lles fose asignado e a súa estadia neles. Así mesmo, constitúe o feito impoñible a utilización pola pesca fresca e os seus produtos, que accedan ó recinto portuario por vía marítima, en buque pesqueiro ou mercante, ou por vía terrestre, das instalacións de atracada, zonas de manipulación e de venda, accesos, vías de circulación, zonas de estacionamento e outras instalacións portuarias fixas.

O pagamento desta taxa dará dereito a que o buque ou embarcación pesqueira permaneza en porto durante o prazo dun mes desde a súa entrada. Transcorrido o dito prazo devengarase a taxa do buque prevista no punto 5.III do artigo 21 desta lei.

En casos de inactividade forzosa por temporais, vedas costeiras ou carencia de licencias, a autoridade portuaria

prorrogará o prazo previsto no parágrafo anterior ata un máximo de seis meses, debendo ser expresa e individualmente acreditada a concorrencia de tales circunstancias por certificacións da autoridade competente. En caso contrario, devengarase a referida taxa do buque.

Esta taxa non será de aplicación a aqueles buques ou embarcacións pesqueiras que non efectúen no porto a descarga da pesca capturada; neste caso seralles de aplicación a taxa do buque.

2. Son suxeitos pasivos desta taxa:

a) No caso de que a pesca fresca acceda ó porto por vía marítima: será suxeito pasivo contribuínte desta taxa o armador do buque de pesca. Cando o buque sexa mercante, serán suxeitos pasivos contribuíntes o armador e o propietario da pesca, con carácter solidario.

Se o buque mercante se encontra consignado, será suxeito pasivo substituto o consignatario del.

Cando a pesca é vendida en porto, tamén será suxeito pasivo substituto quen, en representación do propietario da pesca, realice a primeira venda.

En lonxas outorgadas en concesión, será suxeito pasivo substituto do contribuínte o concesionario.

b) No caso de que a pesca fresca acceda ó porto por vía terrestre: será suxeito pasivo contribuínte o propietario da pesca.

Será suxeito pasivo substituto quen, en representación do propietario da pesca, realice a venda.

En lonxas outorgadas en concesión, será suxeito pasivo substituto do contribuínte o concesionario.

Os substitutos designados neste precepto quedarán solidariamente obrigados ó cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ó concesionario. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles esixir ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

O suxeito pasivo desta taxa repercutirá o seu importe no comprador da pesca. A repercusión deberase efectuar mediante factura ou documento análogo na que os suxeitos pasivos incluírán a expresión «Taxa da pesca fresca ó tipo de...».

Non procederá a repercusión das cotas resultantes nos supostos de liquidación que sexan consecuencia de actas de inspección.

3. A taxa devengarase cando o buque ou embarcación pesqueira, a pesca fresca ou os seus produtos inicien o seu paso pola zona de servizo do porto.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa serán: o valor de mercado da pesca ou dos seus produtos, o tipo de operación e a intensidade no uso das instalacións portuarias.

5. A base impoñible desta taxa será o valor de mercado da pesca ou dos seus produtos, que se determinará de acordo cos seguintes criterios:

a) O obtido pola súa venda en poxa na lonxa do porto.

b) Cando non fose poxada ou vendida na lonxa do porto, determinarase polo valor medio obtido nas poxas da mesma especie realizadas ese mesmo día ou, no seu defecto, nas do último día en que houberse poxa da mesma especie e características. Subsidiariamente, utilizarase o prezo medio de mercado da semana anterior acreditado polo órgano competente na materia.

c) No caso de que este prezo non se puidese fixar na forma determinada nos parágrafos anteriores, a autoridade portuaria fixarao tendo en conta as condicións habituais do mercado.

6. O tipo de gravame será, segundo o tipo de operación e a intensidade no uso das instalacións portuarias, o seguinte:

a) Con utilización de lonxa non concesionada:

1.º Á pesca descargada por vía marítima: o 2,5 por cento do valor da base.

2.º Á pesca que accede ó recinto portuario por vía terrestre: o dous por cento do valor da base.

b) Sen uso de lonxa:

1.º Á pesca descargada por vía marítima: o 1,5 por cento do valor da base.

2.º Á pesca que accede ó recinto portuario por vía terrestre: o 1,25 por cento do valor da base.

c) Con utilización de lonxa concesionada:

1.º Á pesca descargada por vía marítima: o un por cento do valor da base.

2.º Á pesca que accede ó recinto portuario por vía terrestre: o 0,8 por cento do valor da base.

Artigo 26. *Coefficientes correctores.*

Para potencia-la competitividade dos portos, garanti-lo nivel de autofinanciamento de cada autoridade portuaria e favorece-lo axuste dos seus ingresos ás desviacións da súa estrutura de custos asociada ás infraestructuras portuarias, respecto da media do sistema portuario, cada autoridade portuaria, en función da súa rendibilidade de explotación, aplicará anualmente ás cotas das taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría un coeficiente corrector idéntico para todas elas entre 0,85 e 1,15, de acordo cos seguintes criterios:

a) Entre 1 e 0,85 cando a media da rendibilidade anual da autoridade portuaria nos dos últimos exercicios supere o sete por cento.

b) Entre 1 e 0,90 cando a dita media supere o seis por cento e non sexa superior ó sete por cento.

c) Entre 1 e 0,95 cando a dita media supere o cinco por cento e non sexa superior ó seis por cento.

d) Entre 0,95 e 1,05 cando a dita media estea entre o dous por cento e o cinco por cento.

e) Entre 1 e 1,05 cando a dita media sexa inferior ó dous por cento e non sexa inferior ó un por cento.

f) Entre 1 e 1,10 cando a dita media sexa inferior ó un por cento e non sexa inferior ó cero por cento.

g) Entre 1 e 1,15 cando a dita media sexa negativa.

Para estes efectos, entenderase por rendibilidade de explotación anual o cociente entre os resultados de explotación máis o importe dos resultados doutros exercicios da conta de perdas e ganancias, e o inmovilizado neto medio do exercicio, excluindo o inmovilizado en curso. A incorporación dun novo activo ratearase durante cinco anos desde a data de adquisición, se se trata de terreos, e durante 10 anos desde o asinamento da acta de recepción provisional, se é unha infraestructura portuaria básica: dique de abrigo e acceso marítimo. Como estimación do inmovilizado neto medio do exercicio deberase toma-la media aritmética dos valores netos en 1 de xaneiro e en 31 de decembro.

Estes coeficientes serán aprobados polos consellos de administración de cada autoridade portuaria, conforme o acordado no correspondente plan de empresa tendo en conta, entre outros criterios, as necesidades de investimento, o nivel de endebedamento, a mellora na eficiencia, a previsible evolución da demanda e o obxectivo anual de rendibilidade definido para cada autoridade portuaria.

Artigo 27. *Bonificacións.*

1. Para potenciar e consolida-lo papel de España como plataforma de cruceiros e loxística a nivel internacional. Co obxecto de adecua-los portos españois ás condicións de competencia internacional dos tráfico marítimos en cada momento, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Á cota da taxa do buque:

a.1) Ós buques de cruceiro turístico dos que o porto anterior ou posterior ó de escala sexa un porto pertencente á Unión Europea: 20 por cento.

a.2) Ós buques de cruceiro turístico dos que o porto anterior e posterior ó de escala sexa un porto pertencente á Unión Europea: 30 por cento.

a.3) Ós buques de cruceiro turístico cando realicen unha escala nun porto considerado como porto base: 20 por cento.

a.4) Ós buques pertencentes a unha mesma compañía de cruceiros cando en conxunto realicen nun porto polo menos 12 escalas como porto base: 30 por cento.

As bonificacións ás que se refiren as alíneas a.1) e a.2) son incompatibles entre si.

Así mesmo, serán incompatibles entre si as bonificacións previstas nas alíneas a.3) e a.4).

b) Á cota da taxa da mercadoría:

b.1) Ás mercadorías en tránsito marítimo internacional: ata o 70 por cento.

b.2) Ás mercadorías que se embarquen con orixe noutro país da Unión Europea, así como ás que se desembarquen con destino a outro país da Unión Europea, e sexan transportadas no buque en elementos non rodantes: ata o 40 por cento.

Os parámetros ou elementos de cuantificación desta bonificación en relación co suxeito pasivo son os seguintes:

1.º Tipo de tráfico aportado.

2.º Volume de tráfico aportado con avaliación anual en unidades de carga, en número de vehículos ou en toneladas de mercadoría.

Por orde ministerial e por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, concretaranse as condicións e as escalas necesarias para a aplicación destas bonificacións, partindo dos anteriores elementos esenciais. Así mesmo, definiranse as condicións para ser considerado porto base de cruceiros e compañía de cruceiros.

2. Para potencia-la intermodalidade. Co obxecto de fomenta-la integración dos portos nas cadeas loxísticas nacionais e internacionais e potencia-la cabotaxe comunitaria, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Á cota da taxa do buque:

a.1) Ós buques que presten un servizo regular entre portos da Unión Europea: 20 por cento.

a.2) Ós buques tipo ro-ro que presten un servizo regular entre portos da Unión Europea: 50 por cento. Esta bonificación é incompatible coa definida na letra anterior.

b) Á cota da taxa da pasaxe: ós pasaxeiros en réxime de transporte e ós vehículos en réxime de pasaxe transportados en buques que presten un servizo regular entre portos da Unión Europea: 20 por cento.

c) Á cota da taxa da mercadoría:

c.1) Ás mercadorías con orixe na Unión Europea que se embarquen ou desembarquen: 10 por cento.

c.2) Ás mercadorías con orixe e destino na Unión Europea, que se embarquen ou desembarquen, trans-

portadas en buques que presten un servizo regular entre portos da Unión Europea: 20 por cento.

c.3) Ás mercadorías con orixe e destino na Unión Europea, que se embarquen ou desembarquen, transportadas en elementos de transporte rodante en buques tipo ro-ro que presten un servizo regular entre portos da Unión Europea: 40 por cento.

c.4) Ás mercadorías, que se embarquen ou desembarquen, que entren ou saian da zona de servizo do porto por transporte ferroviario: 20 por cento.

As bonificacións c. 1, c.2 e c.3 son incompatibles entre si.

Para estes efectos, enténdese por servizo regular entre portos da Unión Europea o que é prestado por unha empresa naval ou por unha agrupación de empresas navais con acordos de explotación compartida, a un determinado tipo de tráfico, cun itinerario que discorre exclusivamente entre portos de países da Unión Europea, e cunha frecuencia de polo menos 24 escalas ó ano nun mesmo porto.

3. Para potencia-la captación e a consolidación de tráfico en cada porto. Cada autoridade portuaria aplicará bonificacións singulares sobre a cota líquida correspondente ás taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría. Enténdese por cota líquida a resultante de aplicar sobre a cota íntegra as restantes bonificacións previstas nesta lei. Os requisitos para a súa práctica son os seguintes:

a) Soamente poderán gozar destas bonificacións os suxeitos pasivos con compromisos de tráfico relevantes aprobados no correspondente convenio coa autoridade portuaria, así como os tráfico considerados nos plans de empresa aprobados para cada autoridade portuaria como tráfico sensibles para a economía nacional ou rexional, ou que teñan a condición de prioritarios ou estratéxicos, de forma que se poidan articular accións comerciais adecuadas a determinados tipos de tráfico e operacións en colaboración co sector privado, e a súa adaptación ás condicións de mercado.

b) Os parámetros ou elementos de cuantificación en relación co suxeito pasivo son os seguintes:

1.º Tipo de tráfico aportado.

2.º Volume de tráfico aportado e a súa evolución anual medido en unidades de GT, número de escalas, número de pasaxeiros, toneladas de mercadorías, contedores e vehículos.

c) O importe da bonificación non poderá supera-lo 40 por cento da cota líquida da taxa correspondente.

d) O plan de empresa de cada autoridade portuaria fixará un límite conxunto para o importe total das bonificacións reguladas neste epígrafe, tendo en conta a evolución, as características e os condicionamentos da demanda, as características do mercado a nivel internacional e o nivel de rendibilidade da autoridade portuaria, en función das necesidades de xeración de recursos. O dito límite consistirá nunha porcentaxe sobre a recadación media conxunta polas taxas ó buque, á pasaxe e á mercadoría dos dous últimos exercicios. Esta porcentaxe non poderá ser superior a un 10 por cento.

Por orde ministerial e por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, concretaranse as condicións e as escalas necesarias para a aplicación destas bonificacións, partindo dos anteriores elementos esenciais.

4. Por razón das circunstancias de afastamento e de insularidade, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Á cota da taxa do buque:

a.1) Ós buques de pasaxeiros en réxime de transporte e ós buques de mercadorías, que presten un servizo entre portos das illas Baleares, das illas Canarias, de Ceuta ou de Melilla e os da Unión Europea: un 50 por cento.

Nos portos peninsulares soamente será de aplicación esta bonificación cando máis da metade das toneladas

de mercadoría cargada e descargada corresponda a mercadoría que sexa embarcada ou desembarcada nos portos insulares, de Ceuta ou de Melilla.

Esta bonificación non será de aplicación nos portos insulares, de Ceuta e de Melilla, a aqueles buques en que máis da metade da mercadoría cargada e descargada o sexa en réxime de tránsito marítimo ou transbordo.

a.2) Ós buques de pasaxeiros en réxime de transporte e ós buques de mercadorías, que presten un servizo entre portos dun mesmo arquipélago: un 80 por cento.

b) Á cota da taxa da pasaxe:

b.1) Ós pasaxeiros en réxime de transporte e ós vehículos en réxime de pasaxe entre un porto das illas Baleares, das illas Canarias, de Ceuta ou de Melilla e un da Unión Europea: un 60 por cento.

b.2) Ós pasaxeiros en réxime de transporte e ós vehículos en réxime de pasaxe entre portos dun mesmo arquipélago: un 80 por cento.

c) Á cota da taxa da mercadoría aplicaráselle unha das seguintes bonificacións, sen prexuízo da exención prevista para o tránsito marítimo interinsular:

c.1) Ás mercadorías transportadas en buques que presten un servizo entre portos das illas Baleares, das illas Canarias, de Ceuta ou de Melilla e os da Unión Europea: un 40 por cento.

Nos portos peninsulares soamente lle será de aplicación esta bonificación á mercadoría que teña orixe ou destino nos portos insulares, de Ceuta ou de Melilla.

Esta bonificación non lle será de aplicación nos portos insulares, de Ceuta e de Melilla, á mercadoría que se encuentre en réxime de tránsito marítimo ou transbordo.

c.2) Ás mercadorías transportadas en buques que presten un servizo entre portos dun mesmo arquipélago: un 80 por cento.

c.3) Ós envases, ás embalaxes, ós contedores, ás cisternas ou a outros recipientes ou elementos que teñan ou non o carácter de perdidos o efémeros e que se utilicen para conter as mercadorías no seu transporte, así como ós camiións, ós remolques e semirremolques que, como tales elementos de transporte, se embarquen baleiros en portos das illas Baleares, das illas Canarias, de Ceuta ou de Melilla con destino a portos da Unión Europea: un 70 por cento.

Nos portos peninsulares seralles de aplicación esta bonificación ós citados elementos de transporte cando fosen embarcados nos portos insulares, de Ceuta ou de Melilla.

As bonificacións por razón de afastamento e insularidade son incompatibles coas bonificacións previstas no punto 2 deste artigo.

5. Para incentivar mellores prácticas ambientais, aplicaranse as seguintes bonificacións á cota da taxa do buque:

1.^a Ós buques que acrediten o cumprimento dunhas determinadas condicións de respecto ó ambiente, mellorando as esixidas polas normas e os convenios internacionais: un tres por cento.

A dita acreditación poderase realizar mediante a adscrición dun buque a un convenio específico para a mellora das prácticas ambientais, subscrito entre Portos do Estado e entidades con personalidade xurídica propia que sexan representativas no ámbito naval en todo o territorio nacional e que teñan a información e capacidade suficiente para, a través do procedemento que o propio convenio estableza, coordinar, controlar e verificar en por si, de xeito periódico e en tódolos portos de interese xeral, os buques que cumpran as citadas condicións.

2.^a Ós buques que acrediten ter entregado refugalllos líquidos do anexo I de MARPOL 73/78, de acordo co previsto no artigo 87 desta lei: 20 por cada tonelada

entregada cun importe máximo do 10 por cento do importe da cantidade resultante unha vez aplicadas todas as restantes bonificacións.

Por orde ministerial e por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, determinarase o cumprimento das condicións anteriores, así como os criterios necesarios para a aplicación destas bonificacións.

6. Para incrementa-la calidade na prestación dos servizos: cada autoridade portuaria establecerá bonificacións do tres por cento á taxa do buque, cando a compañía armadora á que pertence o buque teña en vigor unha certificación de servizos emitida por unha entidade acreditada conforme a Norma UNE-EN 45011, ou aquela que a substitúa, ou por unha entidade cun sistema de emisión de certificados que cumpra os requisitos desta.

O ministro de Fomento, por proposta do Consello Rector de Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias e organizacións representativas dos correspondentes prestadores e usuarios de servizos a nivel nacional, aprobará os manuais de servizo que especifiquen os compromisos de calidade dos servizos que serven de base para a súa homologación-certificación e a súa mellora continua, así como os sistemas de control e verificación do seu cumprimento.

Os ditos manuais de servizo poderán ser desenvolvidos en cada porto a través de manuais específicos, aprobados pola autoridade portuaria e validados por Portos do Estado unha vez comprobado que se axustan ós compromisos mínimos de calidade e de sistemas de control adoptados para o conxunto do sistema portuario.

7. A aplicación a unha taxa de máis dunha bonificación realizarase de forma sucesiva e multiplicativa.

SECCIÓN 4.^a TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E DE SERVICIOS

Artigo 28. *Taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.*

1. A prestación por terceiros de servizos e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario estará suxeita a autorización ou licenzia, que devengará a correspondente taxa a favor da autoridade portuaria.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ámbolos dous conceptos.

A licenzia de prestación de servizos básicos someterase ó procedemento establecido no artigo 67 desta lei.

2. Será suxeito pasivo da taxa o titular da autorización de actividade, ou da licenzia ou, se é o caso, o titular da concesión ou autorización de ocupación do dominio público, segundo proceda.

3. O devengo da taxa producirase a partir da data de notificación da resolución de outorgamento da autorización de actividade, da licenzia de prestación do servizo portuario básico ou da concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario. Non obstante, no suposto de que por execución de obras ou outras causas xustificadas se produciise unha demora no inicio da actividade, o devengo da taxa non se producirá ata o momento en que se inicie esta.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa serán o tipo, o volume de actividade e a utilidade obtida.

5. A cota da taxa, que deberá garanti-la adecuada explotación do dominio público portuario, será calculada pola autoridade portuaria de acordo cos seguintes criterios e límites:

A) Criterios:

a) Nos servizos e actividades de manipulación de carga será establecida por unidade de carga manipulada, medida en tonelada, contedor, vehículo ou calquera outra forma de presentación da mercadoría.

b) No servizo á pasaxe será establecido por pasaxeiro e vehículo en réxime de pasaxe.

c) Nos servizos técnico-náuticos será establecido por unidade de arqueo bruto (GT) ou por servizo prestado.

d) No servizo de recollida de refugallos procedentes de buques será establecido por cantidade recollida ou servizo prestado.

e) No resto de servizos e actividades comerciais e industriais portuarias será establecido por unidade que corresponda ou por servizo prestado. Cando non sexa posible a súa medición, establecerase en función do volume de negocio desenvolvido no porto.

f) No caso de actividades non portuarias será establecido pola unidade que corresponda ou en función do volume de negocio desenvolvido no porto.

B) Límites:

a) Nos casos previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do punto anterior, a contía anual da taxa non poderá exceder do maior dos seguintes valores que sexan aplicables:

1.º Do 100 por cento da taxa por ocupación do dominio público.

2.º Das seguintes contías, en función do volume do tráfico portuario:

Ata 0,50 €, por tonelada de granel líquido.

Ata 0,75 €, por tonelada de granel sólido.

Ata 1,00 €, por tonelada de mercadoría xeral.

Ata 20,00 €, por contedor ou unidade de transporte.

Ata 1,70 €, por vehículo.

Ata 1,50 €, por pasaxeiro.

Ata 4,50 €, por vehículo en réxime de pasaxe.

3.º Do cinco por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ó abeiro da autorización ou licenzia.

A contía da taxa anual no caso da alínea f) non será superior ó sete por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ó abeiro da autorización ou licenzia.

b) Nos casos previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do punto anterior, a contía anual non será inferior ó maior dos seguintes valores que sexan aplicables:

1.º Un 20 por cento da taxa por ocupación do dominio público.

2.º No caso de que a taxa se fixe en función do volume de tráfico, non poderá ser inferior á contía desta taxa aplicable ó tráfico ou actividade mínima anual establecida no título habilitante da ocupación do dominio público.

3.º Cando a actividade se realice sen ocupación privativa do dominio público, un un por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ó abeiro da autorización ou da licenzia.

A contía da taxa anual no caso da alínea f) non será inferior ó dous por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ó abeiro da autorización ou licenzia.

A cota fixarase no momento de outorgamento da autorización ou licenza, de forma que a contía anual estea entre estes límites, en función do interese portuario da actividade e da súa influencia na consolidación e captación de novos tráxicos, así como do nivel de investimento privado, baseándose nunhas previsións razoables da información económico-financiera da actividade. Esta cota non será revisable, sen prexuízo da súa actualización conforme o establecido no punto 6.

6. A cota da taxa calculada pola autoridade portuaria deberá figurar necesariamente nas condicións da autorización de actividade, da licenza de prestación do servizo portuario básico ou, se é o caso, da concesión ou autorización de ocupación privativa do dominio público. Cando a cota da taxa non se estableza sobre volume de negocio, actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A dita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

7. A taxa será esixible de conformidade co establecido nas cláusulas do título habilitante, sen que se poida establecer un prazo de liquidación superior a un ano. No suposto de que a taxa sexa esixible por adiantado, a súa contía calcularase para o primeiro exercicio sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico ou de negocio e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos reais do ano anterior.

8. Cando a autoridade portuaria convoque concursos para o outorgamento de concesións ou autorizacións, será de aplicación o establecido no punto 8 do artigo 19.

SECCIÓN 5.^a TAXAS POR SERVICIOS

Artigo 29. *Taxa por servizos xerais.*

1. O feito imponible desta taxa consiste na prestación ou realización pola autoridade portuaria dos servizos xerais do porto de titularidade da autoridade portuaria definidos no artigo 58 desta lei.

A taxa por servizos xerais aboarase con independencia da contraprestación que sexa esixible como consecuencia dos servizos de protección civil, contraincendios, salvamento, loita contra a contaminación e protección do ambiente efectivamente prestados.

2. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas usuarias do porto ás que afecten ou beneficien, persoalmente ou nos seus bens, os servizos xerais e, en particular, os titulares de concesións e autorizacións de ocupación privativa de dominio público portuario, os usuarios das instalacións portuarias fixas e as persoas físicas e xurídicas que presten servizos ou realicen actividades económicas na zona de servizo do porto.

No suposto de usuarios de instalacións portuarias fixas, será suxeito pasivo substituto do contribuínte, o consignatario do buque se este se encontra consignado.

Cando as instalacións portuarias fixas se encontren outorgadas en concesión, será suxeito pasivo substituto dos contribuíntes o concesionario.

Ámbolos dous substitutos adquirirán tal condición sempre que a teñan nas taxas, a cota líquida das cales se utiliza para o cálculo desta taxa. En caso de incumprimento da súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderá esixirlles ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

Cando o suxeito pasivo desta taxa sexa tamén suxeito pasivo da taxa á pesca fresca, repercutirá o importe da taxa de servizos xerais xunto co daquela no comprador da pesca. A repercusión deberase efectuar mediante factura ou documento análogo en que o suxeito pasivo

incluírá a expresión «taxa por servizos xerais incluída no prezo ó tipo de...».

3. Esta taxa devengarase cando se inicie a prestación dos servizos xerais e esixírase simultaneamente coas taxas vinculadas ó dominio público portuario.

4. Os elementos cuantitativos da taxa serán para cada autoridade portuaria os custos reais directos e indirectos, incluíndo os gastos de estrutura que se lle imputen, dos servizos xerais que se repartirán entre os usuarios do porto, atendendo á utilidade ou ó beneficio calculados en función da intensidade da ocupación, utilización ou aproveitamento das instalacións portuarias, valorada en función das cotas que hai que ingresar das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

5. A cota desta taxa determinarase aplicando unha porcentaxe sobre a cota líquida que hai que ingresar polas taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario.

Esta porcentaxe será, en cada autoridade portuaria, o valor medio nos dous exercicios anteriores ó do cálculo da seguinte expresión:

$$100 \times \frac{A}{B + C}, \text{ onde}$$

A representa os custos directos e indirectos, incluíndo os de estrutura que se lle imputen, dos servizos xerais,

B é o importe neto da cifra de negocio, excluíndo desta os ingresos procedentes das taxas por servizos, e

C representa as achegas recibidas do Fondo de Compensación Interportuario que teñan como finalidade colaborar no financiamento de gastos asociados á implantación de plans de saneamento.

A porcentaxe definirase anualmente no correspondente plan de empresa e será aprobada por orde do ministro de Fomento, sendo aplicable a partir do 1 de xaneiro seguinte.

Artigo 30. *Taxa por servizo de sinalización marítima.*

1. O feito imponible desta taxa consiste na utilización do servizo de sinalización marítima definido no artigo 91 desta lei.

2. Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa, con carácter solidario, o propietario do buque ou embarcación, o armador, o consignatario e o capitán ou patrón do buque ou embarcación.

En portos, dársenas e instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización, o concesionario será o substituto do contribuínte, estando obrigado a cumprilas prestacións materiais e formais da obriga tributaria. En caso de incumprimento da súas obrigas por parte do substituto, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderá esixirlles ós contribuíntes o seu cumprimento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrese o substituto.

En portos, dársenas e instalacións náutico-deportivas en concesión ou autorización, o concesionario repercutirá o importe da taxa no propietario da embarcación. A repercusión deberase efectuar mediante factura ou documento análogo na que o suxeito pasivo incluírá a expresión «taxa por servizo de sinalización marítima incluída no prezo ó tipo de...».

Non procederá a repercusión das cotas resultantes nos supostos de liquidación que sexan consecuencia de actas de inspección.

3. O devengo da taxa prodúcese cando o buque ou a embarcación comeza a recibilos servizos en augas xurisdiccionais españolas fóra da zona de servizo dos portos.

4. Os elementos cuantitativos desta taxa son: o arqueo bruto do buque, dimensión ou unidade de embarcación e a actividade que realiza.

5. A cota da taxa é a seguinte:

a) Ós buques mercantes, así como ós pesqueiros conxeladores e, en xeral, a aqueles buques ós que polas súas características lles sexa de aplicación a taxa do buque: 0,80 € por cada 100 GT de arqueo bruto do buque as tres primeiras escalas de cada ano natural.

b) Ós buques e embarcacións dedicados á pesca de altura ou grande altura: 0,25 € por cada unidade de GT e por ano natural.

c) Ós buques e embarcacións dedicados á pesca de baixura ou litoral: 12,30 € por buque ou embarcación e por ano natural.

d) Ás embarcacións de recreo ou deportivas de eslora igual ou superior a sete metros, que deban estar provistas de licenza de navegación ou rol de despacho ou dotación de buques: 4,00 € por cada metro cadrado resultante do produto da súa eslora máxima pola súa manga máxima e por ano natural.

e) Ás embarcacións de recreo ou deportivas de eslora inferior a sete metros, que deban estar provistas de licenza de navegación ou rol de despacho ou dotación de buques: 10,00 € por cada metro cadrado resultante do produto da súa eslora máxima pola súa manga máxima.

6. O pagamento da taxa será esixible:

a) Ós buques e embarcacións incluídos na alínea a) do punto anterior: nas tres primeiras escalas no ano natural en cada porto no que entren.

b) Ós buques e embarcacións incluídos nas alíneas b), c) e d) do punto anterior: unha vez ó ano, debendo aboarse a contía da taxa na autoridade portuaria que teña asignada, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica na que se encontre situado o seu porto base.

No caso de embarcacións que non teñan base no litoral español, aboarán no primeiro porto no que escalen no ano natural o 20 por cento da cota da taxa, con validez para un período de 10 días. A dita cota novamente será esixible por idénticos períodos ata un máximo do 100 por cento desta no ano natural.

c) Ás embarcacións a que fai referencia a alínea e) do punto anterior: unha única vez no momento da súa matriculación. O importe da taxa aboarase na autoridade portuaria que teña asignada, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica na que se encontre situado o órgano competente para a matriculación da embarcación.

7. O órgano competente para a matriculación das embarcacións, despacho de rol de navegación ou dotación e para a emisión dos certificados de inspección destas, esixirá como requisito para iso os xustificantes de ter aboado a taxa por servizo de sinalización marítima.

As autoridades portuarias esixirán a presentación dos xustificantes de ter aboado a taxa, debendo proceder, en caso contrario, á súa liquidación.

As comunidades autónomas, os organismos portuarios dependentes ou vinculados a estas e os concesionarios ou titulares de autorizacións de portos, dársenas e instalacións portuarias deberanlle facilitar á autoridade portuaria correspondente a debida información e subministra-los datos precisos para a liquidación desta taxa.

8. As autoridades portuarias e, se é o caso, Portos do Estado, poderán subscribir convenios coas comunidades autónomas e cos organismos portuarios dependentes ou vinculados a estas para o cobramento desta taxa.

9. A taxa poderase esixir en réxime de estimación simplificada nos portos, dársenas e instalacións náutico-deportivas en concesión ou autorización, agás renuncia expresa do concesionario ou autorizado. A cota tributaria establecerase para cada concesión ou autorización tomando en conta os datos estatísticos de tráfico da concesión ou autorización dos dous últimos anos, efectuándose periodicamente unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Quen se acolla a este réxime terá unha bonificación do 20 por cento no importe da cota tributaria.

CAPÍTULO V

Dos prezos privados por servizos prestados polas autoridades portuarias

Artigo 31. *Tarifas por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.*

1. As autoridades portuarias esixirán polos servizos comerciais que presten en réxime de concorrencia o pagamento das correspondentes tarifas. Estas tarifas terán o carácter de prezos privados e deberán contribuír a logra-lo obxectivo de autofinanciamento, evitar prácticas abusivas en relación cos tráxicos cativos, así como actuacións discriminatorias e outras análogas. Estas tarifas non poderán ser inferiores ó custo do servizo e deberán atender ó cumprimento dos obxectivos fixados no plan de empresa.

2. O Consello de Administración de cada autoridade portuaria aprobará libremente as súas tarifas, que serán comunicadas a Portos do Estado. Excepcionalmente, no marco dos plans de empresa poderanse acordar tarifas inferiores ó custo do servizo mentres subsistan supostos da súa actividade en ausencia de iniciativa privada.

3. Portos do Estado, oídas as autoridades portuarias, aprobará os criterios analíticos dos custos correspondentes ós servizos comerciais.

Artigo 32. *Esixibilidade das tarifas.*

1. As tarifas serán esixibles desde que se solicite a prestación do servizo.

2. O prazo máximo para facer efectivas as débedas orixinadas pola aplicación das tarifas será de 20 días naturais desde a data de notificación das facturas correspondentes. No suposto de que o último día do prazo de pagamento fose festivo, o dito prazo vencerá no inmediato hábil posterior.

3. Unha vez transcorrido o prazo de pagamento establecido neste artigo sen que a débeda fose satisfeita, a autoridade portuaria certificará por medio do director a dita circunstancia e notificarallo ó obrigado ó pagamento. A cantidade debida devengará o xuro legal do diñeiro vixente incrementado en catro puntos, durante o período en que se incorrese en mora. Non obstante, o Consello de Administración da autoridade portuaria, atendendo ás circunstancias de cada caso, poderá gradua-lo devengo de xuros e dispensa-la súa esixencia.

O certificado así emitido terá a consideración de título executivo para os efectos da acción executiva, conforme o disposto no artigo 517 da Lei 1/2000, do 2 de xaneiro, de axuízamento civil.

A falta de pagamento dos xuros devengados durante o período en que se incorrese en mora, habilitará igualmente a autoridade portuaria para o exercicio da acción executiva na forma e no prazo previsto nesta disposición.

Artigo 33. *Prescrición.*

A acción para esixi-lo pagamento das tarifas por servizos prestados directamente polas autoridades portuarias prescribe ós cinco anos da prestación do servizo de que se trate.

Artigo 34. Suspensión do servicio.

1. O non pagamento reiterado do servicio prestado facultará a autoridade portuaria para suspender temporalmente a súa prestación ó debedor, logo de requirimento a este.

No requirimento, a autoridade portuaria deberá advertir expresamente que, de non se efectua-lo pagamento da factura no prazo fixado neste, procederá a suspender temporalmente a prestación do servicio de que se trate.

2. A suspensión temporal da prestación do servicio manterase mentres non se efectúe o pagamento ou se garanta suficientemente a débeda que xerou a propia suspensión.

3. A autoridade portuaria poderá esixir un depósito previo ou a constitución de avais, así como emitir facturas á conta, co obxecto de garanti-lo cobramento do importe das tarifas polos servicios comerciais que lle sexan solicitados, sen prexuízo do importe final resultante.

Artigo 35. Reclamación previa á vía xudicial civil.

1. Contra as liquidacións de tarifas por servicios comerciais prestados polas autoridades portuarias procederá a reclamación previa ó exercicio de accións civís que se deberá interpor ante o Consello de Administración da autoridade portuaria de que se trate.

2. O prazo para resolve-la reclamación será de tres meses desde a súa interposición. Transcorrido o dito prazo sen ter notificada resolución expresa, poderase entender desestimada.

3. A interposición de reclamación previa non suspenderá a obriga de efectua-lo pagamento da factura no prazo previsto no artigo anterior.

TÍTULO II**Réxime de planificación, orzamentario, tributario, de funcionamento e de control****CAPÍTULO I****Réxime de planificación dos portos de interese xeral****Artigo 36. Instrumentos de planificación.**

1. De acordo coa política económica e de transportes do Goberno, o Ministerio de Fomento aprobará o modelo de desenvolvemento estratéxico, os criterios de actuación, así como os obxectivos xerais de xestión técnicos, económicos, financeiros e de recursos humanos do conxunto do sistema portuario estatal. Para tal fin, Portos do Estado, en colaboración coas autoridades portuarias, elaborará o marco estratéxico do sistema portuario de interese xeral, que será ratificado polo Consello Rector e remitido ó ministro de Fomento para a súa aprobación.

2. Portos do Estado e as autoridades portuarias deberán suxeitar ós obxectivos xerais incluídos no Marco Estratéxico do sistema portuario de interese xeral, que será executado a través dos plans de empresa e poderá ser desenvolvido por medio de plans estratéxicos e plans directores.

3. As autoridades portuarias elaborarán os proxectos dos plans directores e de empresa, o contido dos cales será acordado con Portos do Estado. No caso de que non se alcance acordo, corresponderalle ó ministro de Fomento resolve-la discrepancia.

Unha vez acordados, os ditos plans serán ratificados polo Consello Rector de Portos do Estado e polo Consello de Administración da autoridade portuaria.

A modificación destes plans requirirá o mesmo procedemento establecido nos puntos anteriores.

4. A través dos instrumentos de planificación previstos nesta lei deberán favorecerse as medidas encamiñadas a promover a competencia na prestación dos servicios portuarios.

5. As comunidades autónomas poderanlle transmitir ó ente público Portos do Estado un resumo dos obxectivos de desenvolvemento rexional establecidos pola comunidade autónoma, que poidan ter incidencia na actividade portuaria, co obxecto de que a dita información poida ser tomada en consideración á hora da definición dos obxectivos do conxunto do sistema portuario estatal, e das autoridades portuarias, de acordo cos mecanismos previstos nesta lei; para o seu efecto Portos do Estado daralles traslado das propostas dos diferentes plans das autoridades portuarias localizadas no seu ámbito territorial.

Artigo 37. Plan estratéxico da autoridade portuaria.

1. Co fin de establece-lo modelo de desenvolvemento e a posición estratéxica da autoridade portuaria, esta poderá elaborar un plan estratéxico que recolla os portos da súa competencia, que incluíra, alomenos, unha análise e un diagnóstico da situación actual, a definición das liñas e dos obxectivos estratéxicos, os criterios de actuación e o plan de acción.

2. O plan estratéxico, se é o caso, deberase actualizar sempre que se aprobe un novo marco estratéxico do sistema portuario ou se produzan cambios substanciais que condicionen ou alteren o seu contido.

Artigo 38. Plan director de infraestructuras do porto.

1. A construción dun novo porto de titularidade estatal, a ampliación ou realización de novas obras de infraestrutura dun existente, que alteren significativamente a súa configuración, requirirá a previa aprobación dun plan director de infraestructuras do porto.

O proxecto de plan director de infraestructuras será elaborado pola autoridade portuaria e incluíra: a definición das necesidades de desenvolvemento dun porto durante un horizonte temporal de, alomenos, 10 anos; a determinación das distintas alternativas de desenvolvemento; a análise de cada unha delas e selección da máis óptima; estudos de impacto ambiental que procedan; previsión de desenvolvemento por fases; valoración e recursos; análise financeira e de rendibilidade, e análise de accesos terrestres.

A aprobación do plan director de infraestructuras que teña como obxecto a construción dun novo porto corresponderalle ó ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado.

2. Previa á súa aprobación e unha vez realizada polas autoridades portuarias a tramitación ambiental que corresponda, Portos do Estado elevaralla ó Ministerio de Medio Ambiente para a avaliación de impacto ambiental, cando proceda. Así mesmo, e logo da súa aprobación, darase audiencia á autoridade autonómica competente en materia de ordenación do territorio.

3. A execución das obras previstas nun plan director de infraestructuras requirirá, se é o caso, a modificación do plan de utilización dos espazos portuarios, de acordo co previsto no artigo 97 desta lei.

Artigo 39. Plan de empresa da autoridade portuaria.

1. O proxecto de plan de empresa será elaborado anualmente pola autoridade portuaria, de acordo cos obxectivos definidos, se é o caso, nos instrumentos de planificación plurianual que se deberán axustar á política económica do Goberno. O dito plan deberá conter, como mínimo: un diagnóstico de situación; as previsións de

tráfico portuario; as previsións económico-financeiras; os obxectivos de xestión; a estrutura de persoal e oferta de emprego; a evolución dos ratios de xestión; a programación financeira; a programación de investimentos públicos; a estimación de investimentos privados; o obxectivo anual de rendibilidade; o coeficiente correcto a que se refire o artigo 26 desta lei; a porcentaxe de facturación para efectos de determinación de bonificacións para potencia-la captación e consolidación de tráfico en cada porto previsto no artigo 27.3 e a porcentaxe a que fai referencia o artigo 29.5 para a determinación da cota da taxa por servizos xerais.

2. A programación de investimentos públicos incluírá os investimentos materiais, inmateriais e financeiros que teñan anualidade no ano a que se refire o plan de empresa ou no período asociado ó plan de actuación plurianual considerado, coa correspondente repartición de anualidades que requira o proxecto.

3. Deberanse realizar os correspondentes estudos de rendibilidade económico-financeira e, se é o caso, a avaliación de impacto ambiental, naquelas actuacións incluídas na programación de investimentos públicos que sexan relevantes, seguindo para iso os criterios establecidos na lexislación vixente e nas directrices que establece Portos do Estado.

CAPÍTULO II

Réxime orzamentario

Artigo 40. *Réxime xurídico.*

Portos do Estado e as autoridades portuarias rexeranse en materia orzamentaria polo disposto nesta lei e nas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lles resulten de aplicación.

Artigo 41. *Orzamentos e programas consolidados.*

1. Portos do Estado elaborará anualmente, de acordo co disposto nos artigos 87 e 88 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, os orzamentos de explotación e de capital e o Programa de actuación plurianual consolidados do sistema portuario de titularidade estatal que, unha vez aprobados polo Consello Rector de Portos do Estado, serán remitidos ó Ministerio de Fomento para a súa tramitación na forma establecida no artigo 89 do citado texto refundido e integración nos orzamentos xerais do Estado.

Os orzamentos e o programa de actuación consolidados do sistema portuario de titularidade estatal integrarán os orzamentos e programas individuais das autoridades portuarias e do ente público Portos do Estado, e deberanse suxeitar ás disposicións que, se é o caso, sexan de aplicación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, así como ós criterios e ás directrices da política orzamentaria do Goberno. Para esta consolidación respectarase integramente os plans de empresa aprobados para cada autoridade portuaria.

2. As variacións dos orzamentos de explotación e capital consolidados axustaranse ó previsto no artigo 90.2 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e tramitaranse por proposta de Portos do Estado.

Cando non concorran as previsións a que se refire o dito artigo, as modificacións do orzamento de explotación ou do orzamento de adquisicións de inmovilizado que incrementen as contías totais dos ditos orzamentos consolidados serán aprobadas polo ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado. Nos demais casos, a variación das dotacións orzamentarias será autorizada por Portos do Estado.

Artigo 42. *Orzamentos e programas individuais.*

1. As autoridades portuarias aprobarán cada ano os proxectos de orzamentos de explotación e capital e de programa de actuación plurianual individuais, que se axustarán ás previsións económico-financeiras e á programación financeira e de investimentos acordados con Portos do Estado no marco dos respectivos plans de empresa.

Na elaboración dos ditos proxectos as autoridades portuarias deberanse suxeitar ós obxectivos xerais que establece Portos do Estado. Os ditos proxectos serán remitidos a Portos do Estado para a súa aprobación con carácter previo e integración, xunto cos individuais de Portos do Estado, nos orzamentos e programas consolidados.

O Ministerio de Facenda establecerá a información complementaria que xunto ós ditos proxectos deberá ser tramitada á Dirección Xeral de Orzamentos.

2. Cando a nivel consolidado non concorran as previsións a que se refire o artigo 90.2 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, serán aprobadas polos consellos de Administración das autoridades portuarias ou polo Consello Rector de Portos do Estado, segundo corresponda, as modificacións internas dos orzamentos individuais de explotación ou capital que non incrementen as súas respectivas contías totais. Destas modificacións informarase a Portos do Estado.

Non obstante, cando as modificacións internas representen incremento dos gastos de persoal ou afecten a programación de investimentos, deberán ser aprobadas por Portos do Estado.

As modificacións dos orzamentos individuais dos organismos públicos portuarios por reasignacións de dotacións orzamentarias entre eles que non incrementen a contía total dos orzamentos consolidados, serán aprobadas por Portos do Estado.

CAPÍTULO III

Réxime contable

Artigo 43. *Réxime contable.*

1. Os organismos públicos portuarios axustarán a súa contabilidade ás disposicións do Código de comercio, ás do Plan Xeral de Contabilidade e ás demais que sexan de aplicación. A adaptación sectorial axustarase ó disposto regulamentariamente.

Para garanti-la necesaria homoxeneidade contable, no marco da normativa prevista no parágrafo anterior, Portos do Estado establecerá directrices relativas ós criterios valorativos, así como á estrutura e ás normas de elaboración das contas anuais, que deberán ser aplicados polas autoridades portuarias.

2. O exercicio social computarase por períodos anuais, comezando o día 1 do mes de xaneiro de cada ano.

3. As contas anuais, que comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria, deberanse formular no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico e serán aprobadas, segundo o caso, polos respectivos consellos de Administración das autoridades portuarias ou polo Consello Rector de Portos do Estado. A aprobación deberase producir antes de finaliza-lo primeiro semestre do seguinte ano.

Os resultados de cada exercicio, positivos ou negativos, aplicaranse ás correspondentes contas de beneficios ou perdas acumulados integrantes dos fondos propios da entidade, e destinaranse ó cumprimento das funcións previstas nesta lei para os ditos organismos.

4. Portos do Estado elaborará anualmente un balance, conta de perdas e ganancias e cadro de financia-

mento consolidados do sistema portuario de titularidade estatal, que se incluírán no informe relativo á execución da política portuaria que se eleve anualmente ás Cortes Xerais. O dito informe incorporará como anexo os mesmos datos de cada autoridade portuaria.

CAPÍTULO IV

Réxime de fiscalización e control

Artigo 44. *Réxime de fiscalización e control.*

1. O réxime de control das actividades económicas e financeiras dos organismos públicos portuarios exercerá, de conformidade co establecido nos artigos 17.3 e 20 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Tribunal de Contas, respectivamente.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado estarán sometidas á obriga de render contas das súas operacións ante o Tribunal de Contas, por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado. As ditas contas formaranse e renderanse de acordo cos principios e as normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade vixente para a empresa española e disposicións que o desenvolvan.

Serán contadantes os presidentes das autoridades portuarias e de Portos do Estado, sendo responsables da información contable e da rendición das contas, debidamente autorizadas, nos prazos fixados para o efecto.

3. Sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria e conforme o establecido no artigo 26.1.f) da Lei de Portos do Estado e da mariña mercante, o control de obxectivos a que se refire o artigo 17.2 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, será competencia de Portos do Estado respecto das autoridades portuarias, e da Intervención Xeral da Administración do Estado e do Ministerio de Fomento respecto de Portos do Estado.

4. Portos do Estado exercerá sobre o sistema portuario, a través dos correspondentes plans de control, a función de control interno co obxecto de analiza-la seguridade dos activos, a fiabilidade da información financeira e o cumprimento das leis e normas aplicables.

5. Os informes de control serán elevados polos presidentes das autoridades portuarias ós respectivos consellos de Administración, e polo de Portos do Estado ó Consello Rector, xunto coa proposta de medidas que, se é o caso, proceda adoptar. O presidente de Portos do Estado elevaralle ó Ministerio de Fomento tódolos informes de control realizados sobre os organismos públicos portuarios.

CAPÍTULO V

Réxime tributario

Artigo 45. *Réxime tributario.*

As autoridades portuarias e Portos do Estado quedan sometidas ó mesmo réxime tributario que lle corresponde ó Estado, sen prexuízo da aplicación ás ditas entidades do réxime de entidades parcialmente exentas no imposto sobre sociedades; para o seu efecto os ingresos pola prestación de servizos comerciais terán a consideración de ingresos procedentes de explotacións económicas.

O réxime tributario do dominio público portuario será o mesmo que o establecido para o dominio público marítimo-terrestre.

CAPÍTULO VI

Réxime patrimonial

Artigo 46. *Patrimonio propio dos organismos portuarios.*

Para o cumprimento dos fins que lles son propios, as autoridades portuarias e Portos do Estado terán un patrimonio propio, formado polo conxunto dos bens e dereitos que o Estado lles atribúa como propios, os que adquiran no futuro por calquera título ou lles sexan cedidos ou doados por calquera persoa ou entidade.

Artigo 47. *Adscrición e afectación de bens ós organismos públicos portuarios.*

1. Os bens patrimoniais do Estado que se adscriban ós organismos públicos portuarios e estean afectados ó seu servizo conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria, debendo utilizalos exclusivamente para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación ou adscrición.

Os organismos públicos portuarios poderán exercer en calquera momento respecto destes bens as facultades de administración, defensa, policía, investigación, deslindamento e recuperación posesoria que lle outorga á Administración do Estado a Lei de costas.

2. O cambio de afectación de bens de dominio público estatal a favor dos organismos públicos portuarios, así como a adscrición de novos bens patrimoniais, será efectuada singularmente polo Ministerio de Facenda, por proposta do Ministerio de Fomento, salvo cando estes novos bens procedan da execución polas ditas entidades de novas obras e instalacións ou sexan adquiridos no desenvolvemento das súas actividades, ou mediante a aprobación do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios de conformidade co previsto no artigo 96 desta lei.

Artigo 48. *Desafectación de bens de dominio público adscritos ás autoridades portuarias.*

1. Os bens de dominio público portuario que resulten innecesarios para o cumprimento de fins deste carácter poderán ser desafectados polo ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado, logo de declaración de innecesariedade polo Consello de Administración da autoridade portuaria e informe da Dirección Xeral de Costas sobre as características físicas dos ditos bens, para efectos da protección e defensa do dominio público marítimo-terrestre. Os bens desafectados incorporaranse ó patrimonio da autoridade portuaria, quen poderá proceder ó seu alleamento, permuta ou, se é o caso, cesión de balde logo de comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio. Cando o valor venal do ben, determinado mediante taxación independente, sexa superior a 3.000.000 de euros e non exceda de 18.000.000 de euros, o seu alleamento e as condicións deste deberán ser autorizadas, ademais, por Portos do Estado, e polo Goberno cando supere esta última cantidade.

Soamente se admitirá a cesión de balde dos bens desafectados a favor das administracións públicas e para fins de utilidade pública ou interese social. Se os bens cedidos non fosen destinados ó uso previsto, ou deixasen de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e reverterán aqueles á autoridade portuaria, tendo dereito a percibi-lo valor dos detrimentos ou deterioracións experimentados. A cesión deberá ser autorizada por Portos do Estado, logo de informe da Dirección Xeral de Patrimonio que terá carácter vinculante e se entenderá en sentido favorable se transcorre o prazo dun mes sen que sexa emitido de xeito expreso. Exceptúase o caso

de que o valor do ben exceda de 18.000.000 de euros; caso este en que deberá ser autorizada polo Goberno.

No caso de que os bens declarados innecesarios conserven as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre, dos definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, será declarada polo ministro de Fomento a súa incorporación automática ó uso propio do dominio público marítimo-terrestre regulado pola dita lei.

Sen embargo, cando se deban adoptar medidas ambientais correctoras sobre os referidos bens, estas acordaranse entre o Ministerio de Medio Ambiente e o Ministerio de Fomento, e incorporaranse á orde do ministro de Fomento. No caso de que as ditas medidas resulten necesarias como consecuencia dos efectos que producise a xestión portuaria sobre o dominio público desafectado, a incorporación dos ditos bens non se entenderá efectuada ata que a autoridade portuaria executase estas. Noutro caso a orde precisará a participación de cada departamento ministerial na execución destas medidas.

A orde do ministro de Fomento que acorde a desafectación levará consigo a rectificación da delimitación da zona de servizo do porto contida no Plan de Utilización dos Espacios Portuarios, e comunicáraselle ó Ministerio de Medio Ambiente para os efectos previstos no parágrafo anterior.

2. Os consellos de administración das autoridades portuarias e o Consello Rector de Portos do Estado, sen necesidade de expresa declaración de desafectación do servizo, poderán acorda-lo desmantelamento e, se é o caso, o alleamento de materiais inservibles e de instalacións non fixas, así como o alleamento de bens mobles de calquera natureza.

3. O produto obtido dos alleamentos destinarase ó financiamento das adquisicións de inmovilizado previstas no plan de investimentos.

Artigo 49. *Desafectación de bens de dominio público adscritos a Portos do Estado.*

1. Os bens de dominio público de Portos do Estado que non sexan precisos para o cumprimento dos seus fins serán desafectados polo ministro de Fomento, logo de declaración de innecesiedade polo Consello Rector de Portos do Estado, e incorporaranse ó patrimonio deste, quen poderá proceder ó seu alleamento, permuta ou, se é o caso, cesión gratuíta. Cando o valor venal do ben, determinado mediante taxación independente, sexa superior a 18.000.000 de euros, o seu alleamento e as condicións deste deberán ser autorizadas, ademais, polo Goberno por proposta do ministro de Fomento.

2. A cesión gratuíta rexerese polos mesmos orzamentos previstos no artigo anterior e deberá ser autorizada polo ministro de Fomento, logo de informe da Dirección Xeral de Patrimonio que terá carácter vinculante e entenderase en sentido favorable se transcorre o prazo dun mes sen que se emitise de xeito expreso. Exceptúase o caso de que o valor do ben exceda de 18.000.000 de euros, caso este no cal deberá ser autorizada polo Goberno.

Artigo 50. *Participación en sociedades e outras entidades.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias poderán participar unicamente en sociedades en que o obxecto estea ligado ó desenvolvemento de actividades portuarias, así como loxísticas, de transporte e tecnolóxicas que promovan a competitividade do porto e os tráxicos portuarios. En ningún caso poderán participar en sociedades que presten servizos portuarios básicos

ou en sociedades que teñan influencia efectiva naquelas, coa excepción prevista no artigo 60.4 desta lei.

A adquisición ou o alleamento de accións de sociedades en que participe Portos do Estado deberá ser autorizada polo seu Consello Rector cando estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria.

A adquisición ou alleamento de accións de sociedades en que participe a autoridade portuaria deberá ser autorizada polo seu Consello de Administración, logo de informe favorable de Portos do Estado cando o conxunto de compromisos contraídos na dita sociedade non supere o un por cento do activo fixo neto da autoridade portuaria e sempre que estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria. Cando o conxunto dos compromisos contraídos na dita sociedade poida supera-lo un por cento do activo fixo neto da autoridade portuaria, a adquisición requirirá previa autorización de Portos do Estado.

Cando a adquisición ou o alleamento de accións de sociedades implique a adquisición ou perda da posición maioritaria dalgún dos organismos ou do sistema portuario estatal, a autorización corresponderalle ó Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento.

2. Deberán ser aprobadas polo Consello Rector de Portos do Estado ou polo Consello de Administración da autoridade portuaria logo de informe favorable de Portos do Estado, as operacións de adquisición ou alleamento de accións de terceiras sociedades que realicen as sociedades participadas nas que Portos do Estado ou a autoridade portuaria, respectivamente, posúan individualmente ou de forma conxunta unha posición dominante.

Para os únicos efectos de determinación da existencia de posición dominante, haberá que aterse ó disposto pola normativa contable en relación cos grupos de sociedades e a formulación de contas anuais consolidadas.

3. A participación de Portos do Estado ou da súas sociedades dominadas en fundacións ou consorcios deberá ser aprobada polo Consello Rector.

A participación da autoridade portuaria ou da súas sociedades dominadas en fundacións ou consorcios deberá ser aprobada polo Consello de Administración, logo de informe favorable de Portos do Estado.

A creación de fundacións estatais e a adquisición da posición maioritaria polos organismos portuarios na dotación fundacional requirirá autorización do Consello de Ministros.

CAPÍTULO VII

Réxime dos recursos humanos

Artigo 51. *Réxime de persoal.*

1. O persoal dos organismos públicos portuarios quedará vinculado, con carácter xeral, á súa entidade respectiva por unha relación suxeita ás normas de dereito laboral que lle sexan de aplicación, sen prexuízo de que, para as actividades en que proceda, se poida axustar ás normas de dereito civil ou mercantil.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado deberán axustar a súa política de recursos humanos ós principios, criterios e disposicións da política económica e orzamentaria do Goberno en materia de persoal ó servizo do sector público estatal, así como ós criterios de actuación e obxectivos xerais establecidos no marco estratéxico.

As competencias de control en materia de persoal que lles correspondan ós ministerios de Facenda e de Administracións Públicas exerceranse de forma agregada para o sistema portuario, a través de Portos do Estado.

3. O réxime de incompatibilidades do persoal dos organismos públicos portuarios axustarase ó establecido con carácter xeral para o persoal dos organismos públicos.

Artigo 52. Retribucións do persoal.

1. As autoridades portuarias e Portos do Estado porán, para o conxunto do sistema portuario, os criterios xerais das retribucións dos directores e do persoal técnico non sometido a convenio, así como os criterios xerais que rexerán a negociación colectiva do persoal suxeito a convenio, de acordo co disposto nas correspondentes leis de orzamentos para o persoal do sector público estatal.

2. A masa salarial agregada anual será aprobada polos órganos competentes de acordo co que se establece nas leis orzamentarias para o persoal ó servizo do sector público estatal, incluíndo, se é o caso, as dotacións que se puidesen derivar da modificación do contido dos postos de traballo, as variacións nas estruturas de persoal dos organismos públicos portuarios, a modificación das condicións de traballo, así como do grao de consecución de obxectivos e a evolución das ratios de xestión do sistema, que tamén serán asignadas de forma agregada para todo o sistema.

3. As autoridades portuarias e Portos do Estado negociarán un convenio colectivo que regule as relacións laborais do persoal non directivo nin técnico do conxunto do sistema portuario. No ámbito de cada organismo público portuario negociarase un acordo de empresa, en materia de produtividade e outros aspectos específicos que lle sexan asignados polo convenio colectivo. Este acordo terá carácter normativo e a súa vixencia será, como máximo, a do convenio colectivo.

4. As masas salariais para cada organismo público portuario acordaranse, dentro do agregado do sistema, no correspondente plan de empresa, a través da aplicación do convenio colectivo, e a aprobación do acordo de empresa correspondente ó exercicio en curso, tomando en consideración, especialmente para os conceptos variables de rendemento e produtividade, a evolución das súas ratios de xestión, en particular, as correspondentes ó importe neto da cifra de negocios e os resultados do exercicio sobre cadro de persoal medio, así como á adopción de sistemas de xestión e administración da entidade que conduzan á consecución dos obxectivos fixados nos instrumentos de planificación e, en especial, a redución sustentable dos custos e a conseguinte mellora dos seus resultados de explotación.

Artigo 53. Estructura de persoal.

1. A estrutura de persoal dos organismos públicos portuarios responderá ós criterios de actuación, ós obxectivos xerais de xestión e ás necesidades de recursos humanos do conxunto do sistema portuario fixados no marco estratéxico.

2. A estrutura de persoal agregada do sistema portuario e a súa evolución plurianual será aprobada polos órganos competentes dos ministerios de Facenda e de Administracións Públicas, e será obxecto, se é o caso, de revisión anual unha vez que conclúa o proceso de elaboración dos plans de empresa e con carácter previo á súa aprobación.

3. As estruturas de persoal das autoridades portuarias serán acordadas no plan de empresa.

4. A oferta anual de emprego que se fixe de acordo coa normativa orzamentaria distribuirase para cada unha das autoridades portuarias segundo o acordado nos plans de empresa, tendo en conta o programa plurianual de dotación das estruturas dos organismos públicos portuarios, elaborados co mesmo horizonte temporal dos plans de empresa.

5. Correspóndelle a Portos do Estado a coordinación da política de contratación temporal no conxunto do sistema portuario, no marco da normativa do emprego público e de conformidade co acordado nos plans de empresa.

Artigo 54. Selección de persoal.

A selección do persoal realizarase de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade e mediante convocatoria pública. Esta última non será de aplicación para o persoal directivo e de confianza. Portos do Estado elaborará directrices e procedementos en materia de selección do persoal que garantan os ditos principios, incluíndo os requisitos de titulación esixible para o persoal excluído de convenio.

Artigo 55. Funcións dos organismos públicos portuarios.

Correspóndenlles ó Consello Rector de Portos do Estado e ó Consello de Administración das autoridades portuarias, nos termos previstos nesta lei, as seguintes facultades en relación co persoal do organismo:

- a) Aprobar, por iniciativa do presidente, a organización da entidade e as súas modificacións.
- b) Nomear e separalo persoal directivo da entidade e aprobalo seu réxime retributivo, por proposta do presidente.
- c) Defini-las necesidades do persoal da entidade, así como as súas modificacións, aprobalo seu réxime retributivo, contratar este e cantos actos sexan necesarios para este fin.

TÍTULO III**A prestación de servizos****CAPÍTULO I****Dos servizos****Artigo 56. Servizos prestados nos portos de interese xeral.**

1. A actividade portuaria desenvolverase nun marco de libre e leal competencia entre os operadores de servizos nos portos de interese xeral, co fin de fomentar o incremento dos tráxicos portuarios e a mellora da competitividade.

2. Recoñécese a liberdade de acceso á prestación de servizos e ó desenvolvemento de actividades económicas nos portos de interese xeral, nos termos establecidos nesta lei.

3. As autoridades portuarias favorecerán a libre competencia no ámbito dos portos que xestionan e adoptarán as medidas necesarias para iso, conforme o disposto nesta lei.

Portos do Estado promoverá a competencia no sistema portuario, podendo adoptar as medidas de regulación, ordenación e control que para tal fin sexan necesarias, conforme o disposto nesta lei e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos.

4. De acordo co previsto nesta lei, a prestación de servizos nos portos de interese xeral será realizada polas autoridades portuarias nos casos en que proceda e polos particulares que teñan a correspondente licenza ou autorización, segundo corresponda.

Os servizos clasifícanse en:

- a) Servizos portuarios, que poderán ser xerais ou básicos.
- b) Servizos comerciais e outras actividades.
- c) Servizo de sinalización marítima.

CAPÍTULO II**Dos servizos portuarios****SECCIÓN 1.^a CONCEPTO E CLASES DE SERVICIOS PORTUARIOS****Artigo 57. Concepto e clases de servizos portuarios.**

1. Son servizos portuarios as actividades de prestación de interese xeral que se desenvolven na zona

de servizo dos portos, sendo necesarias para a correcta explotación destes en condicións de seguridade, eficacia, eficiencia, calidade, regularidade, continuidade e non discriminación.

2. Os servizos portuarios clasifícanse en servizos xerais do porto, a prestación dos cales se reserva á autoridade portuaria, e servizos básicos, que se prestan en réxime de competencia, sen prexuízo do previsto nesta lei para o servizo de practicaxe.

SECCIÓN 2.^a OS SERVIZOS PORTUARIOS XERAIS

Artigo 58. *Concepto e clases de servizos xerais.*

1. Son servizos xerais do porto aqueles servizos comúns de titularidade da autoridade portuaria dos que se benefician os usuarios do porto sen necesidade de solicitude.

2. As autoridades portuarias prestarán na zona de servizo do porto os seguintes servizos xerais:

a) O servizo de ordenación, coordinación e control do tráfico portuario, tanto marítimo coma terrestre.

b) O servizo de coordinación e control das operacións asociadas ós servizos portuarios básicos, comerciais e outras actividades.

c) Os servizos de sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que sirvan de aproximación e acceso do buque ó porto, así como o seu balizamento interior.

A instalación e o mantemento do balizamento das instalacións outorgadas en concesión ou autorización, incluídas as destinadas a cultivos mariños e emisarios submarinos, serán realizados polo titular destas ou o responsable da actividade e pola súa conta, de acordo co proxecto de execución aprobado pola autoridade portuaria.

d) Os servizos de vixilancia, seguridade e policía nas zonas comúns, sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outras administracións.

e) O servizo de iluminación das zonas comúns.

f) O servizo de limpeza das zonas comúns de terra e de auga. Non se inclúen neste servizo a limpeza de peiraos e explanadas como consecuencia das operacións de depósito e manipulación de mercadorías, nin a dos derramos e verteduras mariñas contaminantes competencia da Administración marítima.

g) Os servizos de prevención e control de emerxencias, nos termos establecidos pola normativa sobre protección civil, mercadorías perigosas e demais normativa aplicable, en colaboración coas administracións competentes sobre protección civil, prevención e extinción de incendios, salvamento e loita contra a contaminación.

Artigo 59. *Prestación de servizos xerais.*

1. Os servizos xerais serán xestionados pola autoridade portuaria.

2. Estes servizos serán prestados, de acordo coas normas e criterios técnicos previstos no Regulamento de explotación e policía e nas ordenanzas do porto, por persoal da autoridade portuaria, sen prexuízo de que se poidan encomendar a terceiros en determinados casos cando non se poña en risco a seguridade ou non impliquen exercicio de autoridade.

SECCIÓN 3.^a OS SERVIZOS PORTUARIOS BÁSICOS

Artigo 60. *Concepto e clases de servizos básicos.*

1. Son servizos básicos aquelas actividades comerciais que permiten a realización das operacións de tráfico portuario.

2. Os servizos básicos son os seguintes:

a) Servizo de practicaxe.

b) Servizos técnico-náuticos:

1.º Remolque portuario.

2.º Amarre e desamarre de buques.

c) Servizos á pasaxe:

1.º Embarque e desembarque de pasaxeiros.

2.º Carga e descarga de equipaxes e vehículos en réxime de pasaxe.

d) Servizos de manipulación e transporte de mercadorías:

1.º Carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo de mercadorías.

2.º Depósito.

3.º Transporte horizontal.

Para os efectos desta lei, estes servizos só terán a condición de servizos básicos cando estean asociados directamente ás operacións de carga e descarga de buques ou ás operacións directamente vinculadas ó intercambio entre medios de transporte ou ó tránsito marítimo, sempre que se desenvolvan nos buques, ou integramente nas zonas que, de acordo co Plan de Utilización de Espacios Portuarios, se encontren destinadas ós usos comerciais a que se refire o artigo 94.1.a) desta lei de conformidade co previsto no artigo 85.1.1.4 desta, así como naqueloutras ás que se refire o Real decreto lei 2/1986.

e) Servizos de recepción de refugallo xerados por buques:

1.º Recepción de refugallo sólidos.

2.º Recepción de refugallo líquidos.

O ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado, poderá ampliar a anterior relación con outros servizos a prestación dos cales se considere necesario garantir pola súa especial relevancia para a seguridade, continuidade e competitividade das operacións portuarias.

3. Estes servizos básicos estarán suxeitos ás obrigas de servizo público previstas nesta lei, que se desenvolverán nos correspondentes pregos reguladores dos servizos, coa finalidade de garanti-la súa prestación en condicións de seguridade, continuidade e regularidade, cobertura, calidade e prezo razoables, así como respecto ó ambiente.

4. As autoridades portuarias deberán adoptar as medidas precisas para garantir unha adecuada cobertura das necesidades de servizos básicos no porto.

Para tal fin, cando o requiran as circunstancias, por ausencia ou insuficiencia de iniciativa privada, as autoridades portuarias poderán asumir a prestación do servizo, directa ou indirectamente por calquera procedemento recoñecido nas leis, ou concorrer á prestación deste coa iniciativa privada. As autoridades portuarias prestarán o servizo de acordo coas condicións dos pregos reguladores do servizo e por un prazo limitado, non superior a cinco anos, salvo que subsistan as circunstancias que motivasen a asunción da prestación, debendo existir en contraprestación as correspondentes tarifas de acordo co previsto no artigo 76.1.h) desta lei, que se someterán ó mesmo réxime xurídico cós prezos privados por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.

5. A autoridade portuaria autorizará, cando proceda, a autoprestación e a integración de servizos, nos termos e coas condicións previstas na sección 4.^a deste título.

6. A autoridade portuaria, en caso de non pagamento do servizo, poderalles autorizar ós prestadores a suspensión temporal do servizo, ata que se efectúe o pagamento ou se garanta suficientemente a débeda que xerou a suspensión.

Artigo 61. *Obrigas de servizo público.*

1. Son obrigas de servizo público, de necesaria aceptación por tódolos prestadores de servizos básicos nos termos en que se concreten nos seus respectivos títulos habilitantes, as seguintes:

a) Mante-la continuidade e regularidade dos servizos en función das características da demanda, salvo causa de forza maior, facendo fronte ás circunstancias adversas que se poidan producir coas medidas esixibles a un empresario dilixente.

Para garanti-la continuidade na prestación do servizo, as autoridades portuarias poderán establecer servizos mínimos de carácter obrigatorio.

b) Cooperar coa autoridade portuaria e a Administración marítima e, se é o caso, con outros prestadores do servizo, en labores de salvamento, extinción de incendios e loita contra a contaminación, cando sexan necesarios, así como na prevención e control de emerxencias. Así mesmo, informar daquelas incidencias que poidan afectar calquera destas materias ou a seguridade marítima en xeral.

c) Someterse á potestade tarifaria, cando proceda, nas condicións establecidas nas prescricións particulares polas que se rexe o título habilitante.

d) Colaborar na formación práctica na prestación do servizo, no ámbito do porto no que desenvolve a súa actividade.

2. Os pregos reguladores concretarán as obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, de acordo co previsto nesta lei ou en calquera outra norma que sexa de aplicación, facéndoo acordos coa iniciativa empresarial e a competencia entre servizos e as necesidades particulares dos servizos prestados en cada porto.

3. As obrigas de servizo público aplicaranse de forma que os seus efectos sexan neutrais en relación coa competencia entre prestadores dos servizos básicos.

Artigo 62. *Utilización dos servizos básicos.*

1. Os servizos básicos prestaranos, por solicitude dos usuarios, as empresas autorizadas.

Non obstante, a utilización do servizo de practicaxe será obligatoria cando así o determine a Administración marítima conforme o previsto na normativa aplicable. Ademais, o Regulamento de explotación e policía deberá establecer, por razóns de seguridade marítima, o uso obrigatorio doutros servizos técnico-náuticos en función das condicións e características das infraestruturas portuarias, do tamaño e tipo de buque e da natureza da carga transportada, así como das condicións océano-meteorolóxicas.

Así mesmo, o servizo de recepción de refugallos xerados por buques será de uso obrigatorio, salvo nos supostos previstos na normativa aplicable.

2. As ordenanzas portuarias aprobadas polas autoridades portuarias deberán establecer, por razóns de operatividade e de seguridade, normas complementarias e condicións específicas de utilización dos servizos básicos, así como o ámbito xeográfico a que se estendan.

3. Cando a utilización do servizo non sexa obligatoria, as autoridades portuarias poderán impo-lo uso dos servizos técnico-náuticos se por circunstancias extraor-

dinarias consideran que está en risco o funcionamento, a operatividade ou a seguridade do porto. Pola súa vez, nas ditas circunstancias e por razóns de seguridade marítima, a Capitanía Marítima poderá declara-la obrigatoriedade dos ditos servizos.

Artigo 63. *Títulos administrativos habilitantes para a prestación de servizos básicos.*

1. A prestación de servizos básicos requirirá a obtención da correspondente licenzia da autoridade portuaria.

2. As licenzias poderán ser de carácter xeral ou específico. As licenzias de carácter xeral habilitarán para a prestación do conxunto dos servizos incluídos en cada unha das alíneas c), d) ou e) do artigo 60.2, e as de carácter específico outorgaranse para cada un dos servizos relacionados naquelas.

As licenzias dos servizos de practicaxe e técnico-náuticos serán sempre de carácter específico.

Así mesmo, as licenzias para a prestación de servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías poderanse outorgar por tipo de tráfico ou de carga.

3. Agás cando estea limitado o número de prestadores, a licenzia outorgarase con carácter regrado, logo de acreditación do cumprimento polo solicitante das condicións e dos requisitos previstos nesta lei, no prego regulador e nas prescricións particulares do servizo.

Artigo 64. *Réxime de acceso á prestación de servizos básicos*

1. Poderán ser titulares de licenzias as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que teñan plena capacidade de obrar; non estean incurso en causa de incompatibilidade e acrediten, nos termos previstos no prego regulador do servizo, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo, que se determine no prego regulador de cada servizo.

b) Estar ó corrente do cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente.

Considerarase que as empresas se encontran ó corrente das obrigas de carácter fiscal, cando concorran as circunstancias previstas no punto 1 do artigo 13 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. A acreditación do cumprimento das ditas circunstancias efectuarase de conformidade co regulado no punto 2 do dito artigo.

c) Cumprimento das condicións específicas necesarias para a adecuada prestación do servizo, de acordo co previsto nesta lei e demais normativa aplicable.

2. As condicións de acceso á prestación que se fixen nos pregos deberán ser transparentes, non discriminatorias, obxectivas, adecuadas e proporcionadas, e deberán garanti-los seguintes obxectivos:

a) A adecuada prestación do servizo de acordo cos requisitos técnicos, ambientais, de seguridade e calidade que se establezan.

b) O desenvolvemento da planificación portuaria.

c) O comportamento competitivo dos operadores do servizo.

d) A protección dos usuarios.

e) A protección dos intereses da autoridade portuaria e da seguridade pública.

3. Entre os requisitos técnicos para a prestación do servizo inclúranse medios humanos e materiais suficientes que, permitindo desenvólvelas operacións unitarias habituais, tanto as máis simples coma as máis complexas, en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda, non impidan a competencia entre operadores.

4. A prestación de servizos básicos rexeráse polo sistema de libre concorrencia, agás o establecido no punto seguinte.

5. A autoridade portuaria, de oficio, poderá limitar en cada porto que xestione o número de prestadores de cada servizo por razóns obxectivas derivadas da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións, da seguridade ou de normas ambientais. Nos servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías, as anteriores limitacións poderanse aplicar por tipo de tráfico ou carga.

O acordo de limitación, que incluírá a determinación do número de prestadores, será adoptada polo Consello de Administración da autoridade portuaria, logo de consulta ó Comité de Servizos Portuarios Básicos e informe de Portos do Estado, e poderá afectar toda a zona de servizo do porto ou unha parte desta. A determinación do número de prestadores deberase realizar considerando o maior número posible de prestadores que permitan as circunstancias. O acordo de limitación publicárase no «Boletín Oficial del Estado».

Cando a causa da limitación sexa a seguridade marítima, Portos do Estado solicitará informe da Dirección Xeral da Mariña Mercante, que terá carácter vinculante e que se entenderá en sentido favorable de transcorrello prazo de 15 días sen que sexa emitido de forma expresa.

Estas licencias outórganse por concurso de acordo co establecido no artigo 67.3 desta lei. Nestes casos as prescricións técnicas do servizo fixarán un prazo de vixencia máis breve que o que correspondería se se prestase o servizo en réxime de libre concorrencia.

Na medida en que se alteren as causas que a motivaron, a dita limitación será revisable total ou parcialmente pola autoridade portuaria, logo de consulta ó Comité de Servizos Portuarios Básicos e informe de Portos do Estado, quen solicitará informe vinculante á Dirección Xeral da Mariña Mercante cando a causa da limitación fose a seguridade marítima, que se entenderá en sentido favorable se transcorrello prazo de 15 días sen que sexa emitido de forma expresa. Así mesmo, solicitarase informe da autoridade ambiental competente cando a causa da limitación derive de normas ambientais.

Cando a autoridade portuaria sexa prestadora do mesmo servizo ou servizos ou dun servizo ou servizos similares ó obxecto de limitación, ou exerza un control directo ou indirecto sobre o prestador do mesmo servizo ou servizos ou dun servizo ou servizos similares nese porto, o acordo de limitación ou a súa revisión será adoptado polo Consello Rector de Portos do Estado.

Non obstante, aínda que o número de prestadores estea limitado, o titular dunha concesión demanial, o obxecto da cal sexa a prestación de servizos á pasaxe ou de manipulación e transporte de mercadorías, terá dereito á obtención dunha das licencias para a prestación do dito servizo, sempre que cumpra as condicións esixidas para iso, que estarán restrinxidas ó ámbito do dominio público en concesión.

6. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, debido á singularidade e especial incidencia do servizo de practicaxe na seguridade marítima, o número de prestadores quedará limitado a un único prestador en cada

área portuaria. Para estes efectos, enténdese como área portuaria aquela que sexa susceptible de explotación totalmente independente incluíndo a súa accesibilidade marítima e, por tanto, que os límites xeográficos de prestación do servizo de practicaxe correspondentes a cada unha das ditas áreas sexan totalmente independentes.

A Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá requirir, por razóns de seguridade marítima, a declaración da limitación do número de prestadores nos demais servizos técnico-náuticos.

7. No Plan de Utilización dos Espazos Portuarios previsto nesta lei poderase determina-lo tipo de actividades comerciais e de servizos portuarios que se poidan realizar na totalidade da zona de servizo do porto ou en parte desta, en particular o tipo de tráfico e as categorías de carga que se poderán manipular no porto e a asignación de espazo ou capacidade de infraestrutura a tales actividades, sen que iso constitúa limitación do número de prestadores do servizo.

Co obxecto de favorecer as medidas encamiñadas a promover a competencia na prestación de servizos portuarios, para os tipos de tráfico e categoría de cargas que se poidan manipular nun porto, no plan de utilización asignarase espazo ou capacidade de infraestrutura para que poidan operar prestadores de servizos portuarios que non dispoñan de concesión ou autorización.

Artigo 65. Pregos reguladores e prescricións particulares dos servizos básicos.

1. Portos do Estado aprobará para o conxunto dos portos de interese xeral os pregos reguladores de cada servizo, logo de audiencia das organizacións e asociacións máis representativas recoñecidas pola lei, os fins das cales garden relación directa co obxecto do correspondente prego e informe das autoridades portuarias e dos servizos xurídicos de Portos do Estado. Os ditos pregos establecerán as condicións xerais de acceso, de acordo co previsto no artigo anterior, as obrigas de servizo público a cargo dos prestadores e criterios de cuantificación dos custos destas, os criterios xerais para a consideración dun investimento como significativo, así como o estatuto xurídico dos dereitos e deberes que se incorporarán ás licencias, de acordo co disposto nesta lei e nas disposicións que, se é o caso, a desenvolvan. A Dirección Xeral da Mariña Mercante emitirá informe con carácter vinculante sobre os pregos reguladores dos servizos técnico-náuticos, no que se refire á seguridade marítima, no prazo de 15 días desde a recepción da documentación, entendéndose emitido en sentido favorable se transcorrese o dito prazo sen que se dictase de xeito expreso.

2. As autoridades portuarias elaborarán, oído o Comité de Servizos Portuarios Básicos, as prescricións particulares de cada servizo que, con carácter previo á súa aprobación ou modificación polo Consello de Administración, deberán ser sometidas a informe de Portos do Estado en canto a aquelas inscricións que especifiquen ou desenvolvan o previsto nos pregos xerais. Estas prescricións deberanse axustar ó prego regulador do servizo e poderanse aprobar para diferentes zonas dun porto, para toda a súa zona de servizo ou, se é o caso, para máis dun porto xestionado pola mesma autoridade portuaria.

Nos servizos de practicaxe, técnico-náuticos, Portos do Estado conseguirá informe vinculante da Dirección Xeral da Mariña Mercante no que se refire á seguridade marítima, que deberá ser emitido no prazo de 15 días, entendéndose en sentido favorable se transcorrese o dito prazo sen que se dictase de xeito expreso.

A autoridade portuaria poderá modifica-las prescricións particulares do servizo cando existan desaxustes

entre as características da oferta e as necesidades da demanda que afecten a correcta prestación do servizo.

3. Os pregos reguladores do servizo deberán ser publicados no "Boletín Oficial del Estado". Os acordos de aprobación e modificación das prescricións particulares deberán ser anunciados no dito boletín oficial e publicados polas autoridades portuarias en formato físico e electrónico do modo que regulamentariamente se determine.

4. As prescricións particulares do servizo incluírán, entre outras:

- a) Requisitos de capacidade.
- b) Requisitos de solvencia económica, financeira, técnica e profesional adecuados a cada servizo.
- c) Cobertura universal, con obriga de atender toda demanda razoable en condicións non discriminatorias.
- d) Ámbito xeográfico ó que se estende a prestación do servizo.
- e) Obrigas de servizo público para que o servizo se preste en condicións de regularidade e continuidade.
- f) Obrigas de servizo público relacionadas coa colaboración na formación práctica local.
- g) Obrigas de servizo público relacionadas coa seguridade do porto, salvamento e loita contra a contaminación.
- h) Obrigas de protección do ambiente, se procede.
- i) Cuantificación das cargas anuais das obrigas de servizo público, criterios de revisión da dita cuantificación, así como criterios de distribución obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios das ditas obrigas entre os prestadores do servizo, entre os que se tomará en consideración a cota de mercado de cada un deles.
- j) Medios materiais mínimos e as súas características.
- k) Medios humanos mínimos e a súa cualificación.
- l) Niveis de rendemento mínimo e de calidade do servizo.
- m) Estructura tarifaria, tarifas máximas e criterios de revisión en función do volume global da demanda, estrutura de custos e outras circunstancias acordadas coas características do servizo, cando proceda, así como as tarifas que poidan percibir cando interveñan en servizos de emerxencias, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación.
- n) Obrigas de lle achegar á autoridade portuaria a información que precise para o funcionamento do servizo e lle sexa requirida por esta para o debido cumprimento da súas funcións.
- ñ) Determinación do investimento significativo.
- o) Prazo de vixencia da licenzia.
- p) Garantías que aseguren o cumprimento das obrigas e responsabilidades.
- q) Taxas portuarias que procedan conforme esta lei.
- r) Causas de extinción, entre as que deberán figurar as relativas ó incumprimento das obrigas de servizo público, das esixencias de seguridade para a prestación do servizo e das obrigas de protección do ambiente que procedan.

Artigo 66. *Prazo da licenzia.*

1. O prazo máximo da licenzia para a prestación de servizos portuarios básicos será o seguinte:

- a) Servizo de practicaxe: 10 anos.
- b) Servizos técnico-náuticos:
 - b.1) Amarre e desamarre: oito anos.
 - b.2) Remolque portuario: 13 anos.
- c) Servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías:
 - c.1) Sen investimento significativo: oito anos.

c.2) Con investimento significativo en equipos e material móbil:

- 1.º Cando o servizo requira a ocupación privativa de dominio público portuario: 15 anos.
- 2.º Noutro caso: 10 anos.

c.3) Con investimento significativo en obras e instalacións fixas non incluídas no punto seguinte: 30 anos.

c.4) Con investimento significativo en infraestruturas portuarias de abrigo, de accesos marítimos, de peiraos e de recheo para xeración de grandes superficies: 35 anos.

d) Servizo de recepción de refugallos xerados por buques:

- d.1) Sen investimento significativo: oito anos.
- d.2) Con investimento significativo: 12 anos.

2. O prazo de vixencia da licenzia non será renovable cando se limitase o número de prestadores de servizos, salvo o das licenzias relativas ós servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías que se presten sobre dominio público portuario outorgado en concesión ó titular daquela, que poderá ser anovado mentres se encontre vixente a dita concesión.

Cando non exista limitación do número de prestadores, as licenzias serán anovadas polo prazo que corresponda, logo de acreditación polo titular do cumprimento dos requisitos previstos na lei, no prego regulador e nas prescricións particulares do servizo que se encontren en vigor. A solicitude de anovamento deberase presentar no semestre anterior á expiración do prazo da licenzia. Transcorrido o prazo de tres meses desde a solicitude sen que se notifique resolución expresa, entenderase outorgado o anovamento.

Artigo 67. *Procedemento de outorgamento de licenzias.*

1. As licenzias para a prestación de servizos portuarios básicos poderanse solicitar en calquera momento á autoridade portuaria correspondente, salvo que fose limitado o número de prestadores; neste caso outorgaranse por concurso de acordo co previsto no punto 3 deste artigo.

O prazo máximo para notificar resolución expresa sobre as solicitudes de licenzia será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, entenderase estimada a solicitude, salvo que se opoña ó establecido no prego regulador ou nas prescricións particulares do servizo.

2. Cando non estea limitado o número de prestadores do servizo e o conxunto deles non puidese atender, ó xuízo da autoridade portuaria, a cobertura total da demanda nas condicións fixadas nas prescricións particulares do servizo, a autoridade portuaria prestará o servizo en concorrencia para garanti-la cobertura total da demanda, de conformidade co previsto no artigo 60.4 desta lei.

3. Cando o acceso á prestación dos servizos básicos fose limitado de conformidade co previsto nos puntos 5 e 6 do artigo 64 desta lei, as licenzias outorgaranse mediante concurso.

As autoridades portuarias elaborarán e aprobarán, logo de informe de Portos do Estado, o prego de bases de cada concurso, que conterá, polo menos, a determinación do número de licenzias que se van outorgar, os requisitos para participar neste, a información que vai ser facilitada polo solicitante e os criterios de adxudicación, que deberán ser obxectivos e non discriminatorios.

O prazo para a presentación das ofertas non poderá ser inferior a 52 días desde a publicación da convocatoria do concurso.

Se as ofertas presentadas non garantisen, ó xuízo da autoridade portuaria, a cobertura total da demanda

nas condicións fixadas nas prescricións particulares, a autoridade portuaria poderá establecer condicións adicionais de prestación do servizo, con criterios de proporcionalidade e non discriminación, co obxecto de acadar a dita cobertura.

4. Cando se solicite licenzia para a prestación do servizo ligada ó uso privativo dunha determinada superficie do porto, a adxudicación da licenzia estará vinculada ó outorgamento do correspondente título administrativo; neste caso o prazo máximo para notificar a resolución expresa de ámbalas dúas solicitudes será de oito meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

Así mesmo, cando se solicite licenzia para a prestación do servizo nunha superficie outorgada xa en concesión, a adxudicación da licenzia estará vinculada á existencia dun contrato entre o solicitante e o titular da concesión. O prazo máximo para notificar a resolución expresa da solicitude será o previsto no punto 1 deste artigo.

5. A convocatoria do concurso, así como os acordos de outorgamento e de anovamento das licenzias de prestación dos servizos, deberán ser publicados no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 68. *Contido das licenzias.*

1. As licenzias deberán incluír, alomenos:
 - a) Identificación da persoa física ou xurídica titular da licenzia e a sede da empresa.
 - b) Clase de licenzia outorgada, xeral ou específica, e obxecto desta.
 - c) Ámbito xeográfico ó que se estende a prestación do servizo.
 - d) Obrigas de servizo público que procedan.
 - e) Medios materiais e as súas características.
 - f) Medios humanos e a súa cualificación.
 - g) Requisitos de seguridade para a prestación do servizo.
 - h) Obrigas de protección do ambiente, se procede.
 - i) Niveis de rendemento e de calidade do servizo.
 - j) Estructura tarifaria, tarifas máximas e criterios de revisión, se procede.
 - k) Prazo de vixencia.
 - l) Garantías.
 - m) Taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.
 - n) Compensación económica, se procede.

2. As licenzias para a prestación de servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías que estean restrinxidas ó ámbito xeográfico dunha estación marítima ou terminal dedicada a uso particular non incluírán as cláusulas referidas a cobertura universal, estrutura tarifaria e tarifas máximas, niveis de rendemento e obrigas de servizo público relativas a continuidade e regularidade en función da demanda do porto, podendo se-lo titular da licenzia titular da autorización ou concesión, ou recaer estas últimas noutra persoa. Os medios humanos e materiais deberán se-los adecuados para atender-lo volume e características dos tráxicos que poida operar nas condicións de seguridade e calidade esixidas, así como de continuidade e regularidade que esixan os seus propios tráxicos.

Os ditos medios quedarán adscritos ó servizo deses tráxicos, sen prexuízo das obrigas de servizo público que sexan pertinentes. Nas terminais dedicadas a usos particulares, os medios humanos establecidos na licenzia para a prestación do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías terán as limitacións establecidas no punto 2 da disposición adicional

sétima e o réxime legal previsto no punto 1 da disposición adicional sétima.

3. Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por estación marítima dedicada a uso particular aquela outorgada en concesión ou autorización, non aberta ó tráfico comercial xeral, en que se presten servizos á pasaxe transportada en buques explotados exclusivamente polas empresas navais do titular ou do seu grupo empresarial autorizadas no dito título.

Enténdese por terminal dedicada a uso particular aquela outorgada en concesión ou autorización, non aberta ó tráfico comercial xeral, en que se manipulen mercadorías do titular desta, ou dos seus accionistas ou partícipes, con influencia efectiva na xestión ou control da terminal ou do grupo de empresas ó que pertenza, ou se operen buques explotados exclusivamente polas empresas navais do titular ou do seu grupo empresarial autorizadas no dito título.

Así mesmo, terá a consideración de terminal dedicada a uso particular aquela outorgada en concesión ó titular dunha planta de transformación ou instalación industrial ou a unha empresa do seu mesmo grupo empresarial, non aberta ó tráfico comercial xeral, en que se manipulen mercadorías directa e exclusivamente vinculadas coa referida planta ou instalación de procesamento industrial, e que estea expresamente identificada no título concesional. As mencionadas terminais deberán dispor de atraca outorgada en concesión ou autorización, e a planta ou instalación estar situada no interior da zona de servizo do porto, ou ben conectada cos espazos concesionados mediante instalacións de transporte fixas, específicas e exclusivas, isto é, tubaxe, cinta ou infraestructuras ferroviarias de utilización exclusiva de orixe a destino.

Nos títulos concesionais deberase recoller expresamente a condición de estación marítima ou terminal dedicada a uso particular.

Para os efectos previstos neste artigo considerárase que existe grupo empresarial nos supostos ós que se refire o artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 69. *Rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos.*

1. Créase en cada autoridade portuaria un rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos nos portos que xestiona, que terá carácter público e se dividirá en tantas seccións como servizos básicos se relacionan no artigo 60.2 desta lei. Neste rexistro inscribíranse os prestadores de servizos autorizados. A inscrición será practicada de oficio pola autoridade portuaria trala notificación do título habilitante.

2. Créase en Portos do Estado o rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos, que terá carácter público e se dividirá por seccións, unha por cada servizo básico que se preste. Neste rexistro inscribíranse tódolos prestadores de servizos básicos. A dita inscrición practícarase de oficio Portos do Estado, debendo cada autoridade portuaria subministrarlle información sobre as licenzias outorgadas.

3. O rexistro xeral e os rexistros de cada autoridade portuaria de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos regularanse por orde do Ministerio de Fomento. Estes rexistros deberán conte-los datos necesarios para que Portos do Estado e as autoridades portuarias poidan exercer-las funcións de regulación e control que teñan atribuídas.

Artigo 70. *Modificación das licenzias.*

1. De acordo cos principios de obxectividade e proporcionalidade, a autoridade portuaria poderá modificar-las condicións impostas ós titulares de licenzias, logo de audiencia dos interesados, cando fosen modificados os pregos reguladores ou as prescricións particulares

do servizo. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ó nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que tivese lugar a adaptación, as licencias quedarán sen efecto.

2. A autoridade portuaria poderá aprobar, por solicitude do prestador do servizo e nas condicións previstas nas prescricións particulares do servizo, a modificación dos medios humanos e materiais fixados na licenza. Non se poderán aprobar modificacións por debaixo do límite mínimo establecido nas prescricións particulares do servizo.

Artigo 71. *Transmisión das licencias.*

1. As licencias poderanse transmitir a persoas distintas daquelas ás que foron orixinariamente outorgadas cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:

a) Que a transmisión se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados no artigo 64.1.

b) Que os transmitentes e os adquirentes cumpran os requisitos específicos establecidos nos pregos reguladores e nas prescricións particulares do servizo en relación coa posibilidade de transmisión da licenza.

c) Que se cumpran os requisitos previstos no artigo 117.3 cando a licenza se transmita xunto coa concesión do dominio público en que se desenvolve a actividade.

2. A transmisión estará en todo caso subordinada á previa conformidade da autoridade portuaria e, se é o caso, á preceptiva autorización das autoridades de competencia de acordo co previsto nos artigos 14 e seguintes da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, tendo, respecto dos contratos de traballo do persoal do titular da licenza, os efectos previstos na lexislación laboral.

Artigo 72. *Causas de extinción.*

1. As licencias poderanse extinguir por algunha das seguintes causas:

a) Por transcurso do prazo previsto na licenza.

b) Revogación por perda ou incumprimento dos requisitos previstos no artigo 64.1, das condicións establecidas no título habilitante ou pola non adaptación ós pregos reguladores ou prescricións particulares, de acordo co previsto no artigo 70.1 desta lei.

c) Revogación cando, como consecuencia da declaración de limitación do número de prestadores, o número de licencias en vigor supere o da limitación, sen prexuízo da indemnización que corresponda. Regulamentariamente establecerase o procedemento que se vai seguir para a revogación das licencias.

d) Por extinción da concesión ou autorización ou rescisión do contrato a que se refire o artigo 67.4 desta lei.

e) Polas demais causas previstas no prego regulador e nas prescricións particulares do servizo.

2. Correspóndelle ó Consello de Administración da autoridade portuaria acorda-la extinción das licencias, logo de audiencia ó interesado, salvo no suposto previsto na alínea a) do punto anterior, en que a extinción se producirá de xeito automático.

SECCIÓN 4.^a AUTOPRESTACIÓN E INTEGRACIÓN DE SERVICIOS PORTUARIOS BÁSICOS

Artigo 73. *Ámbito de aplicación.*

1. Para efectos desta lei, considérase autoprestación a situación en que unha empresa que, podendo

contratar servizos portuarios con empresas autorizadas, se presta a si mesma unha ou varias categorías de tales servizos con persoal propio embarcado e material propio, sen que normalmente teña lugar ningún tipo de contrato con terceiros para efectos de tal prestación. O persoal da empresa autorizada para a autoprestación deberá cumprilos requisitos de cualificación esixidos ó persoal das empresas prestadoras de servizos portuarios.

2. Así mesmo, enténdese que existe integración de servizos cando o concesionario ou o titular dunha autorización dunha estación marítima ou dunha terminal dedicada a uso particular lles presta ós buques que operan nesta un ou varios servizos de practicaxe e técnico-náuticos, con medios propios, sen celebrar contrato con terceiros que teña por obxecto a prestación dos ditos servizos.

Neste suposto, o armador que opere na dita estación marítima ou terminal poderá elixir entre os servizos técnico-náuticos integrados e os abertos ó uso xeral.

Así mesmo, cando en terminais dedicadas a uso particular a autoridade portuaria impoña a manipulación de mercadorías alleas, a operación de buques de terceiros ou, nestas e nunha estación marítima, a prestación de servizos á pasaxe transportada en buques de terceiros, os servizos técnico-náuticos a esta porcentaxe de tráfico deberán ser prestados polas empresas autorizadas á prestación do servizo aberto ó uso xeral. Os servizos á pasaxe e de manipulación e transporte de mercadorías que preste o titular da terminal deberán cumprilo previsto no parágrafo primeiro do artigo 68.2.

3. A autoprestación e a integración de servizos serán autorizadas pola autoridade portuaria, logo de informe vinculante da Administración marítima no que se refire á seguridade marítima, que se deberá emitir no prazo de 15 días desde a súa solicitude, entendéndose en sentido favorable se transcorre o dito prazo sen que o informe se emitise de xeito expreso. Respecto do prazo de resolución haberá que a terse ó disposto no artigo 67, cos efectos establecidos neste.

En ningún caso se poderá autoriza-la autoprestación para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou descrito como de alto ou moi alto risco na citada lista.

No servizo de practicaxe non se poderá autoriza-la autoprestación, sen prexuízo da obtención de exencións de practicaxe, conforme o previsto no artigo 81.2. Pola súa vez non se poderá autoriza-la integración de servizos, salvo nos supostos de portos, atracadoiros particulares ou terminais en réxime de concesión situados fóra dos límites xeográficos de prestación do servizo portuario de practicaxe, así como naquelas outras situacións excepcionais de análogas características ás anteriores.

Artigo 74. *Requisitos e procedemento.*

1. As licencias que autoricen a autoprestación ou a integración de cada un dos servizos deberán axustar ás condicións previstas nos pregos reguladores e prescricións particulares dos servizos, excluindo do contido das ditas licencias as cláusulas ás que se refire o artigo 68.2, coas condicións establecidas neste, e coas que, se é o caso, determinase a Administración marítima no informe previsto no punto 3 do artigo 73.

Entre os requisitos técnicos para a prestación dos servizos portuarios en réxime de autoasistencia ou integración de servizos incluíranse en todo caso os medios humanos e materiais suficientes que permitan desenvolver as operacións unitarias habituais na terminal ou estación marítima, tanto as máis simples coma as máis

complexas, nas mesmas condicións de seguridade e calidade que se esixen para o resto dos prestadores.

As solicitudes de licencias para a autoprestación ou a integración de servizos poderán ser denegadas por algunha das razóns previstas no artigo 64.5 que xustifican a limitación de operadores.

2. As licencias para a autoprestación ou a integración de servizos poderanse solicitar en calquera momento e serán outorgadas polo prazo previsto no artigo 66, podendo ser anovadas conforme o indicado no dito precepto.

Artigo 75. *Compensacións económicas.*

1. Nas licencias de autoprestación e nas de integración de servizos establecerase a compensación económica que, se é o caso, os seus titulares deban aboar como contribución para que as obrigas de servizo público que recaen sobre os titulares de licencias abertas ó tráfico xeral poidan ser atendidas, en particular as de mante-la regularidade e a continuidade dos servizos.

A dita compensación determinarase de conformidade cos criterios de distribución obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios establecidos nas prescricións particulares do servizo.

2. O valor da compensación económica anual será facturado pola autoridade portuaria ós titulares de licencias de autoprestación ou integración de servizos, nas condicións establecidas nas prescricións particulares do servizo, distribuíndose entre os prestadores do servizo aberto ó uso xeral de acordo cos criterios previstos nas referidas prescricións particulares.

SECCIÓN 5.^a A REGULACIÓN DA COMPETENCIA NOS SERVICIOS PORTUARIOS BÁSICOS

Artigo 76. *Funcións dos organismos públicos portuarios.*

1. Co fin de fomentar a competencia efectiva no mercado dos servizos básicos, Portos do Estado exercerá, sen prexuízo das competencias doutros organismos, as seguintes funcións:

a) Aproba-los pregos reguladores de cada servizo para o conxunto dos portos de interese xeral conforme o disposto nesta lei, en que se incluírán normas que protexan a libre competencia, co fin de promover a existencia dunha pluralidade de oferta de servizos.

b) Emitir informe sobre as prescricións particulares dos servizos no que se refire a aqueles aspectos que especifiquen ou desenvolvan os pregos reguladores aprobados por Portos do Estado.

c) Emitir informe sobre o acordo de limitación do número de prestadores dun servizo básico e a revisión deste.

d) Pór en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia, oídas as autoridades portuarias afectadas, os actos, acordos, prácticas ou condutas dos que puidese ter noticia no exercicio da súas atribucións e, en particular, as realizadas polos prestadores de servizos abertos ó uso xeral que teñan unha posición dominante para un determinado tipo de tráfico e carga en varios portos que sirvan a un mesmo mercado, sempre que presenten indicios de resultar contrarios á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia e poidan altera-la libre competencia no ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional.

Así mesmo, cando os ditos acordos, prácticas ou condutas afecten soamente o ámbito autonómico, poranse en coñecemento do órgano competente da comunidade autónoma.

En ámbolos dous casos, Portos do Estado comunicalle ó Servizo de Defensa da Competencia ou órgano autonómico competente tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, remitirá un dictame non vinculante da cualificación que lle merecen os ditos feitos.

e) Leva-lo Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios Básicos e elabora-lo informe de competitividade previstos no artigo 79.

f) Establecer recomendacións para as autoridades portuarias e entidades prestadoras de servizos, no marco das conclusións obtidas polo observatorio permanente.

g) Emitir circulares dirixidas ás entidades prestadoras de servizos, co obxecto de evitar ou corrixir prácticas contrarias á libre competencia, que serán vinculantes unha vez que se publiquen no "Boletín Oficial del Estado".

h) A autorización, regulación e control dos servizos básicos cando excepcionalmente sexan prestados polas autoridades portuarias de acordo co previsto no artigo 60.4, e a aprobación das tarifas neste suposto.

i) Adopta-lo acordo de limitación do número de prestadores do servizo e a súa revisión cando a autoridade portuaria sexa prestadora do servizo.

j) Leva-lo Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos a que se refire o punto 2 do artigo 69.

k) Autoriza-los convenios, pactos ou acordos que celebren dúas ou máis autoridades portuarias, co fin de garanti-lo marco de competencia interportuaria.

l) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre as entidades prestadoras de servizos, por solicitude destas, cando transcendan do ámbito territorial dunha autoridade portuaria e, se é o caso, entre dúas autoridades portuarias por razón dos servizos prestados en cada unha delas ou en ámbalas dúas.

m) A proposta de resolución de expedientes sancionadores por infraccións moi graves, en contía inferior a 1.202.024,21 €.

2. As autoridades portuarias fomentarán a libre competencia no seu propio ámbito territorial; para este fin exercerán, sen prexuízo das competencias doutros organismos, as seguintes funcións:

a) O outorgamento dos títulos administrativos habilitantes da prestación de servizos.

b) O control do cumprimento das obrigas de servizo público que se impoñan ós titulares de licencias de prestación de servizos básicos e dos medios para o seu financiamento, dictando para o efecto as resolucións que procedan.

c) A aprobación das tarifas máximas nos servizos básicos abertos ó uso xeral cando o número de prestadores do servizo estea limitado ou sexa insuficiente para garanti-la competencia. Así mesmo, controlarán a transparencia das tarifas e conceptos que se facturen.

d) Adopta-lo acordo de limitación do número de prestadores dos servizos, salvo cando a autoridade portuaria sexa prestadora do servizo.

e) O exercicio da potestade sancionadora para os supostos de comisión de infraccións graves tipificadas na lei.

f) Informar a Portos do Estado sobre os actos, acordos, pactos ou condutas dos que puidese ter noticia no exercicio da súas atribucións e que presente indicios de resultar contrarios á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, co fin de que aquel o poña en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia ou órgano autonómico competente.

g) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre as entidades prestadoras de servizos, por solicitude destas, no ámbito territorial dunha autoridade portuaria.

h) Leva-lo Rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios básicos nos portos que xestionen, a que se refire o artigo 69.1.

Artigo 77. Réxime de incompatibilidades.

1. Ningunha persoa física ou xurídica que dispoña de título habilitante para a prestación dun servizo portuario básico aberto ó uso xeral, ou que teña unha participación directa ou indirecta que lle permita influír de forma efectiva nunha empresa titular deste, poderá ter unha participación directa ou indirecta que lle permita influír de xeito efectivo na xestión ou control doutra empresa que preste ou vaia presta-lo mesmo servizo no mesmo porto, ben cando calquera delas teña unha posición dominante na actividade obxecto da licenza, ou cando, como consecuencia desta participación, poida obte-la dita posición dominante.

Para os efectos desa lei, considérase tedor dunha posición dominante nun porto quen teña unha cota de mercado superior ó 60 por cento na dita actividade ou quen a través de empresas en que teña influencia efectiva alcance a dita porcentaxe.

Así mesmo, no caso de sociedades mercantís, presúmese que existe influencia efectiva na xestión ou control dunha entidade, cando a participación directa ou indirecta no capital ou noutros valores que confiran dereitos políticos, iguale ou supere a proporción do 25 por cento.

2. Se por causas sobrevidas, derivadas de fusións, adquisicións ou outro tipo de acordos societarios, unha persoa física ou xurídica se encontrase incurso nalgún dos supostos previstos no punto anterior, deberá bloquea-los seus dereitos de voto naquela ou aquelas que deron lugar a tal situación e presentarlle á autoridade portuaria un plan de alleamento de participacións que se vai executar nun prazo de 12 meses a partir do momento en que se produciu o exceso. No caso de que o número de licencias estea limitado, estes organismos poderán autorizar excepcionalmente o mantemento das participacións que superen o límite, durante o tempo necesario para formular e implementar un plan de ampliación ou redución do número de licencias para a prestación dos servizos básicos afectados, que deberá ser efectivo no transcurso do indicado prazo de 12 meses.

3. Para efectos de que se poida comproba-lo cumprimento das obrigas establecidas neste artigo, as empresas autorizadas para a prestación de servizos básicos deberánlles comunicar ás autoridades portuarias calquera cambio significativo da súa composición accionarial, ou proxecto firme del, para a súa anotación nos rexistros previstos no artigo 69.

4. O titular dunha licenza para a prestación dun servizo técnico de practicaxe non poderá participar, por si mesmo ou a través de persoas físicas ou xurídicas interpostas, no capital ou na xestión de empresas autorizadas para a prestación de calquera servizo técnico-náutico no mesmo porto, salvo nos supostos previstos no artigo 73 desta lei.

Artigo 78. Separación contable.

1. Os titulares de licencias de prestación de servizos básicos deberán levar para cada porto unha estricte separación contable, de acordo cos usos e coas prácticas comerciais admitidos, entre os ditos servizos e as súas outras actividades. A mesma obriga será esixible á autoridade portuaria cando preste algún servizo básico.

Esta obriga non será esixible ós titulares de estacións marítimas e terminais dedicadas a usos particulares, nin ós autorizados á autoprestación ou á integración de servizos.

2. A separación de contas deberase acreditar ante a autoridade portuaria mediante informe de auditoría realizado de acordo coa normativa sobre auditoría de contas.

Artigo 79. Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios Básicos.

1. Créase un Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios Básicos, adscrito a Portos do Estado, coa finalidade de analiza-las condicións de competitividade en relación cos prezos e a calidade dos servizos e acorda-las variables de competitividade sobre as que establecer recomendacións.

Por orde do ministro de Fomento establecerase a composición e o funcionamento do observatorio permanente, garantindo a presenza de autoridades portuarias, comunidades autónomas e organizacións representativas a nivel nacional dos prestadores, traballadores e usuarios de servizos portuarios básicos.

En Canarias e Baleares crearanse observatorios permanentes de ámbito arquipeláxico.

2. Portos do Estado elaborará un informe anual de competitividade a partir das análises e conclusións do observatorio permanente. O dito informe será elevado ó Ministerio de Fomento.

Artigo 80. Comité de servizos portuarios básicos.

No Consello de Navegación e Porto constituirase un comité de servizos portuarios básicos, do que formarán parte os usuarios de servizos básicos ou organizacións que os representen e as organizacións sectoriais de traballadores e prestadores de servizos máis representativas e representativas de ámbito nacional. A autoridade portuaria consultará, polo menos unha vez ó ano, o dito comité en relación coas condicións de prestación dos ditos servizos e, en particular, sobre as tarifas dos servizos básicos abertos ó uso xeral, a organización e a calidade dos servizos. O informe do comité remitiráselle ó Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios Básicos.

SECCIÓN 6.^a DISPOSICIÓN PARTICULARES**Artigo 81. Servizo de practicaxe.**

1. Enténdese por practicaxe o servizo de asesoramento a capitáns de buques e artefactos flotantes para facilita-la súa entrada e saída e as manobras náuticas dentro dos límites xeográficos da zona de practicaxe en condicións de seguridade e nos termos que se establecen nesta lei, no regulamento do servizo e no prego regulador deste. Este servizo prestarase a bordo dos buques, incluíndose nel as instrucións impartidas polos prácticos desde o momento en que partan da estación de practicaxe para presta-lo servizo.

2. O servizo de practicaxe será obrigatorio nos portos cando así o determine a Administración marítima.

Non obstante, a Administración marítima poderá establecer exencións á obrigatoriedade da utilización do servizo de practicaxe en cada porto, con criterios baseados na experiencia local do capitán ou patrón do buque, as características do buque, a natureza da carga, as peculiaridades do porto e outras circunstancias que regulamentariamente se prevegan logo de informe do Consello de Navegación e Porto e do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Portos de España.

3. A Administración marítima realizará probas teóricas e prácticas necesarias para habilitar como prácticos de porto os aspirantes que reúnan as condicións e titulacións profesionais requiridas legalmente, sen que exista limitación no número de candidatos que poidan superar-las probas de coñecementos teóricos.

A autoridade portuaria determinará o número de prácticos necesarios para a prestación do servizo, logo de informe da Capitanía Marítima, do Consello de Nave-

gación e Porto e do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Portos de España, e expedirá os seus nomeamentos.

4. As autoridades portuarias facilitarán a formación práctica no porto. Para tal efecto, a dita formación impoñáseles como obriga de servizo público ás empresas provedoras do servizo de practicaxe, de acordo co prego regulador e as prescricións particulares do servizo, nos cales se determinará o número máximo de aspirantes que poden ser aceptados en cada proceso de selección, así como o seu prazo de vixencia.

Artigo 82. *Servicio de remolque portuario.*

1. Enténdese por servizo de remolque portuario aquel que ten por obxecto a operación náutica de axuda ós movementos dun buque, denominada remolque, seguindo as instrucións do capitán do buque, mediante o auxilio doutro ou outros buques, denominados remolcadores, que proporcionan a súa forza motriz ou, se é o caso, o acompañamento ou a súa posta á disposición dentro dos límites das augas incluídas na zona de servizo do porto.

2. O prego regulador e as prescricións particulares do servizo conterán os medios que deban incorporalos remolcadores para colaborar coas administracións competentes nos servizos de extinción de incendios, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, así como as compensacións que, se é o caso, deberá percibi-lo prestador do servizo polos medios esixidos.

Artigo 83. *Servicio de amarre e desamarre de buques.*

1. Enténdese por servizo de amarre aquel servizo portuario que ten por obxecto recolle-las amarras dun buque, portais e fixalas ós elementos dispostos para este fin, seguindo as instrucións do capitán do buque, no sector de amarre designado pola autoridade portuaria, na orde conveniente para facilita-las operacións de atracadura, desamarre e desatracadura.

Enténdese por servizo de desamarre aquel en que o obxecto é o de larga-las amarras dun buque dos elementos de amarre seguindo as instrucións do capitán.

2. O servizo de amarre será realizado polos traballadores que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso na disposición adicional quinta desta lei.

A formación práctica específica impoñáseles como obriga de servizo público ás empresas prestadoras do servizo de amarre e desamarre de buques, de acordo co previsto no correspondente prego regulador e nas prescricións particulares do servizo.

Artigo 84. *Servizos á pasaxe.*

1. Os servizos á pasaxe inclúen:

a) Servizo de embarque e desembarque de pasaxeiros, integrado polos servizos de organización, control e, se é o caso, manexo dos medios necesarios para facer posible o acceso dos pasaxeiros desde a estación marítima ou o peirao ós buques de pasaxe e viceversa.

b) Servizo de carga e descarga de equipaxes e vehículos en réxime de pasaxe, integrado por:

b.1) Servizo de carga e descarga de equipaxes, consistente nos servizos de organización, control e, se é o caso, manexo dos medios necesarios para a recepción das equipaxes en terra, o seu transporte a bordo do buque e a súa colocación no lugar establecido, así como para a recollida das equipaxes a bordo do buque, o seu transporte á terra e a súa entrega.

b.2) Servizo de carga e descarga de vehículos en réxime de pasaxe, consistente nos servizos de organización, control e, se é o caso, manexo dos medios necesarios para facer posible a transferencia destes vehicu-

los, en ámbolos dous sentidos, entre o peirao ou a zona de aparcamento e o buque.

2. Non estará incluído no servizo portuario básico o manexo de pasarelas, ramplas e outros medios mecánicos da autoridade portuaria cando se efectúe co seu propio persoal.

3. As autoridades portuarias poderanlles autorizar ós armadores a prestación de servizos á pasaxe cando se executen con medios e persoal do buque, unha vez que se acredite a idoneidade dos medios técnicos empregados. A autoridade portuaria poderá impoñer-las condicións necesarias co fin de que se garanta a realización da operación en condicións de seguridade.

En ningún caso se poderá autorizar para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou descrito como de alto ou moi alto risco na citada lista.

Artigo 85. *Servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías.*

1. Considéranse integradas neste servizo portuario as actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, obxecto de tráfico marítimo, que permitan a súa transferencia entre buques, ou entre estes e terra ou outros medios de transporte.

1.1 As actividades de carga e estiba comprenden:

a) A recollida da mercadoría do porto e o transporte horizontal dela ata o costado do buque en operacións relacionadas coa carga deste.

b) A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferirla mercadoría directamente desde un medio de transporte, ou desde o peirao, logo de depósito neste ou amoreamento, ó costado do buque.

c) O izado ou transferencia da mercadoría e a súa colocación na bodega ou a bordo do buque.

d) O embarque da mercadoría por medios rodantes no buque.

e) A estiba da mercadoría en bodega ou a bordo do buque.

1.2 As actividades de desestiba e descarga comprenden:

a) A desestiba de mercadorías na bodega do buque, comprendendo tódalas operacións precisas para a partición da carga e a súa colocación ó alcance dos medios de izada ou transferencia.

b) A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferirla mercadoría.

c) O izado ou transferencia da mercadoría e a súa colocación nun medio de transporte ou no peirao ó costado do buque.

d) O desembarque da mercadoría do buque por medios rodantes.

e) Descarga da mercadoría directamente, ben sobre vehículos de transporte terrestre, ben sobre peirao para a súa recollida por vehículos ou medios de transporte horizontal directamente ó exterior do porto ou á zona de depósito ou almacén dentro deste, e o depósito e amoreamento da mercadoría en zonas portuarias.

f) O desprazamento da mercadoría, logo da súa recollida cando proceda desde o costado do buque ata outro asentamento na zona de usos portuarios comerciais e o seu depósito e amoreamento dentro desta zona.

1.3 A actividade de transbordo comprende a desestiba no primeiro buque, a transferencia da mercadoría directamente desde un buque a outro e a estiba no segundo buque.

1.4 As actividades descritas nos puntos anteriores realizaranse no buque e na zona de servizo do porto. Quedan excluídas as actividades reguladas nos artigos 86 e 89 desta lei.

2. Para os efectos establecidos neste artigo, non terán a consideración de mercadoría obxecto de tráfico marítimo:

- a) Os bens propiedade das autoridades portuarias.
- b) As cartas, tarxetas, paquetes postais e outros bens que sexan obxecto do servizo postal.
- c) A pesca fresca, o bacallao verde e os seus produtos elaborados a bordo.
- d) A recollida de residuos de carga procedentes dos buques.

3. Non terán a consideración de servizo portuario básico as seguintes actividades:

a) O manexo de medios mecánicos propiedade da autoridade portuaria e a manipulación de mercadorías do Ministerio de Defensa, salvo que neste último caso o servizo sexa realizado por unha empresa titular dunha licenza do servizo básico de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías.

b) O manexo de cabezas tractoras ou guindastres automóbiles que non estean permanentemente adscritos a operacións de manipulación portuaria e sexan conducidos polo seu persoal habitual.

c) O embarque e desembarque de camións, automóbiles e calquera clase de vehículos de motor, cando sexa realizado polos seus propietarios, usuarios ou condutores habituais dependentes daqueles, así como os labores complementarios da suxeición, cando sexan realizados polos tripulantes dos buques.

d) A conducción, o enganche e o desenganche de cabezas tractoras que embarquen ou desembarquen remolques, se o transporte se produce sen solución de continuidade desde fóra da zona de servizo ata o seu embarque, ou desde o barco ata fóra da mencionada zona.

A conducción de vehículos de todo tipo que transporten mercadorías ata pé de guindastre ou de instalación de carga, en operacións directas de camiión a barco, se o transporte se produce sen solución de continuidade desde fóra da zona de servizo e da dos que reciban mercadorías a pé de guindastre ou instalación de descarga, en operacións directas de barco a camiión, se o transporte se produce sen solución de continuidade ata fóra da zona de servizo e, en ámbolos dous casos, as operacións de simple conexión dos medios de carga e descarga.

Neste suposto considéranse incluídas as operacións directas de calquera medio de transporte terrestre a buque e as de buque a calquera medio de transporte terrestre.

O disposto neste punto entenderase sen prexuízo da necesidade de observar, en todo caso, as normas xerais do transporte.

e) Os labores complementarios da suxeición e trincaxe cando sexan realizados polas tripulacións dos buques.

f) As operacións de carga, descarga e transbordo para o avituallamento ou aprovisionamento de buques cando, para isto último, non se precise contratar persoal.

1.º Consideraranse operacións de avituallamento as que se refiren ós seguintes produtos: auga, combustibles, carburantes, lubricantes e demais aceites de uso técnico.

2.º Considéranse operacións de aprovisionamento as que se refiren ós seguintes produtos: os destinados exclusivamente ó consumo da tripulación e dos pasaxeiros, produtos de consumo para uso doméstico, os des-

tinados á alimentación dos animais transportados e os consumibles utilizados para a conservación, tratamento e preparación a bordo das mercadorías transportadas.

g) As operacións de carga, descarga e transbordo se se realizan por tubaxe.

As actividades a que se refiren as alíneas e), f), e g) requirirán a previa obtención da autorización de actividade a que se refire o artigo 89 desta lei.

4. A autoridade portuaria poderalle autorizar ó armador o manexo de medios de carga e descarga propios do buque cando se execute con persoal do buque, unha vez que se acredite, mediante a presentación dos oportunos certificados das autoridades competentes, se procede, a idoneidade dos medios técnicos empregados e a cualificación do persoal que os manexe, particularmente en materia de prevención de riscos laborais. A autoridade portuaria poderá impoñelas condicións necesarias co fin de que se garanta a realización da operación en condicións de seguridade e calidade ambiental.

En ningún caso se poderá autorizar para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou descrito como de alto ou moi alto risco na citada lista.

5. As actividades incluídas no servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, independentemente do réxime laboral aplicable a estas, deberán ser realizadas polos traballadores que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos na disposición adicional quinta desta lei, coa excepción prevista no punto 4.

6. Tódalas empresas que desexen prestar este servizo e obteñan a correspondente licenza se integrarán nas agrupacións portuarias de interese económico, nos supostos previstos na disposición adicional sexta desta lei, salvo cando a licenza teña como obxecto algunha das actividades relacionadas no punto 1 da disposición adicional sétima; neste caso non procederá a dita integración.

Artigo 86. *Servicios de depósito e transporte horizontal.*

1. Servizo de depósito. Consiste no servizo de almacenamento temporal da mercadoría ou equipamento para a súa ordenación e control, co obxecto de facer posible as operacións de intercambio entre modos de transporte ou de inspección, directamente vinculadas ó tráfico marítimo de mercadorías. Non se inclúe o almacenamento vinculado á grupaxe de mercadorías.

2. Servizo de transporte horizontal. Enténdese por servizo de transporte horizontal a operación consistente no traslado da mercadoría ou equipamento entre dous lugares calquera, incluíndo, se é o caso, a carga ou descarga a equipo de transporte e exceptuando os movementos de aproximación ó costado do buque e de separación deste descritos no artigo 85.1.

3. Para a realización destes servizos básicos non será obrigatoria a contratación dos traballadores a que se refire o artigo 85.5, nin a participación na agrupación portuaria de interese económico.

Artigo 87. *Servicio de recepción de refugallos xerados por buques.*

1. Inclúense neste servizo as actividades de recollida de refugallos xerados por buques e, se é o caso, de almacenamento, clasificación e tratamento previo destes na zona de servizo do porto, e o seu traslado a unha instalación de tratamento autorizada pola Administración competente.

Para os efectos desta lei, enténdense por refugallos xerados por buques, tódolos refugallos, incluídas as

augas residuais e os residuos distintos dos de carga, producidos polo buque e que están regulados polos anexos I e IV (líquidos) e V (sólidos) do Convenio internacional para previla contaminación ocasionada polos buques, de 1973, modificado polo seu Protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), así como os refugallos relacionados coa carga segundo se definen nas directrices para a aplicación do anexo V do referido convenio. Os refugallos xerados por buques consideraranse residuos no sentido da alínea a) do artigo 3 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. Queda excluída deste servizo a recepción dos residuos de carga, entendendo como tales os restos de calquera material de carga, de embalaxes, elementos de trincaxe ou suxeición, etc. que se encontran a bordo en bodegas de carga ou tanques que permanecen unha vez completados os procedementos de descarga e as operacións de limpeza, incluídos os residuos de carga e descarga e os derramos, así como os que se encontren nas zonas de tránsito e de manobra a que se fai referencia no artigo 130 desta lei.

3. Unicamente poderán prestar este servizo as empresas que, previamente, fosen autorizadas polo órgano ambiental competente para a realización das actividades de xestión dos refugallos a que se refire este servizo e, así mesmo, acrediten documentalmente un compromiso de aceptación do xestor destinatario dos refugallos xerados por buques para o seu tratamento ou eliminación.

4. No prego regulador e nas prescricións particulares do servizo incluíranse as características e condicións técnicas que deben cumprilas operacións e instalacións de recepción de refugallos, as cales deberán axustarse ás normas aprobadas polas administracións competentes.

O conxunto dos medios dispoñibles en cada porto deberá se-lo adecuado para atende-las necesidades dos buques que utilicen normalmente o porto e daqueloutros que, aínda que non o utilicen habitualmente, participen en tráxicos relevantes do dito porto, sen causarlles demoras innecesarias.

O prego regulador e as prescricións particulares do servizo conterán as instalacións que deba incorporalo prestameiro do servizo para colaborar coas administracións competentes nos servizos de loita contra a contaminación mariña, así como as compensacións que, se é o caso, deban percibir polas instalacións esixidas.

5. Coa finalidade de reduci-las descargas ó mar de refugallos xerados por buques, mellorando a dispoñibilidade e o uso de instalacións portuarias receptoras de residuos, e incrementa-la protección do medio mariño, as autoridades portuarias esixirán en cada unha das escalas dos buques que non fagan uso do servizo de recepción de refugallos sólidos ou líquidos previsto neste artigo, a seguinte tarifa:

Tamaño buque Registro bruto (GT)	Tarifa fixa — €
0-1.000	0,8C ₁
1.001-5.000	1,5C ₁
5.001-10.000	3C ₁
10.001-25.000	4C ₁
25.001-50.000	6C ₁
50.001-100.000	10C ₁
> 100.000	12C ₁

C₁ fíxase na cantidade de 60 € que será actualizada anualmente co IPC e poderá ser revisada polo ministro de Fomento atendendo ó custo total medio do servizo por metro cúbico de refugallos líquidos e sólidos recollidos no sistema portuario.

Reducirase o 20 por cento a contía da tarifa fixa cando se dispoña dun certificado da Administración marítima

en que se faga constar que, pola xestión ambiental do buque, o seu deseño, equipo ou explotación, se xeran cantidades reducidas de refugallos.

6. Estarán exentos do pagamento desta tarifa:

a) Buques de guerra, unidades navais auxiliares e outros buques que, sendo propiedade dun Estado da Unión Europea ou estando ó seu servizo, soamente presten servizos gobernamentais de carácter non comercial.

b) Embarcacións de pesca fresca.

c) Embarcacións deportivas autorizadas para un máximo de 12 pasaxeiros.

d) Buques que operen en tráfico regular con escalas frecuentes e regulares, particularmente os dedicados á cabotaxe comunitaria, e os dedicados a tráfico interior, cando ante a autoridade portuaria se acredite, mediante certificado expedido pola Administración marítima, a existencia dun plan que asegure a entrega de refugallos xerados polos buques, así como o pagamento das tarifas correspondentes nun dos portos situados na ruta do buque, e que garanta a recollida de tódolos seus refugallos cando o buque faga escala no dito porto de xeito que en ningunha da súas viaxes se supere a capacidade de almacenamento de cada tipo de refugallos.

e) Buques con destino a terminais e outras instalacións que dispoñan de medios para a recepción e o tratamento dos refugallos xerados por estes, axustados ás normas aprobadas polas administracións competentes, cando se garanta ante a autoridade portuaria a súa entrega.

f) Buques que xustificasen ante a autoridade portuaria ter recibido a prestación do servizo polas empresas autorizadas no porto que xestiona aquela.

No suposto previsto na alínea d), cando o plan que asegure a entrega de refugallos xerados por buques non cubra ámbolos dous tipos de refugallos, a exención, no caso de concederse, será parcial. Cando se entreguen unicamente refugallos sólidos aboarase o 70 por cento desta tarifa, e se se entregan soamente refugallos líquidos aboarase o 30 por cento.

A aplicación da exención prevista nas alíneas e) e f) requirirá que a cantidade de refugallos líquidos entregados sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

Tamaño buque Registro bruto (GT)	Cantidade mínima de refugallos líquidos do anexo I de MARPOL 73/78 que hai que entregar para ter dereito á exención m ³
0-1.000	0,8
1.001-5.000	1,5
5.001-10.000	3
10.001-25.000	4
25.001-50.000	6
50.001-100.000	10
> 100.000	12

A exención tamén poderá ser parcial cando a entrega de refugallos xerados por buques non cubra ámbolos dous tipos de refugallos, sendo de aplicación a redución prevista para o suposto incluído na alínea d).

Non obstante, cando se descarguen en porto refugallos xerados por buques exentos, a empresa prestadora do servizo terá dereito a percibi-la tarifa correspondente ó custo total do servizo efectivamente prestado nas mesmas condicións que lles correspondería ós demais buques usuarios deste servizo.

No caso de buques dedicados a tráfico interior que non acrediten un plan de recollida de refugallos, aboarán a tarifa unha vez cada sete días.

7. As cantidades recadadas con esta tarifa pola autoridade portuaria servirán para compensar as bonificacións outorgadas por esta ós buques que utilizasen realmente o servizo, en concepto de bonificación á taxa do buque para incentivar mellores prácticas ambientais; o seu obxecto é que o sistema de custos do servizo desincentive verter refugallo ó mar. Así mesmo, se é o caso, poderán contribuír ó financiamento dos custos de prestación do servizo cando, por non existir demanda suficiente para a viabilidade económica deste, o servizo non puidese ser prestado en condicións de continuidade, regularidade e prezo razoable.

CAPÍTULO III

Dos servizos comerciais e outras actividades

Artigo 88. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos previstos nesta lei, son servizos comerciais as actividades de prestación portuarias ou non portuarias de natureza comercial que, non tendo o carácter de servizos portuarios, estean permitidas no dominio público portuario de acordo co previsto nesta lei.

2. Os servizos comerciais prestaranse en réxime de concorrencia. Os organismos públicos portuarios adoptarán medidas encamiñadas a promover a competencia na prestación de servizos comerciais directamente vinculados á actividade portuaria.

3. O desenvolvemento de actividades industriais, comerciais ou doutra natureza no dominio público portuario someterase ó réxime xurídico previsto nesta lei para os servizos comerciais.

Artigo 89. *Prestación de servizos comerciais e outras actividades por terceiros.*

1. A prestación de servizos comerciais e o desenvolvemento de actividades industriais, comerciais ou doutra natureza por terceiros requirirá a obtención de autorización. O prazo de vixencia da dita autorización será o que se determine no título correspondente, podendo ter carácter indefinido salvo cando vaia vinculada á ocupación do dominio público, caso este no cal o prazo será o mesmo que o que habilita a ocupación.

2. As actividades e os servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria deberanse axustar ós pregos de condicións xerais que, se é o caso, aprobe Portos do Estado, así como ás condicións particulares que determine cada autoridade portuaria, con obxecto de garantir a súa realización de forma compatible cos usos portuarios e co funcionamento operativo do porto en condicións de seguridade e calidade ambiental, e ás demais disposicións que sexan de aplicación. Entre estas condicións deberanse incluír as relativas ó desenvolvemento da actividade, prazos e garantías que, se é o caso, procedan, as causas de caducidade do título e a taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

Os pregos de condicións xerais poderán ser específicos para unha actividade determinada, ou referirse a un conxunto de actividades. Entre os específicos que poderá aprobar Portos do Estado incluíranse os de consignación de buques e de mercadorías, de maioristas de pescado e de venda ou poxa de pescado, de avituallamento de combustible, de xestión de lonxas, de posta á disposición de medios mecánicos, de subministracións, de xestión de amarres deportivos e de almacenamento, entre outros.

3. Para que a autoridade portuaria resolva sobre unha autorización de prestación de servizo ou de acti-

vidade, o interesado deberá formular unha solicitude acompañada de:

a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, se é o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

b) Xustificantes que acrediten encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Considerarase que as empresas se encontran ó corrente das obrigas tributarias, cando concorran as circunstancias previstas no punto 1 do artigo 13 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. A acreditación do cumprimento das ditas circunstancias efectuarase de conformidade co regulado no punto 2 do dito artigo.

c) Descrición da actividade que se vai desenvolver e, se é o caso, prazo desta.

d) Información económico-financieira da actividade que se vai desenvolver.

e) Outros documentos e xustificacións que a autoridade portuaria considere necesarios.

Logo de informe do director e audiencia do interesado, cando proceda, correspóndelle ó Consello de Administración da autoridade portuaria o outorgamento, con carácter regrado, das autorizacións cun prazo de vixencia superior a un ano, e ó presidente o daquelas que non excedan do dito prazo.

4. Entre as condicións do outorgamento da autorización deberán figurar, polo menos, as seguintes:

a) Obxecto do servizo ou da actividade.

b) Prazo de outorgamento.

c) Taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

d) Garantías que se deban constituír, incluídas aquelas necesarias para cubri-los seus posibles riscos ambientais.

e) Condicións e medios para garantir a seguridade e a calidade ambiental do servizo ou da actividade.

f) Outras condicións que sexan pertinentes.

5. As autorizacións poderanse extinguir por algunha das seguintes causas:

a) Transcurso do prazo previsto na autorización.

b) Revogación por incumprimento das condicións establecidas no prego de condicións xerais aprobado por Portos do Estado ou das condicións particulares establecidas pola autoridade portuaria.

6. Cando o desenvolvemento dunha actividade ou dun servizo requira a ocupación de bens de dominio público portuario, tramitarase un só expediente outorgándose un único título administrativo no que polo mesmo prazo se autorice a actividade e a ocupación do dominio público portuario.

Artigo 90. *Servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.*

A prestación de servizos comerciais polas autoridades portuarias estará limitada a aquelas actividades directamente relacionadas coa actividade portuaria que sexan necesarias para o cumprimento das súas funcións e, ademais, para atender as posibles deficiencias da iniciativa privada. En contraprestación por estes servizos, os ditos organismos esixirán as correspondentes tarifas, que terán natureza de prezo privado, e que veñen reguladas no capítulo V do título I desta lei.

CAPÍTULO IV

Servicio de sinalización marítimaArtigo 91. *Servicio de sinalización marítima.*

1. O servicio de sinalización marítima regulado nesta lei ten como obxecto a instalación, o mantemento, o control e a inspección das axudas destinadas a mellora-la seguridade da navegación polo mar litoral español, confirma-la posición de buques en navegación e facilita-los seus movementos.

Enténdese por axuda á navegación marítima o dispositivo visual, acústico, electrónico ou radioeléctrico destinado a facilita-la seguridade da navegación e os seus movementos, permitindo confirma-la posición de buques en navegación.

As axudas fixaranse en función dos alcances requiridos, das características físicas da costa e dos riscos para a navegación asociados a cada zona, de acordo coa evolución tecnolóxica e as recomendacións dos organismos internacionais.

2. Quedan excluídos deste servicio:

a) O servicio portuario xeral de sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que serven de aproximación e acceso ós portos de titularidade estatal e o seu balizamento interior.

b) A instalación e o mantemento das axudas á navegación marítima que serven de aproximación e acceso do buque ós portos marítimos de competencia das comunidades autónomas e o balizamento da súa zona de servicio. Cando algún dos dispositivos se deba situar fóra da zona de servicio do porto, a comunidade autónoma deberá solicitar, se é o caso, o correspondente título para a utilización do dominio público marítimo-terrestre.

c) A instalación e o mantemento do balizamento de instalacións das Administracións públicas ou de organismos dependentes delas.

d) A instalación e o mantemento do balizamento de instalacións outorgadas en concesión ou autorización, incluídas as destinadas a cultivos mariños e emisarios submarinos.

e) O servicio de balizamento das zonas de baño e de lanzamento e varada de artefactos flotantes de recreo nas praias.

f) O servicio de control e axuda do tráfico marítimo que lle corresponda prestar á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima.

Nos supostos previstos nas alíneas b), c) e d), a instalación e o mantemento das axudas á navegación marítima deberán ser executados á súa custa pola comunidade autónoma ou Administración correspondente, ou polo concesionario ou autorizado, segundo proceda, de conformidade coa normativa e as características técnicas e localización dos dispositivos que fosen aprobadas por Portos do Estado.

A autoridade portuaria emitirá informe sobre os proxectos de execución co fin de comprobar que se axustan ás características técnicas e de localización dos dispositivos aprobadas.

3. As autoridades portuarias prestarán o servicio de sinalización marítima na zona xeográfica que para tal efecto se lles asigne. Para iso, exercerán as seguintes funcións:

a) Aprobación dos proxectos de execución de axudas á navegación, a instalación e o mantemento dos cales lle corresponda á autoridade portuaria, así como a modificación destes, que se deberán axustar ás características técnicas e localización dos dispositivos aprobadas por Portos do Estado.

b) Instalación e mantemento dos dispositivos de axudas á navegación, salvo os que teñan como obxecto o balizamento de instalacións e obstáculos artificiais, incluídos os naufraxios, que deberá ser realizado e aboado polo titular, promotor, responsable ou causante destes.

No suposto de que estes non executen a instalación e o mantemento do balizamento no prazo establecido pola autoridade portuaria, levarao a cabo esta a custa daqueles.

c) Control e inspección das axudas á navegación marítima a instalación e mantemento das cales lles corresponde a terceiros e adopción, se é o caso, das medidas conducentes ó restablecemento a custa destes do servicio, incluídas, se proceden, as derivadas do exercicio da potestade sancionadora.

Inclúese neste punto o control e a inspección das axudas á navegación que serven de aproximación e acceso ós portos de competencia das comunidades autónomas, incluídas as que constitúen o balizamento da súa zona de servicio, e as de competencia doutras administracións, comunicando a estas, como responsables do seu funcionamento, os problemas detectados co fin de que se proceda á súa corrección.

Esta función enténdese sen prexuízo da obriga dos responsables da instalación e o mantemento das axudas á navegación marítima de comunica-las incidencias que se produzan no servicio ó Instituto Hidrográfico da Mariña ou órgano competente, para os efectos da súa difusión, cando proceda, a través dos avisos a navegantes. Así mesmo, deberase comunicar a Portos do Estado.

4. Correspóndenlle a Portos do Estado, en relación coa prestación do servicio, as seguintes funcións:

a) A determinación das características técnicas e localización dos balizamentos. Así mesmo, poderá definir por razóns de seguridade balizamentos provisionais, sen prexuízo do que definitivamente sexa aprobado.

b) O control e a inspección das axudas á navegación marítima cando a instalación e o mantemento as realicen as autoridades portuarias.

5. Co fin de conseguir unha adecuada prestación do servicio de sinalización marítima e de articula-la necesaria coordinación coas competencias doutras administracións públicas sobre o litoral marítimo, previamente á aprobación de novos polígonos de cultivos mariños ou espazos acoutados na zona marítima en que se desenvolvan cultivos mariños, a comunidade autónoma ou Administración competente deberá remiti-lo proxecto que inclúa a delimitación deste a Portos do Estado, co fin de que, no prazo máximo de dous meses, determine as características técnicas e localización do seu balizamento, debendo garanti-la comunidade autónoma ou a Administración competente a instalación e o mantemento do dito balizamento. Calquera modificación dos límites do polígono deberá ser remitido a Portos do Estado co mesmo obxecto e con carácter previo á modificación ou revisión da delimitación.

O proxecto de execución de balizamento deberá ser sometido a informe da autoridade portuaria co fin de comprobar que se axusta ás características técnicas e de localización dos dispositivos aprobadas.

Previamente ó outorgamento pola comunidade autónoma ou Administración competente da autorización ou concesión de establecementos para cultivos mariños, non incluídos en polígonos balizados, ou outras instalacións situadas no medio marítimo, a comunidade autónoma ou a Administración competente deberá remiti-lo proxecto da instalación a Portos do Estado co fin de que se determinen as características técnicas e a localización do balizamento desta, que se deberán recoller no proxecto de execución de balizamento que redacte o titular da instalación, que será sometido a informe da autoridade portuaria.

6. Para a defensa das axudas á navegación marítima e a protección do servizo que prestan, garantindo a súa adecuada identificación e uso, o ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado, establecerá as servidumes e limitacións á propiedade dos terreos contiguos a estas que sexan necesarias, dentro dos seguintes tipos e límites:

- a) Sobre o acceso ás axudas á navegación.
- b) Para as axudas visuais:
 - b.1) Sobre a altura-distancia, para a protección do cono de luz e de recoñecemento do sinal diúrno.
 - b.2) Sobre as cores e ritmicidade das luces do contorno.
 - b.3) Sobre a luminancia de fondo.
- c) Para as axudas radioeléctricas:
 - c.1) Sobre a distancia mínima á que se deben instalar transmisores radioeléctricos, industrias e instalacións eléctricas de alta tensión e ferrocarrís electrificados.
 - c.2) Sobre a altura-distancia, para a protección da recepción e transmisión de sinais.

En calquera caso, non se poderán esixir limitacións maiores das seguintes:

- 1.^a Soamente se poderán establecer limitacións ó emprego de luces de cores vermella, verde, azul, branca e ámbar.
- 2.^a Para distancias inferiores a 1.000 metros, o ángulo sobre a horizontal co que se observe desde a altura máxima das antenas receptoras, dunha axuda á navegación de tipo radioeléctrico, o punto máis elevado de calquera obstáculo será como máximo de cinco graos.
- 3.^a Calquera das establecidas na Lei de ordenación das telecomunicacións en canto á protección do espectro radioeléctrico, para efectos das axudas radioeléctricas.

TÍTULO IV

Do dominio público portuario estatal

CAPÍTULO I

Modelo de xestión

Artigo 92. *Modelo de xestión do dominio público portuario.*

1. A xestión do dominio público portuario estatal estará orientada, garantindo o interese xeral, a promover e incrementa-la participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos, a través do outorgamento das correspondentes autorizacións e concesións, tanto demaniais coma de obra pública, de acordo co previsto nesta lei.

2. Correspóndelles ás autoridades portuarias a provisión e xestión de espazos e infraestruturas portuarias básicas, promovendo tanto a actividade económica nos portos coma a prestación dos servizos por parte da iniciativa privada.

3. A xestión das infraestruturas e do dominio público portuario realizarase con criterios de rendibilidade e eficiencia.

CAPÍTULO II

Dos bens que o integran

Artigo 93. *Natureza e determinación do dominio público portuario.*

1. Os portos de interese xeral forman parte do dominio público marítimo-terrestre e integran o dominio públi-

co portuario estatal, o cal se regula polas disposicións desta lei e, supletoriamente, pola lexislación de costas.

Pertencen ó dominio público portuario estatal:

- a) Os terreos, obras e instalacións portuarias fixas de titularidade estatal afectados ó servizo dos portos.
- b) Os terreos e instalacións fixas que as autoridades portuarias adquiran mediante expropiación, así como os que adquiran por compravenda ou por calquera outro título cando sexan debidamente afectados polo ministro de Fomento.
- c) As obras que o Estado ou as autoridades portuarias realicen sobre o devandito dominio.
- d) As obras construídas polos titulares dunha concesión de dominio público portuario, cando revertan á autoridade portuaria.
- e) Os terreos, obras e instalacións fixas de axudas á navegación marítima, que se afecten a Portos do Estado e ás autoridades portuarias para esta finalidade.
- f) Os espazos de auga incluídos na zona de servizo dos portos.

CAPÍTULO III

Da utilización do dominio público portuario estatal

Artigo 94. *Usos e actividades permitidas no dominio público portuario.*

1. No dominio público portuario só se poderán levar a cabo actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios e de sinalización marítima, de conformidade co establecido nesta lei.

Para tal efecto, teñen a consideración de usos portuarios os seguintes:

- a) Usos comerciais, entre os que figuran os relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios básicos e outras actividades portuarias comerciais.
- b) Usos pesqueiros.
- c) Usos náutico-deportivos.
- d) Usos complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais das que a localización no porto estea xustificada pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráxicos marítimos que xeran ou polos servizos que lles prestan ós usuarios do porto.

Naqueles terreos que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e que, por causa da evolución das necesidades operativas dos tráxicos portuarios quedasen en desuso ou perdesen a súa funcionalidade ou idoneidade técnica para a actividade portuaria, poderanse admitir no dominio público portuario espazos destinados a usos non portuarios, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais non portuarias, sempre que non se prexudique o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario e se axusten ó establecido no planeamento urbanístico. As autoridades portuarias non poderán participar directa ou indirectamente na promoción, explotación ou xestión das instalacións e actividades que se desenvolvan nestes espazos, agás as relativas a equipamentos culturais e exposicións.

Co obxecto de preservar o patrimonio arquitectónico que constitúen os faros, nos espazos do dominio público portuario afectados ó servizo de sinalización marítima poderanse autorizar usos e actividades distintos dos de sinalización marítima, de acordo co previsto nos parágrafos anteriores, sempre que non condicionen ou limi-

ten a prestación do servizo que en cada momento sexa o apropiado, tendo en conta as necesidades do tráfico e da tecnoloxía, sen que en ningún caso sexan indemnizables as modificacións que se impoñan polo devandito motivo. Excepcionalmente, por razóns de interese xeral debidamente acreditadas e logo de informe de Portos do Estado, o Consello de Ministros poderá levanta-la prohibición de instalacións hoteleiras en espazos do dominio público portuario destinados ó servizo de sinalización marítima, debéndose acomodar ó disposto no planeamento urbanístico. No caso de que as instalacións de sinalización marítima en que se vaia autoriza-lo uso hoteleiro se sitúen nunha zona de 100 metros medidos desde o límite interior da beiramar, ou de 20 metros se os terreos teñen a clasificación de solo urbano, a Dirección Xeral de Costas deberá emitir informe previo á autorización do Consello de Ministros. As obras que supoñan incremento de volume sobre a edificación xa existente só se poderán situar fóra da zona de 100 ou 20 metros a que se fixo referencia.

2. A ocupación de espazos de dominio público portuario destinados a usos portuarios polos órganos ou entidades de calquera Administración pública, para o cumprimento dos fins da súa competencia, só se poderá autorizar para usos ou actividades que, pola súa relación directa coa actividade portuaria, se deban desenvolver necesariamente dentro deles.

3. Están prohibidas aquelas ocupacións e utilizacións do dominio público portuario que se destinen a edificacións para residencia ou habitación, ó tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión e á publicidade comercial a través de carteis ou valados, medios acústicos ou audiovisuais situados no exterior das edificacións. Para estes efectos, non se consideran publicidade os carteis informativos e rótulos indicadores dos propios establecementos ou empresas titulares dunha autorización ou concesión administrativa da autoridade portuaria.

4. Excepcionalmente, por razóns de interese xeral debidamente acreditadas e logo de informe de Portos do Estado, o Consello de Ministros poderá levanta-la prohibición de instalacións hoteleiras en espazos do dominio público portuario destinados a zonas de actividades loxísticas e a usos non portuarios, debendo tales usos hoteleiros acomodarse ó Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto ou instrumento equivalente. Estas instalacións non se poderán situar nos primeiros 20 metros medidos terra para dentro a partir do límite interior da beiramar ou do cantil do peirao.

O tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión poderá ser autorizado polo ministro de Fomento cando se aprecien circunstancias excepcionais e de utilidade pública.

A autoridade portuaria poderá autoriza-la publicidade para actividades deportivas, sociais e culturais que ocasionalmente se desenvolvan no dominio público portuario.

Artigo 95. Réxime de utilización do dominio público portuario.

1. A utilización do dominio público portuario rexease polo establecido nesta lei, no Regulamento de explotación e policía e nas correspondentes ordenanzas portuarias, as cales establecerán as zonas abertas ó uso xeral e, se é o caso, gratuíto. No non previsto nas anteriores disposicións será de aplicación a lexislación de costas.

2. Os usos e actividades que presenten circunstancias de exclusividade, intensidade, perigosidade ou rendibilidade esixirán o outorgamento da correspondente autorización ou concesión, con suxeición ó previsto nesta lei e nos pregos de condicións xerais que se aproben, que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

3. Cando algún órgano da Administración xeral do Estado ou calquera organismo ou entidade vinculada ou dependente dela requira a utilización do dominio público portuario, solicitará da autoridade portuaria correspondente os bens de dominio público necesarios, quen autorizará a devandita utilización sempre que sexa compatible coa normal explotación do porto e durante o tempo que sexa preciso, debendo subscribi-lo correspondente convenio en que se establecerán as condicións dela, incluíndo as taxas que, se é o caso, procedan e os custos que debe asumir aquel. Cando a autoridade portuaria considere que a solicitude é incompatible coa normal explotación do porto, elevaraa a Portos do Estado quen, unha vez emitido o correspondente informe, llo trasladará ó ministro de Fomento quen resolverá sobre o outorgamento da autorización, atendendo ó interese xeral.

Cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario polas administracións das comunidades autónomas, polas entidades que integran a Administración local ou por calquera organismo ou entidade dependente de calquera delas, procederase de acordo co establecido no parágrafo anterior, respecto daquelas comunidades autónomas que prevexan na súa lexislación un réxime similar de utilización de bens demaniais da súa titularidade pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos para a súa dedicación a un uso ou servizo da súa competencia. Na falta da devandita previsión, deberán solicita-lo outorgamento da correspondente concesión ou autorización, de acordo co establecido nesta lei.

4. As autorizacións e concesións outorgadas segundo esta lei non eximen os seus titulares de obteren os permisos, licencias, autorizacións e concesións que sexan esixidos por outras disposicións legais. Emporiso, cando estes se obteñan con anterioridade ó título administrativo esixible conforme esta lei, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue aquel.

5. Os titulares de autorizacións e concesións deberán comprometer ó desenvolvemento dunha actividade mínima ou tráfico mínimo que garanta unha explotación razoable do dominio público.

CAPÍTULO IV

O Plan de Utilización dos Espacios Portuarios

Artigo 96. O Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

1. O Ministerio de Fomento delimitará nos portos de titularidade estatal unha zona de servizo que incluírá os espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios a que se refire o artigo 94.1 desta lei, os espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria e aqueles que se poidan destinar a usos non portuarios mencionados no devandito artigo. Esta delimitación efectuarase a través do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

2. O espazo de auga incluído na zona de servizo comprenderá as áreas de auga onde se realicen as operacións de carga, descarga e transbordo de mercadorías, embarque e desembarque de pasaxeiros, construción e reparación de buques, atracada e reviramento, as canles de acceso e as zonas de fondeo, incluíndo as marxes necesarias para a seguridade marítima, practicaxe e avituallamento de buques. Tamén comprenderá os espazos de reserva necesarios para a ampliación do porto. O espazo de auga subdividirase en dúas zonas:

a) Zona I, ou interior das augas portuarias, que abarcará as augas abrigadas naturalmente que comprendan as dársenas destinadas a operacións portuarias, incluíndo

do as zonas necesarias para manobras de atracada e reviramento, e os espazos de auga incluídos nos diques de abrigo.

b) Zona II, ou exterior das augas portuarias, que comprenderá o resto das augas.

3. A autoridade portuaria elaborará o Plan de Utilización dos Espacios Portuarios que incluírá os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto, así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos.

Así mesmo, incluíranse no plan de utilización os espazos necesarios para que os órganos das administracións públicas poidan exercer competencias tales como as de seguridade, inspección, control ou outras que, pola súa relación directa coa actividade portuaria, se deban desenvolver no porto consonte o disposto no artigo 94.2 desta lei.

A autoridade portuaria solicitará informe das administracións urbanísticas e da Administración pública con competencia en materia de pesca en augas interiores, ordenación do sector pesqueiro e deportes, así como naquel outros ámbitos sectoriais sobre os que poida incidir o Plan de Utilización dos Espacios Portuarios, que deberán emitir informe sobre os aspectos relativos ás súas propias competencias.

Simultaneamente á solicitude dos informes procedentes, a autoridade portuaria someterá a información pública o plan elaborado por un prazo dun mes, durante o cal os interesados poderán formular alegacións. Trala conclusión do prazo de información pública, a autoridade portuaria daralles resposta ós interesados incorporando ó expediente que deberá remitir a Portos do Estado a documentación resultante do trámite e procedendo ás modificacións do plan que, á vista das alegacións, sexan oportunas.

Realizada a devandita tramitación, remitirase a proposta do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios a Portos do Estado, quen convocará a autoridade portuaria e a Dirección Xeral de Costas a un período de consultas durante o prazo dun mes, co fin de que esta última formule as observacións e suxestións que considere oportunas para que, se é o caso, sexan tomadas en consideración.

Posteriormente, Portos do Estado solicitará informe da Dirección Xeral de Costas sobre a protección do dominio público marítimo-terrestre e, se é o caso, informe do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía en aspectos relacionados coa construción naval. Tamén emitirán informe o Ministerio de Defensa, desde a perspectiva da súa posible incidencia sobre os intereses da defensa nacional, e o Ministerio do Interior, no que se refire ós aspectos de seguridade pública e de control de entradas e saídas de persoas do territorio nacional.

Os anteriores informes deberanse emitir no prazo de dous meses desde a recepción da proposta, entendéndose en sentido favorable se transcorre o devandito prazo sen que o informe se emitise de forma expresa.

Recibidos os informes ou transcorrido o prazo para a súa emisión, Portos do Estado emitirá informe que elevará, xunto co expediente, ó Ministerio de Fomento. No caso de que o informe da Dirección Xeral de Costas resulte desfavorable, Portos do Estado fará constar expresamente no seu informe esta circunstancia, debendo motivar as razóns polas que estas deban ser tomadas en consideración, así como aquelas que non se poidan aceptar.

Correspóndelle ó ministro de Fomento a aprobación do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

4. Cando a proposta de delimitación inclúa terreos e bens patrimoniais da Administración xeral do Estado

destinados a usos e finalidades distintas, Portos do Estado someterá a informe vinculante do Ministerio de Facenda, que se entenderá favorable se transcorren tres meses desde a recepción da documentación sen que o informe se emitise de forma expresa.

5. A aprobación do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios levará implícita a declaración de utilidade pública para efectos expropiatorios dos bens de propiedade privada e de rescate das concesións que requira o desenvolvemento do plan, así como a afectación ó uso portuario dos bens de dominio público e dos bens patrimoniais incluídos na zona de servizo que sexan de interese para o porto.

6. Aprobado o Plan de Utilización dos Espacios Portuarios, o texto íntegro do acordo publicarase no "Boletín Oficial del Estado".

7. Con carácter previo á formulación pola autoridade portuaria do plan especial ou instrumento equivalente que ordene a súa zona de servizo deberase encontrar aprobado o Plan de Utilización dos Espacios Portuarios do Porto.

Así mesmo, recibido pola autoridade portuaria o contido do plan especial de acordo co establecido no parágrafo primeiro do artigo 18.2 c) da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da mariña mercante, esta remitirallo a Portos do Estado co fin de que formule as observacións e suxestións que considere convenientes.

Artigo 97. *Modificación do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.*

1. As modificacións do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios que teñan carácter substancial someteranse ó mesmo procedemento de aprobación indicado no artigo anterior. Cando a modificación non teña tal carácter será aprobada por Portos do Estado, por proposta da autoridade portuaria, logo de informe das administracións urbanísticas se afectase as súas competencias. Antes da remisión da proposta da modificación non substancial do plan a Portos do Estado, a autoridade portuaria abrirá o trámite de información pública, na forma establecida no artigo anterior, aínda que o prazo de información pública da proposta de modificación será de 15 días.

2. Enténdese por modificación non substancial aquela producida dentro da zona de servizo do porto, motivada por razóns de explotación portuaria, que non supoña unha alteración significativa da delimitación interna das zonas en que se divide o porto para efectos de asignación dos usos a que se refire o artigo 94 desta lei. Así mesmo, terán o carácter de modificación non substancial as ampliacións de infraestructuras e instalacións portuarias que sexan complementarias das xa existentes, sempre que se sitúen dentro da zona de servizo do porto, agás o previsto no parágrafo seguinte, así como a capacidade ou espazo de infraestructura asignada para que poidan operar prestadores de servizos portuarios que non dispoñan de concesión ou autorización. Destas modificacións daráselle conta ó ministro de Fomento e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Para estes efectos, terá a consideración de alteración significativa aquela que supoña unha alteración individual ou acumulada superior ó 15 por cento da superficie asignada a un determinado uso, agás a que afecte os usos non portuarios, que en todo caso terá o carácter de alteración significativa.

A aprobación ou modificación dun plan director determinará a modificación substancial do plan de utilización.

Artigo 98. Efectos do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios sobre as concesións.

1. As concesións que resulten incompatibles coas determinacións do Plan de Utilización dos Espacios Portuarios deberanse adaptar a el. Para tal efecto deberase proceder á revisión das condicións que fose preciso ou, se é o caso, ó rescate da concesión segundo o establecido nos artigos 114 e 124 desta lei.

2. Transitoriamente, e mentres non se proceda á revisión das condicións das concesións ou, se é o caso, ó rescate delas consonte o previsto no punto anterior, as concesións seguirán suxeitas ás mesmas condicións en que se outorgaron, sen que se poida autorizar prórroga do prazo da concesión, modificación ou transferencia dela sen que se producise a revisión das condicións que resulten incompatibles co Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

CAPÍTULO V

Autorizacións

SECCIÓN 1.^a CLASES DE AUTORIZACIÓNS

Artigo 99. Clases de autorizacións.

Estarán suxeitas a autorización da autoridade portuaria:

a) A utilización de instalacións portuarias fixas polos buques, a pasaxe e as mercadorías, que se rexerá polo Regulamento de explotación e policía e as correspondentes ordenanzas portuarias.

b) A ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen eles, por prazo non superior a tres anos, que se outorgará de conformidade co disposto na seguinte sección.

SECCIÓN 2.^a AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

Artigo 100. Ámbito de aplicación.

1. A ocupación do dominio público portuario por prazo non superior a tres anos, incluídas prórrogas, con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen eles, estarán suxeitas a autorización previa da autoridade portuaria.

2. Estas autorizacións demaniais outorgaranse, a título de precario, con suxeición ó correspondente prego de condicións xerais de autorizacións de ocupación do dominio público portuario que aprobe o ministro de Fomento e, cando o obxecto da autorización sexa unha actividade comercial ou industrial, ó prego de condicións xerais da actividade ou do servizo que, se é o caso, aprobe Portos do Estado e ás condicións particulares que determine a autoridade portuaria.

3. As autorizacións só se poderán outorgar para os usos e actividades permitidas no artigo 94 e deberanse axustar ás determinacións establecidas no Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto ou, no seu defecto, no Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

4. As autorizacións outorgaranse con carácter persoal e intransferible "inter vivos" e o seu uso non lles poderá ser cedido a terceiros, agás as de ocupación do dominio público que constitúan soporte dunha autorización de verteduras de terra ó mar.

Artigo 101. Iniciación do procedemento.

O procedemento para o outorgamento das autorizacións previstas nesta sección poderase iniciar por solicitude do interesado ou por concurso convocado para o efecto pola autoridade portuaria.

Artigo 102. Requisitos da solicitude.

1. Para que a autoridade portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude acompañada, ademais do esixido no artigo 89.3 desta lei, dunha memoria e planos de conxunto ou de detalle necesarios dos bens e instalacións que hai que desenvolver, en que se especifique a extensión da zona de dominio público portuario que se vaia ocupar.

2. As solicitudes que se opoñan de maneira notoria ó disposto no plan estratéxico, no plan director, no plan de utilización dos espazos portuarios, no plan especial, se é o caso, ou na normativa vixente, non se admitirán, e arquivaranse no prazo máximo de dous meses, sen máis trámite que a audiencia previa ó petionario.

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos e estes fosen susceptibles de emenda, procederá para iso na forma prevista na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 103. Procedemento de outorgamento.

1. A autoridade portuaria examinará a documentación presentada e determinará a súa adecuación e viabilidade.

2. Solicitarase informe doutras administracións e organismos, cando este fose preceptivo ou se estime conveniente solicitalo.

3. Logo de informe do director e de audiencia do interesado cando proceda, correspóndelle ó consello de administración da autoridade portuaria o outorgamento ou denegación con carácter discrecional e sen prexuízo da oportuna motivación, das autorizacións cun prazo de vixencia superior a un ano, e ó presidente o daquelas que non excedan do devandito prazo.

Artigo 104. Concursos.

1. A autoridade portuaria poderá convocar concursos para o outorgamento de autorizacións de ocupación do dominio público portuario.

2. O órgano competente para a resolución do concurso aprobará o prego de bases que o ten que rexer, o cal fixará os requisitos para participar no concurso, os criterios para a súa adxudicación e ponderación deles, así como o prego de condicións que regularán o desenvolvemento da autorización, que se deberá axustar ó prego de condicións xerais de autorizacións de ocupación do dominio público portuario que aprobe o ministro de Fomento e ó prego de condicións xerais da actividade que, se é o caso, aprobe Portos do Estado.

3. A convocatoria do concurso publicárase no "Boletín Oficial" da comunidade autónoma, e poderanse presentar ofertas no prazo establecido, que non poderá ser inferior a 20 días. Estas ofertas serán abertas en acto público.

4. O concurso será resolto polo órgano competente para o outorgamento da autorización.

5. A oferta seleccionada deberase someter á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento, se é o caso, da correspondente autorización.

Artigo 105. Condicións de outorgamento.

A autorización deberá conter, polo menos, as seguintes condicións:

- Obxecto da autorización.
- Obras e instalacións autorizadas.
- Prazo da autorización.

d) Superficie de dominio público da que se autoriza a ocupación.

e) Condicións de protección do ambiente que, se é o caso, procedan.

f) Condicións especiais que se deban establecer nas autorizacións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as cales deberán figurar, polo menos, aquelas que garantan a eficacia do servizo, accesos e medidas de seguridade.

g) No caso de ocupación de espazo de auga, o balizamento que se deba establecer.

h) Taxa por ocupación do dominio público e taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

i) Garantías que hai que constituír.

j) Causas de caducidade consonte o previsto no artigo 123 desta lei.

k) Outras condicións que sexan pertinentes.

CAPÍTULO VI

Concesións demaniais

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 106. *Ámbito de aplicación.*

1. Estará suxeita a previa concesión outorgada pola autoridade portuaria a ocupación do dominio público portuario, con obras ou instalacións non desmontables ou usos por prazo superior a tres anos.

2. As concesións só se poderán outorgar para obras, instalacións ou usos que se axusten ás determinacións establecidas no Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto ou, no seu defecto, ó Plan de Utilización dos Espazos Portuarios, e someteranse ó correspondente prego de condicións xerais para o outorgamento de concesións demaniais que aprobe o ministro de Fomento e, cando o obxecto da concesión sexa o desenvolvemento dunha actividade comercial ou industrial, ó prego de condicións xerais da actividade ou do servizo comercial que, se é o caso, aprobe Portos do Estado e ás condicións particulares que determine a autoridade portuaria, de acordo co establecido no artigo 89 desta lei.

3. Para o outorgamento dunha concesión será preciso que a autoridade portuaria teña á disposición os terreos e espazos de auga obxecto dela, agás naqueles supostos en que, próxima a data de extinción dunha concesión, se tramite o outorgamento dunha nova sobre os mesmos terreos e espazos de auga, e naquéloutros supostos en que sexa precisa a execución de obras pola autoridade portuaria previa á posta á disposición. Nestes supostos, o termo inicial da concesión coincidirá coa data de extinción daquela ou coa data de finalización das obras pola autoridade portuaria. Emporiso, non poderán transcorrer máis de dous anos desde o acordo de outorgamento da concesión ata a efectiva posta á disposición dos terreos.

4. No título concesional incorporaranse, ademais das condicións relativas á ocupación do dominio público portuario, as relativas á actividade ou á prestación do servizo.

5. A concesión ou a autorización de instalacións de atracada deberá incorporala da correspondente zona de manobra, sen prexuízo de que, excepcionalmente e por razóns derivadas da explotación portuaria ou insuficiencia de instalacións de atracada dispoñibles, a autoridade portuaria imporá, no momento do outorgamento do correspondente título administrativo ou posteriormente, a utilización obrigatoria das instalacións en concesión ou autorización a favor de terceiros prestadores de ser-

vicios portuarios básicos. Neste caso, os beneficiarios deberanlle aboar ó titular da concesión ou da autorización a correspondente tarifa, que deberá ser fixada con criterios de obxectividade, transparencia e non discriminación e que non poderá exceder da contía máxima aprobada pola autoridade portuaria no correspondente título. O Regulamento de explotación e policía determinará as razóns obxectivas derivadas da explotación portuaria ou de insuficiencia de instalacións de atracada dispoñibles que xustifiquen a utilización obrigatoria a favor de terceiros prestadores de servizos portuarios básicos.

O consello de administración aprobará, con carácter xeral, os supostos de cesión, as condicións dela e as tarifas máximas que serán percibidas consonte o disposto nesta lei polos titulares das concesións ou autorizacións, en función das características das instalacións portuarias.

Cando unha instalación fixa outorgada en concesión ou autorización impida o uso por terceiros dunha instalación de atracada, esta deberá ser, así mesmo, incorporada á devandita concesión ou autorización.

Artigo 107. *Prazo das concesións.*

1. O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente e non poderá ser superior a 35 anos. Para a fixación del teranse en conta os seguintes criterios:

a) Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.

b) Dispoñibilidade de espazo de dominio público portuario.

c) Volume de investimento e estudo económico-financieiro.

d) Prazo de execución das obras contidas no proxecto.

e) Adecuación á planificación e xestión portuarias.

f) Incremento de actividade que xere no porto.

g) Vida útil do investimento que vaia realiza-lo concesionario.

2. O vencemento do prazo da concesión deberá coincidir co da autorización de actividade ou co da licenza de prestación do servizo, e será improrrogable agás nos seguintes supostos:

a) Cando no título de outorgamento se previse expresamente a posibilidade dunha ou varias prórrogas; neste caso, por petición do titular e a xuízo da autoridade portuaria, poderá ser prorrogado, sen que o prazo inicial unido ó das prórrogas poida supera-lo prazo máximo de 35 anos.

Nas concesións que teñan como obxecto a prestación de servizos portuarios básicos, a suma do prazo inicial previsto na concesión e o das prórrogas non poderá exceder do establecido no artigo 66.1 que lle sexa de aplicación naqueles supostos en que o número de prestadores do servizo fose limitado.

b) Cando no título de outorgamento non se previse a posibilidade de prórroga, pero o concesionario leve a cabo un investimento relevante non previsto na concesión que, a xuízo da autoridade portuaria, sexa de interese para a explotación portuaria e que, en todo caso, sexa superior ó 20 por cento do valor actualizado do investimento previsto no título concesional, o prazo de vencemento poderá ser prorrogado, non podendo superar en total o prazo máximo de 35 anos. A prórroga da concesión determinará a modificación das súas condicións, que deberán ser aceptadas polo concesionario con anterioridade á resolución de outorgamento da prórroga.

Nas concesións que teñan como obxecto a prestación de servizos portuarios básicos, o prazo inicial unido ó

da prórroga non poderá exceder do previsto no artigo 66.1 que lle sexa de aplicación cando o número de prestadores do servizo fose limitado.

c) Excepcionalmente, naquelas concesións que sexan de interese estratéxico ou relevante para o porto, a autoridade portuaria, logo de informe vinculante de Portos do Estado, poderá autorizar prórrogas non previstas no título administrativo que, unidas ó prazo inicial, superen en total o prazo de 35 anos, sempre que o concesionario se comprometa a levar a cabo un investimento adicional, nos termos sinalados na alínea b) anterior, que supoña unha mellora da eficacia global do servizo prestado.

En calquera dos supostos anteriores, a suma dos prazos das prórrogas non poderá ser superior á metade do prazo inicial. Para o outorgamento de cada prórroga será necesario que transcorrese, polo menos, a terceira parte do prazo de vixencia da concesión, agás cando por circunstancias excepcionais sexa autorizado previamente por Portos do Estado, e que o concesionario se encontre ó día do cumprimento das obrigas derivadas da concesión.

Emporiso, cando no título de outorgamento non se previse a prórroga, as obras e instalacións realizadas polo titular ó abeiro da concesión demanial deberán reverter á autoridade portuaria unha vez transcorrido o prazo inicial do título administrativo, debéndose modificar este co fin de o adaptar ás novas circunstancias, incrementando a taxa por ocupación privativa do dominio público portuario na parte correspondente ás obras e instalacións revertidas.

SECCIÓN 2.^a PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DAS CONCESIÓNS

Artigo 108. *Iniciación do procedemento.*

O procedemento de outorgamento dunha concesión poderase iniciar por solicitude do interesado ou por concurso convocado para o efecto pola autoridade portuaria.

Artigo 109. *Requisitos da solicitude.*

1. Para que a autoridade portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude á que lle xuntará os seguintes documentos e xustificantes:

a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, se é o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica e xustificantes que se acrediten encontrar ó día no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente.

Considerarase que as empresas se encontran ó día das obrigas de carácter fiscal, cando concorran as circunstancias previstas no punto 1 do artigo 13 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. A acreditación do cumprimento das devanditas circunstancias efectuarase de conformidade co regulado no punto 2 do citado artigo.

b) Acreditación de solvencia económica, técnica e profesional para lles facer fronte ás obrigas resultantes da concesión.

c) Proxecto básico, que se deberá adaptar ó Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto ou, no seu defecto, ó Plan de Utilización dos Espacios Portuarios. Incluirá a descrición das actividades que se van desenvolver, características das obras e instalacións que se van realizar, que deberán ser conformes co plan director, posibles efectos ambientais e, se é o caso, estudo de impacto ambiental, extensión da zona de dominio

público portuario que se vai ocupar, orzamento estimado das obras e instalacións e outras especificacións que determine a autoridade portuaria.

d) Memoria económico-financieira da actividade que se vai desenvolver na concesión.

e) Cumprimento das condicións específicas para o exercicio da actividade obxecto da concesión.

f) Garantía provisional consonte o indicado no artigo 118 desta lei.

g) Outros documentos e xustificacións que sexan pertinentes.

2. Non se admitirán aquelas solicitudes que se opoñan de maneira notoria ó disposto no plan director, plan de utilización, plan especial, se é o caso, ou na normativa vixente, ou cando como consecuencia do seu outorgamento se poidan orixinar dentro do porto situacións de dominio do mercado susceptibles de afecta-la libre competencia na prestación dos servizos portuarios básicos ou nas actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria, arquivándose no prazo máximo de dous meses, sen máis trámite que a audiencia previa ó peticionario.

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos e estes fosen susceptibles de emenda, procederase para iso na forma prevista na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 110. *Procedemento de outorgamento.*

1. Presentada unha solicitude, a autoridade portuaria iniciará un trámite de competencia de proxectos, mediante anuncio, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», en que se indicará a apertura dun prazo dun mes para a presentación doutras solicitudes que teñan, segundo determine a autoridade portuaria, o mesmo ou distinto obxecto que aquela, e que deberán reunir os requisitos previstos no artigo anterior. O consello de administración, por proposta do director, que será elevada polo presidente, seleccionará aquela solicitude que, ó seu xuízo, teña maior interese portuario, motivado na captación de novos tráxicos, compatibilidade con outros usos, investimento, rendibilidade, entre outros, e continuará a tramitación consonte o indicado nos puntos seguintes, agás nos supostos previstos no artigo 111.1.b) en que se deberá convocar un concurso. A autoridade portuaria poderá decidir non iniciar-lo trámite de competencia de proxectos cando a superficie que vaia ser ocupada pola concesión sexa inferior a 2.500 metros cadrados ou para instalacións lineais, tales como tubaxes de fornecemento, emisarios submarinos, liñas telefónicas ou aéreas, conduccións de gas, entre outras, que sexan de uso público ou aproveitamento xeral.

2. A autoridade portuaria procederá, se é o caso, á confrontación do proxecto sobre o terreo e espacio de auga co fin de determina-la súa adecuación e viabilidade.

3. Así mesmo, someterase a información pública, durante un prazo non inferior a 20 días, co fin de se presentaren alegacións sobre a solicitude de concesión que se tramita. Este trámite poderase levar a cabo simultaneamente coa petición de informe ás administracións urbanísticas, cando non se encontre aprobado o Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto. Cando a solicitude teña como obxecto a ocupación de espazos de dominio público afectos ó servizo dos faros, deberá emitir informe favorable Portos do Estado.

O trámite de información pública servirá para formaliza-lo concernente ó procedemento de avaliación de impacto ambiental, nos casos en que aquel sexa preceptivo.

4. Poderase prescindir do trámite de información pública previsto no punto anterior para concesións que

teñan como obxecto a utilización total ou parcial de edificacións existentes, sempre que non se modifique a súa arquitectura exterior e sexa para usos autorizados no Plan Especial de Ordenación da Zona de Servicio do Porto ou, no seu defecto, no Plan de Utilización dos Espacios Portuarios.

5. O director emitirá informe en que se analizará a procedencia da solicitude de concesión. Naqueles proxectos que, de acordo coa lexislación vixente, se deban someter a algún tipo de avaliación de impacto ambiental, o informe será posterior á resolución do Ministerio de Medio Ambiente.

No caso de que o informe sexa desfavorable, o presidente elevarallo ó consello de administración co fin de que, logo de audiencia do interesado, se resolva o que estime procedente.

Se o informe fose favorable á solicitude de concesión, o director fixará as condicións en que podería ser outorgada esta e notificarallas ó peticionario que as deberá aceptar expresamente. Se este non fixese ningunha manifestación ó respecto no prazo concedido, procederase ó arquivo de tódalas actuacións, con perda da garantía constituída. Nos demais supostos, o presidente elevaralle ó consello de administración a proposta de resolución do director para que adopte o acordo que proceda.

6. No caso de que o consello de administración acorde a modificación dalgunha das condicións aceptadas polo peticionario, someteranse á súa nova aceptación nos termos previstos no punto anterior.

7. A resolución de outorgamento da concesión publicarase no "Boletín Oficial del Estado", facéndose constar, polo menos, a información relativa ó obxecto, prazo, taxas, superficie concedida e titular da concesión.

8. O prazo máximo para notificar a resolución do expediente da concesión será de oito meses, transcorrido o cal sen que recaese resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

Artigo 111. *Concursos.*

1. A autoridade portuaria poderá convocar concursos para o outorgamento de concesións no dominio público portuario. En calquera caso, deberanse convocar concursos nos seguintes supostos:

a) Concesións para a prestación de servizos portuarios básicos abertos ó uso xeral.

b) Concesións para terminais de pasaxeiros ou de manipulación e transporte de mercadorías dedicadas a usos particulares, cando haxa varias solicitudes de interese portuario ou cando no trámite de competencia de proxectos a que se refire o artigo anterior se presenten varios proxectos alternativos de igual ou similar interese portuario.

c) Concesións de dársenas e instalacións náutico-deportivas, construídas ou non por particulares.

d) Concesións de lonxas pesqueiras, construídas ou non por particulares.

2. A convocatoria do concurso suporá o arquivo dos expedientes de concesión en tramitación que resulten afectados, tendo dereito o solicitante ó cobramento dos gastos do proxecto se non resultase adxudicatario do concurso.

Os gastos do proxecto serán taxados nas bases do concurso e serán satisfeitos polo adxudicatario.

3. O consello de administración da autoridade portuaria aprobará o prego de bases do concurso e o prego de condicións que regularán o desenvolvemento da concesión:

a) O prego de bases do concurso conterá, polo menos, os seguintes extremos:

1.º Obxecto e requisitos para participar no concurso.

2.º Criterios para a súa adxudicación e ponderación deles.

3.º Garantía provisional.

b) O prego de condicións que regule o desenvolvemento da concesión deberase axustar ó prego de condicións xerais de concesións demaniais que aprobe o ministro de Fomento e, se é o caso, ó prego de condicións xerais da actividade ou do servizo que aprobe Portos do Estado e ás condicións particulares da autoridade portuaria.

4. A convocatoria do concurso publicarase no "Boletín Oficial del Estado", e poderanse presentar ofertas no prazo establecido, que non poderá ser inferior a 30 días. Estas ofertas serán abertas en acto público.

5. Correspóndelle ó consello de administración a resolución do concurso.

6. A oferta seleccionada polo consello de administración deberase someter á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento, se é o caso, da correspondente concesión.

Artigo 112. *Condicións de outorgamento.*

1. Entre as condicións de outorgamento da concesión deberán figurar, polo menos, as seguintes:

a) Obxecto da concesión.

b) Prazo de vixencia.

c) Zona de dominio público do que se concede a concesión.

d) Proxecto básico das obras ou instalacións autorizadas, coas prescricións que se fixen, e con inclusión, no caso de ocupación de espazos de auga, do balizamento que se deba establecer.

e) Condicións de protección do ambiente que, se é o caso, procedan, incluíndo as necesarias medidas correctoras e, en caso de que fose preceptiva, as condicións ou prescricións establecidas na correspondente resolución do Ministerio de Medio Ambiente.

f) Condicións especiais que se deban establecer nas concesións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as cales deberán figurar, polo menos, as que garantan a eficacia do servizo, independencia de accesos e medidas de seguridade.

g) Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario e taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

h) Garantía definitiva ou de construción e garantía de explotación.

i) Causas de caducidade, consonte o previsto no artigo 123 desta lei.

j) Actividade ou tráfico mínimo.

k) Outras condicións que a autoridade portuaria considere necesarias.

2. As obras executaranse consonte o proxecto de construción que en cada caso sexa aprobado pola autoridade portuaria, que completará o proxecto básico.

Os proxectos de construción axustaranse no que respecta ás súas esixencias técnicas, contido, supervisión e replanteo, ás mesmas condicións que as esixidas para as obras das autoridades portuarias.

Portos do Estado emitirá informe técnico dos proxectos de construción de obras de infraestrutura portuaria dos concesionarios que presenten características singulares desde o punto de vista técnico ou económico, con carácter previo á súa aprobación pola autoridade portuaria.

3. Así mesmo, durante a vixencia da concesión, o titular dela estará obrigado a facilitar a información técnica ou económica que lle solicite a autoridade portuaria

no exercicio das súas competencias, así como a manter en bo estado o dominio público portuario, obras e instalacións, debendo realizar, ó seu cargo, as reparacións que sexan precisas. A autoridade portuaria poderá inspeccionar, en todo momento, o estado de conservación dos bens obxecto da concesión e sinala-las reparacións que se deban levar a cabo cando estes afecten a conservación dos bens propios do título concesional.

SECCIÓN 3.^a DISPOSICIÓN APLICABLES ÁS CONCESIÓN

Artigo 113. *Modificación de concesións.*

1. A autoridade portuaria poderá autorizar por solicitude do interesado modificacións das condicións dunha concesión. Cando unha modificación sexa substancial, a solicitude deberase tramitar de acordo co establecido nos puntos 2 e seguintes do artigo 110 desta lei. Se a modificación non é substancial, requirirá unicamente informe previo do director da autoridade portuaria, que será elevado polo presidente ó consello de administración para a resolución que proceda.

2. Terán o carácter de modificacións substanciais as seguintes:

- a) Modificación do obxecto da concesión.
- b) Ampliación da superficie da concesión en máis dun 10 por cento da fixada na acta de recoñecemento. Para estes efectos, unicamente será admisible a ampliación da superficie con bens de dominio público estremeiros ós concedidos.
- c) Ampliación do volume ou superficie construída e inicialmente autorizada en máis dun 10 por cento.
- d) Ampliación do prazo da concesión, nos supostos establecidos nos puntos 2 b) e 2 c) do artigo 107.
- e) Modificación da localización da concesión.

No cómputo dos límites establecidos, teranse en conta os valores acumulados de modificacións anteriores.

Artigo 114. *Revisión de concesións.*

1. A autoridade portuaria revisará as condicións dunha concesión, modificándoa de oficio ou por instancia de parte, cando se dean as seguintes circunstancias:

- a) Cando se alterasen os supostos determinantes do seu outorgamento, de tal forma que as circunstancias obxectivas que serviron de base para o outorgamento da concesión variasen de modo que non sexa posible acadar substancialmente a finalidade da concesión.
- b) En caso de forza maior.
- c) Cando o esixa a súa adecuación ó Plan de Utilización dos Espacios Portuarios ou ó Plan Especial de Ordenación da Zona de Servicio do Porto.
- d) Cando o esixa a súa adecuación ás obras ou á ordenación de terminais previstas no plan director.

Nos dous últimos supostos, o concesionario prexudicado terá dereito a indemnización, que se calculará de conformidade co disposto no artigo 124.6 desta lei. No suposto de que a revisión supoña unha modificación da localización da concesión, deberanse aboar, ademais, os gastos que orixine o traslado.

Cando a revisión da concesión determine redución da superficie outorgada, tramitarase como un rescate parcial da concesión. Así mesmo, cando a revisión da concesión determine que a continuidade da explotación dela resulte antieconómica, o titular poderá solicita-lo rescate total da concesión.

2. O procedemento será o que corresponda, segundo que a modificación sexa ou non substancial.

Artigo 115. *División de concesións.*

1. A concesión poderase dividir por petición do titular, logo de autorización da autoridade portuaria, nas condicións que esta dicte e sempre que as obras ou instalacións poidan ser explotadas independentemente.

O titular da primitiva concesión será o único destinatario das novas concesións.

2. Previamente á resolución sobre a solicitude de división, a autoridade portuaria comunicarlle ó petionario as condicións en que se podería levar a cabo. O prazo de cada unha das concesións resultantes non será superior ó que reste da concesión primitiva, e o obxecto de cada unha delas deberá estar incluído no obxecto da primitiva concesión.

Aceptadas as condicións, o consello de administración da autoridade portuaria dictará a correspondente resolución. No caso de denegación, manterase a primitiva concesión administrativa nas condicións en que foi outorgada.

Artigo 116. *Renovación de determinadas concesións.*

1. Cando o obxecto dunha concesión de ocupación de dominio público portuario, extinguida polo transcurso do prazo previsto no artigo 107 desta lei, fose o exercicio dunha actividade amparada por outro título outorgado pola Administración do Estado por un prazo superior, para a extracción de recursos minerais ou para usos enerxéticos ou industriais, o seu titular poderá solicitar, con antelación á súa extinción, que se lle outorgue unha nova concesión de ocupación de dominio público portuario por un prazo igual ó que reste de vixencia á concesión da actividade extractiva, enerxética ou industrial, cun máximo de 35 anos. Esta renovación da concesión poderase reiterar ata completa-lo prazo superior.

2. Para o outorgamento da nova concesión de utilización do dominio público, será condición necesaria que se manteña a mesma actividade para a que se outorgou a concesión inicial, que se encontre o concesionario ó corrente no cumprimento das obrigas derivadas da anterior concesión, e que sexan aceptadas as condicións do novo título concesional.

Artigo 117. *Actos de transmisión e de gravame.*

1. En caso de falecemento do concesionario, os seus habentes causa, a título de herdo ou legado, poderán subrogarse, no prazo dun ano, nos dereitos e obrigas daquel. Transcorrido o devandito prazo sen manifestación expresa á autoridade portuaria, entenderase que renuncian á concesión.

Se houber varios herdeiros, a autoridade portuaria poderá esixirlles que designen un representante para tódolos efectos.

2. Logo de autorización da autoridade portuaria, as concesións poderanse transmitir por «actos inter vivos», subrogándose o novo titular nos dereitos e obrigas derivados da concesión. A autoridade portuaria poderá exercer-las dereitos de tanteo e retracto no prazo de tres meses. Este prazo computarase, no primeiro caso, desde a notificación polo concesionario das condicións en que vai proceder a transmiti-la concesión, entre as que necesariamente se terán que reflecti-las relativas ó prezo e formas de pagamento. E, no caso do retracto, desde que teña coñecemento expreso a autoridade portuaria.

3. Para que a autoridade portuaria autorice a transmisión dunha concesión deberanse cumprir, polo menos, as seguintes condicións:

- a) Que o concesionario se encontre ó día no cumprimento de tódalas obrigas derivadas da concesión.

b) Que o novo titular reúna os requisitos esixidos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión.

c) Que, desde a súa data de outorgamento, transcorrese, polo menos, un prazo de dous anos. Excepcionalmente, a autoridade portuaria poderá autorizar a súa transmisión antes de que transcorra o devandito prazo, sempre que se executasen polo menos un 50 por cento das obras que, se é o caso, fosen aprobadas.

d) Que non se orixinen situacións de dominio do mercado susceptibles de afectar a libre competencia dentro do porto, na prestación dos servizos portuarios básicos ou nas actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria, de acordo co establecido no punto 4.

Nos supostos de remate xudicial, administrativo ou adxudicación de bens por non-pagamento de créditos hipotecarios, o novo concesionario deberase subrogar nas obrigas derivadas da concesión do antigo titular, e cando non reúna os requisitos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión deberá proceder na forma establecida no punto 8.

4. O alleamento das accións, participacións ou cotas dunha sociedade, comunidade de bens ou outros entes sen personalidade xurídica que teñan como actividade principal a explotación da concesión, esixirá a autorización da autoridade portuaria sempre que poida supor que o adquirente obteña unha posición que lle permita influír de maneira efectiva na xestión ou control da devandita sociedade ou comunidade.

No suposto de que a concesión teña por obxecto a prestación dun servizo portuario básico ou o desenvolvemento dunha actividade ou servizo comercial directamente relacionado coa actividade portuaria, a transmisión non poderá ser autorizada cando o adquirente sexa titular dunha concesión co mesmo obxecto ou teña unha participación directa ou indirecta que lle permita influír de maneira efectiva nunha sociedade ou comunidade titular dunha concesión o obxecto da cal sexa o mesmo, sempre que teña unha posición dominante na actividade obxecto da concesión dentro do porto ou cando como consecuencia da adquisición a poida adquirir.

Para a determinación das situacións de influencia efectiva na xestión ou control dunha entidade e de tenza de posición dominante no porto seguirase o disposto no artigo 77.1 desta lei.

5. Se a sociedade titular cambia de denominación social, estará obrigada a notificarllo á autoridade portuaria.

6. No suposto de adxudicación da concesión mediante remate xudicial ou administrativo, a autoridade portuaria poderá exercer-lo dereito de retracto no prazo de tres meses, contados desde o momento en que aquela teña coñecemento da adxudicación.

7. A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre as concesións deberá ser previamente autorizada pola autoridade portuaria.

8. Se o adxudicatario dunha concesión mediante remate xudicial ou administrativo ou os herdeiros dun concesionario non cumprisen os requisitos establecidos neste artigo, os novos titulares da concesión deberán transferir, no prazo de 12 meses, a un novo concesionario que, para estes efectos, non presente limitación ningunha.

9. Non se inscribirá no Rexistro da Propiedade a transmisión das concesións ou a constitución de dereitos reais sobre elas sen que se achegue certificación da autoridade portuaria acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos neste artigo e das cláusulas da concesión.

SECCIÓN 4.^a GARANTÍAS

Artigo 118. *Garantía provisional e garantía definitiva.*

1. Os peticionarios de concesións de dominio público portuario reguladas nesta lei acreditarán ante a autoridade portuaria competente, ó presentaren a solicitude, a prestación de garantía provisional, por un importe do dous por cento do orzamento das obras e instalacións adscritas á concesión, das que a realización se propoña, que non poderá ser inferior a 3.000 euros.

2. Outorgada a concesión, constituirase garantía definitiva ou de construción, equivalente ó cinco por cento do orzamento total das obras e instalacións adscritas á concesión incluídas no proxecto, que responderá da execución das obras e do resto de obrigas derivadas da concesión.

Se o concesionario non constitúe a garantía no prazo establecido no título administrativo, entenderase que renuncia á concesión.

3. Se o interesado desistise inxustificadamente, a xuízo da autoridade portuaria, da petición ou renunciase ó título, perderá a garantía constituída.

4. A garantía definitiva ou de construción será devolta ó concesionario no prazo dun mes desde a aprobación polo director do recoñecemento das obras e instalacións, agás nos casos de renuncia e caducidade, con dedución das cantidades que, se é o caso, se deban facer efectivas en concepto de penalizacións e responsabilidades en que puidese incorre-lo concesionario fronte á autoridade portuaria. Previamente á devolución desta garantía deberase ter constituída a garantía de explotación.

Artigo 119. *Garantía de explotación.*

1. A garantía de explotación responderá de tódalas obrigas derivadas da concesión, das sancións que por incumprimento das condicións dela se lle poidan impor ó seu titular e dos danos e perdas que tales incumprimentos poidan ocasionar.

2. A garantía de explotación determinarase en función do importe anual das taxas que deberá aboa-lo concesionario, e non poderá ser inferior á metade do devandito importe nin superior ó importe anual delas, debéndose actualizar cada cinco anos, en función do importe das taxas na data de actualización.

3. A garantía de explotación será devolta á extinción da concesión, con dedución das cantidades que, se é o caso, se deban facer efectivas en concepto de penalización ou responsabilidades en que puidese incorre-lo concesionario fronte á autoridade portuaria.

Artigo 120. *Disposicións comúns.*

1. As garantías a que se refire esta lei constituiranse á disposición do presidente da autoridade portuaria, serán de carácter solidario respecto ó obrigado principal, con inclusión de renuncia expresa ós beneficios de orde, división e excusión, de natureza irrevogable e de execución automática por resolución do presidente. Para facer efectivas estas garantías, as autoridades portuarias terán preferencia sobre calquera outro acredor sexa cal for a natureza dos créditos e o título en que funden a súa pretensión.

2. Se a autoridade portuaria executase total ou parcialmente a garantía definitiva ou a de explotación, o concesionario estará obrigado a completalas ou repónelas no prazo dun mes.

CAPÍTULO VII

Extinción de autorizacións e concesións

Artigo 121. *Causas de extinción.*

As autorizacións e concesións extinguíranse por:

- a) Vencemento do prazo de outorgamento.
- b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c) Renuncia do titular, que só poderá ser aceptada pola autoridade portuaria cando non lles cause prexuízo a esta ou a terceiros.
- d) Mutuo acordo entre a autoridade portuaria e o titular.
- e) Disolución ou extinción da sociedade, agás nos supostos de fusión ou escisión.
- f) Revogación.
- g) Caducidade.
- h) Rescate, cando se trate de concesións.
- i) Extinción da autorización ou da licenza da que o título demanial sexa soporte.

Artigo 122. *Revogación de autorizacións e concesións.*

1. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente, en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario. Corresponderalle á autoridade portuaria apreciar as circunstancias anteriores mediante resolución motivada, logo de audiencia do titular da autorización.

2. As concesións poden ser revogadas pola autoridade portuaria, sen dereito a indemnización, cando se alterasen os supostos determinantes do seu outorgamento que impliquen a imposibilidade material ou xurídica da continuación no disfrute da concesión e en casos de forza maior, cando, en ámbolos supostos, non sexa posible a revisión do título de outorgamento.

Artigo 123. *Caducidade.*

1. Serán causa de caducidade da autorización ou concesión, os seguintes incumprimentos:

- a) Non iniciación, paralización ou non terminación das obras por causas non xustificadas, durante o prazo que se fixe nas condicións do título.
- b) Non-pagamento dunha liquidación por calquera das taxas xiradas pola autoridade portuaria durante un prazo de seis meses, no caso das autorizacións, e de 12 meses no caso das concesións.

Para iniciar o expediente de caducidade será suficiente que non se efectuase o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo se antes de dictar resolución se produce o aboamento do debido, no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ó respecto fixe a autoridade portuaria.

c) Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de seis meses, no caso de autorizacións, e de 12 meses no caso das concesións, a non ser que, a xuízo da autoridade portuaria, obedeza a causa xustificada.

- d) Ocupación do dominio público non outorgado.
- e) Incremento da superficie, volume ou altura das instalacións en máis do 10 por cento sobre o proxecto autorizado.
- f) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.

g) Cesión a un terceiro do uso total ou parcial, sen autorización da autoridade portuaria.

h) Transferencia do título de outorgamento, sen autorización da autoridade portuaria.

i) Constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía, sen autorización da autoridade portuaria.

j) Non reposición ou complemento das garantías definitiva ou de explotación, logo de requirimento da autoridade portuaria.

k) Incumprimento doutras condicións a inobservancia das cales estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento.

2. Para declara-la caducidade, seguirase o seguinte procedemento, debendo notificarse a súa resolución expresa no prazo de seis meses desde o acordo de incoación:

a) Constatada a existencia dalgún dos supostos referidos, o director da autoridade portuaria incoará o correspondente expediente de caducidade, podendo adoptar as medidas de carácter provisional que estime convenientes, o cal se porá en coñecemento do titular, concedéndolle un prazo de 10 días para que formule as alegacións e achegue os oportunos documentos e xustificacións.

As medidas de carácter provisional poderán consistir na paralización inmediata das obras, a suspensión da actividade, o uso e a explotación das instalacións, a prestación de garantías e calquera outra que resulte necesaria para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer. Para logra-la efectividade de tales medidas a autoridade portuaria solicitará da autoridade gubernativa competente, cando sexa necesario, a colaboración da forza pública.

b) Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo para as levar a cabo, o director da autoridade portuaria dictará proposta de resolución que lle será elevada polo presidente ó consello de administración, logo de dictame do Consello de Estado en caso de que se trate de concesións e se formule oposición, de acordo co previsto no artigo 22.12 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

3. A declaración de caducidade comportará a perda das garantías constituídas.

Artigo 124. *Rescate de concesións.*

1. En caso de que o dominio público outorgado fose necesario, total ou parcialmente, para a execución de obras, a ordenación de terminais ou a prestación de servizos portuarios e que, para realizar aquelas ou prestar estes, fose preciso dispor dos bens outorgados en concesión ou utilizar ou demoler as obras autorizadas, a autoridade portuaria, logo de indemnización ó titular, poderá proceder ó rescate da concesión.

2. O rescate da concesión esixirá a previa declaración do interese portuario das obras ou dos servizos e o acordo da necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados por aqueles. Correspóndelle ó consello de administración a declaración do interese portuario e ó presidente, logo de audiencia do interesado, o acordo de necesidade de ocupación. A declaración de urxencia da ocupación, cando proceda, correspóndelle adoptala ó ministro de Fomento.

O interese portuario entenderase implícito coa aprobación dos plans de utilización dos espazos portuarios. Así mesmo, a aprobación dos proxectos levará implícita a declaración do interese portuario das obras e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados por elas.

3. Cando o rescate implique a necesidade de ocupación de só unha parte da concesión, de tal modo que

como consecuencia daquel resulte antieconómica para o concesionario a explotación da parte non rescatada, o titular poderá solicitar da autoridade portuaria o seu rescate total.

4. A autoridade portuaria e o titular da concesión poderán convi-lo valor do rescate.

No suposto de non chegar a un acordo, o valor do rescate será fixado pola autoridade portuaria de conformidade cos criterios establecidos no punto 6 deste artigo. Esta valoración seralle notificada ó concesionario co fin de que, no prazo de 10 días, presente as alegacións que coide pertinentes.

5. O director da autoridade portuaria, á vista das alegacións formuladas, dictará proposta de resolución.

No caso de que o concesionario manifestase oposición ó rescate, deberase solicitar dictame do Consello de Estado, de conformidade co establecido no artigo 22.12 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

Correspóndelle ó consello de administración da autoridade portuaria dicta-la correspondente resolución.

6. A valoración das concesións, en caso de rescate total ou parcial, atenderá ós seguintes conceptos:

a) O custo das obras rescatadas actualizadas co IPC, multiplicado polo cociente entre o período de concesión restante e o total.

En calquera caso, non se terán en conta as obras e instalacións realizadas polo concesionario sen previa autorización da autoridade portuaria, que pasarán ó dominio público portuario sen dereito a indemnización.

b) A perda de beneficios imputables ó rescate total ou parcial da concesión durante o período de concesión restante, cun máximo de tres anualidades. Para iso, computarase o beneficio medio anual das actividades ordinarias realizadas na concesión nos catro exercicios anteriores, ou nos dous últimos exercicios se é máis favorable para o concesionario.

7. O pagamento do valor do rescate poderase realizar en diñeiro, mediante o outorgamento doutra concesión ou, en caso de rescate parcial, coa modificación das condicións da concesión. Nestes dous últimos supostos requirirase a conformidade do concesionario.

Artigo 125. *Efectos da extinción.*

1. Extinguida a autorización ou concesión, o titular terá dereito a retirar fóra do espazo portuario os materiais, equipos ou instalacións desmontables que non revertan gratuitamente á autoridade portuaria en función do previsto no título, estando obrigado a facelo cando así o determine a autoridade portuaria, a cal poderá efectua-la retirada con cargo ó titular da autorización ou concesión extinguida, cando este non a efectúe no momento ou prazo que se lle indique.

2. En tódolos casos de extinción dunha concesión, a autoridade portuaria decidirá sobre o mantemento das obras e instalacións non desmontables, que reverterán gratuitamente e libre de cargas á autoridade portuaria, ou decidirá o seu levantamento e retirada do dominio público por aquel e ás súas expensas.

Se a autoridade portuaria non se pronunciasse expresamente, entenderase que opta polo seu mantemento, sen prexuízo de que, previamente á data de extinción, poida decidi-lo seu levantamento e retirada.

No caso de que a autoridade portuaria optase polo levantamento das obras e instalacións, o titular retiraraas no prazo fixado por aquela, podendo a autoridade portuaria executar subsidiariamente os traballos que non efectuase o titular no prazo concedido.

Se a autoridade portuaria optase polo mantemento, o titular procederá á reparación das obras e instalacións no prazo e condicións indicados por aquela.

A autoridade portuaria, sen máis trámite, tomará posesión dos bens e instalacións, podendo solicitar ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía a suspensión da correspondente subministración.

3. A autoridade portuaria non asumirá ningún tipo de obriga laboral ou económica do titular da autorización ou concesión, vinculada ou non á actividade obxecto do título extinguido.

CAPÍTULO VIII

Do contrato de concesión de obras públicas portuarias

Artigo 126. *O contrato de concesión de obras públicas portuarias.*

1. As autoridades portuarias poderán promover a construción de obras públicas portuarias en réxime de concesión administrativa.

2. No ámbito portuario, os contratos de concesión de obras públicas terán por obxecto a construción e explotación ou soamente a explotación sempre que se encontren abertas ó uso público ou aproveitamento xeral:

a) Dun novo porto ou unha parte nova dun porto que sexan susceptibles de explotación totalmente independente.

b) De infraestructuras portuarias de defensa, de abrigo, de accesos marítimos, de peiraos e outras obras de atracada.

3. A construción e explotación da obra pública portuaria obxecto da concesión efectuarase a risco e ventura do concesionario, quen asumirá os riscos económicos derivados da súa execución e explotación nos termos e co alcance previstos na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

Sen prexuízo do anterior, o contrato de concesión de obra pública portuaria recoñeceralle ó concesionario o dereito a percibir unha retribución consistente na explotación da totalidade ou de parte da obra, ou o devandito dereito acompañado do de percibir un prezo ou o outorgamento dunha concesión demanial, ou en calquera outra modalidade de financiamento das obras reguladas na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

Para estes efectos, enténdese por explotación dunha obra pública portuaria a posta á disposición dela a favor dos prestadores de servizos ou dos usuarios daquela para a súa ocupación, utilización ou aproveitamento, a cambio da correspondente retribución económica.

4. No caso de que o contrato teña como único obxecto a explotación de obras xa construídas, o concesionario virá así mesmo obrigado á conservación, reparación ou reposición da obra principal e das accesorias consonte o previsto na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

5. O contrato de concesión de obras públicas portuarias habilitará directamente para a ocupación do dominio público en que se deba construí-la obra pública portuaria que constitúa o seu obxecto, sendo de aplicación o disposto nesta lei para os efectos do réxime económico e de utilización do dominio público portuario estatal.

6. O contrato de concesión de obras públicas portuarias non habilita o contratista para prestar servizos portuarios básicos sobre a obra que constitúe o seu obxecto. A prestación de servizos portuarios básicos sobre esta infraestructura requirirá a obtención da licenza correspondente, de acordo co previsto no título III desta lei.

7. Nos pregos de condicións das concesións de obras públicas portuarias que vaian servir de soporte para a prestación de servizos portuarios básicos, deberá sinalar expresamente se se vai admitir a utilización dela por tódolos titulares de licencias ou por un único prestador. No primeiro caso, imponse ó adxudicatario a obriga de admitir a ocupación ou utilización da obra polos titulares de licencias de prestación de servizos portuarios básicos abertos ó uso xeral a cambio da correspondente retribución económica. No segundo suposto, cada licitador deberá sinalar expresamente se, en caso de resultar adxudicatario, vai prestar por si ou a través dun terceiro tales servizos. En calquera caso, a autoridade portuaria deberá establecer as previsións que garantan que a prestación dos servizos portuarios básicos se fará respectando o establecido no título III desta lei. Todo iso deberá estar recollido na documentación que aprobe a autoridade portuaria para a licitación, na que constitúe a oferta de cada licitador e, finalmente, no propio contrato.

8. As concesións de obras públicas portuarias outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares, que non poderá exceder de 40 anos.

Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados de forma expresa ata o límite establecido no parágrafo anterior e reducidos de acordo co previsto na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados potestativamente, máis alá do límite establecido, ata os 60 anos, co único e exclusivo obxecto de restablece-lo equilibrio económico do contrato ou, excepcionalmente, para satisfacer os dereitos dos acredores no caso en que os dereitos de crédito do concesionario fosen obxecto de titulación. Nestes casos deberá emitir informe vinculante Portos do Estado.

9. Portos do Estado emitirá informe técnico sobre os proxectos de obras portuarias que se vaian realizar ó abeiro dun contrato de concesión de obras públicas portuarias.

10. Co fin de lle dar cumprimento ó previsto no artigo 35.5 da Lei de Portos do Estado e da mariña mercante, previamente á aprobación do proxecto correspondente a un novo porto comercial, por orde do Ministerio de Fomento resolverase sobre a inclusión do futuro porto no ámbito competencial dunha autoridade portuaria xa existente ou dunha autoridade portuaria creada para o efecto, que será quen adxudique o correspondente contrato de concesión de obras públicas portuarias.

11. En materia de obras públicas portuarias terase que segui-lo disposto nesta lei e na Lei de portos do Estado e da mariña mercante, sen prexuízo de que en todo aquilo non previsto nelas serán de aplicación, para o contrato de concesión de obras públicas portuarias, as prescricións contidas na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

CAPÍTULO IX

Medios de execución

Artigo 127. *Execución forzosa.*

A autoridade portuaria poderá proceder, logo de apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos, agás nos supostos en que se suspenda a execución deles, ou cando a Constitución ou a lei esixan a intervención dos tribunais.

A execución forzosa das resolucións das autoridades portuarias rexerese polo establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 128. *Desafiuamento administrativo.*

O desafiuamento administrativo dos que ocupen de forma indebida e sen título bastante bens do dominio público portuario acordarase logo de requirimento ó usurpador para que cese na súa actuación, cun prazo de 10 días para que poida presentar alegacións, e en caso de resistencia activa ou pasiva ó devandito requirimento. Os gastos que se causen serán por conta dos desafiuados.

Correspóndelle ó consello de administración acordalo desafiuamento, podendo solicitar da autoridade gubernativa correspondente a colaboración das forzas e corpos de seguridade, cando sexa necesario.

CAPÍTULO X

Do ambiente e da seguridade

Artigo 129. *Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.*

1. Prohíbense as verteduras ou emisións contaminantes, xa sexan sólidas, líquidas ou gasosas, no dominio público portuario, procedentes de buques ou de medios flotantes de calquera tipo.

Non teñen a consideración de verteduras as obras de recheo con materiais de orixe terrestre ou marítima para a modificación ou ampliación de portos.

2. As instalacións de manipulación e transporte de mercadorías, as refinerías de petróleo, as factorías químicas e petroquímicas, as instalacións de almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, as instalacións para o abastecemento de combustibles a buques, os estaleiros e instalacións de reparación naval, así como calquera outra actividade comercial ou industrial que se desenvolva no dominio público portuario, deberán contar con medios suficientes para a prevención e loita contra a contaminación accidental, mariña, atmosférica e terrestre, de acordo co establecido na normativa aplicable e, se é o caso, nos pregos reguladores dos servizos portuarios básicos, nos pregos de condicións xerais para a prestación de servizos comerciais e nas condicións particulares fixadas pola autoridade portuaria no contido das licencias ou nas cláusulas das autorizacións e concesións.

Estas instalacións deberán contar cun plan de continxencias por contaminación accidental, que será tido en conta pola autoridade portuaria correspondente para a elaboración do plan interior de continxencias do porto, que será aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable. O plan interior de continxencias formará parte das ordenanzas do porto.

A dispoñibilidade destes medios será esixida pola autoridade portuaria para autorizar a prestación dos servizos e o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no punto anterior.

3. As autoridades portuarias colaborarán coas administracións competentes na prevención e control das emerxencias por contaminación accidental na zona de servizo dos portos que xestionen.

4. Tódalas verteduras desde terra ó mar requirirán autorización da Administración competente, sen prexuízo da autorización ou concesión de ocupación de dominio público que, se é o caso, outorgará a autoridade portuaria.

Artigo 130. *Recepción de refugallo e residuos procedentes de buques.*

1. O refugallo xerado por buques deberase descargar á terra, debendo solicitar para tal efecto o servizo de recepción de refugallo xerado por buques regulado no artigo 87 desta lei.

2. As refineries de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval deberán dispor, nas proximidades das terminais e peiraos, de instalacións para a recepción e o tratamento de residuos da carga dos buques con destino ás devanditas instalacións, as augas de limpeza de bodegas, de lastre ou de sentinas, así como dos medios necesarios para previr e combater os derramos.

A dispoñibilidade destas instalacións e medios será esixida pola autoridade portuaria para autorizarlo funcionamento das instalacións portuarias incluídas no punto anterior, sen prexuízo das autorizacións que sexan esixibles por outras administracións.

No suposto de buques que non teñan como destino algunha das instalacións referidas no parágrafo anterior, corresponderalles ás empresas que efectúen as operacións de carga ou descarga do buque garanti-la recepción de residuos de carga procedentes del, se os houber, así como os que se encontren nas zonas de tránsito e manobra, evitando e combatendo, se é o caso, os derramos accidentais.

Artigo 131. *Obras de dragaxe.*

1. Toda execución de obras de dragaxe ou a vertedura dos produtos de dragaxe no dominio público portuario, sobre a base do correspondente proxecto, requirirá autorización da autoridade portuaria.

Cando as obras de dragaxe ou a vertedura dos produtos de dragaxe poidan afecta-la seguridade da navegación na zona portuaria, particularmente nas canles de acceso e nas zonas de fondeo e manobra, esixirase informe previo e favorable da Administración marítima.

2. As obras de dragaxe que se executen fóra do dominio público portuario para recheos portuarios requirirá autorización da correspondente demarcación ou servizo periférico de costas. Así mesmo, a vertedura fóra das augas da zona de servizo do porto dos produtos das dragaxes portuarias deberá ser autorizada pola Administración marítima, logo de informe da demarcación ou servizo periférico de costas.

3. Os proxectos de dragaxe incluírán un estudo da xestión dos produtos de dragaxe, e en particular a localización da zona ou zonas de vertedura e o seu tratamento.

Respecto da dragaxe portuaria, incorporárase ó proxecto, cando proceda, un estudo sobre a posible localización de restos arqueolóxicos que se someterán a informe da Administración competente en materia de arqueoloxía. Cando a dragaxe se execute fóra da zona I ou interior das augas portuarias, incluírase, ademais, un estudo de avaliación dos seus efectos sobre a dinámica litoral e a biosfera mariña, que se someterá a informe das administracións competentes en materia de pesca e ambiente con carácter previo á súa autorización.

Con relación ás verteduras procedentes das obras de dragaxe deberanse efectuar estudos ou análises necesarios que permitan valora-los efectos da actuación sobre a sedimentoloxía litoral e a biosfera submarina, así como, se é o caso, a capacidade contaminante das verteduras, e someterase a informe das administracións competentes en materia de ambiente e de pesca.

A autoridade portuaria remitiralles á Administración marítima e á comunidade autónoma correspondente os datos das cantidades vertidas do material de dragaxe, a localización da zona ou zonas de vertedura e, cando exista risco de que o posible desprazamento do material afecte a navegación marítima, remitiráselle a aquela os resultados do seguimento da evolución do devandito material vertido.

Cando o proxecto de dragaxe se someta, independentemente ou xunto a outros proxectos, ó procedemento previsto na lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, deberanse incluí-los estudos mencionados e solicitarse así mesmo os informes da Administración marítima e das administracións competentes en materia de ambiente, pesca e arqueoloxía no curso do devandito procedemento.

Artigo 132. *Plans de emerxencia e seguridade.*

1. A autoridade portuaria controlará no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte a admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas, así como o cumprimento das obrigas de coordinación de actividades establecido no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e da normativa que afecte os sistemas de seguridade, incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das administracións públicas e das responsabilidades que nesta materia lles correspondan ós usuarios e concesionarios do porto.

2. De acordo co previsto na lexislación vixente sobre prevención e control de emerxencias, cada autoridade portuaria elaborará un plan de emerxencia interior para cada porto que xestiona, o cal, unha vez aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable, formará parte das ordenanzas portuarias.

3. Cada autoridade portuaria elaborará, logo de informe favorable do Ministerio do Interior e do órgano autonómico con competencias en materia de seguridade pública sobre aqueles aspectos que sexan da súa competencia, un plan para a protección de buques, pasaxeiros e mercadorías nas áreas portuarias contra actos antisociais e terroristas que, unha vez aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable, formará parte das ordenanzas portuarias.

Disposición adicional primeira. *Rendibilidade do sistema portuario.*

O obxectivo de rendibilidade anual para o conxunto do sistema portuario, a que se refire o artigo 16.a) desta lei, establécese inicialmente no tres por cento.

Disposición adicional segunda. *Modificación do anexo I.*

Por orde do ministro de Fomento poderanse modificar os grupos e a asignación das mercadorías que figuren en cada un destes.

Disposición adicional terceira. *Publicidade dos concursos.*

As convocatorias dos concursos para o outorgamento de concesións e licencias de prestación de servizos portuarios básicos previstas nesta lei e a súa adxudicación, publicaranse, cando fose esixible, no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas».

Disposición adicional cuarta. *Xornada laboral dos traballadores nos servizos técnico-náuticos.*

Consideraranse aplicables ós servizos técnico-náuticos polo que se refire ós traballadores que interveñan neles, e en especial para efectos do réxime de xornada

de traballo, as regras que, en canto a prolongación de traballo efectivo con tempo de permanencia ou dispoñibilidade se conteñen na sección IV do capítulo II do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro.

Correspóndelle á Administración marítima determinar os tempos máximos de traballo efectivo dos prácticos e os seus períodos mínimos de descanso, por razóns de seguridade marítima.

Disposición adicional quinta. *Profesionalización dos traballadores dos servizos portuarios básicos.*

1. Co obxecto de garanti-la profesionalidade e a adecuada cualificación do persoal que interveña na realización dos servizos portuarios básicos, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, creará a correspondente titulación nos programas de estudo de formación profesional, e establecerá, se é o caso, especialidades para os distintos servizos portuarios, sen prexuízo das cualificacións profesionais esixidas pola Administración marítima para o persoal embarcado.

2. Para poder realiza-las tarefas directamente relacionadas coas operacións comprendidas nos servizos portuarios básicos de amarre e desamarre e carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo, os traballadores das empresas prestadoras dos citados servizos deberán contar con algunha das titulacións que a continuación se relacionan e supera-las probas de aptitude mencionadas no punto 5 desta disposición.

a) A titulación específica a que se refire o punto 1 desta disposición.

b) Algunha das titulacións de formación profesional de grao medio ou superiores que sexan declaradas equivalentes ás mencionadas na alínea a) por orde ministerial de Fomento, que será dictada, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, logo de audiencia das organizacións sindicais e empresariais máis representativas e representativas do sector e oído o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.

3. Non será esixible o requisito da titulación nin a realización das probas de aptitude a que se refire o punto 5 da presente disposición exclusivamente para as tarefas correspondentes á actividade profesional que viñesen realizando á entrada en vigor desta lei, nas operacións comprendidas nos servizos portuarios básicos de amarre e desamarre e carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo, ós traballadores de empresas prestadoras dos citados servizos que cumpran os requisitos e condicións seguintes:

a) Os estibadores portuarios das sociedades estatais de estiba e desestiba, así como os que teñan suspendida a relación laboral especial e presten servizos en réxime de relación laboral común en empresas titulares de concesións para a xestión do servizo público de estiba e desestiba.

b) Os estibadores a que se refire a disposición transitoria segunda 2 do Real decreto lei 2/1986, que teñan recoñecida esta condición á entrada en vigor desta lei.

c) Os traballadores que dispoñan dun certificado de profesionalidade de acordo co establecido na disposición adicional sétima da Lei 10/1994.

d) Os que á entrada en vigor desta lei viñesen prestando servizos en tarefas de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías que estivesen excluídas do servizo público ó abeiro do artigo 2.g) do Real decreto lei 2/1986.

e) Os que presten o servizo de amarre e desamarre de buques en empresas amparadas polo correspondente contrato coa autoridade portuaria.

4. Non lles será esixible o requisito da titulación, aínda que deberán supera-la proba de aptitude a que

se refire o punto 5 desta disposición, os traballadores que acrediten a realización de máis de 100 xornadas de traballo no último ano natural anterior á constitución das agrupacións portuarias de interese económico, ó abeiro do artigo 12 do Real decreto lei 2/1986.

5. Portos do Estado aprobará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, logo de audiencia das organizacións empresariais e sindicais representativas no sector e de ámbito nacional, a regulación do contido mínimo das probas de aptitude que deberán realiza-las agrupacións portuarias de interese económico e as empresas do punto 1 da disposición adicional sétima que acrediten a idoneidade necesaria dos traballadores para a súa contratación polos referidos empregadores.

Disposición adicional sexta. *Transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba en agrupacións portuarias de interese económico.*

1. No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei procederase á transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba constituídas de conformidade co Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques, nas agrupacións portuarias de interese económico que se regulan nesta disposición:

1. Normativa aplicable. Créanse as agrupacións portuarias de interese económico, que terán personalidade xurídica, carácter mercantil e que se rexerán polo disposto nesta lei e supletoriamente pola Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico.

2. Finalidade. A finalidade da agrupación portuaria de interese económico é facilita-lo desenvolvemento e mellora-los resultados da actividade dos seus socios, como consecuencia da irregularidade da demanda de man de obra necesaria para a realización das actividades incluídas no servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías.

3. Obxecto. A agrupación portuaria de interese económico terá por obxecto pór á disposición dos seus socios os traballadores que desenvolvan as actividades que integran o servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías que non se poidan realizar con persoal propio do cadro de persoal daqueles de conformidade co título IV do Real decreto lei 2/1986. Así mesmo, a agrupación portuaria de interese económico poderá pór á disposición traballadores para desenvolver actividades complementarias dos servizos básicos ós que se refire o artigo 85.1.1.4 da lei ós socios que, debidamente autorizados, as realicen. Igualmente será obxecto destas agrupacións a formación continua dos traballadores que garanta a profesionalidade no desenvolvemento das tarefas portuarias ós seus traballadores, para o efecto do cal os socios estarán obrigados a colaborar coa agrupación facilitando os medios que sexan necesarios.

4. Responsabilidade dos socios. Os socios da agrupación portuaria de interese económico responderán polas débedas desta, persoal e mancomunadamente entre si, en proporción á súa participación no capital social.

A responsabilidade dos socios é subsidiaria da da agrupación portuaria de interese económico.

5. Denominación. A denominación de cada agrupación será necesariamente «Sociedade de Estiba e Desestiba» do porto de interese xeral en que exerzan a súa actividade, e deberá figura-la expresión «Agrupación Portuaria de Interese Económico», ou as siglas APIE, que serán exclusivas desta clase de sociedades.

6. Participación no capital social. A participación inicial de cada un dos socios no capital social da agrupación será a mesma que a que lle correspondía na sociedade estatal de que formaba parte. A cambio das accións

que desaparezan, ós antigos accionistas asignaráselles unha participación igual á porcentaxe que o socio tiña no capital social da sociedade estatal.

Producida a separación da autoridade portuaria ou dos socios que non teñan obriga de pertencer á agrupación, reaxustaranse automaticamente as participacións inicialmente sinaladas, en función do novo capital social da agrupación resultante trala separación.

O nivel de participación inicialmente establecido será revisado pola asemblea de socios, de conformidade cos criterios que se determinarán na escritura de transformación, que deberán respecta-los principios de obxectividade e non discriminación, nos prazos e termos que se determinen nela. Entre os devanditos criterios, que deberán ter relación directa coa participación de cada socio no capital social da agrupación, teranse en conta os seguintes:

- a) Grao de utilización do cadro de persoal, medido en volume de facturación.
- b) Investimento en medios materiais afectos ó servizo.
- c) Superficie outorgada en concesión.
- d) Volume anual de mercadorías manipuladas.

Deberase ponderar especialmente o criterio de grao de utilización do cadro de persoal.

Así mesmo, o nivel de participación revisarase cando se produzan cambios na composición da agrupación por ingreso ou separación dalgún socio.

No caso de incorporación de novos socios, os devanditos criterios entenderanse referidos ás estimacións ou compromisos do novo socio derivados da licenza administrativa para o servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías.

7. Financiamento. O importe total das cotas que terán que aboa-los socios deberá ser suficiente para manter-lo equilibrio económico da agrupación.

Os custos de estrutura da agrupación serán financiados polos socios nos termos que sinale a escritura de transformación dela, e serano, en todo caso, polo menos nun 50 por cento de acordo co grao de participación de cada socio no capital social. O resto financiarase en función da utilización do persoal do cadro de persoal da agrupación.

Os custos salariais e non salariais dos traballadores portuarios do cadro de persoal da agrupación serán cubertos exclusivamente cos ingresos procedentes da facturación ós socios pola utilización dos servizos do devandito persoal.

No caso de que algún dos socios non lle fixese fronte ó pagamento das cotas a que veña obrigado consonte o punto anterior no prazo sinalado para o efecto polo órgano de administración da agrupación, este poderá:

- a) Reclamar por vía ordinaria o cumprimento desta obriga, con aboamento do xuro legal e dos danos e perdas causados por morosidade.
- b) Suspende-la posta á disposición ó socio moroso do persoal da agrupación ata que se encontre ó corrente nas cotas devengadas e non satisfeitas máis os xuros e gastos devengados. Iso non habilitará o socio moroso para poder realizar labores de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías con calquera outro persoal que sexa alleo ó propio cadro de persoal do socio moroso.
- c) No caso de incumprimento reiterado poderá, ademais, solicitar da autoridade portuaria a extinción da licenza por incumprimento do titular das súas obrigas para coa agrupación.

8. Adopción de acordos. Asemblea de socios. O número de votos atribuído a cada socio será proporcional á súa participación no capital social e fixarase na escritura de transformación da agrupación.

A asemblea de socios adoptará os acordos por unanimidade de tódolos socios naquelas cuestións a que se refire o artigo 10, parágrafo 2.º, da Lei 12/1991, do 29 de abril. Exceptúase o relativo ó obxecto da agrupación, que non poderá ser modificado. Estes acordos deberán respectar en todo caso os criterios previstos nesta lei.

Para a válida constitución da asemblea de socios para deliberar sobre cuestións non comprendidas no punto anterior, será necesaria a asistencia, presentes ou representados, de socios que teñan, polo menos, o 50 por cento do capital social. Os acordos adoptaranse por maioría de votos de socios asistentes, presentes ou representados, sempre que a devandita maioría represente, polo menos, o 50 por cento do capital social e contratasen polo menos un 60 por cento da actividade da agrupación do ano natural anterior. Para estes efectos, enténdese por actividade o grao de utilización do cadro de persoal por cada uno dos socios, medido por volume de facturación. A escritura de transformación poderá fixar quórum superiores de constitución e votación.

9. Órgano de administración. A agrupación portuaria de interese económico rexerese por un consello de administración. A escritura de transformación da agrupación determinará a composición do devandito órgano.

10. Poderán ser impugnados os acordos da asemblea de socios ou do consello de administración, que sexan contrarios á lei, atenten contra a libre competencia, se opoñan á escritura de constitución, ou lesionen en beneficio dun ou de varios socios, ou de terceiros, os intereses da agrupación.

Serán nulos os acordos contrarios á lei. Os demais acordos serán anulables.

A acción de impugnación dos acordos nulos ou anulables deberase exercer dentro do prazo de caducidade fixada na LSA.

Estarán lexitimados para a impugnación dos acordos nulos e anulables tódolos socios, os administradores, a autoridade portuaria en que a agrupación exerza a súa actividade, e calquera terceiro que acredite interese lexitimo.

Os acordos relativos á prestación do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, que resulten gravemente daniosos para o interese xeral do porto, ou que prexudiquen a libre competencia entre os prestadores do servizo, poderán ser suspendidos polo presidente da autoridade portuaria, por propia iniciativa ou por instancia dos socios que representen polo menos o cinco por cento do capital social, debendo proceder, no prazo de 20 días contados desde a adopción de tal medida, á impugnación do acordo suspendido, con expresa solicitude de ratificación da medida cautelar adoptada. Se non se procedese á impugnación do acordo no prazo sinalado, o acordo de suspensión quedará sen efecto.

O acordo de suspensión producirá efectos desde a data en que se adopte, e ata que o órgano xurisdiccional civil se pronuncie sobre a procedencia da medida cautelar adoptada. No caso de non se proceder á impugnación no prazo sinalado, o acordo de suspensión quedará igualmente sen efectos.

Para a impugnación dos acordos sociais seguiranse os trámites previstos na Lei de axuízamento civil.

11. Obrigas de información. As agrupacións deberánlle achegar á autoridade portuaria a información que precisen para o cumprimento dos seus fins e que lles sexa requirida para o efecto e, en particular, as solicitadas polo Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios Básicos.

12. Ingreso de novos socios. A obtención da correspondente licenza de prestación do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, agás cando a licenza teña como obxecto unicamente

algunha das actividades enumeradas no punto 1 da disposición adicional sétima, obrigará o titular dela a se incorporar como novo socio á agrupación, e os socios xa incorporados, a que procedan a realizar, a favor daquel, o alleamento da participación que corresponda.

A participación será fixada pola asemblea de socios da agrupación nun prazo máximo de 15 días desde que a autoridade portuaria lle comunique a obtención da correspondente licenza, reaxustándose proporcionalmente a participación do resto dos socios.

Se a asemblea de socios da agrupación non adoptase ningún acordo no citado prazo, o socio, ademais dos dereitos que legalmente lle correspondan, poderá solicitar e obter a cesión da man de obra do persoal portuario da agrupación que necesite para o cumprimento dos seus fins.

13. Extinción de licencias. Será causa de extinción da licenza de prestación do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, ademais das establecidas na lei ou fixadas no outorgamento da propia licenza, o incumprimento reiterado do pagamento das cotas a que estea obrigado cada un dos socios, logo de audiencia do interesado.

14. Separación de socio. Non se poderá separar da agrupación ningún socio mentres sexa titular dunha licenza de prestación ou de integración do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, agás cando a licenza teña como obxecto unicamente algunha das actividades enumeradas no punto 1 da disposición adicional sétima, de modo que non teña obriga legal de formar parte da agrupación.

15. Perda da condición de socio. A extinción da licenza de prestación ou de integración do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, por calquera dos motivos legalmente establecidos, será causa de perda da condición de socio.

A perda da condición dun dos socios dará lugar á adquisición forzosa da súa participación polos restantes proporcionalmente á súa participación no capital social.

II. A transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba rexeráse polo disposto no Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, respecto da transformación deste tipo de sociedades e, en particular, polo Regulamento do rexistro mercantil no que se refire á transformación destas sociedades en agrupacións de interese económico. As autoridades portuarias separaranse da sociedade estatal cando se produza o acordo de transformación, tendo dereito á liquidación da súa participación de conformidade co disposto no artigo 225 da Lei de sociedades anónimas.

Os traballadores que á entrada en vigor desta lei pertencen aos cadros de persoal das sociedades estatais, continuarán integrados, cos mesmos dereitos e obrigas anteriores á transformación, nos cadros de persoal das correspondentes agrupacións.

En cada sociedade estatal de estiba e desestiba realízase unha auditoría previa á súa conversión na agrupación portuaria de interese económico prevista nesta lei, co obxecto de avaliar a situación económica da devandita sociedade e, se é o caso, liquidar as débedas contraídas previamente á súa transformación en agrupación portuaria.

III. Tódalas sociedades estatais de estiba e desestiba existentes á entrada en vigor desta lei transformaranse en agrupacións portuarias de interese económico segundo o previsto nos puntos anteriores, e non cambiará a personalidade xurídica da sociedade, que continuará subsistindo baixo a nova forma, mantendo as súas relacións xurídicas.

IV. Se no prazo de dous anos desde a transformación da sociedade estatal en agrupación portuaria o

empresario dese lugar á extinción do contrato de traballo do persoal non estibador portuario que viñese prestando servizos cunha antigüidade mínima dun ano na mencionada sociedade estatal á entrada en vigor desta lei, o traballador afectado terá dereito a percibir-la indemnización legal que lle corresponda ou, segundo a súa opción, ingresar como persoal laboral na autoridade portuaria no ámbito da cal operase a sociedade estatal, nas condicións existentes na autoridade portuaria, que deberán ser acordadas coa súa cualificación profesional e co recoñecemento da antigüidade que teña acreditada. O traballador non poderá exercer este dereito de opción cando a causa da extinción unilateral do contrato de traballo fose o despedimento disciplinario declarado procedente ou a extinción do contrato por causas obxectivas previstas nas alíneas a), b) ou d) do artigo 52 do Estatuto dos traballadores.

Disposición adicional sétima. *Réxime laboral aplicable ó persoal que realice as actividades que constitúen o servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías.*

1. O réxime laboral aplicable ós estibadores portuarios das agrupacións portuarias de interese económico que realice as actividades que constitúen o servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías será o establecido nos títulos IV e V do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo de estiba e desestiba de buques e normativa que o desenvolve, no que non se opoña ás disposicións desta lei.

Malia o anterior, non será de aplicación o réxime previsto na devandita norma ás actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo das mercadorías seguintes:

a) As que se realicen en instalacións portuarias outorgadas en réxime de concesión ó titular dunha planta de transformación ou instalación industrial ou a unha empresa do seu mesmo grupo empresarial, non aberta ó tráfico comercial xeral, en que se manipulen mercadorías directa e exclusivamente vinculadas coa referida planta ou instalación de procesamento industrial e esta expresamente identificada no título concesional. As mencionadas terminais terán que dispor de atracada outorgada en concesión ou autorización, e a planta ou instalación deberá estar situada no interior da zona de servizo do porto, ou ben conectada cos espazos concesionados mediante instalacións de transporte fixas, específicas e exclusivas, isto é, tubaxe, cinta ou infraestructuras ferroviarias de utilización exclusiva de orixe a destino. O concesionario deberá atender a totalidade das súas actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo con traballadores que cumpran os requisitos esixidos pola disposición adicional quinta.

b) As que se realicen en réxime de autoprestación.

2. Nas licencias determinarase o número mínimo de traballadores que deben ser contratados polas empresas prestadoras, en función da regularidade da actividade da empresa no servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, de acordo cos criterios establecidos no prego regulador e nas prescricións particulares do servizo.

En todo caso, o número de traballadores contratados en relación laboral común deberá cubrir, polo menos, unha cuarta parte da actividade total da empresa neste servizo, mesmo nas terminais dedicadas, coa excepción das reguladas no punto 1 desta disposición. A autoridade portuaria poderá incluír na licenza a excepción total ou parcial deste requisito para aquelas empresas que operen tráfico que na súa maioría sexan moi irregulares ou estacionais.

3. As referencias ás sociedades estatais de estiba e desestiba contidas no Real decreto lei 2/1986, do

23 de maio, sobre o servizo de estiba e desestiba de buques, no Regulamento de execución aprobado polo Real decreto 371/1987, do 13 de marzo, e no Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, entenderanse feitas ás agrupacións portuarias de interese económico.

Disposición adicional oitava. *Suspensión das normas que regulan o servizo de carga, estiba, desestiba, descarga, transbordo para a pesca conxelada.*

O Real decreto 2541/1994, do 25 de decembro, polo que se suspende temporalmente a aplicación do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques, ós labores e actividades de carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo de pesca fresca, conxelada e de bacallao, manterá a súa vixencia e efectos con carácter indefinido en canto á pesca conxelada ata que o Goberno considere pertinente levantalasúa suspensión cando a situación económica do sector pesqueiro o permita.

Disposición adicional novena. *Aprobación de pregos reguladores e prescricións particulares dos servizos.*

No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei deberanse aproba-los pregos reguladores e as prescricións particulares dos servizos.

Ata a aprobación do correspondente prego regulador e prescricións particulares do servizo non se poderán outorgar novas licencias, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria sétima desta lei.

Disposición adicional décima. *Garantías de prestación dos servizos portuarios esenciais.*

Os servizos esenciais definidos no Real decreto 58/1994, do 21 de xaneiro, deberán ser mantidos con independencia de que sexan prestados pola autoridade portuaria ou por empresas titulares das correspondentes licencias.

Disposición adicional décimo primeira. *Zona xeográfica de prestación do servizo de sinalización marítima.*

Mentres non se proceda a unha nova delimitación, a zona xeográfica en que cada autoridade portuaria prestará o servizo de sinalización marítima regulado no artigo 91 desta lei, será a asignada a cada unha delas pola Orde ministerial do 28 de abril de 1994.

Disposición adicional décimo segunda. *Regulamento de explotación e policía.*

As mencións que na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, se fan ó Regulamento de servizo e policía dos portos entenderanse feitas ó Regulamento de explotación e policía dos portos.

Disposición adicional décimo terceira. *Servizo de policía portuaria.*

1. As funcións de policía especial, enunciadas no artigo 4.1 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, atribuídas á autoridade portuaria pola Lei de portos do Estado e da mariña mercante, correspóndenlle ó seu consello de administración.

2. Estas funcións serán exercidas, na forma en que determine o Regulamento de explotación e policía, polos celadores-gardapeiraos e demais persoal da autoridade portuaria, debidamente cualificado e adscrito ó servizo

de policía, para o efecto do cal terán a consideración de axentes da autoridade da Administración portuaria no exercicio das potestades de policía portuaria recollidas na Lei de portos do Estado e da mariña mercante, sen prexuízo da obriga de colaborar sempre que sexa preciso coas forzas e corpos de seguridade.

Disposición adicional décimo cuarta. *Autoprestación de servizos portuarios básicos por buques de Estado e buques e aeronaves afectados ó servizo da defensa nacional.*

Os buques de Estado e os buques e aeronaves afectados ó servizo da defensa nacional poderán optar polo réxime de autoprestación dos servizos portuarios básicos en que así o permita esta lei. Neste caso, non estarán sometidos á previa autorización da autoridade portuaria nin ó pagamento da compensación económica regulada no artigo 75 desta lei. Sen prexuízo do anterior, co fin de garantila seguridade, deberán cumprila normativa aprobada pola Administración marítima e Portos do Estado na materia, e teranlle que comunicar á autoridade portuaria correspondente a opción polo réxime de autoprestación.

Disposición adicional décimo quinta. *Adscrición das autoridades portuarias.*

As autoridades portuarias dependen do Ministerio de Fomento, a través de Portos do Estado.

Disposición adicional décimo sexta. *Limitacións da propiedade dos terreos estremeiros coa beiramar.*

As limitacións da propiedade sobre os terreos contiguos á beiramar por razóns de protección do dominio público marítimo-terrestre previstas no título II da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, serán de aplicación ós terreos estremeiros co dominio público portuario que conserve as características naturais do dominio público marítimo-terrestre definido no artigo 3 da referida lei.

Disposición adicional décimo sétima. *Prelación de créditos nos casos de venda xudicial de buques.*

Nos casos de venda xudicial dun buque para pagamento de acredores en que fose parte a autoridade portuaria, as taxas devengadas por utilización especial das instalacións portuarias terán a consideración de créditos a favor da Facenda pública dos previstos no artigo 580.1.º do Código de comercio, sempre que se xustifiquen por certificación expedida polo director da autoridade portuaria. Os créditos por tarifas devengadas por servizos comerciais prestados ó buque terán a prelación que resulta do artigo 580.3.º do Código de comercio.

Disposición adicional décimo oitava. *Buques abandonados.*

1. Correspóndelle ó Estado a propiedade dos buques abandonados na zona de servizo do porto.

2. Consideraranse abandonados aqueles buques que permanezan durante máis de seis meses atracados, amarrados ou fondeados no mesmo lugar dentro do porto sen actividade apreciable exteriormente, e sen teren aboadas as correspondentes taxas ou tarifas, e así o declare o consello de administración da autoridade portuaria.

A declaración de abandono esixirá a tramitación do correspondente procedemento, en que se acreditarán as circunstancias expresadas e no que se lle dará audiencia ó propietario na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Declarado o abandono do buque polo consello de administración da autoridade portuaria, esta procederá á súa venda en pública poxa, e ingresará o produto do alleamento no Tesouro público, logo de detracción dos créditos devengados ó seu favor polas correspondentes taxas e tarifas portuarias, así como os gastos do procedemento.

Cando a venda regulada no parágrafo anterior teña por obxecto buques non comunitarios, observaranse, ademais, as seguintes regras:

a) Esta venda terá a consideración de despacho a consumo das mercadorías e, por tanto, incluírá tódolos trámites previstos para a importación delas.

b) O prezo de venda engadiranse os dereitos de alfándega e demais tributos devengados con ocasión da importación. Para os efectos da súa contratación e da contabilización dos recursos propios comunitarios, o devandito alleamento deberáselle comunicar á correspondente Administración de alfándegas e impostos especiais da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Disposición adicional décimo novena. *Réxime de protección do persoal do servizo de practicaxe.*

1. Os prácticos e restante persoal embarcado adscrito ó servizo de practicaxe integraranse no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, séndolles de aplicación o correspondente coeficiente reductor da idade de xubilación, independentemente de se realizan o seu traballo por conta allea ou como traballadores autónomos.

Esta integración terá efectos desde a data de inicio da actividade no servizo de practicaxe.

2. A idade de xubilación dos prácticos de porto fíxase con carácter xeral nos 65 anos de idade, sempre que se superen os recoñecementos médicos regulamentarios establecidos.

Emporiso, poderase prorrogar ata os setenta anos logo de petición do interesado á autoridade marítima, que resolverá tras informe da autoridade portuaria, debéndose establecer ó respecto un sistema de recoñecementos médicos específico e de frecuencia inferior ó ano.

Disposición adicional vixésima. *Réxime económico e de prestación de servizos nos portos insulares de interese xeral en canto ó tráfico interinsular.*

Co fin de contribuír á integración dos mercados dos arquipélagos balear e canario e á cohesión territorial deles, no prazo de seis meses desde a publicación desta lei e logo de informe das respectivas comunidades autónomas nas materias da súa competencia, aprobarase regulamentariamente o réxime económico específico e de prestación de servizos nos portos insulares de interese xeral no que respecta ó tráfico marítimo interinsular en cada arquipélago.

Esta normativa determinará, consonte esta lei, as medidas oportunas que favorezan a redución de custos e a fluidez neste tipo de tráfico. En especial, deberanse acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

a) Simplificación e, cando proceda, eliminación dos trámites administrativos nos portos insulares de interese xeral.

b) Establecemento de infraestruturas portuarias dedicadas especificamente á navegación interinsular.

c) Aplicación de bonificacións adicionais de ata o 100 por cento ás previstas na lei por razón das circunstancias de afastamento e de insularidade sobre as taxas que gravan a pasaxe e as mercadorías cando se trate de tráfico marítimo interinsular, con cargo ás reducións recollidas nos artigos 10 e 13 nas porcentaxes de achega

das autoridades portuarias situadas nas rexións insulares a Portos do Estado e ó Fondo de Compensación Interportuario.

Os parámetros ou elementos de cuantificación desta bonificación adicional serán a clase de mercadoría, o tipo de tráfico, en especial os destinados ó transporte de pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe e ó abastecemento das illas, así como os que sexan especialmente sensibles para a economía rexional, e a utilización de infraestruturas portuarias dedicadas especificamente á navegación interinsular.

d) Coordinación, consonte o disposto no artigo 36, punto 5, desta lei, coas autoridades autonómicas nos procesos de planificación dos portos de interese xeral.

e) Redución de custos na prestación de servizos portuarios.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación do canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario en concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

1. Nas concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberase adaptalo canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario á regulación contida no artigo 19 desta lei para a taxa por ocupación do dominio público portuario. A contía desta taxa establecerase por aplicación do tipo de gravame anual establecido no artigo 19.4 que lle corresponda, co límite do tipo de gravame anual do seis por cento, á última valoración aprobada con anterioridade á entrada en vigor desta lei. Se esta valoración é anterior á entrada en vigor da Lei 62/1997, do 26 de decembro, a contía dela será, ademais, actualizada consonte a variación do índice xeral de prezos sobre o consumo para o conxunto nacional total (IPC) entre o mes de outubro inmediatamente posterior á data de aprobación da valoración e o mes de outubro de 2003. En calquera caso, a contía da taxa non será inferior ó 0,8 do canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario que se estivese aboando no ano 2003, cando se trata de áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, ós relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios e outras actividades portuarias comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas; no resto das áreas, a taxa non será inferior ó canon por ocupación e aproveitamento do dominio público portuario correspondente ó ano 2003. O límite de aplicación do tipo do seis por cento, a que se refire este punto, terá validez en canto non se produza unha modificación substancial das condicións de concesión.

2. Naquelas concesións ou autorizacións en que como consecuencia da aplicación da taxa de servizos xerais asociada á taxa por ocupación do dominio público portuario resulte unha contía para lle aboar á autoridade portuaria superior nun 10 por cento á que viñan aboando en concepto de canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario, a autoridade portuaria efectuará unha aplicación graduada lineal do incremento durante un prazo de cinco anos.

3. As concesións e autorizacións que tivesen recoñecida con anterioridade á entrada en vigor desta lei unha exención do pagamento do canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario, deberanse adaptar igualmente ó réxime previsto nesta lei, non se podendo recoñecer máis exencións que as previstas no artigo 17.1 dela. A autoridade portuaria efectuará unha aplicación graduada lineal da contía da taxa por ocupación do dominio público portuario durante un prazo de cinco anos.

4. Nas concesións e autorizacións que se outorgasen por concurso, en que o concesionario ofertase unha

mellora do canon, o eventual incremento do importe legal do tributo resultante da adaptación do canon á taxa cando exista modificación substancial da concesión, quedará absorbido na contía correspondente á mellora ofertada, sen prexuízo de que cando o incremento pola adaptación do canon da taxa excedese do importe da mellora, tal exceso incrementará o importe legal da taxa.

5. A adaptación prevista nesta disposición entenderase sen prexuízo das actualizacións previstas no título de outorgamento e, se é o caso, das revisións do valor dos terreos consonte o disposto nesta lei.

Disposición transitoria segunda. Valoracións da zona de servizo dos portos e dos terreos afectados á sinalización marítima.

1. Ata que se proceda á aprobación dunha nova valoración dos terreos e das augas da zona de servizo do porto e dos terreos afectados á sinalización marítima, serán de aplicación as valoracións de terreos e lámina de auga aprobadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

2. Emporiso, o límite do 20 por cento a que fai referencia o punto 6 do artigo 19 desta lei, só será de aplicación respecto daquelas concesións en que a contía do canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario, ou da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario, fose calculada de acordo a valoracións de terreos aprobadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Disposición transitoria terceira. Aplicación das taxas por utilización especial de instalacións portuarias ás concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

1. A partir da entrada en vigor desta lei, o tráfico portuario que utilice instalacións en réxime de concesión administrativa estará suxeito a lle pagar á autoridade portuaria as taxas por utilización especial de instalacións portuarias reguladas nesta lei.

2. Os concesionarios de instalacións portuarias poderán optar, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, entre a aplicación da cota das taxas por utilización especial de instalacións portuarias correspondente a instalacións en réxime de concesión, renunciando ás bonificacións previstas no seu título concesional, ou a aplicación das cotas tributarias previstas nesta lei para instalacións non concesionadas coas bonificacións previstas no seu título concesional, sen que neste último caso sexa posible que a autoridade portuaria aplique as bonificacións previstas no artigo 27 dirixidas a potencia-la captación e consolidación de tráxicos no porto.

No suposto de que no devandito prazo non se lle comunicase á autoridade portuaria a opción elixida, entenderase que se opta pola aplicación das cotas previstas nesta lei para instalacións en réxime de concesión con renuncia ás bonificacións previstas no título concesional.

Disposición transitoria cuarta. Aplicación de coeficientes reductores na taxa do buque.

As empresas navais que á entrada en vigor desta lei estivesen prestando un servizo a un determinado tipo de tráfico con buques que sexan beneficiarios das reducións por número de escalas correspondentes a un mesmo buque, previstas no artigo 21.A.e.1 da Orde do Ministerio de Fomento do 30 de xullo de 1998, pola que se establece o réxime de tarifas por servizos portuarios prestados polas autoridades portuarias, poderán,

mesmo cando continúen prestando ese servizo con varios buques, considerar transitoriamente un contador de número de escalas diferentes para cada buque, ó que lles serán de aplicación os coeficientes establecidos no artigo 21.6 desta lei, caso en que lles serán de aplicación tamén, desde a escala número trece, os seguintes coeficientes reductores nos cinco primeiros anos a partir da entrada en vigor desta lei:

Primeiro: 0,65; segundo: 0,72; terceiro: 0,80; cuarto: 0,88; quinto: 0,95.

As empresas navais que á entrada en vigor desta lei estivesen prestando cos seus buques un servizo a un determinado tipo de tráfico, realizando navegación de cabotaxe entre portos peninsulares, ou ben entre portos de Estados membros da Unión Europea (cabotaxe europea), beneficiándose da redución por tipo de navegación prevista no artigo 21.A.d) da Orde do Ministerio de Fomento do 30 de xullo de 1998, pola que se establece o réxime de tarifas por servizos portuarios prestados polas autoridades portuarias, e non se beneficien dalgunha das bonificacións recollidas no artigo 27.2.a.a2 e 27.4.a) desta lei, seranlles de aplicación os seguintes coeficientes reductores nos cinco primeiros anos a partir da entrada en vigor desta lei:

Primeiro: 0,70; segundo: 0,75; terceiro: 0,80; cuarto: 0,88; quinto: 0,95.

Disposición transitoria quinta. Adaptación do canon por prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais.

1. Nas concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberase adaptalo canon por prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais á regulación contida no artigo 28 desta lei para a taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.

Se o canon vixente se axusta ós criterios contidos no artigo 28.5.A) da lei, a contía da nova taxa será a resultante de dividi-lo seu valor á data de entrada en vigor da lei polo coeficiente 1.2. No caso de que non se axuste ós criterios mencionados, calcularase a contía da correspondente taxa, de acordo cos devanditos criterios, de tal forma que a contía anual resultante sexa equivalente á contía que viñesen aboando á entrada en vigor da lei dividida por 1.2. En ámbolos casos, sexa cal for a contía do canon existente á entrada en vigor da lei, a nova taxa deberá cumprilos límites establecidos no artigo 28.5.B., debendo ser, se é o caso, incrementada ata o límite mínimo ou reducida ata o límite máximo.

2. Nas concesións con instalación de atracada en concesión que estivesen en vigor á promulgación da lei, a cota da taxa calcularase consonte o criterio de máxima equivalencia, dentro dos límites previstos no artigo 28.5.B, entre a contía anual que viña aboando o concesionario polos conceptos de canon por prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e a tarifa T-3: mercadorías consonte o seu título concesional, e o que aboaría pola taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos e a taxa á mercadoría, tendo en conta o previsto na disposición transitoria terceira, incrementadas no correspondente valor da taxa por servizos xerais. Nestes supostos non será de aplicación o previsto no punto 1 desta disposición.

Para os efectos previstos neste punto, teranse en conta, cando sexa posible, os tráxicos da concesión dos dous últimos anos, e non se considerarán as bonificacións comerciais outorgadas, se as houber.

3. Naquelas concesións ou autorizacións en que, como consecuencia desta adaptación, resulte unha contía para lle aboar á autoridade portuaria, polos conceptos de taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos e de taxa de servizos xerais asociada a aquela, superior nun 10 por cento á que viñan aboando en concepto de canon por prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais, a autoridade portuaria efectuará unha aplicación graduada lineal do incremento durante un prazo de cinco anos no exceso de incremento superior ó 10 por cento. Esta graduación non será de aplicación naqueles casos en que a taxa de aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, se determinase aplicando o criterio de máxima equivalencia previsto no punto 2.

Disposición transitoria sexta. *Taxa por servizos xerais.*

Ata que o ministro de Fomento aprobe as porcentaxes a que se refire o punto 5 do artigo 29, a taxa por servizos xerais fíxase para tódalas autoridades portuarias no 20 por cento e aplicarase no mesmo exercicio da entrada en vigor desta lei e no seguinte. O valor aplicable ó terceiro exercicio obterase como media do valor real do cociente correspondente ó primeiro exercicio e o 20 por cento.

Disposición transitoria sétima. *Contratos de xestión indirecta de servizos portuarios.*

1. As empresas que á entrada en vigor desta lei sexan titulares de contratos de xestión indirecta de servizos portuarios celebrados ó abeiro do artigo 67 da Lei de portos do Estado e da mariña mercante accederán directamente á licenza de prestación do servizo portuario básico ou autorización de actividade correspondente.

2. As empresas que á entrada en vigor desta lei fosen titulares dun contrato para a xestión do servizo público de estiba e desestiba de buques, accederán directamente ás licencias de prestación dos servizos portuarios básicos de manipulación e transporte de mercadorías que lles corresponda e, se é o caso, as autorizacións de actividade que procedan, en función das actividades que viñesen prestando de acordo co contido do contrato.

3. Nos supostos previstos nos dous puntos anteriores, os titulares das licencias poderán optar entre se adecuaren ó novo prego regulador e prescricións particulares do servizo ou manteren as condicións contidas no contrato de xestión indirecta do servizo. Esta opción deberase exercer no prazo máximo de seis meses desde a aprobación das prescricións particulares do servizo.

No caso de que opte pola non adaptación, o prazo da licenza será o que reste do establecido no contrato. Se se adapta ó novo prego regulador e prescricións técnicas particulares, o prazo será o que se estableza nelas.

Deberase aplicar a taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, adaptando, cando proceda, o canon por prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais, de acordo co previsto na disposición transitoria quinta desta lei.

No caso de que o titular da licenza non formule manifestación ningunha, entenderase que este opta polo mantemento das condicións do contrato.

4. No caso de que o número de prestadores do servizo se encontre limitado ou se limite de acordo co previsto no artigo 64.5 e 6 desta lei, o titular dun contrato de xestión accederá directamente á obtención dunha

das licencias de prestación do servizo durante o tempo que reste do seu contrato, que non poderá exceder do establecido no artigo 66.1 segundo o servizo de que se trate, podendo optar entre adecuarse ó novo prego regulador e ás prescricións particulares do servizo ou mante-las condicións contidas no contrato de xestión indirecta do servizo.

Disposición transitoria oitava. *Servizo de practicaxe.*

As corporacións de prácticos ou entidades que as substituísen segundo o establecido na disposición transitoria segunda da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, terán dereito a obter a licenza de prestación do servizo mentres existan prácticos nas condicións previstas no punto 1 da referida disposición transitoria segunda, sempre que cumpran os requisitos e condicións establecidos no correspondente prego regulador e prescricións particulares do servizo de practicaxe.

Disposición transitoria novena. *Licencias outorgadas con anterioridade á transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba de buques nas agrupacións portuarias de interese económico.*

Os titulares de licencias para a prestación do servizo portuario de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, que se deban integrar nas agrupacións portuarias de interese económico, de conformidade co previsto no artigo 85.6 desta lei, e que obtivesen a licenza con anterioridade á transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba de buques nas agrupacións portuarias de interese económico a que se refire a disposición adicional sexta da lei, integraranse na sociedade estatal do porto correspondente, sen prexuízo da posterior transformación dela.

Disposición transitoria décima. *Actividades de pesca fresca, conxelada e bacallao.*

1. Os traballadores procedentes das sociedades estatais de estiba e desestiba que, tendo pasado a prestar servizos en réxime laboral común en empresas dedicadas á actividade suspendida da aplicación do servizo público de estiba e desestiba en virtude do Real decreto 2541/1994, do 16 de outubro, sexan estas socias ou non da agrupación portuaria de interese económico, e vexan extinguidos os seus contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou despedimento disciplinario improcedente ou nulo terán dereito, agás de percibiren a indemnización legalmente establecida, ó restablecemento da relación laboral especial suspendida coa agrupación.

2. As autoridades portuarias que á entrada en vigor desta lei acordasen aplicar ata o 50 por cento do importe da recadación obtida pola anterior tarifa T-4: «pesca fresca» co obxecto de impulsar e incentivar a aplicación do Real decreto 2541/1994, do 29 de decembro, poderán continuar aplicando os acordos adoptados para o efecto, mentres non se superen as datas límite fixadas nelas nin a do 1 de novembro de 2004.

As compensacións económicas establecidas polas autoridades portuarias ó abeiro do artigo 2 do Real decreto 2541/1994, do 29 de decembro, terán, en relación coa pesca fresca e o bacallao verde, a vixencia prevista na correspondente resolución, sen que se poidan estender máis alá do 1 de novembro de 2004.

Disposición transitoria décimo primeira. *Alleamento de participación das autoridades portuarias en sociedades.*

As autoridades portuarias que posúan participacións no capital de sociedades cun obxecto social que non se axuste ó previsto no artigo 50.1 desta lei, deberán acordar, no plan de empresa inmediato á entrada en vigor desta lei, o programa de alleamento das devanditas participacións.

Disposición transitoria décimo segunda.

As empresas titulares de concesións de dominio público exentas do servizo público de estiba e desestiba ó abeiro do artigo 2.g) do Real decreto lei 2/1986 quedarán excluídas da obriga de participar nas agrupacións portuarias de interese económico ata o termo do período concesional, sen prexuízo do que se establece na disposición adicional quinta respecto da titulación e habilitación do seu persoal.

Disposición transitoria décimo terceira.

Para os efectos do cálculo da rendibilidade da explotación anual establecida no artigo 26 desta lei, o criterio previsto na devandita disposición aplicarase a aqueles bens que se incorporasen ó inmovilizado fixo dentro dos cinco anos anteriores á entrada en vigor desta lei, en caso de terreos, e de 10 anos cando se trate dunha infraestrutura portuaria básica.

Disposición transitoria décimo cuarta.

As autoridades portuarias que á entrada en vigor desta lei tivesen en vigor un convenio colectivo poderán manter este durante o seu ámbito temporal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as disposicións seguintes:

Os artigos 15, 26.1.a), parágrafo 2.º, 26.1.h), 26.1.i), 28.4.d), 28.5, 30, 31, 32, 33, 34, 37.1.o), 37.1.r), 40.5.e), 40.6, 43.1, 45, 46, 48.2, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 69 bis, 69 ter, 70, 71, 72, 102.3, 102.4, 102.5, 103, disposicións adicionais décimo primeira, décimo segunda, vixésimo segunda e vixésimo cuarta, punto catro da disposición transitoria segunda e disposición transitoria sexta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, parágrafos 1.º e 4.º, e disposicións adicionais primeira, segunda e terceira do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques.

2. Quedan, así mesmo, derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro das competencias que lle corresponden ó Estado, de conformidade co artigo 149.1.14.ª e 20.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.*

Modifícanse os artigos 19, 21, 24.1 e 2, 25, 28.4, 35, 36.a), 37.1.a), b), j), m), k) e q), 40.5.f), n) e ñ),

41.1, 43, 47.1, 73.2, 107, 114.5, 115, 116, 118.1, 120, 121, 128 e disposición transitoria cuarta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no seguinte sentido:

Un. Engádese un punto 4 ó artigo 19, coa seguinte redacción:

«4. Naqueles supostos en que unha obra pública portuaria, pola súa natureza e as súas características, non sexa susceptible de explotación económica por un concesionario, a autoridade portuaria poderá contrata-la construción e a conservación da obra pública, podendo outorgar como contraprestación ó contratista unha concesión de dominio público portuario regulada no título IV desta lei.

Para tal efecto, poderase establecer no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato o obxecto e as características da concesión demanial. En todo caso, deberase delimita-la zona sobre a que se outorgaría a correspondente concesión.

Así mesmo, establecerase no prego que a oferta pola concesión de dominio público, xunto coa documentación técnica e económica que se deba xuntar a ela, se presente ó mesmo tempo que a oferta polo contrato de construción e explotación da obra, ou de construción e conservación.

Paras os efectos de selecciona-lo contratista, o órgano de contratación valorará, conxuntamente, a oferta relacionada coa construción e explotación da obra, ou sobre construción e conservación, así como as obras ou actuacións que o licitador se propoña realizar sobre o dominio público así como o réxime de utilización que prevexa para este.

A ocupación do dominio público preciso para a execución da obra pública portuaria non estará suxeita ó canon de ocupación privativa do dominio público portuario.»

Dous. O artigo 21 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 21. *Ampliación ou modificación de portos.*

1. A realización de novas obras de infraestrutura e a ampliación dos portos estatais existentes, esixirá a redacción e aprobación do correspondente proxecto e estudos complementarios pola autoridade portuaria competente ou, se é o caso, por Portos do Estado.

Estes proxectos someteranse ó procedemento de avaliación de impacto ambiental cando iso sexa esixible en aplicación da lexislación específica.

A Administración competente en materia de pesca emitirá informe previo á aprobación de obras novas ou de modificación das existentes, cando estas supoñan a construción de novos diques fóra da zona interior das augas do porto.

2. Para a modificación ou ampliación de portos poderanse realizar obras de dragaxe e de recheo con materiais de orixe terrestre ou marítimo que pola súa natureza, disposición final ou illamento protector non dean orixe a procesos de contaminación que superen os niveis esixibles pola normativa aplicable de calidade das augas marítimas.

As obras de dragaxe axustaranse ó previsto no artigo 131 da Lei de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

As obras de recheo no dominio público portuario requirirán autorización da autoridade portuaria.»

Tres. Os puntos 1 e 2 do artigo 24 terán a seguinte redacción:

«1. O ente de dereito público Portos do Estado, creado por esta lei, constitúe un organismo público dos previstos no punto 6 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, adscrito ó Ministerio de Fomento, que se rexerá pola súa lexislación específica, polas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lle sexan de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Correspóndelle ó Ministerio de Fomento a aprobación do plan anual de obxectivos de Portos do Estado, establece-lo sistema para o seu seguimento e, sen prexuízo doutras competencias, exerce-lo control de eficiencia da entidade de acordo coa normativa vixente. Regulamentariamente, estableceranse os instrumentos e procedementos oportunos para o exercicio das devanditas competencias.»

«2. O organismo público Portos do Estado, que terá personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade de obrar, axustará as súas actividades ó ordenamento xurídico privado, mesmo nas adquisicións patrimoniais e contratación, agás no exercicio das funcións de poder público que o ordenamento lle atribúa.

En materia de contratación, Portos do Estado terase que someter, en todo caso, ós principios de publicidade, concorrencia, salvagarda do interese do ente e homoxeneización do sistema de contratación no sector público, debéndose someter ó establecido na Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións cando celebre contratos comprendidos no ámbito dela.

En canto ó réxime patrimonial, rexerase pola súa lexislación específica e, no non previsto nela, pola lexislación de patrimonio das administracións públicas.»

Catro. A alínea c) do artigo 25 terá o seguinte contido:

«c) A formación, a promoción da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias vinculadas coa economía, xestión, loxística e enxeñería portuarias e outras relacionadas coa actividade que se realiza nos portos, así como o desenvolvemento de sistemas de medida e técnicas operacionais en oceanografía e climatoloxía mariñas necesarios para o deseño, explotación e xestión das áreas e as infraestruturas portuarias.»

Cinco. As alíneas e), f) e g) do punto 4 do artigo 28 terán a seguinte redacción:

«e) Acorda-los orzamentos de explotación e de capital do organismo e o seu programa de actuación plurianual.»

«f) Aproba-lo balance, conta de perdas e ganancias, a memoria explicativa da xestión anual do organismo público e a proposta, se é o caso, de aplicación de resultados, acordando a porcentaxe deles que se destine á constitución de reservas, na cantidade que resulte precisa para a realización de investimentos e para o seu adecuado funcionamento.»

«g) Autoriza-los investimentos e operacións financeiras de Portos do Estado que resulten do seu programa de actuación plurianual, incluídos a constitución e participación en sociedades mercantís.»

Seis. Engádesse un parágrafo l) ó punto 4 do artigo 28, co seguinte contido:

«l) A aprobación dos pregos reguladores dos servizos portuarios básicos.»

Sete. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 35 e engádesse un punto 8, co seguinte contido:

«1. As autoridades portuarias son organismos públicos dos previstos no punto 6 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, con personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade de obrar, e rexeranse pola súa lexislación específica, polas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lle sexan de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

«2. As autoridades portuarias axustarán as súas actividades ó ordenamento xurídico privado, mesmo nas adquisicións patrimoniais e contratación, agás no exercicio das funcións de poder público que o ordenamento lle atribúa.

Na contratación, as autoridades portuarias terán que se someter, en todo caso, ós principios de publicidade, concorrencia, salvagarda do interese do organismo e homoxeneización do sistema de contratación no sector público, debéndose someter ó establecido na Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións cando celebren contratos comprendidos no ámbito dela.

En canto ó réxime patrimonial, rexerase pola súa lexislación específica e, no non previsto nela, pola lexislación de patrimonio das administracións públicas.»

«8. Os actos dictados polas autoridades portuarias no exercicio das súas funcións públicas e, en concreto, en relación coa xestión e utilización do dominio público, a exacción e recadación de taxas e a imposición de sancións, esgotarán a vía administrativa, excepto en materia tributaria, onde serán impugnables en vía económico-administrativa.»

Oito. A alínea a) do artigo 36 terá a seguinte redacción:

«a) A prestación dos servizos portuarios xerais e a autorización e control dos servizos portuarios básicos para lograr que se desenvolvan en condicións óptimas de eficacia, economía, produtividade e seguridade, sen prexuízo da competencia doutras autoridades.»

Nove. As alíneas a), b), j), k), m) e q) do punto 1 do artigo 37 terán a seguinte redacción:

«a) Aproba-los proxectos de orzamentos de explotación e capital da autoridade portuaria e o seu programa de actuación plurianual.»

«b) Xestiona-los servizos portuarios xerais e os de sinalización marítima, autorizar e controla-los servizos portuarios básicos e as operacións e actividades que requiran a súa autorización ou concesión.»

«j) Controlar, no ámbito portuario, o cumprimento da normativa que afecte á admisión, mani-

pulación e almacenamento de mercadorías perigosas, así como o cumprimento das obrigas de coordinación de actividades establecido no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ó igual que os sistemas de seguridade e contra incendios, sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outros órganos das administracións públicas e especificamente das sancionadoras por infracción da normativa laboral.»

«k) Aprobar libremente as tarifas polos servizos comerciais que presten, así como proceder á súa aplicación e recadación.»

«m) Recada-las taxas polas concesións e autorizacións outorgadas, vixia-lo cumprimento das cláusulas e condicións impostas no acto de outorgamento, aplica-lo réxime sancionador e adoptar cantas medidas sexan necesarias para a protección e adecuada xestión do dominio público portuario.»

«q) Autoriza-la participación da autoridade portuaria en sociedades, e a adquisición e alleamento das súas accións, cando o conxunto de compromisos contraídos non supere o 1 por cento do activo neto fixo da autoridade portuaria e sempre que estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria. O acordo do consello de administración deberá contar co voto favorable dos representantes da Administración xeral do Estado.»

Dez. As alíneas f), n) e ñ) do punto 5 do artigo 40 redáctanse co seguinte contido:

«f) Aproba-los proxectos de orzamentos de explotación e capital da autoridade portuaria e o seu programa de actuación plurianual, así como a súa remisión a Portos do Estado para a súa tramitación.»

«n) Fixa-las tarifas polos servizos comerciais que preste a autoridade portuaria.»

«ñ) Outorga-las concesións e autorizacións, de acordo cos criterios e pregos de condicións xerais que aprobe o Ministerio de Fomento, recada-las taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario, así como as taxas por prestación de servizos non comerciais.»

Once. O punto 1 do artigo 41 terá o seguinte contido:

«1. O presidente da autoridade portuaria será designado e separado polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla entre persoas de recoñecida competencia profesional e idoneidade. A designación ou separación será publicada no correspondente diario oficial, unha vez que lle fose comunicada ó ministro de Fomento, quen pola súa vez disporá a súa publicación no "Boletín Oficial del Estado". O presidente poderá simultanea-lo seu cargo co de presidente ou vocal do consello de administración das sociedades participadas pola autoridade portuaria que preside, cos requisitos e limitacións retributivas que se derivan da aplicación da lexislación sobre incompatibilidades.»

Doce. O punto 1 do artigo 43 terá a seguinte redacción:

«1. O director será nomeado e separado por maioría absoluta do consello de administración, por proposta do presidente, entre persoas con titulación superior e recoñecida experiencia de, polo

menos, 10 anos en técnicas e xestión portuaria. A proposta de nomeamento e cesamento será comunicada a Portos do Estado con, polo menos, unha antelación de 15 días á convocatoria do consello de administración.»

Trece. O punto 1 do artigo 47 queda redactado:

«1. O Fondo de Financiamento e Solidaridade estará constituído polas cantidades que voluntariamente os organismos públicos portuarios con excedentes de tesourería poñan á disposición doutras, co xuro que en cada caso se fixe de acordo coas condicións do mercado.»

Catorce. O punto 2 do artigo 73 terá a seguinte redacción:

«2. O consignatario, no suposto de que exista, estará obrigado directamente ante as autoridades portuarias e marítimas ó pagamento das liquidacións que se establezan por taxas ou outros conceptos orixinados pola estandía do buque en porto consonte o disposto nesta lei. No suposto de que o buque non estivese consignado estará obrigado ó pagamento das devanditas liquidacións o capitán do buque. En ámbolos casos, o armador ou o propietario do buque estará obrigado con carácter solidario.

A responsabilidade do consignatario en canto ó cumprimento das obrigas asumidas polo armador para cos cargadores ou receptores das mercadorías transportadas polo buque rexerá pola lexislación mercantil específica.»

Quince. Engádesse un último parágrafo ó punto 2 do artigo 107, coa seguinte redacción:

«As cantidades devengadas a favor da autoridade portuaria polo rescate terán a consideración de crédito privilexiado nos termos previstos no artigo 580.3.º do Código de comercio.»

Dezaseis. Engádense dous novos puntos 4 e 5 ó artigo 107, que terán a seguinte redacción:

«4. Cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase retención, conservación ou depósito dun buque na zona de servizo dun porto, a autoridade portuaria correspondente poderá instar da autoridade xudicial o afundimento do buque ou o seu alleamento en pública poxa, cando a estandía do buque no porto produza un perigo real ou potencial ás persoas ou ós bens ou cause grave quebranto á explotación do porto.

A autoridade xudicial acordará o afundimento ou a venda consonte o procedemento legalmente previsto en cada caso, agás que considere imprescindible a súa conservación para os fins da instrución do proceso e polo tempo estritamente necesario.

Igualmente procederáse á venda en pública poxa nos casos en que pola previsible duración do proceso xudicial exista risco dunha notable depreciación do buque, depositando o produto da venda a resultas do procedemento.»

«5. En tódolos supostos de embargo ou retención xudicial ou administrativa de buques, como

medida en garantía da actividade portuaria a autoridade portuaria determinará ou modificará a localización do buque no porto, dándolle conta dela en todo o caso á autoridade que decreta o embargo ou retención.»

Dezasete. Engádese un parágrafo c) ó punto 5 do artigo 114, que terá o seguinte contido:

«c) O incumprimento da normativa e das instrucións dictadas pola autoridade competente en relación coas obrigas de entrega de residuos xerados polos buques e residuos de carga.»

Dezaoito. Engádese un novo punto 5 ó artigo 115, coa seguinte redacción:

«5. Infraccións na prestación de servizos portuarios básicos:

a) Incumprimento das obrigas de manter os niveis de rendemento e de calidade para a prestación dos servizos portuarios básicos.

b) Utilización de medios distintos dos consignados na licenza sen autorización, cando se causen danos á prestación do servizo.

c) Negativa ou obstrución a ser inspeccionado e a colaborar coa inspección cando sexa requirida.

d) Incumprimento dos requirimentos de información formulados pola autoridade portuaria.

e) Transmisión total ou parcial das licencias sen autorización.»

Dezanove. Engádese un novo punto 5 ó artigo 116, coa seguinte redacción:

«5. Infraccións na prestación de servizos portuarios básicos:

a) Prestación de servizos portuarios básicos sen o debido título habilitante.

b) Incumprimento grave ou reiterado das obrigas de servizo público.

c) Incumprimento das instrucións dictadas polos organismos portuarios, no ámbito das súas competencias, sobre salvagarda da libre competencia.

d) Incumprimento grave ou reiterado polos titulares das licencias das condicións esenciais que se lles impoña.»

Vinte. Engádese unha nova alínea i) ó punto 1 do artigo 118, coa seguinte redacción:

«i) En caso de infraccións na prestación de servizos portuarios básicos, o titular da licenza de prestación do servizo portuario básico ou quen preste o servizo sen título habilitante.»

Vinteun. Incorpórase unha nova alínea e) en cada uno dos puntos 2 e 3 do artigo 120, e modifícase o punto 9, co seguinte contido:

«2.e) Nas infraccións na prestación de servizos portuarios básicos, multa de ata 602.000 euros.»

«3.e) Nas infraccións na prestación de servizos portuarios básicos, multa de ata 3.005.000 euros.»

«9. No caso das autorizacións de prestación de servizos ou de actividade e das licencias de prestación de servizos portuarios básicos, as infraccións relativas ó seu uso ou ás actividades que nel se prestan poderán levar aparelladas ademais a suspensión temporal da actividade ou do servizo, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Infraccións leves: suspensión por un período non superior a un mes.

2.º Infraccións graves: suspensión por un período non superior a seis meses.

3.º Infraccións moi graves: suspensión e inhabilitación temporal por un período non superior a cinco anos para desempeñar calquera actividade ou prestar calquera servizo no suposto de que se trate.»

Vintedous. Engádese un parágrafo e) ó artigo 121, co seguinte texto:

«e) A revogación da licenza, cando sexa procedente.»

Vintetrés. Engádese un último parágrafo ó artigo 128, coa seguinte redacción:

«O órgano competente para o exercicio da potestade sancionadora poderá en calquera momento do procedemento sancionador e mediante acordo motivado, ordena-la inmediata retención do buque como medida cautelar para asegura-la eficacia da resolución que puidese recaer, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais, sempre que se trate de infraccións graves ou moi graves a que se refire esta lei. Para iso poderá solicitar da autoridade gubernativa correspondente a colaboración das forzas e corpos de seguridade, cando fose necesario.

Esta retención poderá ser substituída por aval ou garantía suficiente.

Excepcionalmente, cando se requira a asunción inmediata da retención do buque como medida cautelar, esta poderá ser imposta polo director da autoridade portuaria.»

Vintecatros. Os puntos dous e cinco da disposición transitoria cuarta terán a seguinte redacción:

«Dous.1. Considérase, en todo caso, incompatible cos criterios de ocupación do dominio público portuario establecidos nesta lei o mantemento de concesións outorgadas a perpetuidade, por tempo indefinido ou por prazo superior a 35 anos contados desde a entrada en vigor desta lei.

En todos estes casos, as concesións vixentes entenderanse outorgadas polo prazo máximo de 35 anos contados desde a entrada en vigor desta lei.

2. Nos demais supostos, a revisión das cláusulas concesionais requirirá a tramitación dun expediente, con audiencia ó interesado na forma e cos criterios que regulamentariamente se determinen.»

«Cinco. En ningún caso se poderá outorgar prórroga do prazo de concesións existentes á entrada en vigor desta lei en condicións que se opoñan ó establecido nela ou nas disposicións que a desenvolvan.

Entenderase, en todo caso, contraria ó establecido nesta lei a prórroga por prazo que, acumulado ó inicialmente outorgado, exceda do límite de 35 anos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, polo que se aproba o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño.*

O artigo 2 do Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, polo que se aproba o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, e 24/1972, do 21 de xuño, de financiamento e perfeccionamento da acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social, polo que se regula o réxime especial da Segu-

ridade Social dos traballadores do mar, modifícase no seguinte sentido:

Un. Modifícase o punto 4 da alínea a), que queda redactado como segue:

«4. Tráfico interior de portos, embarcacións deportivas e de recreo e practícase.»

Dous. Engádese un novo punto 4 ó parágrafo b), co seguinte contido:

«4. Os prácticos de porto.»

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Consello de Ministros e o ministro de Fomento poderán, no ámbito das súas respectivas competencias, dicta-las normas regulamentarias e disposicións administrativas de carácter xeral que requira o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o seu título I que entrará en vigor o día 1 de xaneiro do ano seguinte á súa publicación.

Disposición derradeira sexta. *Autorización ó Goberno para dictar un texto refundido.*

Autorízase o Goberno para que no prazo dun ano a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado» elabore un texto refundido da Lei 27/1992, do

24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante e desta lei, ó que se incorporen as modificacións introducidas polas seguintes disposicións:

a) Lei 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

b) Artigo 47 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

c) Artigo 75 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

d) Artigo 4 do Real decreto lei 4/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de liberalización do sector inmobiliario e transportes.

8445	5	Máquinas para a preparación de materia téxtil; máquinas para fiar, dobrar ou retorcer materia téxtil e demais máquinas e aparellos para a fabricación de fíos téxtiles; bobinadoras, incluídas as caneleiras, ou debandoiras para materia téxtil e máquinas para a preparación de fíos téxtiles para a súa utilización nas máquinas das partidas 8446 ou 8447.
8446	5	Teares.
8447	5	Tricotosas e outras máquinas de punto, de cosido por cadeneta, de guipur, de tule, de encaixes, de bordar, de pasamanería, de trenzas, de redes ou de inserir mechas.
8448	5	Máquinas e aparellos auxiliares para as máquinas das partidas 8444 8445, 8446 ou 8447 (por exemplo: maquetinas, mecanismos Jacquard, paraurdimes e paratramas, mecanismos de cambio de lanzadeira), partes e accesorios identificables como destinados, exclusiva ou principalmente, ás máquinas desta partida ou das partidas, 8444, 8445, 8446 ou 8447 (por exemplo: fusos, aletas, gornicións de cardas, peites, barretas, fileiras, lanzadeiras, lizos e os seus bastidores, agullas, platinas, ganchos).
8449	5	Máquinas e aparellos para a fabricación ou o acabado do feltro ou teas sen tecer, en peza ou en forma, incluídas as máquinas e aparellos para a fabricación de sombreiros de feltro, formas de sombreirería.
8450	5	Máquinas para lavar roupa, mesmo con dispositivo de enxugadura.
8451	5	Máquinas e aparellos (agás as máquinas da partida 8450) para lavar, limpar, escorrer, enxugar, pasa-lo ferro, prensar (incluídas as prensas para fixar), branquear, tinxir, aprestar, acabar, revestir ou impregna-los fíos, tecidos ou manufacturas téxtiles e máquinas para o revestimento de tecidos ou outros soportes utilizados na fabricación de revestimentos para pavimentos, tales como linóleo; máquinas para enrolar, desenrolar, pregar, cortar ou denta-los tecidos.
8452	5	Máquinas de coser, agás as de coser pregos da partida 8440, mobles, baseamentos e tapas ou cubertas especialmente deseñados para máquinas de coser, agullas para máquinas de coser.
8453	5	Máquinas e aparellos para a preparación, o curtume ou o traballo de coiros ou peles ou para a fabricación ou reparación de calzado ou doutras manufacturas de coiro ou de pel, agás as máquinas de coser.
8454	5	Convertedores, culleres de coada, lingoteiras e máquinas de coar (moldear), para metalurxia, aceirerías ou fundicións.
8455	5	Laminadores para metais e os seus cilindros.
8456	5	Máquinas-ferramenta que traballen por arrinca de calquera materia mediante láser ou outros feixes de luz ou de fotóns, por ultrasón, electroerosión, procesos electroquímicos, feixes de electróns, feixes iónicos ou por chorro de plasma.
8457	5	Centros de mecanizado, máquinas de posto fixo e máquinas de postos múltiples, para traballar metais.
8458	5	Tornos, incluídos os centros de torneadura, que traballen por arrinca de metal.

Código	Grupo	Descrición
8459	5	Máquinas, incluídas as unidades de mecanizado de corredeiras, de tradear, mandrilar, fresar ou roscar, mesmo tarraxar metal, por arrinca de materia (agás os tornos [incluídos os centros de torneadura] da partida 8458).
8460	5	Máquinas de rebarbar, afiar, amolar, rectificar, rodar, pulir ou facer outras operacións de acabado, para metais, «cermets», mediante moas, abrasivos ou produtos para pulir, agás as máquinas para entallar ou acabar engrenaxes da partida n.º 8461.
8461	5	Cepilladoras, limadoras, entalladoras, brochadoras, máquinas para entallar ou acaba-las engrenaxes, serras, tronzadoras e demais máquinas-ferramenta que traballen por arrinca de metal, cermets, non expresadas nin comprendidas noutras partidas.
8462	5	Máquinas, incluídas as prensas, para forxar ou estampar, martelos-pilón e outras máquinas de martelar, para traballar metal; máquinas, incluídas as prensas, de enrolar, curvar, pregar, endereitar, aplanar, cisallar, furar con punzón ou entallar metais; prensas para traballar metal ou carburos metálicos, non expresadas anteriormente.
8463	5	As demais máquinas ferramenta para traballar metais, «cermets», que non traballen por arrinca de materia.
8464	5	Máquinas-ferramenta para traballa-la pedra, cerámica, formigón, amiantocemento ou materias minerais semellantes, ou para traballa-lo vidro en frío.
8465	5	Máquinas-ferramenta (incluídas as de cravar, grampar, encolar ou ensamblar doutro modo) para traballar madeira, cortiza, óso, caucho endurecido, plástico ou materias duras semellantes.
8466	5	Partes e accesorios identificables como destinados, exclusiva ou principalmente, ás máquinas das partidas 8456 a 8465 incluídos os portapezas e portaútiles, dispositivos de roscar de apertura automática; divisores e demais dispositivos especiais para montar en máquinas ferramenta; portainstrumentos para ferramentas de man de calquera tipo.
8467	5	Ferramentas pneumáticas, hidráulicas ou con motor incorporado, mesmo eléctrico, de uso manual.
8468	5	Máquinas e aparellos para soldar, aínda que poidan cortar, agás os da partida 8515 máquinas e aparellos de gas para o tempero superficial.
8469	5	Máquinas de escribir, agás as impresoras da partida 8471; máquinas para o tratamento ou procesamento de textos.
8470	5	Máquinas de calcular e máquinas de peto rexistradoras, reproductoras e visualizadoras de datos, con función de cálculo; máquinas de contabilidade, de franquear, expedir boletos (tickets) e máquinas semellantes, con dispositivo de cálculo incorporado; caixas rexistradoras.
8471	5	Máquinas automáticas para tratamento ou procesamento de datos e as súas unidades; lectores magnéticos ou ópticos, máquinas para rexistro de datos sobre soporte en forma codificada e máquinas para tratamento ou procesamento destes datos, non expresadas nin comprendidas noutra parte.
8472	5	As demais máquinas e aparellos de oficina (por exemplo: copiadoras hectográficas ou de clixés, máquinas de imprimir enderezos, distribuidores automáticos de billetes de banco, máquinas de clasificar, contar ou encartuchar moeda, afialapis, perforadoras ou grampadoras).
8473	5	Partes e accesorios (agás os estoxos, fundas e semellantes) identificables como destinados, exclusiva ou principalmente, ás máquinas ou aparellos das partidas 8469 a 8472.
8474	5	Máquinas e aparellos de clasificar, cribar, separar, lavar, quebrantar, triturar, malaxar terras, pedras ou outras materias minerais sólidas, incluídas o po e a pasta; máquinas de aglomerar, formar ou moldear combustibles minerais sólidos, pastas cerámicas, cemento, xeso e demais materias minerais en po ou pasta; máquinas de facer moldes de area para fundición.
8475	5	Máquinas para montar lámpadas, tubos ou válvulas eléctricos ou electrónicos ou lámpadas de escintilación, que teñan envoltura de vidro; máquinas para fabricar ou traballar en quente o vidro ou as súas manufacturas.
8476	5	Máquinas automáticas para a venda de produtos [por exemplo: selos, cigarros, alimentos, bebidas], incluídas as máquinas de trocar moeda.
8477	5	Máquinas e aparellos para traballar caucho ou plástico ou para fabricar produtos destas materias, non expresados nin comprendidas noutra parte deste capítulo.
8478	5	Máquinas e aparellos para preparar ou elaborar tabaco, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo.
8479	5	Máquinas e aparellos mecánicos cunha función propia, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo.
8480	5	Caixas de fundición; placas de fondo para moldes; modelos para moldes, moldes para metais (agás as lingoteiras), carburos metálicos, vidro, materia mineral, caucho ou plástico.
8481	5	Billas e órganos semellantes para tubaxes, caldeiras, depósitos, cubas ou continentes semellantes, incluídas as válvulas reductoras de presión e as válvulas termostáticas.
8482	5	Rodamentos de bólas, de rolos ou de agullas.

Código	Grupo	Descrición
8483	5	Árbores de transmisión (incluídas as de levas e os cegoñais) e manivelas; caixas de chumaceiras e chumaceiras; engrenaxes e rodas de fricción; fusos fileteados de bólas ou de rolos; reductores, multiplicadores e variadores de velocidade, incluídos os convertedores de par; volantes e poleas, incluídos os motóns; embragues e órganos de unión, incluídas as xuntas de articulación.
8484	5	Xuntas metaloplásticas; xogos ou surtidos de xuntas de distinta composición presentados en bolsiñas, sobres ou envases análogos; xuntas mecánicas de estanquidade.
8485	5	Partes de máquinas ou de aparellos, non expresadas nin comprendidas noutra parte deste capítulo, sen conexións eléctricas, partes illadas electricamente, bobinados, contactos nin outras características eléctricas.
8501	5	Motores e xeradores, eléctricos, con exclusión dos grupos electrógenos.
8502	5	Grupos electrógenos e convertedores rotativos eléctricos.
8503	5	Partes identificables como destinadas; exclusiva ou principalmente; ás máquinas das partidas n.º 8501 ou 8502.
8504	5	Transformadores eléctricos, convertedores eléctricos estáticos (por exemplo rectificadores), bobinas de reactancia e de autoindución.
8505	5	Electroimáns, imáns permanentes e artigos destinados para ser imantados permanentemente, pratos, mandrís e dispositivos magnéticos ou electromagnéticos semellantes, de suxeición, unións, embragues, variadores de velocidade e freos, electromagnéticos, cabezas elevadoras electromagnéticas.
8506	5	Pilas e baterías de pilas, eléctricas.
8507	5	Acumuladores eléctricos, incluídos os separadores, aínda que sexan cadrados ou rectangulares.
8509	5	Aparellos electromecánicos con motor eléctrico incorporado, de uso doméstico.
8510	5	Afeitadoras, máquinas cortadoras de pelo e de rapar e aparellos de depilar, con motor eléctrico incorporado.
8511	5	Aparellos e dispositivos eléctricos de acendido ou de arrinca, para motores de acendido por chispa ou por compresión (por exemplo: magnetos, dinamomagnetos, bobinas de acendido, buxías de acendido ou de caldeo ou motores de arrinca), xeradores (por exemplo: dínamos ou alternadores) e reguladores-disxuntores utilizados con estes motores.
8512	5	Aparellos eléctricos de iluminación ou de sinalización (con exclusión dos artigos da partida 8539), limpaparabrisas, eliminadores de carazo e de bafo, eléctricos, do tipo dos utilizados en ciclos ou automóbiles.
8513	5	Lámpadas eléctricas portátiles que funcionen coa súa propia fonte de enerxía (por exemplo: de pilas, de acumuladores, electromagnéticas) (agás os aparellos de iluminación da partida 8512).
8514	5	Fornos eléctricos industriais ou de laboratorio, incluídos os que funcionen por inducción ou perdas dieléctricas; os demais aparellos industriais ou de laboratorio para tratamento térmico de materias por inducción ou perdas dieléctricas.
8515	5	Máquinas e aparellos para soldar (aínda que poidan cortar), eléctricos (incluídos os de gas quentados electricamente), de láser ou outros feixes de luz ou de fotóns, de ultrasóns, de feixes de electróns, de impulsos magnéticos ou de chorro de plasma; máquinas e aparellos eléctricos para proxectar en quente metais ou «cermets».
8516	5	Quentadores eléctricos de auga e quentadores eléctricos de inmersión, aparellos eléctricos para a calefacción de locais, do solo ou usos semellantes, aparellos electrotérmicos para o coidado do cabelo (por exemplo: secadores, rizadores ou quentatenaces) ou para seca-las mans, ferros de pasar eléctricos, os demais aparellos electrotérmicos de uso doméstico, resistencias quentadoras, agás as da partida 8545.
8517	5	Aparellos eléctricos de telefonía ou telegrafía con fíos, incluídos os teléfonos de usuario de auricular sen fíos combinado con micrófono e os aparellos para telecomunicación por corrente portadora ou telecomunicación dixital; videófonos.
8518	5	Micrófonos e os seus soportes; altofalantes, mesmo montados nas súas caixas; auriculares, incluídos os de casco, mesmo combinados con micrófono e xogos ou conxuntos constituídos por un micrófono e un ou varios altofalantes; amplificadores eléctricos de audio-frecuencia; aparellos eléctricos para amplificación do son.
8519	5	Xiradiscos, tocadiscos, reprodutores de casetes e demais reprodutores de son, sen dispositivo de gravación.
8520	5	Magnetófonos e demais aparellos de gravación de son, mesmo con dispositivo de reprodución de son incorporado.
8521	5	Aparellos para a gravación ou de reprodución de imaxe e son (vídeos), mesmo con receptor de sinais de imaxe e son incorporado.
8522	5	Partes e accesorios identificables como destinados, exclusiva ou principalmente, ós aparellos das partidas 8519 a 8521.
8523	5	Soportes preparados para gravar son ou gravacións análogas, sen gravar, agás os produtos do capítulo 37.
8524	5	Discos, fitas e demais soportes para gravar son ou gravacións análogas, gravados, mesmo as matrices e moldes galvánicos para fabricación de discos, agás os produtos do capítulo 37.

Código	Grupo	Descrición
8525	5	Aparellos emisores de radiotelefonía, radiotelegrafía, radiodifusión ou televisión, mesmo con aparello receptor ou de gravación ou reprodución de son, incorporado; cámaras de televisión; videocámaras, incluídas as de imaxe fixa; cámaras dixitais.
8526	5	Aparellos de radiodetección e radiosondaxe (radar), de radionavegación e de radiotelemando.
8527	5	Aparellos receptores de radiotelefonía, radiotelegrafía ou radiodifusión, mesmo combinados nunha mesma envoltura con gravador ou reprodutor de son ou con reloxo.
8528	5	Aparellos receptores de televisión, mesmo con receptor de radiodifusión ou con gravador ou reprodutor de son ou de imaxes incorporados; videomonitores e videoproxectores.
8529	5	Partes identificables como destinadas, exclusiva ou principalmente, ós aparellos das partidas 8525 a 8528.
8530	5	Aparellos eléctricos de sinalización (agás os de transmisión de mensaxes), seguridade, control ou mando, para vías férreas ou semellantes, estradas, vías fluviais, áreas ou parques de estacionamento, instalacións portuarias ou aeroportos (agás os da partida 8608).
8531	5	Aparellos eléctricos de sinalización acústica ou visual (por exemplo: sonerías, sirenas, taboleiros anunciadores, avisadores de protección contra roubos ou incendios), agás os das partidas n.º 8512 ou 8530.
8532	5	Condensadores eléctricos fixos, variables ou axustables.
8533	5	Resistencias eléctricas, agás as de quentamento (incluídos reóstatos e potenciómetros).
8534	5	Circuitos impresos.
8535	5	Aparellos para corte, seccionamento, protección, derivación, empalme ou conexión de circuitos eléctricos (por exemplo: interruptores conmutadores, curtocircuitos, pararraios, limitadores de tensión, supresores de sobretensión transitoria, tomas de corrente, caixas de empalme), para unha tensión superior a 1.000 voltios.
8536	5	Aparellos para corte, seccionamento, protección, derivación, empalme ou conexión de circuitos eléctricos [por exemplo: interruptores, conmutadores, relés, curtocircuitos, supresores de sobretensión transitoria, caravillas e tomas de corrente (enchufes), portalámpadas, caixas de empalme], para unha tensión inferior ou igual a 1.000 V.
8537	5	Cadros, paneis, consolas, pupitres, armarios e demais soportes equipados con varios aparellos das partidas n.º 8535 ou 8536 para o control eléctrico ou a distribución de electricidade, incluídos os que incorporen instrumentos ou aparellos do capítulo 90, así como os aparellos de control numérico, agás os aparellos de conmutación da partida n.º 8517.
8538	5	Partes identificables como destinadas, exclusiva ou principalmente, ós aparellos das partidas n.º 8535, 8536 ou 8537.
8539	5	Lámpadas e tubos eléctricos de incandescencia ou de descarga, incluídos os faros ou unidades «selados» e as lámpadas e tubos de raios ultravioleta ou infravermellos, lámpadas de arco.
8540	5	Lámpadas, tubos e válvulas electrónicos de cátodo quente, de cátodo frío ou de fotocátodo (por exemplo: lámpadas, tubos e válvulas, de baleiro, de vapor ou de gas, tubos rectificadores de vapor de mercurio, tubos catódicos, tubos e válvulas para cámaras de televisión), agás os da partida 8539.
8541	5	Díodos, transistores e dispositivos semicondutores semellantes, dispositivos semicondutores fotosensibles, incluídas as células fotovoltaicas, aínda que estean ensambladas en módulos ou paneis, díodos emisores de luz, cristais piezoeléctricos montados.
8542	5	Circuitos integrados e microestructuras electrónicas.
8543	5	Máquinas e aparellos eléctricos con función propia, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo.
8544	5	Fíos, cables (incluídos os coaxiais) e demais conductores illados para electricidade, aínda que estean lacados, anodizados ou leven pezas de conexión, cables de fibras ópticas constituídos por fibras enfundadas individualmente, mesmo con conductores eléctricos ou pezas de conexión.
8545	5	Electrodos e vasoiras de carbón, carbón para lámpadas ou para pilas e demais artigos de grafito ou outros carbonos, mesmo con metal, para usos eléctricos.
8546	5	Illadores eléctricos de calquera materia.
8547	5	Pezas illantes totalmente de materia illante ou con simples pezas metálicas de ensamblaxe (por exemplo: casquillos roscados) embutidas na masa, para máquinas, aparellos ou instalacións eléctricas, agás os illadores da partida 8546 tubos e as súas pezas de unión, de metais comúns, illados interiormente.
8548	5	Desperdicios e refugallo de pilas, baterías de pilas ou acumuladores eléctricos; pilas, baterías de pilas e acumuladores, eléctricos, inservibles; partes eléctricas de máquinas ou aparellos, non expresadas nin comprendidas noutra parte deste capítulo.
8601	5	Locomotoras e locotractores, eléctricos (de enerxía exterior ou de acumuladores).
8602	5	As demais locomotoras e locotractores, ténderes.
8603	5	Automotores e tranvías con motor, agás os da partida 8604.
8604	5	Vehículos para o mantemento ou servizo das vías férreas ou semellantes, mesmo autopropulsados (por exemplo: vagóns-taller, vagóns-guindastre, vagóns equipados para api-soar balastro, para aliña-las vías, coches para ensaios e vagonetas).

Código	Grupo	Descrición
8605	5	Coches de viaxeros, furgóns de equipaxes, coches-correo e demais coches especiais, para vías férreas ou semellantes (con exclusión dos coches da partida 8604).
8606	5	Vagóns para o transporte de mercadorías sobre carrís.
8607	5	Partes de vehículos para vías férreas ou semellantes.
8608	5	Material fixo de vías férreas ou semellantes, aparellos mecánicos (mesmo electromecánicos) de sinalización, de seguridade, de control ou de mando, para vías férreas ou semellantes, estradas ou vías fluviais, áreas de servizo ou estacionamentos, instalacións portuarias ou aeroportos, partes.
8609A	5	Contedores (incluídos os contedores cisterna e os contedores depósito) especialmente proxectados e equipados para un ou varios medios de transporte.
8609B	—	Taras de contedores e cisternas, matriculados e en réxime de carga.
8701	5	Tractores (agás as carretas tractor da partida n.º 8709).
8702	5	Vehículos automóbiles para o transporte de dez persoas ou máis, conductor incluído.
8703	5	Coches de turismo e demais vehículos automóbiles proxectados principalmente para o transporte de persoas (agás os da partida n.º 8702), incluídos os vehículos do tipo familiar e os de estradas.
8704A	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías.
8704B	—	Taras de vehículos automóbiles matriculados e en réxime de carga.
8705	5	Vehículos automóbiles para usos especiais (agás os proxectados principalmente para transporte de persoas ou mercadorías) [por exemplo: coches para reparacións (auxilio mecánico) camións-guindastre, camións de bombeiros, camións- formigoneira, coches-varredora, coches espaxadores, coches-taller, coches radiolóxicos].
8706	5	Chasis de vehículos automóbiles das partidas n.º 8701 a 8705 co motor.
8707	5	Carrocerías de vehículos das partidas n.º 8701 a 8705; mesmo as cabinas.
8708	5	Partes e accesorios de vehículos automóbiles das partidas n.º 8701 a 8705.
8709	5	Carretas-automóvil sen dispositivo de elevación do tipo das utilizadas en fábricas, almacéns, portos ou aeroportos, para o transporte de mercadorías a curta distancia, carretas-tractor do tipo das utilizadas nas estacións, partes.
8710	5	Carros e automóbiles blindados de combate, mesmo armados, partes.
8711	5	Motocicletas, incluídos os ciclomotores, e velocípedos equipados con motor auxiliar, con sidecar ou sen el; sidecares.
8712	5	Bicicletas e demais ciclos (incluídos os triciclos de reparto), sen motor.
8713	5	Cadeiras de rodas e demais vehículos para inválidos, mesmo con motor ou outro mecanismo de propulsión.
8714	5	Partes e accesorios dos vehículos das partidas 8711 a 8713.
8715	5	Coches, cadeiras e vehículos semellantes para o transporte de nenos, e as súas partes.
8716A	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, partes.
8716B	—	Taras de remolques e semirremolques matriculados e en réxime de carga.
8801	5	Globos e dirixibles; planadores, ás voantes e demais aeronaves non concibidas para a propulsión con motor.
8802	5	As demais aeronaves (por exemplo: helicópteros ou avións); vehículos espaciais (incluídos os satélites) e vehículos de lanzamento e vehículos suborbitais.
8803	5	Partes dos aparellos das partidas 8801 ou 8802.
8804	5	Paracaídas, incluídos os dirixibles, planadores («parapentes») ou de aspas xiratorias; as súas partes e accesorios.
8805	5	Aparellos e dispositivos para lanzamento de aeronaves; aparellos e dispositivos para aterraxe en portaavións e aparellos e dispositivos semellantes; aparellos de adestramento de voo en terra; as súas partes.
8901	5	Transatlánticos, barcos para excursións, transbordadores, cargueiros, gabarras e barcos semellantes para transporte de persoas ou de mercadorías.
8902	5	Barcos de pesca, barcos factoría e demais barcos para o tratamento ou a preparación de conservas de produtos da pesca.
8903	5	lates e demais barcos e embarcacións de recreo ou de deporte, barcas de remo e canoas.
8904	5	Remolcadores e barcos empurradores.
8905	5	Barcos-faro, barcos-bomba, dragas, pontóns-guindastre e demais barcos en que a navegación sexa accesoria en relación coa función principal, diques flotantes, plataformas de perforación ou de explotación, flotantes ou somerxibles.
8906	5	Os demais barcos, incluídos os navíos de guerra e os barcos de salvamento, agás os de remos.
8907	5	Artefactos flotantes (por exemplo: balsas, depósitos, caixóns, mesmo de amarre, boias e balizas).
8908	1	Barcos e demais artefactos flotantes para desmantelamento.
9001	5	Fibras ópticas e feixes de fibras ópticas; cables de fibras ópticas (agás os da partida 8544); follas e placas de materia polarizantes; lentes, mesmo de contacto, prismas, espellos e demais elementos de óptica de calquera materia, sen montar (agás os de vidro sen traballar ópticamente).
9002	5	Lentes, prismas, espellos e demais elementos de óptica de calquera materia, montados, para instrumentos ou aparellos, agás os de vidro sen traballar ópticamente.

Código	Grupo	Descrición
9003	5	Monturas de lentes ou de artigos semellantes e as súas partes.
9004	5	Lentes correctores, protectores ou outros, e artigos semellantes.
9005	5	Binoculares, incluídos os prismáticos, anteollos de longa vista (mesmo os astronómicos), telescopios ópticos e os seus armazóns; os demais instrumentos de astronomía e os seus armazóns (agás os aparellos de radioastronomía).
9006	5	Cámaras fotográficas; aparellos e dispositivos, incluídos as lámpadas e tubos, para a produción de escintilacións en fotografía, agás as lámpadas e tubos de descarga da partida 8539.
9007	5	Cámaras e proxectores cinematográficos, mesmo con gravadores ou reprodutores de son.
9008	5	Proxectores de imaxe fixa, ampliadoras ou reductoras fotográficas.
9009	5	Aparellos de fotocopia por sistema óptico ou de contacto e aparellos de termocopia.
9010	5	Aparellos e material para laboratorios fotográfico ou cinematográfico, incluídos os aparellos para proxectar ou realizar esquemas («trazas») de circuitos sobre superficies sensibilizadas de material semiconductor, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo; negatoscopios; pantallas de proxección.
9011	5	Microscopios ópticos, incluídos os de fotomicrografía ou cinefotomicrografía ou microproxección.
9012	5	Microscopios (agás os ópticos); difractógrafos.
9013	5	Dispositivos de cristal líquido que non constitúan artigos comprendidos máis especificamente noutra parte; láseres (agás os díodos láser); os demais aparellos e instrumentos de óptica, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo.
9014	5	Compases, incluídos os de navegación, os demais instrumentos e aparellos de navegación.
9015	5	Instrumentos e aparellos de xeodesia, topografía, agrimensura, nivelación, fotogrametría, hidrografía, oceanografía, hidroloxía, meteorloxía ou xeofísica (agás os compases); telémetros.
9016	5	Balanzas sensibles a un peso inferior ou igual a 5 cg, mesmo con pesas.
9017	5	Instrumentos de debuxo, trazado ou cálculo (por exemplo: máquinas de debuxar, pantógrafos, transportadores, estoxos de debuxo, regras e círculos, de cálculo); instrumentos manuais de medida de lonxitude (por exemplo: metros, micrómetros, calibradores), non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo.
9018	5	Instrumentos e aparellos de medicina, cirurxía, odontoloxía ou veterinaria, incluídos os de escintigrafía e demais aparellos electromédicos, así como os aparellos para probas visuais.
9019	5	Aparellos de mecanoterapia, aparellos para masaxes, aparellos de sicotecnia, aparellos de ozonoterapia, osixenoterapia e de aerosolterapia, aparellos respiratorios de reanimación e demais aparellos de terapia respiratoria.
9020	5	Os demais aparellos respiratorios e máscaras antigás, con exclusión das máscaras de protección sen mecanismo nin elemento filtrante amovible.
9021	5	Artigos e aparellos de ortopedia, incluídas as faixas e bandas medico-cirúrxicas e as muletas, talas, férulas e demais artigos e aparellos para fracturas, artigos e aparellos de prótese, audífonos e demais aparellos que leve a propia persoa ou se lle implanten para compensar un defecto ou unha incapacidade.
9022	5	Aparellos de raios X e aparellos que utilicen as radiacións alfa, beta ou gamma, mesmo para uso médico, cirúrxico, odontolóxico ou veterinario, incluídos os aparellos de radiografía ou radioterapia, tubos de raios X e demais dispositivos xeradores de raios X, xeradores de tensión, pupitres de mando, pantallas, mesas, cadeiras e soportes semellantes para exame ou para tratamento.
9023	5	Instrumentos, aparellos e modelos, proxectados para demostracións (por exemplo: no ensino ou exposicións), non susceptibles doutros usos.
9024	5	Máquinas e aparellos para ensaios de dureza, tracción, compresión, elasticidade ou outras propiedades mecánicas dos materiais (por exemplo: metais, madeira, téxtiles, papel ou plástico).
9025	5	Densímetros, areómetros, pesalíquidos e instrumentos flotantes semellantes, termómetros, pirómetros, barómetros, higrómetros e sicrómetros, mesmo rexistradores ou combinados entre si.
9026	5	Instrumentos e aparellos para medida ou control do caudal, nivel, presión ou outras características variables de líquidos ou gases (por exemplo: caudalímetros, indicadores de nivel, manómetros ou contadores de calor), agás os instrumentos e aparellos das partidas 9014, 9015, 9028 ó 9032.
9027	5	Instrumentos e aparellos para análises físicas ou químicas (por exemplo polarímetros, refractómetros, espectrómetros ou analizadores de gases ou de fumes), instrumentos e aparellos para ensaios de viscosidade, porosidade, dilatación, tensión superficial ou semellantes ou para medidas calorimétricas, acústicas ou fotométricas (incluídos os exposímetros), micrótomos.
9028	5	Contadores de gases, líquidos ou electricidade, incluídos os de calibración.
9029	5	Os demais contadores (por exemplo: contarrevolucións, contadores de produción, taxímetros, contaquilómetros ou podómetros), velocímetros e tacómetros, agás os das partidas 9014 ó 9015 estroboscopios.

Código	Grupo	Descrición
9030	5	Osciloscopios, analizadores de espectro e demais instrumentos e aparellos para a medida ou control de magnitudes eléctricas, instrumentos e aparellos para a medida ou detección de radiacións alfa, beta, gamma, X, cósmicas ou outras radiacións ionizantes.
9031	5	Instrumentos, máquinas e aparellos para medida ou control, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo; proxectores de perfís.
9032	5	Instrumentos e aparellos automáticos para a regulación e o control.
9033	5	Partes e accesorios, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo, para máquinas, aparellos, instrumentos ou artigos do capítulo 90.
9101	5	Reloxos de pulso, de peto e reloxos semellantes (incluídos os contadores de tempo dos mesmos tipos), con caixa de metais preciosos ou de chapados de metais preciosos.
9102	5	Reloxos de pulso, peto e semellantes (incluídos os contadores de tempo dos mesmos tipos), agás os da partida 9101.
9103	5	Esportadores e demais reloxos cun mecanismo pequeno de relojería.
9104	5	Reloxos de taboleiro de instrumentos e reloxos semellantes para automóbiles, aeronaves, barcos ou outros vehículos.
9105	5	Os demais reloxos, agás os que leven un pequeno mecanismo.
9106	5	Aparellos de control de tempo e contadores de tempo, con mecanismo de relojería ou con motor sincrónico (por exemplo: rexistradores de asistencia, datadores, contadores).
9107	5	Interruptores horarios e demais aparellos que permitan accionar un dispositivo nun momento dado, con mecanismo de relojería ou con motor sincrónico.
9108	5	Pequenos mecanismos de relojería completos e montados.
9109	5	Mecanismos de relojería completos e montados, agás os pequenos mecanismos.
9110	5	Mecanismos de relojería completos, sen montar ou parcialmente montados («chablons»), mecanismos de relojería incompletos, montados, esbozos de mecanismos de relojería («ebauches»).
9111	5	Caixas dos reloxos das partidas 9101 ó 9102 e as súas partes.
9112	5	Caixas e envolturas semellantes para os demais aparellos de relojería e as súas partes.
9113	5	Pulseiras para reloxos e as súas partes.
9114	5	As demais partes de aparellos de relojería.
9201	5	Pianos, mesmo automáticos, clavicordios e demais instrumentos de corda con teclado.
9202	5	Os demais instrumentos musicais de corda (por exemplo: guitarras, violíns ou harpas).
9203	5	Órganos de tubos e teclado; harmonios e instrumentos semellantes de teclado e palletas metálicas libres.
9204	5	Acordeóns e instrumentos semellantes, harmónicas.
9205	5	Os demais instrumentos musicais de vento (por exemplo: clarinetes, trompetas, gaitas).
9206	5	Instrumentos musicais de percusión (por exemplo: tambores, caixas, xilófonos, pratos, castañolas, maracas).
9207	5	Instrumentos musicais en que o son se produza ou teña que se amplificar electricamente (por exemplo: órganos, guitarras, acordeóns).
9208	5	Caixas de música, orquestrións, organillos, paxaros cantores, serras musicais e demais instrumentos musicais non comprendidos noutras partidas deste capítulo, chamarices de calquera clase, chifres, cornos e demais instrumentos de boca, de chamada ou de sinalización.
9209	5	Partes (por exemplo: mecanismos de caixas de música) e accesorios de instrumentos musicais (por exemplo: tarxetas, discos e rolos para aparellos mecánicos), metrónomos e diapasons de calquera tipo.
9301	5	Armas de guerra, agás os revólveres, pistolas e armas brancas.
9302	5	Revólveres e pistolas, agás os das partidas 9303 ó 9304.
9303	5	As demais armas de fogo e artefactos semellantes que utilicen a deflagración da pólvora (por exemplo: armas de caza, armas cargables pola boca, pistolas lanzafoguetes e demais artefactos concibidos unicamente para lanzar foguetes de sinal, pistolas e revólveres de fogueo, pistolas de matachín, canóns lanzacabo).
9304	5	As demais armas [por exemplo: armas de cano longo e pistolas de resorte, aire comprimido ou de gas, porras] (agás as da partida 9307).
9305	5	Partes e accesorios dos artigos das partidas 9301 a 9304.
9306	5	Bombas, granadas, torpedos, minas, mísiles, cartuchos e demais municións e proxectís, e as súas partes, incluídas as postas, perdigóns e tacos para cartuchos.
9307	5	Sabres, espadas, baionetas, lanzas e demais armas brancas, as súas partes e vaíñas.
9401	5	Asentos (con exclusión dos da partida n.º 9402), mesmo os transformables en cama, e as súas partes.
9402	5	Mobiliario para a medicina, cirurxía, odontoloxía ou veterinaria (por exemplo: mesas de operacións, mesas de recoñecemento, camas con mecanismo para usos clínicos, cadeiras de dentista), cadeiras con brazos para salóns de peiteado e cadeiras semellantes, con dispositivos de orientación e elevación, partes destes artigos.
9403	5	Os demais mobles e as súas partes.
9404	5	Somieres; artigos de cama e artigos semellantes (por exemplo: colchóns, cobrepés, edredóns, coxíns, pufs ou almofadas), con resortes ou ben recheos ou gornecidos interiormente con calquera materia, incluídos os de caucho ou plástico celulares, recubertos ou non.

Código	Grupo	Descrición
9405	5	Aparellos de iluminación, incluídos os proxectores e as súas partes, non expresados nin comprendidos noutra parte; anuncios, letreiros e placas indicadoras luminosos e artigos semellantes, con fonte de luz inseparable, e as súas partes non expresadas nin comprendidas noutra parte.
9406	5	Construcións prefabricadas.
9501	5	Xoguetes de rodas deseñados para seren montados polos nenos (por exemplo triciclos, patinetes, coches de pedais), coches e cadeiras de rodas para bonecas.
9502	5	Bonecas que representen soamente seres humanos.
9503	5	Os demais xoguetes; modelos reducidos e modelos semellantes para lecer, mesmo animados; crebacabezas de calquera clase.
9504	5	Artigos para salas de xogo, xogos de mesa ou salón, incluídos os xogos con motor ou mecanismo, billares, mesas especiais para xogos de casino e xogos de birlos automáticos.
9505	5	Artigos para festas, entroido ou outras diversións, incluídos os de maxia e os artigos sorpresa.
9506	5	Artigos e material para cultura física, ximnasia, atletismo, demais deportes, incluído o tenis de mesa, ou para xogos ó aire libre, non expresados nin comprendidos noutra parte deste capítulo; piscinas, mesmo infantís.
9507	5	Canas de pescar, anzois e demais artigos para a pesca con liña, gañapáns para calquera uso, engados (agás os das partidas n.º 9208 ó 9705) e artigos de caza semellantes.
9508	5	Carruseis, arrandeadoiros, casetas de tiro e demais atraccións de feira; circos, zoolóxicos e teatros ambulantes.
9601	5	Marfil, óso, cuncha de tartaruga, corno, hasta, coral, nácara e demais materias animais para entallar, traballadas, e manufacturas destas materias (mesmo as obtidas por moldeado).
9602	5	Materias vexetais ou minerais para entallar, traballadas, e manufacturas destas materias; manufacturas moldeadas ou entalladas de cera, parafina, estearina, gomas ou resinas naturais ou pasta para modelar e demais manufacturas moldeadas ou entalladas non expresadas nin comprendidas noutra parte; xelatina sen endurecer traballada (agás a da partida 3503), e manufacturas de xelatina sen endurecer.
9603	5	Vasoiras, cepillos e brochas, aínda que sexan partes de máquinas, aparellos ou vehículos, vasoiras mecánicas de uso manual (agás as de motor), pinceis e plumeiros; cabezas preparadas para artigos de cepillería; bonecas e rolos, para pintar; rasquetas de caucho ou materia flexible análoga.
9604	5	Barutos, peneiras e cribas, de man.
9605	5	Surtidos de viaxe para o aseo persoal, costura ou limpeza do calzado ou de roupa.
9606	5	Botóns e botóns de presión, formas para botóns e outras partes de botóns ou de botóns de presión, esbozos de botóns.
9607	5	Cerramento de cremalleira e as súas partes.
9608	5	Bolígrafos; rotuladores e marcadores con punta de feltro ou outra punta porosa; estilográficas e demais plumas; estiletos ou punzóns para clixés de mimeógrafo; portaminas; portaplumas, portalapis e artigos semellantes; partes destes artigos, incluídos os capuchóns e prendedores (agás as da partida 9609).
9609	5	Lapis, minas, pasteis, carbóns de pintar, xices para escribir ou debuxar e xiz de xastre.
9610	5	Lousas e taboleiros para escribir ou debuxar, mesmo con marco.
9611	5	Datadores, cuños, numeradores, seladores e artigos semellantes, incluídos os aparellos para imprimir etiquetas, de man; compoñedores e imprentas manuais.
9612	5	Fitas para máquinas de escribir e fitas semellantes, entintadas ou preparadas doutro modo para imprimir, mesmo en carretes ou cartuchos; tampóns, mesmo impregnados ou con caixa.
9613	5	Acendedores e isqueiros, mesmo mecánicos ou eléctricos, e as súas partes (agás as pedras e mechas).
9614	5	Cachimbas (incluídas as cazoletas), embocaduras para cigarros, e as súas partes.
9615	5	Peites, «peinetas», pasadores e artigos semellantes, ganchos, rizadores, rolos e artigos semellantes para o peinado, agás os da partida 8516 e as súas partes.
9616	5	Pulverizadores de toucador, as súas monturas e cabezas de monturas, borlas e semellantes para a aplicación de pos ou de cosméticos ou produtos de toucador.
9617	5	Termos e demais recipientes isotérmicos, montados e illados por baleiro, así como as súas partes (agás as ampolas de vidro).
9618	5	Manequíns e artigos semellantes, autómatas e escenas animadas para escaparates.
9701	5	Pinturas e debuxos, feitos totalmente á man (agás os debuxos da partida 4906 e artigos manufacturados decorados á man; colaxes e cadros semellantes).
9702	5	Gravados, estampas e litografías orixinais.
9703	5	Obras orixinais de estatuaría ou de escultura, de calquera materia.
9704	5	Selos de correos, selos fiscais, marcas postais, sobres primeiro día, enteiros postais, artigos franqueados e análogos, mesmo obliterados (agás os artigos da partida 4907).
9705	5	Coleccións e espécimes para coleccións de zooloxía, botánica, mineraloxía ou anatomía ou que teñan interese histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnográfico ou numismático.

Código	Grupo	Descrición
9706	5	Antigüidades de máis de cen anos.
9880	5	Enerxía (incluídas a produción e distribución de vapor e auga quente).
9881	5	Extracción de minerais non enerxéticos (incluída a preparación de minerais metálicos e turbeiras); industria dos produtos minerais non metálicos (incluída a industria do vidro).
9882	5	Siderurxia; industrias transformadoras dos metais (salvo a construción de máquinas e de material de transporte).
9883	5	Construción de máquinas e de material de transporte; mecánica de precisión.
9884	5	Industrias químicas (incluída a produción de fibras artificiais e sintéticas); industrias do caucho e do plástico.
9885	5	Industrias dos produtos alimenticios, das bebidas e do tabaco.
9887	5	Industrias da madeira e do papel (incluídas as artes gráficas e a edición); industrias manufactureiras non clasificadas noutra parte.
9889	5	Captación, depuración e distribución de auga; actividades anexas ós transportes; actividades económicas non clasificadas noutra parte.
9920	5	Mercadorías transportadas por correo.
9930	5	Provisións.
9990	5	Efectos persoais.

21616 *LEI 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos.* («BOE» 284, do 27-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A adecuación socioeconómica das estruturas das explotacións agrarias é un elemento clave en calquera estratexia de modernización da agricultura que pretenda mellora-la súa competitividade nos mercados e consolidar empresas viables, capaces de xerar niveis de renda e de ocupación satisfactorios. Por iso, a reforma ou mellora estrutural é especialmente necesaria nunha boa parte da agricultura española, que, malia os cambios, ás veces moi profundos, que se veñen producindo nos últimos anos, se caracteriza por ter aínda acusadas deficiencias estruturais, tanto en termos globais e territoriais coma en relación a outros países cos que comparte intereses e mercados cada día máis abertos e competitivos. Un elemento decisivo nesa mellora estrutural ten que se-la mobilidade da terra, e un dos mecanismos máis idóneos para lograr este obxectivo é a figura do arrendamento.

II

A Constitución española de 1978, no seu artigo 130.1, encoméndalles ós poderes públicos «a modernización e o desenvolvemento de tódolos sectores económicos e, en particular da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, co fin de equipara-lo nivel de vida de tódolos españois». En consecuencia, o establecemento dunha adecuada regulación dos arrendamentos rústicos, en canto coadxuva á modernización das explotacións agrarias, convértese non xa nun instrumento de política económica e social, senón tamén nun mandato constitucional dirixido ós poderes públicos. E concreta-

mente ó Estado, en virtude do artigo 149.1 da norma fundamental, a regra 8.^a da cal lle atribúe a aquela competencia exclusiva sobre «lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan».

III

Nas últimas décadas, téñense observado diferentes tendencias na tenza da terra en España que, sen dúbida, influíron na súa mobilidade e no proceso de axuste estrutural. Neste sentido, conséntase un aumento relativo do arrendamento respecto ás demais formas de tenza da terra. Así, a reestructuración dos anos 60 está asociada cunha forte expansión do arrendamento. Polo contrario, nos 70 e, sobre todo, nos 80, redúcese a intensidade do redimensionamento das explotacións como consecuencia do bloqueo na mobilidade da terra ó se frea-la expansión dos arrendamentos, en parte, por efecto da Lei de arrendamentos rústicos de 1980. Esta lei veu adapta-la institución á nova Constitución de 1978, así como a situala na perspectiva da integración plena de España na Unión Europea e, en fin, como toda norma cabal debe facelo, respondeu ás circunstancias da nosa agricultura, radicalmente distintas entón, non xa das da súa antecesora, a Lei de 1935, senón das propias dos anos 60 e 70. Imponse agora unha revisión, por diferentes motivos.

Na Unión Europea estanse a producir cambios de gran transcendencia no pensamento que inspira as reformas da política agrícola común. O desafío fundamental que se presenta é lograr un aumento da eficiencia das explotacións, que compense posibles perdas de renda a agricultores e gandeiros.

Xeralmente estímase que iso require explotacións moito maiores cás actuais, en termos de superficie e de rendementos, e, sobre todo, unha dinamización do mercado da terra. E é aquí onde aparece o instrumento arrendaticio como un dos máis indicados para lograr novas terras, que os agricultores con vocación de permanencia poidan agregar ás súas. Existen, así, núcleos rurais onde uns poucos empresarios levan en cultivo todo o termo, mantendo labradas e vivas as terras, e permitindo que sigan sendo comunidades viables, capaces de acoller, por outra parte, o turismo dos habitantes